

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 14

SESION ORDINARIA (agosto) DO 9 DE SETEMBRO DE 2020

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Estevez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.ª del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego Mª Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

Con motivo do estado de alarma decretado polo Presidente do Goberno, o día 14.03.2020, e posterior remate do estado de alarma en Galicia o día 15.06.20, este Pleno segue realizándose por vídeo conferencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove e quince horas do día nove de setembro do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia presencial dos Tenentes de Alcalde Sres. e Sras., Silva Rego, Pardo Espiñeira, Espinosa Mangana e Caride Estevez, así como os voceiros dos grupos municipais, Sres. Lopez Font, Marnotes González, Perez Correa e Pérez Igrexas, tamén a concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes, e os demais concelleiros presentes na video conferencia, Sres. e Sras., Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Egerique Mosquera, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Roman, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Diaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretaria Acctal. Xeral do Pleno que asina D^a. Susana Gallardo Fariña (tamén presente na Sala), constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA (agosto) conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos señoras/es concelleiros, iniciamos Pleno do Concello en sesión ordinaria, convocatoria en poder das señoras/es concelleiros, se constata quórum presencial e máis telemático, nas intervencións teremos seguramente que facer algúns movementos de concelleiros/as que estean entre o público para manter distancias para ocupar o seus espazos, dicía que constamos quórum, ábrese sesión pública virtual e xa está aberta tamén a través de transmisión directa en streaming e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(122).- ACTAS ANTERIORES: (EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 1.07.20)

Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, (dez presenciais e dezasete por control remoto), apróbase a acta extraordinaria e urxente do 1 de xullo do 2020.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(123).- PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO, MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN. EXPTE. 1666/110. (REXISTRO PLENO 2549/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 26 de agosto de 2020, a Alcaldía-Presidencia emite a seguinte proposta,

“PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO DO CONCELLO MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL (Expdte. 1666/110)

O Pleno do Concello, na súa sesión de data 01.07.19, ao amparo do sinalado no artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), acordou as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial así como o réxime de dedicación destes últimos.

Os membros das Corporacións Locais poden percibir retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desenvolvan con dedicación exclusiva ou parcial, debendo ser o Concello-Pleno, ex artigo 75.5 e 123.1 n) LRBRL, quen adopte o necesario acordo no que se determinen tales retribucións e o réxime de dedicación dos cargos con dedicación parcial para o seu posterior nomeamento mediante Resolución por esta Alcaldía.

De conformidade coa normativa exposta e en concordancia co indicado no artigo 225 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, esta Alcaldía, en uso das facultades previstas no artigo 13.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, propón ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Único. Modificar o dito acordo no apartado terceiro co seguinte texto:

S.Ord (agosto) 9.09.2020

Realizarán as súas funcións en réxime de dedicación parcial con unha dedicación mínima de 26 horas os seguintes cargos da Corporación:

2 concelleiros do Grupo Municipal Socialista
1 concelleiro/a do Grupo Municipal Mixto.”

Con data 27 de agosto de 2020, o interventor municipal emite informe de fiscalización favorable a dita proposta.

A Comisión Informativa de Organización Municipal, Seguridade, Dinamización Administrativa e I+D, na súa sesión ordinaria do 2.09.20, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta desta modificación do réxime de dedicación que ten a súa orixe na saída de dúas persoas como deputadas cara o Parlamento de Galicia, polo tanto na deixa de vacante no ámbito do Concello de Vigo, trátase da exconcelleira xa a Sra. Abelairas, elixida deputada polo Partido Socialista polo tanto xa tomaba posesión en Santiago de Compostela, e a xefa de gabinete no ámbito da alcaldía de Vigo, polo tanto, neste ámbito recortamos dos custes salariais destas dúas persoas, a primeira delas percibía asistencia por comisións e presidencia de comisións e a segunda o seu salario, polo tanto, temos unha redución significativa de gastos que non chega digamos que ao novo concelleiro que se incorpora o Sr. Pablo Estévez, hoxe presente en sesión remota, non chega a nin sequera a metade deses custes que recortamos, hai que dicir que seguimos nesa redución de custes de órganos de goberno que levamos emprendida dende que o Sr. Caballero é Alcalde desta cidade polo tanto, cunha redución significativa, moi significativa de custes dos órganos de goberno para esta cidade e polo tanto, incorporando a un profesional en exercicio, a un avogado en exercicio desta cidade, o novo cargo de dedicación exclusiva. Polo tanto, incorporamos a este grupo de persoas que estamos empeñadas en transformar a cidade, en transformar e mellorar as condicións de vida de tódalas cidadáns/ás a

un profesional en exercicio e como digo que se incorpora cun réxime de dedicación parcial e polo tanto, para facer fronte ás responsabilidades dentro da concellería de Festas e de Participación Cidadá. Quero volver a destacar esa redución significativa de custes de persoal que se producen no ámbito dos órganos de goberno, e quero dar algunha cifra, creo que significativa, respecto do ano 2016, os custos dos órganos de goberno baixaron significativamente e tamén dende que este goberno está en maioría absoluta, polo tanto, tamén cunha redución significativa de custes para as arcas públicas e municipais. Quero dicir tamén que esta redución de custes faise tamén porque existen vacantes dentro do ámbito das prazas de libre designación, e polo tanto, sen que custe máis cartos aos cidadáns desta cidade. Estes son as liñas fundamentais deste punto e polo tanto, trátase de aprobar esa incorporación dun novo concelleiro a este goberno cunha dedicación parcial.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Bloque Nacionalista Galego non nos imos opoñer a esta nova dedicación parcial da que vai facer uso o concelleiro o Sr. Estévez, non o imos facer entre outras cuestións por unha profunda concienciación democrática que nos leva a respectar estritamente o resultado electoral e a maioría que o grupo municipal Socialista representa e que lles permite exercer a función de goberno, non tanto si que non podía evitar facer mención e con esta corporación municipal e non é a primeira vez que hai un único concelleiro dunha formación política como é o meu caso, xa sucedeu noutros mandatos e o antecedente que existe que era do exalcalde o Sr. Soto, maila ser un único concelleiro o Sr. Soto si dispuña de despacho na Casa Consistorial, si dispuña de persoal de apoio adscrito a este concelleiro para asistilo nas súas funcións, e si dispuña dunha dedicación retribuída, nada diso dispón o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego e mesmo temos que seguir ás veces aturando descualificacións algo ridículas e babosadas, se me permiten o termo sen ningún tipo de afán ofensivo, como a de que eu non son concelleiro do BNG ou mesmo que dixó o Alcalde no seu programa televisivo que estaba pelexado coa formación política na que milito dende hai 20 anos. Nos a diferencia de vostedes respectamos o conxunto da Corporación municipal, respectamos a totalidade dos cargos electos desta Corporación porque

respectamos a vontade de tódalas/os vigueses non só aos que nos votaron e por iso non nos imos opor a este acordo.

SR. PEREZ CORREA: Nós entendemos que hai unha remodelación do grupo municipal Socialista e podemos entender que iso significa tamén unha remodelación en canto ás dedicacións parcial ou exclusivas, pero nós si que queremos redundar nunha cuestión, que a representatividade política e que aplican a maior parte dos concellos democráticos deste país, e efectivamente cando a Marea de Vigo chegou no 2015 a primeira decisión que tomou o goberno local foi facer unha modificación do Regulamento e unha modificación tamén da interpretación de determinadas cuestións que teñen que ver co que se acaba de expresar agora polo concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, ten que ver coa representatividade dos espazos que estamos aquí, as forzas políticas independentemente de que ese regulamento decidira dunha maneira aleatoria chamarlle a dous concelleiros da Marea de Vigo grupo Mixto, ou chamarlle a un concelleiro do BNG, concelleiro non adscrito, incluso con algunhas descualificacións que forman parte da parapolítica, dende logo este Concello debería facer unha reflexión sobre a representatividade dos miles de votantes que representan os espazos políticos que estamos aquí e por norma xeral en case tódolos concellos democráticos, vostede poderán facer un barrido das grandes cidades deste país ou dos concellos galegos, que tódolos grupos municipais, independentemente, incluso aínda que só sexa un membro, se lle recoñece a realidade de grupo municipal, se lle recoñecen os recursos e ademais os grupos mixtos en tódolos os concellos de Galicia, en practicamente en tódolos concellos de Galicia salvo pequenos concellos, o compoñen menos de dous membros, tendo dous membros se considera un grupo municipal e polo tanto, a súa nomenclatura, que hai detrás disto? Para nós está claro, borrar nomes e que cando se colle un acta dun Pleno pois non apareza nin a Marea de Vigo nin o BNG nin outras forzas políticas que puideran estar, silenciar dunha maneira evidente esta cuestión e a proporcionalidade non ten que ver co número de concelleiros/as exclusivamente senón que ten que ver co recoñecemento democrático político das forzas que están presentes nos Plenos, porque ademais hai unha evidencia, independentemente do número de membros, sexan 20, sexan 10, sexan 5, sexa 1, todos os grupos e espazos temos que

posicionarnos diariamente en tódalas cuestións que atinxen á cidade e ese agravio para nós é evidente que non se está a cumprir, non vamos facer mais leña disto, pero tamén dicimos unha cousa, sumados os salarios da deputación e os salarios deste Concello, o aforro aos contribuíntes nos existe, unha cousa é que se substitúa as dedicacións o Concello de Vigo por dedicacións na Deputación e que eu emprazo a calquera veciño/a de Vigo que teña curiosidade pois que faga sumas e verá que ese aforro, todo o que aforramos no Concello de Vigo se ao final o dispendia na Deputación de Pontevedra, pois o comido polo servido, polo tanto sería bo que ese aforro ou ese suposto aforro que se considera que hai neste exercicio tamén significará efectivamente se clarexe dunha vez, é certo que en conversacións informais se clarexou que tódolos grupos municipais teríamos espazo físico, iso teremos que resolvelo, xa temos falado nalgunha ocasión co voceiro do Partido Socialista e de resolver a cuestión dos espazos físicos pero quero lembrar que no regulamento se chegou a tentar, dicir que os grupos municipais terán espazos sempre e cando as condicións físicas ou as características do edificio do Concello o permitan, esa apostila significa, non estou inventando nada senón que figura no Regulamento que nalgún momento tamén se poden entender que nun edificio de 11 plantas non hai un espazo para os grupos municipais e que non teñamos espazo físico porque como se aplica unha proporcionalidade directa á cuestión dos votos pois non vemos outras cuestións que son de carácter político, democracia representativa e que as veces esquecen neste Concello, nada máis que dicir e nos imos a propoñer unha abstención a esta cuestión.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Nós non imos entrar nesta cuestión, é postestada de autoorganización do Alcalde ao seu goberno e que non imos a propoñer aquí é un voto de ningún tipo, nós imos absternos, non estamos en contra de que reorganice o goberno, que non estamos a falar aquí da organización do goberno, estamos a falar doutra cousa e nos nos imos abster, nada máis.

SR. ANEIROS PEREIRA: Moi brevemente para facer a contestación a cuestións que se propuxeron aquí, falábase de representatividade, os cidadáns fixeron un exercicio da súa representatividade nas últimas eleccións locais, dando máis de

101.000 votos ao Partido Socialista, 20.000 ao Partido Popular e pouco máis de 8.000 ao Bloque Nacionalista Galego e 10.000 a Mareas de Vigo, polo tanto, esa é a representatividade pero tamén quero facer mención a outra cuestión que me parece interesante e importante, que é o respecto as regras que tódolos nos damos para formar parte dun órgano colexiado como é este Pleno do Concello de Vigo, onde hai un Regulamento Orgánico, que rexe a composición e o funcionamento deste Pleno do Concello de Vigo e onde chama grupo Mixto que é grupo Mixto, e onde lle chama non adscrito ao suposto que ten que ser non adscrito, polo tanto, se todos temos que respectar a legalidade como prometemos ou xuramos incluso cando tomamos posesión, o regulamento orgánico do Concello de Vigo é o que rexe o funcionamento e a composición deste Pleno.

Pero tamén quero destacar e insistir no aforro que se está producindo dende que gobernamos esta cidade nos custos dos órganos de goberno, aforro que repercute directamente en tódolos vigueses, mais becas, máis investimentos, máis axudas sociais ese é o aforro no que se traduce o goberno de Vigo.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e sete abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a proposta que se contén na parte expositiva deste acordo.

3(124).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 14674/306. (REXISTRO PLENO 2530/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 27 de xullo de 2020, o técnico de Admón. Xeral e o Xefe do Servizo de Medio Ambiente co conforme da concelleira da Área, emiten o seguinte informe proposta,

"I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. Con data 17.02.2020, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, emitiu, coa conformidade da concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, informe xustificativo sobre a necesidade de iniciar procedemento administrativo para a tramitación e aprobación dunha Ordenanza específica de praias no Concello de Vigo.

I.2. Con data 17.02.2020, a concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, en virtude da delegación de competencias do alcalde nos concelleiros delegados de Área de datas 18 e 26 de xuño de 2019 (BOBPO 01/08/2020), resolveu "Iniciar o procedemento administrativo para a tramitación e aprobación dunha Ordenanza específica de praias no termo municipal de Vigo" (exp. nº 14674/306).

I.3. En sesión ordinaria do 27.02.2020, A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, de conformidade coa proposta dos Servizos Municipais de Medio Ambiente, adoptou acordo coa seguinte parte dispositiva:

"(...)

Primeiro.- Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da LPACAP, para a redacción, tramitación e aprobación dunha Ordenanza específica de praias do Concello de Vigo, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo 1 do presente acordo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Administración Electrónica para a posta en marcha do trámite de consulta a través da sede electrónica municipal.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ás concellerías delegadas das áreas de goberno municipal con atribucións na materia e dar publicidade deste a través da Intranet municipal, sede electrónica e Portal de Transparencia.

(...)".

I.4. Segundo resulta da certificación expedida o 29.06.2020 pola titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, de orde e co visto e prace da Alcaldía, durante o prazo sinalado no Anuncio deste Concello, publicado na Web do Concello de Vigo en data 28-02-2020, para a consulta pública previa, e presentación de alegacións e suxestións á "Ordenanza específica de

Praias. EXPTE. 14674-306", que rematou o día 12 de xuño do presente ano, presentáronse as seguintes suxestións:

1. J. M. P.(Doc. 200045778).
2. C. R. L. P. (ECOLOXISTAS EN ACCION VIGO) Doc. 200066337).
3. L. G. O. (Doc. 200101575).
4. A. M. P. C. (Doc. 200101998).
5. J. A. M. C. (Doc. 200104850).
6. F. A. L. R. (Doc 200105620).
7. F. A. L. R. (Doc 200105631).
8. F. A. L. R. (Doc 200105647).
9. NOFUMADORES ORG (Doc. 200105896).

I.5. Con data 07.07.2020, o equipo técnico-xurídico da oficina de Desenvolvemento Urbanístico emitiu informe relativo á *proposta de Ordenanza reguladora do uso e desfrute dos areas do Concello de Vigo*.

I.6. Con data 09.07.2020, Doc. nº 200122962, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo informe remitido pola Directora Adxunta do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia no que da traslado, no eido das súas competencias, dunha serie de consideracións á Proposta de Proxecto de Ordenanza Municipal reguladora do uso e desfrute dos areas do termo municipal de Vigo.

I.7. Con data 20.07.2020, Doc. nº 200130752, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo informe remitido polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra (Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico) no que se manifesta a conformidade do devandito organismo á Proposta de Proxecto de Ordenanza Municipal reguladora do uso e desfrute dos areas do termo municipal de Vigo.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- Constitución Española de 1978 (CE).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).
- Decreto 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 22/1988, do 28 de xuño, de Costas (LC).
- Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas (RC).
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia (LEG).
- Real Decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a Xestión da Calidade das Augas de Baño.

- Decreto 177/2018, do 27 de decembro, polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo aprobado definitivamente en sesión ordinaria de data 30.05.2016.

III. INFORME

III.1. É intención do Concello de Vigo aprobar, en exercicio da súa potestade regulamentaria e con base nas competencias que ostenta en materia de salubridade pública e, especificamente, de acordo co estipulado no Art. 115 da LC, unha Ordenanza que regule o uso e desfrute dos areas do municipio, establecendo un espazo de convivencia para os seus usuarios, así como a protección destes e do medio ambiente.

En efecto, o citado Art. 115 da LC atribúe, nos termos previstos pola lexislación que diten as Comunidades Autónomas, competencias aos municipios no dominio público marítimo terrestre estatal que, no referente ás praias, se concretan en manter as praias e lugares públicos de baños nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade de las vidas humanas e, explotar, no seu caso, os servizos de tempada que podan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de Réxime Local.

III.2. Os elementos fundamentais desta nova ordenanza poden sintetizarse nos seguintes:

III.2.1. Xustificación:

A afluencia masiva de bañistas na época estival nos areas do municipio e os riscos que elo pode entrañar, xustifican a promulgación desta Ordenanza habida conta da necesidade de regular as condicións de estancia e seguridade nos mesmos. Configurase como necesario para o Concello de Vigo, o conxugar dunha parte a seguridade e de outra a protección da salubridade dos areas, así como a súa conservación e a correspondente promoción dun desenvolvemento turístico de calidade.

En definitiva, a Ordenanza pretende ser una ferramenta de coordinación, colaboración e regulación do uso e desfrute dos areas do municipio, establecendo un espazo de convivencia para os seus usuarios, así como a protección destes e do medio ambiente.

III.2.2. Obxecto e ámbito de aplicación:

A presente Ordenanza ten por obxecto regular o uso das praias do Concello de Vigo conxugando o dereito de todos a gozar destas pola súa natureza demanial co deber que o Concello, no marco das súas competencias, ten de velar por unha utilización racional delas e, en particular, regular as condicións xerais de utilización e desfrute polos usuarios da praia en orde á seguridade, a salubridade e a protección e restauración do medio ambiente.

As súas determinacións serán de aplicación no termo municipal de Vigo, no espazo que constitúe o dominio público marítimo terrestre definido no Título I da Lei de Costas e/ou que teña a

consideración de areal, así como aos servizos e instalacións directamente vinculados ao uso deste, sen menoscabo das competencias doutras Administracións Públicas na materia.

Nos areais do término municipal que estean incluídos no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia rexerá a presente Ordenanza en todo aquilo que non entre en contradición coa normativa sectorial de aplicación a este.

III.2.3. Contido e alcance:

Formalmente, a Ordenanza consta dunha exposición de motivos e a súa parte dispositiva estrutúrase en 12 Títulos, 8 Capítulos e un total de 39 artigos, e unha parte final integrada por unha disposición derogatoria e unha disposición final. Complétase con un Anexo no que se inclúen os areais comprendidos no término municipal, así como a catalogación dos seus tramos en urbanos e naturais segundo establece o Decreto 38/2019, de 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais dos areais de Galicia.

Regúlanse no texto, no seu Título I, unha serie de disposicións xerais que conteñen o ámbito de aplicación e as definicións dos elementos obxecto de ordenación. O Título II contén as normas xerais aplicables ao uso e desfrute dos areais. O Título III está adicado ás normas de carácter hixiénico sanitario e calidade da auga, abarcando cuestións relativas á limpeza dos areais, residuos, presenza de animais, etc. O Título IV está adicado ás normas xerais aplicables aos emprazamentos de obras, actividades e instalacións. O Título V, adicado á Vixilancia, Salvamento, Socorrismo e Asistencia Sanitaria de Primeiros Auxilios en determinados areais do municipio, determina as funcións mínimas do persoal de salvamento contratado polo Concello, e paralelamente as obrigas dos bañistas para facilitar o seu traballo. O Título VI recolle as normas xerais aplicables á circulación de vehículos nos areais. O Título VII adicase ás acampadas nos areais. O Título VIII contén as normas aplicables á pesca recreativa nos areais, xa sexa costeira ou submarina. O Título IX, adicado ás actividades náuticas, abarca cuestións relativas á navegación deportiva, de recreo e de servizos oficiais, así como á ocupación do espazo público con aparellos de navegación. O Título X contén as normas aplicables ás actividades deportivas, culturais e xogos na area. O Título XI adicase a venda ambulante e outras actividades lucrativas. O Título XII, derradeiro, ao longo de catro capítulos explicita o réxime sancionador aplicable ás infraccións ao disposto na presente Ordenanza. Neste Título faise un recoñecemento expreso da normativa aplicable na actualidade, incorporando en canto ás contías das sancións económicas e á clasificación das infraccións as previsións do Título XI da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local, incorporado polo artigo 1.4 da Lei 57/03, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Conforme co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a ordenanza entrará en vigor ós 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ó da Ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación da Ordenanza.

III.2.4. Garantía de cumprimento:

Os Axentes da Autoridade poderán requirir verbalmente aos que infrinxiren calquera das disposicións contidas na Ordenanza a fin de que de inmediato cesen a actividade prohibida ou realicen a obriga debida, todo isto sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que, no seu caso, puidera proceder.

O persoal de salvamento e socorrismo apoiará á Administración municipal ou seus axentes da autoridade na labor de información do establecido na Ordenanza, comunicando particularmente as infraccións a esta.

As infraccións á Ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, previa instrución do correspondente expediente sancionador.

III.3. Para a redacción do proxecto de Ordenanza de Vigo tivéronse en conta, entre outras, as ordenanzas municipais de Málaga, Alicante, Benidorm, Algeciras, Tarifa, Donostia-San Sebastián e Oleiros.

III.4. Coa intención de propiciar a participación activa e a colaboración dos servizos técnicos municipais, remitiuse a proposta do proxecto de Ordenanza a distintos servizos técnicos e xurídicos municipais e ás concellerías implicadas, a fin de que estudasen o texto do proxecto e formulasen as observacións que estimasen oportunas. Igualmente, e có mesmo obxecto, remitiuse a proposta do proxecto de Ordenanza ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra (Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico) e ao Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

III.5. Ademais, por aplicación do disposto no artigo 133 da LACAP, en sesión ordinaria do 27.02.2020, a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, de conformidade coa proposta dos Servizos Municipais de Medio Ambiente, acordou abrir o trámite de consulta pública previsto na norma citada, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o considerasen puidesen facer chegar as súas opinións e consideracións sobre o texto da proposta de proxecto de Ordenanza.

III.6. Rematado o trámite de consulta pública, recibíronse escritos de observacións e suxestións por parte de J. M. P. (Doc. 200045778), C. R. L. P. (ECOLOXISTAS EN ACCION VIGO) (Doc. 200066337), L. G. O. (Doc. 200101575), A. M. P. C. (Doc. 200101998), J. A. M. C. (Doc. 200104850), F. A. L. R. (Doc 200105620; Doc 200105631; Doc 200105647), NOFUMADORES ORG (Doc. 200105896).

Asemade, con data 09.07.2020, Doc. nº 200122962, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo informe remitido pola Directora Adxunta do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia no que da traslado, no eido das súas competencias, dunha serie de consideracións á Proposta de Proxecto de Ordenanza Municipal reguladora do uso e desfrute dos areais do termo municipal de Vigo.

III.7. Todos e cada un deles foron obxecto de valoración técnica detallada, motivando nalgúns casos a reconsideración, total ou parcial, de determinados preceptos e contidos da proposta inicial de Ordenanza. Noutros casos, as modificacións introducidas no texto inicial realizáronse de oficio coa intención de completar e mellorar aquela regulamentación.

III.8. Dado o carácter preliminar e preparatorio da fase procedimental na que nos atopamos, non procede entrar agora na análise pormenorizada de cada un dos escritos; análise que se realizará con ocasión do estudo das alegacións que, de ser o caso, se formulen ó texto da Ordenanza inicialmente aprobada.

IV. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

IV.1. Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materia de protección da salubridade pública (Art. 25.2.j] LRBRL e Art. 80.2.h] LALGA).

O artigo 115 da LC atribúe, nos termos previstos pola lexislación que diten as Comunidades Autónomas, competencias aos municipios no dominio público marítimo terrestre estatal que, no referente ás praias, se concretan en manter as praias e lugares públicos de baños nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade de las vidas humanas e, explotar, no seu caso, os servizos de tempada que podan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de Réxime Local.

IV.2. As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (Arts. 84.1.a] LRBRL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da LRBRL e do ROF e 6.1.a] da LALGA. Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade có obxectivo que se persegue (Art. 84.2 da LRBRL).

IV.3. As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non podendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero sí tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (Arts. 4 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 139-141 da LRBRL.

IV.4. A teor do disposto na LRBRL, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (Art. 127.1.a]) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (Art. 123.1.d]); atribución esta última tamén recollida nos artigos 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF.

IV.5. De acordo co artigo 49 da LRBRL, a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:

1. Aprobación inicial polo Pleno.

2. Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.
3. Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.
4. De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

IV.6. O Título VII do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente en sesión ordinaria de data 30.05.2016, refírese ao “procedemento regulamentario”, dedicando o seu Capítulo I ao “procedemento regulamentario común”, contemplando un prazo concreto para a presentación de emendas polos grupos municipais, seis días, unha vez o proxecto regulamentario sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local.

IV.7. Entrada en vigor: Conforme co previsto no artigo 70.2 da LRBRL, a modificación da Ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Pleno e publicada integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL.

V. PROPOSTA DE ACORDO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta dos Servizos Municipais de Medio Ambiente, ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar o Proxecto de ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO (exp. Nº 14674/306), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

SEGUNDO: Propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO (exp. Nº 14674/306), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza Modificada no BOP, entrando en vigor cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

VII. PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO DA CORPORACIÓN:

Á vista dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ao Pleno da Corporación Municipal, por proposta da Xunta de Goberno Local e previa aprobación do proxecto pola mesma, a adopción, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, do seguinte, ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO (exp. Nº 14674/306), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza modificada no BOP, entrando en vigor cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.

A simultaneidade das competencias existentes na protección do patrimonio costeiro e a gran presión dos usos aos que se somete, non pode facer perder de vista aos concellos a perspectiva de conseguir, como prioritario en todas as actividades, a protección da salubridade e seguridade dos usuarios de este ben público, sendo polo tanto obrigación das Entidades Locais garantir as mesmas, así como a protección do medio ambiente, con independencia de cal sexa o eixo de interacción de todos os factores que participan no escenario do dominio público litoral.

A afluencia masiva de bañistas na época estival nos areais do municipio e os riscos que elo pode entrañar, fundamentan a necesidade de regular as condicións de estancia e seguridade nos mesmos. Configúrase como necesario para o Concello de Vigo, o conxugar dunha parte a seguridade e de outra a protección da salubridade dos areais, así como a súa conservación e a correspondente promoción dun desenvolvemento turístico de calidade. En consecuencia, tamén se inclúe todo o relativo a servizos, instalacións, limpeza, conservación do medio, zonas de baño e demais materias que incidan na prevención e a seguridade.

En definitiva, esta Ordenanza pretende ser una ferramenta de coordinación, colaboración e regulación do uso e desfrute dos areais do municipio, establecendo un espazo de convivencia para os seus usuarios, así como a protección destes e do medio ambiente.

II.

O noso ordenamento constitucional reconece no seu artigo 45 o dereito da cidadanía a desfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. Así mesmo, corresponde aos poderes públicos o velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida

e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

O artigo 4.1, letra a), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recoñece aos municipios, as provincias e as illas na súa calidade de Administracións Territoriais a Potestade Regulamentaria como facultade para producir as normas necesarias para regular a vida cidadá. A tal efecto, o exercicio da Autonomía Local implica a capacidade de aprobar normas xerais no eido das súas competencias e no marco da Lei. Igualmente, a devandita Lei recoñece que os municipios son entidades básicas da organización territorial do Estado que teñen dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, tendo plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins, no ámbito das súas respectivas competencias.

O artigo 25.2, letra j), do mencionado texto legal outorga aos concellos, nos termos que determine a lexislación estatal e autonómica, competencias para garantir a protección da salubridade pública.

Haberá de estar igualmente ao establecido na Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

A principal lei sectorial neste ámbito é a Lei 22/1988, de 28 de xuño, de Costas. De acordo co disposto no seu artigo 3.1, letra b), as praias constitúen bens de dominio público marítimo terrestre estatal, en consonancia co disposto no artigo 132.2 da Constitución Española.

O artigo 115 da citada Lei de Costas atribúe, nos termos previstos pola lexislación que diten as Comunidades Autónomas, competencias aos municipios no dominio público marítimo terrestre estatal que, no referente ás praias, se concretan en manter as praias e lugares públicos de baños nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade de las vidas humanas e, explotar, no seu caso, os servizos de tempada que podan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de Réxime Local.

Dentro da normativa sectorial igualmente hai que ter en conta o Real Decreto 1341/2007, de 11 de outubro, sobre a Xestión da Calidade das Augas de Baño.

Nos areas do término municipal que estean incluídos no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia será tamén de aplicación o Decreto 177/2018, do 27 de decembro, polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Neste marco de principios e atribucións, a franxa litoral defínese como un recurso natural, particularmente atractivo e moi utilizado, especialmente en diversas épocas do ano. Ao soportar unha elevada presión de uso, demanda unha especial atención e ordenación institucional por ser un espazo fráxil proclive a desequilibrios produto da acción humana.

Dito recoñecemento do valor territorial debe ir acompañado dunha garantía de seguridade e protección da salubridade no uso e desfrute deste espazo. A protección dos riscos para a saúde non é un obstáculo ao auxe turístico e de desenrolo senón unha necesidade demandada polo cidadá e un valor engadido á oferta de calidade do noso patrimonio litoral.

Na súa virtude, o Concello de Vigo elaborou unha Ordenanza reguladora do uso e desfrute dos areais do litoral municipal como instrumento de concienciación, convivencia e xestión eficaz do dominio público costeiro no ámbito de competencia municipal, que permita a compatibilidade dos dereitos e deberes dos usuarios da zona costeira coa protección do noso espazo natural.

Todo isto ven a xustificar a adecuación da norma aos principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumprindo a obrigaón das Administracións Públicas de actuar de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia.

TITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto

A presente Ordenanza ten por obxecto regular o uso das praias do Concello de Vigo conxugando o dereito de todos a gozar destas pola súa natureza demanial co deber que o Concello, no marco das súas competencias, ten de velar por unha utilización racional delas e, en particular, regular as condicións xerais de utilización e desfrute polos usuarios da praia en orde á seguridade, a salubridade e a protección e restauración do medio ambiente.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Esta Ordenanza será de aplicación no termo municipal de Vigo, no espazo que constitúe o dominio público marítimo terrestre definido no Título I da Lei de Costas e/ou que teña a consideración de areal, así como aos servizos e instalacións directamente vinculados ao uso deste, sen menoscabo das competencias doutras Administracións Públicas na materia.

Os areais comprendidos no término municipal,- así como a catalogación dos seus tramos en urbanos e naturais segundo establece o Decreto 38/2019, de 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais dos areais de Galicia - son os que figuran no Anexo desta Ordenanza.

Nos areais do término municipal que estean incluídos no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia rexerá a presente Ordenanza en todo aquilo que non entre en contradición coa normativa sectorial de aplicación a este.

Artigo 3. Exercicio de competencias municipais

As competencias previstas nesta Ordenanza serán exercidas polos órganos municipais que sexan competentes conforme ás normas vixentes que regulen en cada momento as atribucións de ditos órganos.

En situacións de emerxencia estas serán xestionadas segundo o disposto na Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia e resto de lexislación relativa a Protección Civil.

Para o desenvolvemento de ditas competencias seguiranse os procedementos que en cada caso e momento establezan as normas xerais aplicables.

Artigo 4. Supostos non regulados

Nos supostos non regulados na presente Ordenanza, pero que polas súas características ou circunstancias puideran estar comprendidos dentro do seu ámbito de aplicación, seranlle aplicadas por analogía as normas que garden similitude co caso mencionado.

Artigo 5. Cumprimento da ordenanza.

Os Axentes da Autoridade poderán requirir verbalmente aos que infrinxiren calquera das disposicións contidas na presente Ordenanza a fin de que de inmediato cesen a actividade prohibida ou realicen a obriga debida, todo isto sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que, no seu caso, puidera proceder.

O persoal de salvamento e socorrismo apoiará á Administración municipal ou seus axentes da autoridade na labor de información do establecido na presente Ordenanza, comunicando particularmente as infraccións a esta.

CAPÍTULO II. DEFINICIÓNS E SINALIZACIÓN PREVENTIVA

Artigo 6. Definicións

A efectos da presente Ordenanza, enténdese como:

- a) Areas: zonas de depósito de materiais soltos, tales como areas, gravas e seixos, incluíndo escarpes, bermas e dunas, incluíndo, estas últimas, ata o límite que resulte necesario para garantir a estabilidade da praia e defensa da costa.
- b) Dunas: depósitos sedimentarios constituídos por montículos de area, teñan ou non vexetación, que se alimenten da area transportada pola acción do mar, do vento mariño ou por outras causas.
- c) Augas de baño: aquelas de carácter marítimo nas que o baño estea expresamente autorizado ou, non estando prohibido, se practique habitualmente por un número importante de persoas.

d) Zonas de augas de baño: Área xeograficamente delimitada dun termo municipal composta por unha praia e as súas augas de baño. En todo caso, entenderase como zona de baño aquela que se atope debidamente balizada ao efecto. Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros nas praias ou 50 metros no resto da costa.

e) Zona de varada: Aquela destinada á estancia, embarque, desembarque ou mantemento de embarcacións profesionais ou de recreo, debidamente identificadas.

f) Tempada de baño: e o período de tempo no que se pode prever, cunha alta frecuencia, a afluencia importante de bañistas, tendo en conta os usos e costumes locais. A efectos da presente ordenanza, considerase como o período comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro.

O Concello de Vigo poderá variar dito período en función das circunstancias climatolóxicas.

g) Acampada: Instalación de tendas de campaña, parasois non diáfanos nos seus laterais ou de vehículos ou remolques habitables.

h) Campamento: Acampada organizada e dotada dos servizos establecidos nas normativas vixentes.

i) Animal de compañía: Todo aquel, que sendo doméstico ou silvestre, tanto autóctono como alóctono é mantido polas persoas coa finalidade de vivir con elas, asumindo as responsabilidades inherentes á súa convivencia, sen que exista actividade lucrativa algunha sobre el.

l) Pesca marítima de recreo: Enténdese aquela que se realiza por afección ou deporte, sen retribución algunha e sen ánimo de lucro. Esta modalidade poderá ser exercitada en superficie, desde embarcación ou a pé desde a costa, e submarina.

m) Órgano xestor de praias (OXP): órgano dependente da concellería con competencias en medio ambiente e presidido polo/a Concelleiro/a delegado/a desta. Reúnese cunha periodicidade mínima anual, sendo membros deste as concellerías, departamentos e servizos implicados na xestión, mantemento, conservación e protección dos areas municipais e a súa contorna, no ámbito das competencias municipais.

Artigo 7. Sinalización preventiva

1. Como instrumentos de sinalización para a seguridade das persoas usuarias servirán as bandeiras de sinalización de habilitación para o baño, que determinarán a aptitude das condicións das augas para o baño. As bandeiras clasificaranse por cores indicando o estado do mar en canto á idoneidade do seu uso para o baño:

- Verde: Apto para o baño.
- Amarela: Precaución. Permitirá o baño con certas restricións. Prevé dun certo perigo no baño derivado das condicións do mar observadas e/ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.
- Vermella: Prohibido o baño. Prevé dun grave perigo no baño para a vida ou saúde das persoas, ben sexa polas condicións do mar e/ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.

2. En todo caso as bandeiras anteriores poderanse complementar con outras que indiquen concretamente e de xeito claro o perigo a previr.

3. A través de todos os medios posibles de comunicación, divulgarase a información precisa para o adecuado desfrute dos areais. Na súa virtude, os elementos de sinalización (paneis, carteis, etc.) deberán conter, na medida do posible, a seguinte información básica:

- a) Nome do Municipio.
- b) Nome do areal, cala ou porción da costa.
- c) Ubicación física e características do areal ou cala na que se atope (Lonxitude, límites, localización), determinando expresamente disposición ou non dun Servizo de Vixilancia e salvamento. Cando o areal teña servizo de vixilancia, incluíranse os horarios de cumprimento e prestación de dito servizo, conforme ao previsto no correspondente contrato de prestación do servizo público de socorrismo e salvamento en determinados areais do Concello de Vigo.
- d) Un pequeno plano dos diferentes servizos dos que dispón o areal ou cala particularizando a situación de pasarelas para discapacitados, teléfonos, duchas, aseos, etc.
- e) Aclaracións sobre os diferentes indicadores de perigo que se atopen nos areais: bandeiras, sinais, sinais acústicas, etc.
- f) Accesos ao areal: peonil, para vehículos ou para embarcacións.
- g) Accesos para discapacitados, con especial descrición dos accesos para os vehículos de emerxencia.
- h) Número de teléfono de emerxencias.
- i) Lugar onde se atopan os postos de socorro máis cercanos.
- l) Aquelas prohibicións xerais e/ou específicas que interese resaltar.
- m) Tipo de uso do areal.
- n) Clasificación vixente das augas de baño, así como calquera prohibición de baño ou recomendación de absterse do mesmo, mediante unha sinal ou símbolo sinxelo e claro.
- ñ) Calidade das augas de baño durante a tempada, baseada nos resultados da inspección visual do areal e da agua e nos resultados analíticos dos parámetros obrigatorios.
- o) Sempre que se prohiba o baño ou se recomende absterse deste, unha advertencia na que se informe ao público interesado indicando os motivos.
- p) Unha indicación de fontes para obter información máis completa.
- q) Calquera outra información que veña determinada pola normativa vixente.

4. Os elementos de sinalización deberán cumprir as prescricións contidas na lexislación de costas, no planeamento urbanístico, así como as contidas no Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia respecto dos areais do término municipal que estean incluídos no citado Parque, estando supeditada a súa instalación á autorización do órgano competente deste.

TITULO II. NORMAS XERAIS: USOS E DESFRUTE DOS AREAIS

Artigo 8. Utilización do dominio público marítimo terrestre.

1. A utilización do dominio público marítimo terrestre, será libre, pública e gratuíta, para os usos comúns e acordes coa natureza de aquel, tales como estar, pasear, bañarse, e outros semellantes que non requiran obras ou instalacións de ningún tipo, e sempre que estas actividades se realicen de acordo co disposto nas Leis e Regulamentos e na presente Ordenanza, sen prexuízo do establecido na Lei de Costas e o seu Regulamento sobre as reservas demaniais.

2. Prohíbese expresamente o uso privativo do dominio público marítimo terrestre.

3. As instalacións que se autoricen nos areais serán de libre acceso público, salvo que por razóns de policía, de economía ou outras de interese público, debidamente xustificadas, se autoricen outras modalidades de uso sen que en ningún caso poda desnaturalizarse o uso público dos areais.

4. Unicamente poderase permitir a ocupación do dominio público marítimo terrestre nos casos e nas formas previstas na Lei de Costas e o seu Regulamento.

5. A realización de calquera tipo de actuación, disposición de obxectos, prestación de servizos, etc, aínda de forma temporal, no ámbito de aplicación da presente Ordenanza, deberá dispoñer da preceptiva autorización polo órgano ou administración competente que corresponda por razón da materia de que se trate.

6. A práctica de nudismo integral está delimitada a aqueles areais que de xeito tradicional recollen esta práctica, limitándose exclusivamente á superficie de area. Nos accesos e infraestruturas asociadas a estes espazos non está permitido.

Artigo 9. Dereitos e deberes dos usuarios

1. Os usuarios da zona de dominio público e a súa zona de protección teñen o dereito ao mantemento e á mellora dos niveis de medio ambiente e de calidade de vida esixibles de acordo co ordenamento vixente e coa presente Ordenanza.

2. Todos os usuarios teñen a obriga de utilizar correctamente o espazo público regulado nesta Ordenanza, así como as instalacións e o mobiliario urbano que haxa, de acordo coa súa natureza, destino e finalidade, e respectar en calquera caso o dereito que tamén teñen os outros usuarios a usalo e disfrutalo

3. Os usuarios teñen o dereito á información ambiental, nos termos que establece a lexislación sectorial vixente.

4. O Concello, a través do servizo 010 e demais formas legalmente previstas, atenderá as reclamacións ou suxestións dos usuarios, e posteriormente exercerá as accións que en cada caso correspondan.

5. De forma xenérica, os usuarios teñen o deber de cumprir as normas contempladas na presente Ordenanza, debendo adoitar condutas que eviten a sucidade e o mal estado hixiénico da area, a agua de baño e demais instalacións ao servizo das praias.

6. Para garantir unhas normas básicas de convivencia e seguridade á cidadanía que visite os areais non lle está permitido:

- a) O emprego de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso, distracción ou lecer. Exceptúanse desta prohibición os casos de alarma, urxencia ou especial significación cidadá, que poderán ser autorizados pola autoridade competente, previa petición fundada.
- b) Facer lume nos areais e contorna inmediata; tanto na area, zonas de rochas ou zonas verdes, a excepción das actividades autorizables polo órgano competente en materia de seguridade e sempre que estean vinculadas a unha festa con tradición popular.
- c) O emprego de grellas, bombonas de gas ou calquera outro elemento inflamable no areal e contorna.
- d) Calquera outro artefacto, con características diferentes ao punto c e que permita cociñar no areal e contorna.
- e) O uso de material pirotécnico ou bengalas con finalidade recreativa, no areal e contorna.
- f) A venda ambulante salvo autorización expresa polo organismo competente na materia.
- g) Calquera acción ou elemento que limite, diminúa ou dificulte; o acceso dos/as usuarios/as, a labor do persoal dos postos de salvamento e socorrismo, primeiros auxilios, servizos de accesibilidade e baño para persoas con mobilidade reducida, Policía local, Protección civil ou calquera outra autoridade.
- h) O emprego de elementos ou artefactos con capacidade de moverse pola acción do vento e desprazarse pola area, independentemente da súa finalidade e características.

7. Respecto aos elementos do mobiliario urbano e calquera tipo de infraestrutura pública, a súa utilización polos usuarios será acorde ao fin para o cal están destinados.

TÍTULO III. NORMAS DE CARÁCTER HIXIÉNICO-SANITARIO E CALIDADE DA AUGA

CAPITULO I. NORMAS DE CARÁCTER HIXIÉNICO-SANITARIO

Artigo 10. Limpeza dos areais

1. No exercicio das competencias que a vixente ordenación xurídica atribúe a administración municipal, corresponde ao Concello de Vigo a limpeza e mantemento das praias do termo municipal.
2. A limpeza realizarase do xeito que sexa mais adecuado ás características de cada unha das praias, coa frecuencia e horario previstos para a adecuada xestión do servizo, realizando as seguintes actividades:
 - a) Retirada das praias de todos aqueles residuos que se mesturan cos materiais soltos (area, grava, etc.) da súa capa superficial ou dispostos na mesma.
 - b) Baleirado e limpeza das papeleiras públicas e demais recipientes de residuos sólidos dispostos nas praias.
 - c) Retirada de algas, no caso de que iso sexa necesario. Atendendo a criterios técnicos e en aras da conservación das comunidades naturais e procesos ecolóxicos, poderanse establecer restricións temporais á retirada das arribazóns da beira dos areais.

d) Naquelas zonas onde existan sistemas dunares en calquera estadio de conservación protexidas mediante un peche, deberá respectarse unha distancia de protección suficiente na limpeza mecánica.

e) Na limpeza de zonas contiguas aos areas (tales como paseos ou infraestruturas similares) non se poderá baldear cara aos areas, debendo ademais, de forma progresiva, utilizarse formas de limpeza que sexan o máis sustentables posible.

No caso de retirar acumulacións de area esta deberá ser depositada na liña de marea, libre de residuos antrópicos.

3. Co fin de facilitar a limpeza das praias non se permitirá instalar calquera elemento que entorpeza o paso dos servizos de limpeza dentro do horario que se estableza.

4. Nos areas do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia nas tarefas de limpeza rexeran as normas do Plan reitor de uso e xestión (PRUX).

Artigo 11. Residuos

1. Nos areas será de obrigado cumprimento o establecido na lexislación sectorial vixente en materia de residuos, así como na normativa municipal aplicable a estes.

2. Queda prohibido aos usuarios dos areas arroxar calquera tipo de residuos á praia ou ao mar como papeis, cabichas, restos de comida, latas, botellas, cascas de froitos secos, etc., así como deixar abandonados nesta mobles, carriños, caixas, embalaxes, etc. debéndose utilizar as papeleiras ou colectores que se instalen a tal fin, estando obrigado o responsable á limpeza inmediata, sen prexuízo das sancións que puidesen derivarse por tales feitos.

3. Os residuos depositaranse nas correspondentes papeleiras e contedores que ao efecto se atopen distribuídos pola praia ou nas proximidades dos accesos principais.

4. Para o uso correcto de ditos contedores deberán seguirse as seguintes normas:

a) Non se empregarán para o vertido de líquidos, entullos, madeiras, efectos, etc., así como tampouco para animais mortos.

b) No se depositarán neles materiais en combustión.

c) Os residuos depositaranse no interior do contedor, evitando o seu desbordamento e a acumulación de residuos ao seu arredor, polo que, no caso de atoparse cheo, haberá de realizarse o depósito no contedor máis próximo.

d) Unha vez depositados os residuos deberá pechase a tapa do contedor.

e) Os residuos orgánicos, antes de ser depositados no contedor, deberán de introducirse nunha bolsa perfectamente pechada.

5. Nos areas do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia os visitantes deberán levar consigo os seus residuos ao non existir no mesmo papeleiras nin contedores de residuos a disposición do público xeral.

6. Os titulares dos servizos de tempada están obrigados a evitar que se produza acumulación de lixo na zona onde estean implantados, polo que deberán proceder á limpeza desta coa frecuencia adecuada á intensidade do seu uso depositando os restos nos contedores habilitados para isto. Os titulares destes servizos deberán dispor de contedores de recollida selectiva.

7. Calquera evento que estea debidamente autorizado deberá manter (dende a preparación ata a finalización) as condicións de hixiene e limpeza do espazo, fomentado a disposición e distribución de colectores acordes á separación selectiva de residuos que directa ou indirectamente poda xerar a actividade. Sen prexuízo doutros requirimentos de limpeza ou de hixiene vinculados á autorización correspondente.

8. Sen prexuízo das autorizacións sectoriais que sexan necesarias, poderanse facer traballos de limpeza e mantemento das embarcacións de pesca tradicionais varadas no areal e acceso dos areas que na actualidade conservan esta actividade; areas do Portiño, A Buraca, A Fontaiña, A Calzoa, O Cocho, Ríos pilón e Ríos rampla e O Mende. Durante a realización destes é obrigatorio establecer as medidas precisas para evitar a caída de restos ou outros residuos afíns sobre a area e contorna. Todos os residuos xerados deberán ser depositados nos colectores adecuados e, en caso de ser tóxicos e perigosos, nun punto limpo ou xestor autorizado.

9. Quen vulnere ditas prohibicións, a requirimento verbal dos Axentes da autoridade, deberá retirar de inmediato os residuos e proceder ao seu depósito conforme se establece nesta ordenanza, sen prexuízo de que xiren parte de denuncia en orde á instrución do oportuno expediente sancionador.

Artigo 12. Normas de carácter hixiénico-sanitario

Non estará permitido:

- a) A evacuación fisiolóxica no mar ou na praia. O Concello fomentará, onde non os houberse con carácter permanente, a instalación de aseos públicos accesibles durante a tempada de baño.
- b) Lavarse no mar ou na praia utilizando xabón, xel, champú ou calquera outro produto similar.
- c) Limpar na area da praia ou na agua do mar os aveños de cociñar ou os recipientes empregados para portar alimentos ou outras materias orgánicas.
- d) Dar ás duchas, lavapés, aseos e mobiliario urbano en xeral, ao servizo dos areas, un uso diferente ao que lle é propio como xogar, lavado e hixiene de animais, limpar os aveños de cociña, lavarse utilizando xabón, xel ou champú ou calquera outro produto deterxente, pintar, deteriorar, etc., sen prexuízo das responsabilidades doutra índole que poidan esixirse.

Artigo 13. Presencia de animais

1. A permanencia, tránsito ou paseo de cans nos areas rexerese polo establecido na Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo, quedando terminantemente prohibido a presenza doutros animais nos areas durante todo o ano.

2. Con carácter excepcional, e previa autorización das Administracións competentes, poderanse permitir actividades concretas sempre que teñan un carácter tradicional ou sexan de interese xeral e non sexan incompatibles coa preservación do medio.

3. Permítese a presenza de cans destinados a traballos de salvamento ou auxilio a persoas necesitadas, cando as circunstancias así o aconsellen. Así mesmo, permítese a presenza de cans de asistencia considerándose que estes son os que adestrados en

centros especializados oficialmente recoñecidos, teñan concluído o seu adestramento e adquirido así as aptitudes necesarias para o acompañamento, condución e auxilio de persoas con diversidade funcional, debendo estar acreditados e identificados da forma establecida na lexislación aplicable sobre Cans de Asistencia para Persoas con Discapacidades.

4.- A presenza de animais nos areas do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia rexeráse polo disposto nas normas do Plan reitor de uso e xestión do mesmo.

Artigo 14. Dos areas saudables sen fume e cabichas

1. Co obxectivo de incentivar hábitos e contornas saudables, así como sensibilizar á poboación sobre a importancia de non deixar residuos nos espazos naturais, o órgano competente do Concello de Vigo poderá declarar determinados areas do municipio como espazos libres de fume.

2. Nos mencionados espazos o Concello poderá implementar as políticas que considere oportunas co obxecto de:

- a) Manter ditos areas libres do fume do tabaco.
- b) Fomentar a realización de campañas de educación e sensibilización ambiental, a prevención do tabaquismo e a protección do medio ambiente.

CAPITULO II. DA CALIDADE DA AUGA

Artigo 15. Información ao cidadá

1. Con carácter preceptivo e en relación á calidade das augas de baño, estarase ao disposto no Real Decreto 1341/2007, de 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño ou a disposición normativa que a substitúa no caso da derogación correspondente.

2. Con carácter xeral:

a) Os usuarios terán dereito a ser informados polo Concello da falta de aptitude para o baño das augas que non satisfagan os criterios de calidade mínima esixibles polas normas vixentes. Neste senso, o Concello facilitará, a quen así o solicite, información actualizada das calidades das augas de baño.

b) O Concello fará público os informes sobre a calidade das augas que se emitan durante a tempada de baño, incluíndoos nos elementos de sinalización recollidos no apartado terceiro do artigo 7, na web municipal, así como a través de calquera outro medio alternativo de comunicación que se considere oportuno.

Asemade, esta información tamén estará dispoñible a través do Servizo de salvamento e socorrismo.

3. No ámbito das súas competencias, e no exercicio do deber de adoitar as medidas necesarias para a protección da saúde, o Concello de Vigo:

a) Sinalizará o equipamento de servizos públicos e as posibles limitacións de uso que poidan existir, conforme ao establecido na normativa vixente.

b) Sinalizará a prohibición do baño, conforme ao establecido na normativa de aplicación, cando así veña establecida pola autoridade sanitaria da Xunta de Galicia,

mantendo esta ata que non se comunique a desaparición do risco sanitario por dita autoridade sanitaria autonómica.

c) Adoitará as medidas necesarias para a clausura de zonas de baño, cando así veña acordada pola autoridade sanitaria da Xunta de Galicia.

Ditas medidas manteranse ata que sexa comunicado o acordo de reapertura da zona de baño por dita autoridade sanitaria autonómica.

TÍTULO IV. DOS EMPRAZAMENTOS DE OBRAS, ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS

Artigo 16. Normas xerais

1. A realización de obras, emprazamento e exercicio de actividades así como a explotación de instalacións desmontables de tempada ou fixas axustaranse ao réxime e procedemento de autorizacións e concesións previsto na Lei de Costas e no seu Regulamento de desenrolo, así como na lexislación específica que regule a actividade que se pretende exercer.

2. É potestade do Concello, no exercicio das súas competencias, e co fin de acadar o obxectivo previsto nesta Ordenanza, establecer as zonas onde emprazar e exercer os distintos servizos e actividades no ámbito de aplicación desta Ordenanza.

3. No que respecta ás concesións, autorizacións, licenzas e demais títulos habilitantes municipais, esta Ordenanza remítese ás disposicións municipais xa existentes e que regulan de forma específica todos os requisitos e condicións do seu outorgamento.

4.- Todos os elementos que se instalen no espazo público obxecto desta Ordenanza deberán responder aos requisitos técnicos de homologación de acordo á súa normativa específica. Este requirimento é preceptivo para autorizar a súa instalación.

5.- Débese respectar, en todo momento, os accesos peonís, escaleiras de accesos, postos de salvamento e socorrismo, ramplas, etc.

6.- Queda prohibido deixar restos de calquera elemento utilizado na actividade unha vez finalizado o prazo de autorización previsto.

7- Será obrigación do titular ou concesionario ter as instalacións e elementos necesarios nas debidas condicións de hixiene e seguridade. Para esa finalidade, disporá de todos os complementos mobiliarios dispostos para a recollida selectiva e evacuación dos residuos xerados.

TÍTULO V. DA VIXILANCIA, SALVAMENTO, SOCORRISMO E ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS EN DETERMINADOS AREAIS DO MUNICIPIO

CAPÍTULO I.- DA VIXILANCIA, SALVAMENTO E SOCORRISMO

Artigo 17. Servizo público de salvamento.

1. En función das necesidades dos areais, o Concello dotará a estes dun servizo de salvamento, socorrismo e primeiros auxilios.

2. O servizo de salvamento, socorrismo e primeiros auxilios estará formado por un conxunto de medios humanos e materiais que possibiliten a adopción dunha serie de medidas organizativas, de planificación, seguridade e protección.

3. No servizo de salvamento e socorrismo colaborarán os efectivos de Protección Civil, Policía Local e Bombeiros, así como aquelas outras entidades contratadas para actividades específicas.

4. As funcións e actividades que desenrolen as entidades contratadas para fins específicos relacionados coa asistencia e salvamento rexeranse polos correspondentes pregos de condicións que rexan o contrato administrativo, sendo estas funcións e actividades como mínimo as seguintes:

- a) Efectuar as tarefas de vixilancia continua da zona de baño, o socorrismo e o salvamento de persoas e a observación da contorna ambiental dentro do horario estipulado nos pregos de condicións.
- b) Ser cordial, amable e respectuoso cos bañistas.
- b) Garantir a primeira atención sanitaria.
- c) A procura de persoas desaparecidas.
- d) A información sobre os recursos dispoñibles e o estado do mar.
- e) Izar as bandeiras en función do estado do mar e velar pola conservación dos sinais e do material destinado á prevención de accidentes, vixilancia, salvamento, socorro e transporte de accidentados.
- f) Informar aos usuarios das embarcacións con motor e aos que practiquen deportes náuticos das prohibicións ou limitacións da súa práctica.
- g) Colaborar nas labores de información a fin de manter a zona destinada ao baño totalmente despexada de animais e obxectos que podan presentar perigo para os bañistas.
- h) Colaborar e asistir, nas zonas habilitadas e cos medios humanos e materiais dispoñibles, no baño das persoas con algún tipo de diversidade funcional ou enfermidade para as que o baño poida constituír algún risco aos efectos de adoptar, no seu caso, as medidas pertinentes.
- i) Sinalizar as zonas de baño de acordo coa clasificación establecida, modificando estas cando as circunstancias do tempo ou outras así o aconsellen.
- l) Poñer en coñecemento da Policía Local ou do órgano municipal competente a comisión de infraccións ao previsto na presente Ordenanza aos efectos da emisión do correspondente parte de denuncia en orde a incoación do procedemento sancionador correspondente.
- m) En xeral, evitar toda clase de actividade que resulte perigosa ou prexudicial para os usuarios.

Artigo 18. Persoal do Servizo de Salvamento e Socorrismo

1. De conformidade coa normativa de vixente aplicación, todo o persoal que realice tarefas de salvamento, socorrismo e asistencia sanitaria, deberá dispor da titulación que lle acredite e habilite para o exercicio destas actividades profesionais.

2. Durante o seu exercicio profesional, o persoal do Servizo de Salvamento e Socorrismo contratado durante a tempada de baño deberá ir uniformado de xeito que sexa perfectamente identificable polos usuarios da praia, e levará o equipamento que

sexa preciso de conformidade co establecido nos pregos de condicións que rexen o contrato.

3. Os socorristas acuáticos permanecerán na súa área de responsabilidade durante a quenda establecida, non podendo exercer simultaneamente ningunha actividade engadida á asignada.

Artigo 19. Postos de primeiros auxilios

As características da instalación e equipamento dos Postos de Primeiros Auxilios serán as necesarias para abordar unha primeira atención sanitaria e as posibles situacións básicas de urxencia ordinaria, podendo contar con vehículos de loxística e apoio.

CAPÍTULO II.- DA SEGURIDADE

Artigo 20. Das obrigas dos bañistas e usuarios das praias

1. O público bañista queda obrigado a seguir as orientacións e indicacións que por seguridade poidan realizar os servizos de Salvamento e Socorrismo, así como cantas disposicións existan ou poidan ditarse en diante polos organismos competentes. En todo caso, recomendase non afastarse en mais de 50 metros da beira do mar nas praias, co obxecto de poder garantir a súa seguridade.

2. As persoas que desexen bañarse fóra da tempada de baño ou fóra do horario establecido para os servizos de Salvamento e Socorrismo farano baixo a súa exclusiva responsabilidade.

3. Tamén o farán baixo a súa exclusiva responsabilidade, aínda bañándose dentro da tempada de baño e dentro do horario establecido para os mencionados servizos, cando o fagan sen seguir as orientacións e indicacións dos servizos e fóra das zonas balizadas para o baño ou sinalizadas como tal mediante bandeiras.

4. Os usuarios do servizo de baño asistido deberán asumir as condicións e normas de uso do servizo, así como as recomendacións que podan realizar en todo momento os socorristas, voluntarios ou monitores encargados do servizo.

As persoas con grande dependencia deberán acudir acompañadas dunha persoa adulta.

5. Habida conta de que o baño colectivo pode implicar riscos que deben valorar con carácter previo os servizos de Salvamento e Socorrismo, no suposto do baño dun conxunto amplo de persoas que formen unha excursión –sexan os seus integrantes menores de idade ou non- deberase poñer dita circunstancia en coñecemento de ditos servizos.

6. Queda prohibido o baño cando se atope izada a bandeira de cor vermella. Quen vulnere a prohibición de bañarse cando se atope izada a bandeira de cor vermella, a requirimento verbal dos axentes da autoridade ou persoal de salvamento, deixará de tomar o baño de inmediato, sen prexuízo da emisión do parte de denuncia, en orde á instrución do oportuno expediente sancionador.

7. De xeito xenérico, prohíbese o baño e o mergullo nos canais balizados para o lanzamento e varada de embarcacións.

8. Queda prohibido lanzarse a auga do mar desde as zonas superiores dos acantilados, rocas, espigóns, embarcadoiros, plataformas decorativas, zonas sinalizadas onde este prohibido o baño ou o acceso sexa restrinxido, zonas de fondos pouco profundos e, en xeral, calquera outro lugar que, pola orografía propia da zona de dominio público marítimo terrestre, supoñan un risco para a seguridade das persoas e resto de usuarios. As persoas que incumpran a presente prohibición o farán baixo a súa responsabilidade e poden ser obrigadas a saír da auga pola súa propia seguridade, sen prexuízo da imposición da sanción correspondente por parte da Administración municipal previa instrución do oportuno expediente sancionador.

9. No caso da existencia de rachas de vento, a fin de previr posibles problemas de seguridade persoal e colectiva, a autoridade municipal ou os seus axentes e o persoal de Salvamento e Socorrismo, poderá ordenar o peche de todo tipo de parasois, cadeiras, paraventos, hamacas, etc. Igualmente, poderase ordenar a retirada daquelas cadeiras, hamacas, ou calquera elemento disposto en chan da praia que estea oxidado ou visiblemente deteriorado para evitar calquera tipo de posible dano físico ou contaminación. En todo caso, e con independencia da existencia de vento, é imprescindible que os elementos instalados na praia se atopen perfectamente ancorados ao chan, de xeito que non poidan ser desprazados causando perigo para o resto de usuarios da praia.

TÍTULO VI. CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS NOS AREAIS

Artigo 21. Norma xeral e exencións

1. Queda prohibido en toda a extensión da praia o estacionamento e a circulación non autorizada de vehículos de calquera tipo, de dúas ou máis rodas, por tracción mecánica ou animal.

2. Exímense de devandita prohibición os vehículos de urxencia, seguridade e servizos municipais ou outros expresamente autorizados para as persoas con diversidade funcional, así como aqueles vehículos que con carácter diario, proceden á limpeza, mantemento e vixilancia das praias, talles como motos, tractores e máquinas limpapraias. Os referidos vehículos non poderán quedar estacionados na praia ou zona de baño, debendo retirarse unha vez terminado a actuación que motivou o seu acceso á praia ou zona de baño.

TÍTULO VII. ACAMPADAS NOS AREAIS

Artigo 22. Acampada e campamentos nos areais

1. Para unha mellor utilización e desfrute dos areais, só serán permitidos parasois totalmente diáfanos nos seus laterais, así como cadeiras ou mesas de complemento.

2. Queda prohibido deixar instalado calquera obxecto, sempre que non se atopen presentes os seus propietarios, coa finalidade de ter reservado un lugar no areal.

3. Entendese como acampada a instalación de tendas de campaña, parasois non

diáfanos polos laterais e vehículos ou remolques habitables.

4. Asimilase a acampar o feito de instalarse para durmir nos areais.

5. Queda prohibida durante todo o ano e a calquera hora, a instalación de tendas de campaña, así como os campamentos e as acampadas de calquera duración de tempo nos areais.

6. Os empregados municipais ou a policía local poderán retirar os elementos instalados irregularmente e depositalos en dependencias municipais. Os elementos retirados só poderán ser devoltos aos seus donos cando presenten un xustificante que acredite a súa propiedade. O infractor deberá facer efectiva a sanción, se é o caso, con anterioridade á retirada dos utensilios das dependencias municipais.

7. Calquera tipo de ocupación do areal, deberá dispor da autorización expresa da autoridade competente.

TÍTULO VIII. DA PESCA RECREATIVA

Artigo 23. Pesca recreativa costeira

1. Nas zonas de baño (balizadas ou non) e durante a tempada de baño, prohibese a pesca desde a beira da praia e desde os espigóns excepto entre as 22:00 e as 08:00 horas, ambas inclusive, co obxecto de evitar os danos que os aparellos utilizados podan causar ao resto dos usuarios.

2. Calquera actividade de pesca deportiva realizada dentro do horario establecido quedará supeditada á ausencia de usuarios no areal. En todo caso, este tipo de pesca realizarase de acordo ao disposto na normativa sectorial vixente en materia de pesca marítima de recreo.

3. Nos concursos de pesca desde a costa que contén con autorización dos organismos e administracións competentes, o Concello ditará as ordes oportunas para que a actividade se realice sen prexuízo de outros usos que se dean nos areais.

4. Queda prohibida a manipulación ou abandono nos areais de calquera instrumento de pesca que poida supoñer un risco para a seguridade das persoas.

5. Queda prohibida a pesca nos canais balizados de lanzamento e varada de embarcacións.

Artigo 24. Pesca recreativa submarina

1. Nas zonas de baño (balizadas ou non) e durante a tempada de baño, prohibese a pesca submarina.

2. Fora da zona de baño a pesca submarina poderase exercer exclusivamente con arpóns manuais ou impulsados por medios mecánicos.

3. Na práctica da pesca submarina, cada mergullador deberá marcar a súa posición mediante unha boia de sinalización claramente visible.

4. Queda prohibida a entrada e saída ao mar desde a praia aos pescadores submarinos co fusil cargado, así como a manipulación en terra deste ou de outros instrumentos de pesca submarina que poidan supoñer un risco para a seguridade das persoas.

5. Queda prohibida a pesca submarina exercida entre a posta e a saída do sol.

6. En todo caso, este tipo de pesca realizarase de acordo ao disposto na normativa sectorial vixente en materia de pesca marítima de recreo.

7. Nos areas do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia a pesca recreativa rexerese polo disposto nas normas do Plan reitor de uso e xestión do mesmo.

Artigo 25. Actividades de extracción

Quedan prohibidas as actividades de extracción de poliquetos, bivalvos, etc., durante todo o ano, salvo que se conte coa autorización da Consellería competente en materia de pesca.

TÍTULO IX. ACTIVIDADES NÁUTICAS

Artigo 26. Navegación deportiva, de recreo e de servizos oficiais

1. Todas as embarcacións que naveguen pola costa deberán cumprir as normas establecidas polo órgano competente na materia, incluíndo as embarcacións de salvamento, rescate e policía, así como calquera outra embarcación de servizo estatal, autonómico o local.

2. Nas zonas de baño, debidamente balizadas, queda prohibida a navegación deportiva e de recreo, e a utilización de calquera tipo de embarcación ou medio flotante movido a motor ou a vela.

3. A prohibición anterior non será de aplicación ás embarcacións oficiais ou medios que se utilicen para a realización dos servizos de limpeza de residuos flotantes, vixilancia, salvamento ou socorrismo. Ditas embarcacións non deberán superar a velocidade de tres nós, salvo causa de forza maior ou salvamento, debendo adoptarse neste caso as precaucións necesarias para evitar riscos á seguridade das persoas ou á navegación marítima.

4. Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros lineais nas praias e de 50 metros lineais no resto da costa. Nestes tramos, as embarcacións no poderán navegar a unha velocidade superior a tres nós, debendo adoptar todas as precaucións necesarias para evitar riscos á seguridade das persoas ou á navegación marítima.

5. Sen prexuízo das autorizacións sectoriais que sexan preceptivas, o Concello poderá establecer zonas de lanzamento ou zonas náuticas, sinalizándoas convenientemente. As embarcacións a motor ou a vela deberán utilizar estas zonas náuticas

obrigatoriamente. O Concello poderá balizar zonas para embarcacións ou medios flotantes a vela exclusivamente.

6. Queda prohibido tirar calquera tipo de residuo desde as embarcacións ao mar.

7. Na navegación e fondeo nas augas do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia estarase ao disposto nas normas do Plan reitor de uso e xestión do mesmo.

Artigo 27. Ocupación do espazo público con aparellos de navegación.

1. Queda prohibida a ocupación do dominio público marítimo terrestre sen autorización, así como o abandono de obxectos, aparellos ou elementos como embarcacións, remolques, táboas de windsurf, velas, motos náuticas, hamacas, remos e similares.

2. No caso de incumprir dita prohibición, a autoridade competente actuará segundo o seguinte procedemento:

a) Levantarase acta descritiva da situación, característica do aparello, obxecto, elemento e titularidade. No caso de embarcacións matriculadas comunicarase a Capitanía Marítima.

b) Requirirase ao infractor e/ou titular para que se retire o elemento en cuestión nun prazo de 24 horas, indicando, a modo de advertencia, no mesmo requirimento, que no caso de incumprimento, o requirimento mesmo servirá de orden de execución da retirada inmediata, unha vez transcorridas 24 horas. En tal caso a retirada e depósito en dependencias municipais a realizará de forma subsidiaria o Concello, repercutindo os custes ocasionados ao infractor.

c) No caso de ser imposible o requirimento, pese a ter identificado ao infractor, por non localización deste, procederase de forma cautelar á retirada, facendo constar na acta tal circunstancia.

d) No caso de non existir medio identificador da titularidade do obxecto, aparello ou elemento, procederase a reflectir na acta tales extremos e a Administración municipal ou seus axentes da autoridade quedarán facultados para proceder á retirada cautelar dos obxectos, aparellos ou elementos antes enunciados, e o seu depósito nun recinto municipal.

e) En todos os casos nos que non este presente o infractor ou titular no momento de procederse polo servizo municipal á retirada, procederase á publicación na forma que legalmente corresponda para o seu coñecemento.

f) Os obxectos, aparellos ou elementos retirados poderán ser devoltos ao infractor unha vez que se acredite como lexítimo propietario e, no seu caso, teña abonado os custes ocasionados pola súa retirada.

TÍTULO X. DA PRÁCTICA DE XOGOS E DEPORTIVA NA ZONA DE BAÑO

Artigo 28. Actividades deportivas, culturais e xogos na area

1. O paseo, a estancia ou o baño na praia ou no mar, teñen preferencia sobre calquera outro uso.

2. O desenrolo de actividades ou xogos (pelota, palas, volei praia, etc.) tanto na area coma na agua, poderanse realizar única e exclusivamente se non supoñen unha molestia para o resto dos usuarios ou se a dimensión do areal así o permite.

Nos areais con vexetación dunar delimitada débese gardar unha distancia con respecto ao peche de 10 m onde non se poderá realizar xogos ou actividades que a podan afectar.

3. Os usuarios poderán realizar actividades deportivas ou lúdicas nas zonas que o Concello habilite para a práctica de diversos deportes, xogos infantís e xuvenís, etc.

4. As actividades de carácter deportivo, lúdico ou cultural organizadas, sen prexuízo das autorizacións que sexan preceptivas, deberán situarse nas zonas que, polo tipo de actividade e areal, se considere tecnicamente máis conveniente. En tales casos, o espazo destinado á actividade poderá ser delimitado previa autorización.

5. Está prohibida calquera tipo de publicidade mediante, carteis, vehículos, lonas, altofalantes, audiovisuais ou calquera outro medio análogo coa mesma finalidade salvo autorización expresa da autoridade competente.

6. Nos areais do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia estarase tamén ao disposto nas normas do Plan reitor de uso e xestión do mesmo.

TÍTULO XI. DA VENDA AMBULANTE E OUTRAS ACTIVIDADES LUCRATIVAS

Artigo 29. Normas xerais.

1. Na venda ambulante estarase ao disposto na correspondente ordenanza municipal para o exercicio da venda fora do establecemento comercial e demais normativa sectorial de aplicación.

2. Queda prohibida a venda ambulante nos areais de calquera tipo de produto, en especial aqueles como bebidas e produtos alimenticios en xeral, cuxa normativa así o establece.

3. A prohibición anterior non terá efecto se o vendedor dispón da correspondente autorización administrativa, que deberá especificar o tipo de produto a vender, o lugar ou lugares precisos onde debe exercerse a venda, e as datas e horario en que poderá levarse a cabo.

4. Queda prohibida a realización de figuras de area que supoñan a ocupación de espazo público salvo que esta dispoña da correspondente autorización administrativa.

5. Con carácter xeral queda terminantemente prohibida a realización de calquera tipo de actividade lucrativa nos areais do término municipal de Vigo sen a preceptiva autorización administrativa que corresponda por razón da materia.

TITULO XII. RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO I. INFRACCIÓNS

Artigo 30. Tipificación de infraccións

Constitúen infraccións administrativas as accións ou omisións tipificadas pola presente Ordenanza como incumprimento de deberes, prohibicións, limitacións ou obrigas contidas nesta.

1. Constitúen infraccións leves:

- a) Non depositar os residuos nos contedores, facéndoo directamente na area ou no mar.
- b) Tirar calquera tipo de residuo á area ou a auga, como: cabichas, restos de comidas e de froitos secos, papeis, latas, etc.
- c) O acceso con mobiliario ou elementos distintos aos específicos de uso cotiá nos areais.
- d) Abandonar nos areais restos da pesca como cebos, anzois, e demais aparellos.
- e) A estancia e baño dos usuarios/as naquelas zonas delimitadas para a entrada e saída de embarcacións.
- f) Non seguir as indicacións ou a sinalizacións de seguridade emanadas da autoridade competente.
- g) O uso indebido da agua das duchas, lavapes ou aseos así como asearse no mar ou no areal utilizando xabón, xel, champú ou calquera outro produto similar.
- h) Actividades e xogos de pelota, palas de praia, papaventos, discos voadores, etc., cando resulten molestos para os usuarios/as do areal.
- i) Non respectar os 10 metros de distancia con respecto a fronte dunar para a realización de calquera práctica deportiva.
- l) Non respectar os períodos e horarios establecidos para a pesca recreativa .
- m) O emprego de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso, distracción ou lecer salvo autorización expresa da autoridade competente.
- n) A evacuación fisiolóxica no mar ou nos areais.
- ñ) A realización de explotación económica advertida unha soa vez de calquera natureza en calquera punto das praias ou zonas anexas con independencia da súa titularidade, entendendo por explotación económica calquera actividade pola que se perciba un prezo, con independencia da personalidade do infractor, que pode ser persoa física ou entidade xurídica con ou sen ánimo de lucro. Encádrase dentro deste tipo ou aluguer ou cesión de elementos de surf, "bodyboard", longboard, paddle surf ou similares, así como a prestación de ensinanzas destas prácticas deportivas por escolas que non conten con licenza municipal e autorización do órgano competente en materia de costas.
- o) Todas as demais condutas contrarias ao preceptuado nesta Ordenanza que non teñan a cualificación de graves ou moi graves.

2. Constitúen infraccións graves:

- a) A reincidencia na comisión de infraccións leves no prazo dun ano.
- b) Impedir ou obstaculizar as inspeccións e comprobacións necesarias para o efectivo cumprimento desta Ordenanza así como non prestar colaboración á Administración Municipal ou aos seus axentes.
- c) Realizar labores de repostaxe ou mantemento de maquinaria na area.
- d) Depositar nos contedores materiais en combustión, escombros, madeiras, animais mortos, etc., así como verter líquidos nos mesmos.

- e) O atraque e desatraque, varada ou permanencia de embarcacións, táboas de paddle surf, windsurf, kitesurf, motos náuticas, etc., fora das zonas sinalizadas e destinadas a tal fin.
- f) A entrada e saída ao mar desde o areal de quen realiza pesca submarina co fusil cargado ou outro instrumento que atente á seguridade das persoas así como a súa manipulación no areal.
- g) Abandonar no areal calquera tipo de elementos voluminosos tales como neveiras, cadeiras, parasois, etc.
- h) Bañarse coa bandeira vermella izada.
- i) Facer un uso indebido ou deteriorar as duchas, lavapes, aseos, contedores ou calquera mobiliario instalado no areal.
- l) A falta de limpeza e hixiene no areal ou calquera conduta que comporte unha alteración medioambiental que afecte á integridade física de terceiras persoas ou a seguridade e salubridade pública.
- m) Tirar ou depositar na area ou no mar vidros ou envases metálicos, ou calquera elemento cortante, así como sobrantes de obras.
- n) Facer barbacoas e prender fogueiras ou calquera outra fonte de calor nos areas sen autorización da Administración.
- ñ) Utilización de bombonas de gas ou calquera líquido inflamable.
- o) O uso de bengalas e materiais pirotécnicos, salvo emerxencias.
- p) A acampada, instalar tendas de campaña, estruturas de lona ou similares.
- q) A pesca con cana ou outros instrumentos destinados á pesca fora do horario permitido.
- r) A práctica coas táboas deslizadoras pola beira da praia ou similares, fora das zonas habilitadas para tal fin e dentro da zona de baño.

3. Constitúen infraccións moi graves:

- a) A reincidencia na comisión de infraccións graves no prazo dun ano.
- b) A publicidade a través de folletos, carteis, valados, medios audiovisuais ou de calquera outro tipo, segundo establece a Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, salvo autorización expresa do órgano competente.
- c) A circulación de embarcacións, táboas de surf, paddle surf, kite surf, motos náuticas, esquí náutico ou outros artefactos flotantes non autorizados a distancia inferior a 200 metros da costa e nas zonas de baño, salvo nos canais debidamente sinalizados.
- d) O vertido e depósito de materias que podan producir contaminación e risco de accidentes.
- e) A celebración de actos públicos ou competicións deportivas organizadas nos areas sen a autorización preceptiva do órgano competente.
- f) Circular e estacionar vehículos no areal sen autorización expresa.
- g) O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento nos areas do servizo públicos, en especial ao de limpeza dos areas e ao de vixilancia, salvamento, socorrismo e primeiros auxilios.
- h) O impedimento do uso dun servizo público por outra ou outras persoas con dereito a súa utilización, así como impedir o libre acceso público ás instalacións municipais tales como duchas, lavapes, aseos, etc.

CAPITULO II. SANCIONES

Artigo 31. Apercibimento

1. A autoridade municipal ou os seus axentes, poderán apercibir verbalmente aos que infrinxan calquera das disposicións contidas na presente ordenanza, co fin de que de forma inmediata cesen a actividade prohibida ou realicen a obrigaón debida, iso sen prexuízo da incoación de expediente sancionador cando corresponda, ou no seu caso, se remita parte de denuncia á Administración competente.

2. O persoal de salvamento ou socorrismo apoiará os anteriores no labor de informar do que establece a presente ordenanza, comunicando particularmente as infraccións a esta e apercibindo ao posible infractor das responsabilidades que da súa conduta lle poden derivar.

3. Os bañistas quedan obrigados a seguir as orientacións e as indicacións que por seguridade poidan realizar os axentes da autoridade ou os membros do Servizo de Salvamento e Socorrismo, así como cantas disposicións de desenvolvemento existan ou que poidan ditarse en diante polos organismos competentes.

Artigo 32. Sancións

1. As sancións pola infracción da presente Ordenanza serán independentes de calquera outra medida cautelar, preventiva ou reparadora que se adopte polos órganos competentes.

2. As infraccións tipificadas nesta Ordenanza, en defecto de normativa sectorial específica, serán sancionadas con multas na forma e contías establecidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 141):

a) Infraccións leves: multas ata 750,00 €

b) Infraccións graves: multas desde 751,00 € ata 1.500,00 €

c) Infraccións moi graves: multas desde 1.501,00 € ata 3.000,00 €

Artigo 33. Graduación das sancións

Para a graduación das respectivas sancións deberase observar a debida idoneidade e necesidade da sanción que se vaia impor e a súa adecuación á gravidade do feito constitutivo da infracción. A graduación da sanción considerará especialmente os seguintes criterios:

a) O grao de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.

b) A continuidade ou persistencia na conduta infractora.

c) A natureza dos prexuízos causados.

d) A reincidencia, por cometer no termo dun ano máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa

Artigo 34. Prescrición de infraccións e sancións

1. As infraccións leves prescriben aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

2. As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese e o das sancións desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Artigo 35. Responsabilidade

Aos efectos desta Ordenanza, terán a consideración de responsables das infraccións previstas nesta:

1. As persoas que directamente, por conta propia ou allea, executen a actividade infractora, ou aquelas que ordenen dita actividade cando a persoa executora se vexa obrigada a cumprir dita orden.

2. Cando o cumprimento dunha obriga establecida por esta Ordenanza corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que, se for o caso, se cometan e das sancións que se impoñan. Non obstante, cando a sanción sexa pecuniaria e sexa posible, individualizarase na resolución en función do grao de participación de cada responsable.

3. Son responsables, subsidiariamente, en caso que non se poida identificar aos autores, os titulares ou propietarios dos vehículos ou embarcacións, táboas ou elementos semellantes cos que se realice a infracción.

4. No caso de que a persoa infractora fose menor de idade, exixirase a responsabilidade do pai, nai o titor/a, gardador/a ou persoa responsable legal, sobre o pago da sanción pecuniaria correspondente, así como da reparación dos danos.

5 Serán responsables os titulares das licencias ou autorizacións cando, con ocasión do exercicio dun dereito recoñecido nas mesmas, se incorra nalgunha das infraccións tipificadas en la presente Ordenanza.

6. As responsabilidades administrativas que deriven da comisión dunha infracción serán compatibles coa exixencia ao infractor da reposición da situación alterada por el ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causadas, que será determinada e exixida polo órgano a que corresponda o exercicio da potestade sancionadora. Se non se satisfixer a indemnización no prazo que para o efecto se determine en función da súa contía, procederase na forma prevista no artigo 101 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 36. Potestade sancionadora e órganos competentes.

As infraccións a esta Ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, previa instrución do correspondente expediente sancionador.

CAPÍTULO III. MEDIDAS PROVISORIAS

Artigo 37. Medidas provisionarias.

1. Iniciado o procedemento, o órgano administrativo competente para resolver poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte e de forma motivada, as medidas provisionais que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que se poida ditar, se existiren elementos de xuízo suficientes para isto, de acordo cos principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade.

2. Antes da iniciación do procedemento administrativo, o órgano competente para iniciar ou instruír o procedemento, de oficio ou por instancia de parte, nos casos de urxencia inaprazable e para a protección provisoria dos intereses implicados, poderá adoptar de forma motivada as medidas provisionais que resulten necesarias e proporcionadas. As medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que se deberá efectuar dentro dos quince días seguintes á súa adopción, o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda. En todo caso, estas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no mencionado prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso acerca delas.

3. Non se poderán adoptar medidas provisionais que poidan causar prexuízo de difícil ou imposible reparación aos interesados ou que impliquen violación de dereitos amparados polas leis.

4. As medidas provisionais poderán ser retiradas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de oficio ou por instancia de parte, en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puideron ser tidas en conta no momento da súa adopción. En todo caso, extinguiranse cando produza efectos a resolución administrativa que poña fin ao procedemento correspondente.

CAPITULO IV. PROCEDEMENTO

Artigo 38. Réxime xurídico.

Os procedementos administrativos sancionadores se tramitaran de acordo co estipulado na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público ou as disposicións normativas que as substitúan no caso da derogación correspondente.

Artigo 39. Caducidade do procedemento sancionador

1. Nos procedementos sancionadores instruídos en aplicación desta Ordenanza deberá ditarse e notificarse a oportuna resolución no prazo máximo de seis meses, contados a partir do momento en que se acordou a súa iniciación.

2. A falta de notificación da resolución á persoa interesada no devandito prazo determinará a caducidade do procedemento, agás nos supostos en que o procedemento se paralizase por causas imputables ás persoas interesadas ou se acordase a súa suspensión nos casos previstos no artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o que interromperá o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións municipais do mesmo ou inferior rango que regulen materias contidas nesta ordenanza, en canto se opoñan ou contradigan o seu contido.

DISPOSICIÓN FINAIS

Única. Entrada en vigor.

Conforme co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta ordenanza entrará en vigor ós 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

ANEXO

N.º	NOME DO AREAL	CATEGORÍA	TRAMO	PARROQUIA
1	A SUACASA	Natural	Único	Teis
2	O MENDE	Natural	Único	Teis
3	RÍOS RAMPA	Urbana	Único	Teis
4	RÍOS PILÓN	Urbana	Único	Teis
5	ETEA	Urbana	Único	Teis
6	A PUNTA	Urbana	Único	Teis
7	TEMOEIRAS	Urbana	Único	Teis
8	O AREÍÑO	Urbana	Único	Teis
9	O FARO	Natural	Único	Teis
10	A LAGOA	Urbana	Único	Teis
11	A FÁBRICA	Urbana	Único	Teis
12	A MANGUIÑA	Urbana	Único	Teis
13	O ADRO	Urbana	Único	Bouzas
14	FONTOURA	Urbana	Único	Alcabre
15	O CARRIL	Urbana	Único	Alcabre

16	SANTA BAIA	Urbana	Único	Alcabre
17	O COCHO	Urbana	Único	Alcabre
18	A MOURISCA	Natural	Único	Alcabre
19	FONTES	Natural	Único	Alcabre
20	TOMBO DO GATO	Urbana	Único	Alcabre
21	A ESPEDRIGADA	Urbana	Único	Alcabre
22	O COCHO DAS DORNAS	Urbana*	Único	Alcabre
23	A ARGAZADA	Urbana*	Único	Alcabre
24	SAMIL	Urbana*	Único	Navia
25	A FOZ	Urbana*	Único	Navia/Coruxo
26	A CALZOA	Urbana	Único	Coruxo
27	O FECHIÑO	Urbana	Único	Coruxo
28	A FONTAÍÑA	Urbana	Único	Coruxo
29	O BALUARTE	Natural	Único	Coruxo
30	O VAO	Natural	Único	Coruxo
31	A AREA GRANDE TORALLA	Urbana	Único	Coruxo
32	A AREA PEQUENA TORALLA	Urbana		Coruxo
33	O SERRAL	Natural	Único	Oia
34	CANIDO	Urbana	Único	Oia
35	XUNQUEIRO	Urbana	Único	Oia
36	A SOBREIRA	Urbana	Único	Oia
37	A BURACA	Urbana	Único	Oia

38	A FURNA	Natural	Único	Oia
39	O APIO	Natural	Único	Oia
40	CANTO DE AREA	Natural	Único	Oia
41	NOVIA	Natural	Único	Oia
42	O FORTIÑÓN	Natural	Tramo 1	Oia
42	O FORTIÑÓN	Urbana	Tramo 2	Saiáns
43	O PORTIÑO	Urbana	Único	Saiáns
44	OS SEIXOS	Natural	Único	Saiáns
45	SAN MARTIÑO	Natural	Único	Illas Cíes
46	NOSA SEÑORA	Natural	Único	Illas Cíes
47	OS BOLOS	Natural	Único	Illas Cíes
48	AS RODAS	Natural	Único	Illas Cíes
49	O ALMACÉN	Natural	Único	Illas Cíes
50	A AREA PEQUENA	Natural	Único	Illas Cíes
51	A AREA GRANDE DO MUXIEIRO	Natural	Único	Illas Cíes
52	AREA DE FREIXEIROS	Natural	Único	Illas Cíes
53	FIGUEIRAS	Natural	Único	Illas Cíes
54	AREA DO MEDIO	Natural	Único	Illas Cíes
55	A CANTAREIRA	Natural	Único	Illas Cíes
56	AS MARGARIDAS	Natural	Único	Illas Cíes

Non obstante, a Xunta de Goberno Local e o Pleno da Corporación decidirán, co seu superior criterio, o que estimen oportuno.”

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 30.07.20, presta conformidade a dita proposta.

Durante o prazo de 6 días para que os grupos municipais presenten emendas, recibíronse no Rexistro do Pleno emendas dos grupo municipal Mixto, do Partido Popular e do concelleiro membro non Adscrito.

Con data 18 de agosto de 2020, o técnico de Admón. Xeral e o xefe de Medio Ambiente co conforme da concelleira delegada da área, informan sobre as emendas presentadas e emiten novo informe proposta,

“I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. En sesión ordinaria do 30.07.2020, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou aprobar o Proxecto de ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO (exp. Nº 14674/306).

I.2. O Título VII do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente en sesión ordinaria de data 30.05.2016, refírese ao “procedemento regulamentario”, dedicando o seu Capítulo I ao “procedemento regulamentario común”, contemplando un prazo concreto para a presentación de emendas polos grupos municipais, seis días, unha vez o proxecto regulamentario sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local.

I.3. Durante o prazo sinalado para estes efectos, presentáronse no Rexistro xeral do Pleno un total de tres (3) escritos que conteñen diferentes emendas ao texto do proxecto da Ordenanza Municipal. Os tres serán obxecto de análise e valoración por separado neste informe-proposta.

I.4. Emítase o presente informe-proposta para dar cumprimento ao previsto no artigo 77.3 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- Constitución Española de 1978 (CE).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).
- Decreto 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL).

S.Ord (agosto) 9.09.2020

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 22/1988, do 28 de xuño, de Costas (LC).
- Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas (RC).
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia (LEG).
- Real Decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a Xestión da Calidade das Augas de Baño.
- Decreto 177/2018, do 27 de decembro, polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo aprobado definitivamente en sesión ordinaria de data 30.05.2016.

III. INFORME DAS EMENDAS

III.1. EMENDAS PRESENTADAS POLO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGREXAS:

DATA REXISTRO: 10.08.2020.

CONTIDO E VALORACIÓN:

1.- Art. 7.3.n). Proponse engadir o seguinte texto: “ Así mesmo, facilitarase a través de medios de acceso público información detallada, con actualización quincenal, da calidade das augas de baño durante a tempada estival”.

Discrépase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

Non procede engadir o texto proposto por canto xa o apartado ñ) do art. 7.3. contempla que, a través de todos os medios posibles de comunicación, divulgarase a calidade das augas de baño durante a tempada baseada nos resultados analíticos obrigatorios. Neste senso, o art. 15.2 (“Información ao cidadán”) preceptúa no apartado b) que o Concello fará público os informes sobre a calidade das augas que se emitan durante a tempada de baño, incluíndoos nos elementos de sinalización recollidos no apartado terceiro do artigo 7, na web municipal, así como a través de calquera outro medio alternativo de comunicación que se considere oportuno.

2.- Art. 7.3. Proponse engadir un apartado r) “Horario da limpeza dos areais”.

Discrépase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

O art. 10.2 (“Limpeza dos areais”) sinala que a limpeza realizarase do xeito que sexa mais adecuado ás características de cada unha das praias, coa frecuencia e horario previstos para a adecuada xestión do servizo. Polo tanto, non procede engadir o parágrafo proposto por canto o mesmo implicaría unha petrificación normativa no que se refire ao horario da limpeza dos areais que impediría a autoridade competente a súa adecuación ás necesidades conxunturais de cada areal.

3.- Art. 7.3. *Proponse engadir un apartado s) “Horario da prohibición de pesca desde/para nas zonas de baño e areais e as súas zonas prudenciais limítrofes”.*

Discrébase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

O obxecto do art. 7.3 é, na medida do posible, proporcionar aos usuarios dos areais -en xeral- unha información básica, regulando a Ordenanza de xeito específico a pesca recreativa costeira e submarina no Título VIII, recollendo o mesmo prohibicións e franxas temporais nas que está permitida a súa práctica.

4.- Art. 7.4. *Proponse engadir o seguinte texto: “Nos soportes de sinalización (e medios de difusión como megafonía) darase debido cumprimento ao previsto na Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, garantindo en calquera caso a súa difusión en lingua galega”.*

Discrébase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

O feito de que o art. 7.4 preceptúe que os elementos de sinalización deberán cumprir as prescricións contidas na lexislación de costas, no planeamento urbanístico, así como as contidas no Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (respecto dos areais do término municipal que estean incluídos no citado Parque) non exclúe, como é lóxico, a aplicación aos elementos de sinalización de toda a normativa que lle sexa de aplicación. Neste senso, a Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, así como outras Ordenanzas municipais que sexan de aplicación, vinculan á Administración Municipal namentres estean vixentes, non tendo por obxecto o art. 7.4 facer un recordatorio exhaustivo de toda a normativa aplicable.

5.- Art. 8.3. *Proponse engadir o seguinte texto (destácase en negra): “As instalacións que se autoricen nos areais serán de carácter temporal e fácil desmontaxe, de libre aceso público, (...)”.*

Discrébase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

O art. 220.1.b) do Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas (RC), preceptúa que corresponde á Administración Xeral do Estado, nos termos establecidos na Lei 22/1988, do 28 de xuño, de Costas (LC), “A Xestión do dominio público marítimo-terrestre, incluíndo o outorgamento de adscricións, concesións e autorizacións para a súa ocupación e aproveitamento (...)”.

Neste senso, no que se refire á utilización do dominio público marítimo-terrestre, a LC e o RC, establecen unha regulación dos diferentes usos, que inclúe, tanto o uso común natural, libre e gratuíto, como o uso especial, obxecto de autorización, que abarca os casos de intensidade, perigosidade, rendibilidade e as instalacións desmontables e as ocupacións con obras fixas, obxecto de concesión.

Así, o RC regula exhaustivamente no artigo 68 e 69 as ocupacións nos tramos naturais e urbanos das praias, remitíndose o art. 8.4 da Ordenanza municipal a devandita regulación.

Neste senso, o art. 16.1 da Ordenanza dispón que a realización de obras, emprazamento e exercicio de actividades así como a explotación de instalacións desmontables de tempada ou fixas axustaranse ao réxime e procedemento de autorizacións e concesións previsto na Lei de Costas e no seu Regulamento de desenrolo, así como na lexislación específica que regule a actividade que se pretende exercer.

De conformidade co anteriormente exposto, non procede engadir o texto que se propón por canto as características das diferentes instalacións obxecto de concesión ou autorización atópanse recollidas na diferente normativa sectorial de aplicación.

6.- Art. 10.2. Proponse engadir o seguinte texto (destácase en negra): “A limpeza realizarase do xeito que sexa máis adecuado ás características de cada unha das praias e procurando o menor impacto ambiental sobre os areais, coa frecuencia e horario previstos para a adecuada xestión do servizo (...)”.

Discrúpase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

Non se considera necesario a incorporación do texto proposto por canto, de facto, o art. 10.2 (“Limpeza dos areais”) contén diferentes prescricións orientadas a acadar dito fin. Así, os apartados c), d) e e) do mencionado artigo é claro que teñen como obxectivo acadar o menor impacto ambiental posible na limpeza dos areais. Neste senso, a consecución de dito fin acadase, máis que con declaracións formais, con medidas específicas como as que se recollen nos citados apartados.

7.- Art. 11. Proponse engadir ao remate do artigo o seguinte texto : “Neste sentido o Concello de Vigo garantizará, nomeadamente na tempada de baño, os contedores e papeleiras necesarios ao obxecto de favorecer a eliminación de calquera tipo de residuo nos areais e zonas de baño e facilitará a súa recollida selectiva”.

Discrúpase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

Non se considera necesario engadir o texto proposto por canto dita materia está regulada con carácter xeral na Ordenanza Municipal de Limpeza Pública e Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos, establecendo o seu art. 23 que a planificación na recollida e transporte de residuos corresponde ao servizo municipal competente.

8.- Art. 13.1. Proponse engadir ao remate do artigo diversas cuestións relativas á delimitación de espazos de espaxemento canino.

Discrúpase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

Non procede engadir o texto proposto por canto a materia relativa á delimitación de espazos de espaxemento canino, así como a permanencia, tránsito ou paseo de cans nos areais, xa se atopa regulada na Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de Animais aprobada polo Pleno do Concello o 16.02.2000, modificada por acordo do Pleno en sesión ordinaria do 26.07.2017 (BOP nº 94 do 18.05.2017), en concreto nos art. 7.3, 11 e 24, motivo polo cal o art. 13.1 remítese a mencionada Ordenanza Municipal para a Protección e Tenencia de animais.

9.- Art. 30.2.q). *Proponse engadir o seguinte texto (destácase en negra): “A pesca con cana ou outros instrumentos destinados á pesca nas zonas de baño e/ou desde os areais e as súas zonas prudenciais limítrofes fora do horario permitido”.*

Discrúpase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

Non procede engadir o texto proposto por canto a redacción do art. 30.2.q) e acorde coa regulación da pesca recreativa costeira contida no art. 23 da Ordenanza Municipal.

10.- *Engadir unha disposición adicional: “Primeira.- O Concello de Vigo programará con carácter anual campañas informativas e de sensibilización, singularmente no ámbito escolar e procurando as participación de colectivos sociais, para poñer en coñecemento, divulgar e sensibilizar do valor ambiental dos areais da cidade”.*

Discrúpase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

Non se considera necesario engadir o texto proposto por canto a cuestión relativa á realización de campañas de educación e sensibilización ambiental xa está regulada no art. 14 da Ordenanza Municipal.

11.- *Engadir unha disposición adicional: “Segunda.- Na promoción turística da cidade, o Concello de Vigo acompañará en toda alusión aos areais da cidade mencións a súa importancia en termos ambientais e con mensaxes orientadas a alargar a conciencia social sobre a súa protección”.*

Discrúpase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

Non procede engadir o texto proposto por canto non é obxecto da presente Ordenanza Municipal regular os termos concretos nos que debe facerse a promoción turística da cidade.

12.- *Engadir unha disposición transitoria: “Primeira.- No prazo de 3 meses desde a entrada en vigor da presente ordenanza, o Concello de Vigo constituirá un grupo de traballo, dependente da Comisión Informativa de Medio Ambiente, e no que se habilitará a participación de colectivos veciñais, sociais e de defensa ambiental, así como de persoas expertas, para iniciar a elaboración dunha ponencia-estudo, con propostas de actuación, sobre as medidas necesarias para a mellora da protección ambiental dos areais e a súa recuperación naqueles ámbitos que fosen ostensíbeis de aumentar a súa superficie. As conclusións serán remitidas ao Pleno para o seu debate e aprobación, se proceder.”*

Discrúpase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

O Art. 115 da Lei 22/1988, do 28 de xuño, de Costas (LC) atribúe, nos termos previstos pola lexislación que diten as Comunidades Autónomas, competencias aos municipios no dominio público marítimo terrestre -de titularidade estatal- que, no referente ás praias, se concretan en manter as praias e lugares públicos de baños nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do

Estado sobre salvamento e seguridade de las vidas humanas e, explotar, no seu caso, os servizos de tempada que podan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de Réxime Local.

Habida conta das competencias que a LC outorga aos municipios, a presente Ordenanza ten por obxecto regular o uso das praias do Concello de Vigo conxugando o dereito de todos a gozar destas pola súa natureza demanial co deber que o Concello, no marco das súas competencias, ten de velar por unha utilización racional delas e, en particular, regular as condicións xerais de utilización e desfrute polos usuarios da praia en orde á seguridade, a salubridade e a protección e restauración do medio ambiente.

Polo que se refire a protección do medio ambiente é claro que o mantemento das praias e lugares públicos de baños nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade -coa conseguinte implementación de diferentes actuacións para acadar dito obxectivo- debe redundar, tamén, na protección e restauración do medio natural.

Polo tanto, e de conformidade co anteriormente exposto, o texto proposto -no que se fai referencia a actuacións encamiñadas a recuperación dos areas "naqueles ámbitos que fosen ostensíbeis de aumentar a súa superficie"- excedería do obxecto da presente Ordenanza Municipal.

13.- Engadir unha disposición transitoria: "Segunda.- A Xunta de Goberno Local revisará, no prazo de 1 mes desde a entrada en vigor desta ordenanza, coa participación de colectivos veciñais afectados, ambientais e de defensa dos animais os acordos adoptados e en vigor a respecto da autorización de acceso a cans nos areas da Calzoa e Foz do Lagares".

Discrúpase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

Danse aquí integramente por reproducidos os argumentos contidos na emenda nº 8.

14.- De aplicación a todo o articulado: Someter a totalidade do texto a unha revisión lingüística, para corrixir grallas e erros gramaticais e ortográficos de acordo coa normativa da lingua galega, e evitar a utilización de linguaxe sexista.

Parece razoable esta proposta e non existiría inconveniente en que o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo efectuase unha revisión lingüística do texto da ordenanza.

PROPOSTA:

Estimar a emenda presentada o 10.08.2020 polo membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, no sentido de someter a totalidade do texto a unha revisión lingüística, para corrixir grallas e erros gramaticais e ortográficos de acordo coa normativa da lingua galega, e evitar a utilización de linguaxe sexista.

III.2. EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO:

DATA REXISTRO: 10.08.2020.

CONTIDO E VALORACIÓN:

1.- Art. 1. *Proponse engadir o seguinte texto: “ Tamén regular as actividades que se poidan realizar nos areais do municipio, asegurando a protección cidadá e a calidade dos servizos que se presten”.*

Discrúpase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

Como xa se manifestou nunha emenda anterior, o art. 220.1.b) do Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas (RC), preceptúa que corresponde á Administración Xeral do Estado, nos termos establecidos na Lei 22/1988, do 28 de xuño, de Costas (LC), “A Xestión do dominio público marítimo-terrestre, incluíndo o outorgamento de adscricións, concesións e autorizacións para a súa ocupación e aproveitamento (...)”.

Neste senso, no que se refire á utilización do dominio público marítimo-terrestre, a LC e o RC, establecen unha regulación dos diferentes usos, que inclúe, tanto o uso común natural, libre e gratuíto, como o uso especial, obxecto de autorización, que abarca os casos de intensidade, perigosidade, rendibilidade e as instalacións desmontables e as ocupacións con obras fixas, obxecto de concesión.

Así, o RC regula exhaustivamente no artigo 68 e 69 as ocupacións nos tramos naturais e urbanos das praias, remitíndose o art. 8.4 da Ordenanza municipal a devandita regulación. Neste senso, o art. 16.1 da Ordenanza dispón que a realización de obras, emprazamento e exercicio de actividades así como a explotación de instalacións desmontables de tempada ou fixas axustaranse ao réxime e procedemento de autorizacións e concesións previsto na Lei de Costas e no seu Regulamento de desenrolo, así como na lexislación específica que regule a actividade que se pretende exercer.

2.- Art. 3. *Proponse engadir o seguinte texto: “ Igualmente, esta competencia non inhire as propias do resto de órganos municipais no que na materia obxecto desta ordenanza puidera afectar”.*

Discrúpase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

Non se considera necesario engadir o texto proposto por canto o primeiro parágrafo do art. 3 xa establece que “As competencias previstas nesta Ordenanza serán exercidas polos órganos municipais que sexan competentes conforme ás normas vixentes que regulen en cada momento as atribucións de ditos órganos”.

3.- Art. 6. *Proponse engadir un apartado n): Persoal de control de cumprimento da ordenanza (...).*

Discrúpase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

Non se considera necesario engadir un novo apartado ao art. 6 (“Definicións”) por canto o texto proposto é reprodución do art. 5 (“Cumprimento da ordenanza”).

4.- Art. 8.1. *Proponse engadir o seguinte texto: "O paseo e a estancia na praia e o baño no mar teñen preferencia a calquera outro uso".*

Discrúpase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

Non se considera necesario engadir o texto proposto por canto o mesmo é reprodución do art. 28.1. da ordenanza.

5.- Art. 9.6. *Proponse engadir un apartado i) co seguinte texto: "Arroxar calquera tipo de residuos a praia ou ao mar como papeis, cabichas, restos de calquera alimento así como deixar abandonados enseres, mobles, caixas, palés, debéndose utilizar as papeleiras ou contedores instalados para tales fins".*

Discrúpase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

Non se considera necesario engadir o texto proposto por canto o mesmo ten o mesmo contido que o art. 11.2. da ordenanza.

6.- Art. 18. *Proponse engadir un apartado 4 que recolla a estrutura básica do Servizo de Salvamento e Socorrismo.*

Discrúpase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

Non procede engadir o texto proposto por canto os medios materiais e humanos do servizo de salvamento e socorrismo deberán recollese nos pregos que rexan o contrato administrativo, en función das necesidades dos areais.

7.- *Proponse engadir un novo Título entre os títulos VII "Acampada nos areais" e o título VIII "Da pesca" coa denominación: "Da presenza de animais de compañía nas praias".*

Discrúpase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

A presenza de animais regulase na ordenanza nos seguintes termos: A permanencia, tránsito ou paseo de cans nos areais rexerase polo establecido na Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo, a cal xa recolle as obrigas dos propietarios ou posuidores dos cans, e, polo que se refire ao resto de animais, a ordenanza prohibe a súa presenza durante todo o ano. A devandita regulación considérase acorde coas actuais prácticas sociais.

Polo que se refire a presenza de cans destinados a traballos de salvamento ou auxilio, así como os destinados a asistencia de persoas con diversidade funcional, non se considera necesario engadir o texto proposto por canto o contido da ordenanza neste aspecto e moi semellante a este.

PROPOSTA:

Desestimar, polas razóns expostas, as emendas presentadas o 10.08.2020 polo Grupo Municipal

Mixto.

III.3. EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:

DATA REXISTRO: 11.08.2020.

CONTIDO E VALORACIÓN:

Única.- De totalidade para súa devolución á Xunta de Goberno local.

- O contido da emenda refírese a que trátase dunha Ordenanza tipo que non resolve ningún dos problemas que se plantexan no contexto da emerxencia sanitaria.

Discrúpase desta emenda en base ós seguintes argumentos:

O Art. 115 da Lei 22/1988, do 28 de xuño, de Costas (LC) atribúe, nos termos previstos pola lexislación que diten as Comunidades Autónomas, competencias aos municipios no dominio público marítimo terrestre -de titularidade estatal- que, no referente ás praias, se concretan en manter as praias e lugares públicos de baños nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade de las vidas humanas e, explotar, no seu caso, os servizos de tempada que podan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de Réxime Local.

Habida conta das competencias que a LC outorga aos municipios, a presente Ordenanza ten por obxecto regular o uso das praias do Concello de Vigo conxugando o dereito de todos a gozar destas pola súa natureza demanial co deber que o Concello, no marco das súas competencias, ten de velar por unha utilización racional delas e, en particular, regular as condicións xerais de utilización e disfrute polos usuarios da praia en orde á seguridade, a salubridade e a protección e restauración do medio ambiente.

A mencionada regulación ten, como instrumento normativo que é, unha pretensión de permanencia no tempo, pretensión que non é compatible co establecemento dunhas medidas tendentes a controlar a transmisión dunha enfermidade infecciosa nunha situación de emerxencia sanitaria por canto dita eventual regulación implicaría unha petrificación normativa que, ante ás novas necesidades conxunturais que vaian xurdindo, podería implicar a perda da finalidade pretendida coa súa regulación.

Con independencia do anteriormente exposto, si sería razoable a introdución no articulado da ordenanza que a Alcaldía-Presidencia, como autoridade sanitaria, ten a facultade de adoptar as medidas que resulten procedentes para garantir as condicións hixiénico sanitarias dos usuarios nos areas en caso de emerxencia sanitaria.

PROPOSTA:

Desestimar, polas razóns expostas, a emenda presentada o 11.08.2020 polo Grupo Municipal do

S.Ord (agosto) 9.09.2020

Partido Popular.

IV. MODIFICACIÓNS (NON SUBSTANCIAIS) INTRODUCIDAS DE OFICIO

IV.1. Como xa se indicou con anterioridade (III.3.), procede introducir un novo paragrafo no artigo 3 coa seguinte redacción: “A Alcaldía-Presidencia, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para garantir as condicións hixiénico sanitarias dos usuarios nos areas, especialmente, en caso de alerta ou emerxencia sanitaria”.

V. TEXTO PARA APROBACIÓN INICIAL

V.1. Contido e alcance:

Formalmente, a Ordenanza consta dunha exposición de motivos e a súa parte dispositiva estrutúrase en 12 Títulos, 8 Capítulos e un total de 39 artigos, e unha parte final integrada por unha disposición derogatoria e unha disposición final. Complétase con un Anexo no que se inclúen os areas comprendidos no término municipal, así como a catalogación dos seus tramos en urbanos e naturais segundo establece o Decreto 38/2019, de 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais dos areas de Galicia.

Regúlanse no texto, no seu Título I, unha serie de disposicións xerais que conteñen o ámbito de aplicación e as definicións dos elementos obxecto de ordenación. O Título II contén as normas xerais aplicables ao uso e desfrute dos areas. O Título III está adicado ás normas de carácter hixiénico sanitario e calidade da auga, abarcando cuestións relativas á limpeza dos areas, residuos, presenza de animais, etc. O Título IV está adicado ás normas xerais aplicables aos emprazamentos de obras, actividades e instalacións. O Título V, adicado á Vixilancia, Salvamento, Socorrismo e Asistencia Sanitaria de Primeiros Auxilios en determinados areas do municipio, determina as funcións mínimas do persoal de salvamento contratado polo Concello, e paralelamente as obrigas dos bañistas para facilitar o seu traballo. O Título VI recolle as normas xerais aplicables á circulación de vehículos nos areas. O Título VII adicase ás acampadas nos areas. O Título VIII contén as normas aplicables á pesca recreativa nos areas, xa sexa costeira ou submarina. O Título IX, adicado ás actividades náuticas, abarca cuestións relativas á navegación deportiva, de recreo e de servizos oficiais, así como á ocupación do espazo público con aparellos de navegación. O Título X contén as normas aplicables ás actividades deportivas, culturais e xogos na area. O Título XI adicase a venda ambulante e outras actividades lucrativas. O Título XII, derradeiro, ao longo de catro capítulos explicita o réxime sancionador aplicable ás infraccións ao disposto na presente Ordenanza. Neste Título faise un recoñecemento expreso da normativa aplicable na actualidade, incorporando en canto ás contías das sancións económicas e á clasificación das infraccións as previsións do Título XI da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local, incorporado polo artigo 1.4 da Lei 57/03, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Conforme co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a ordenanza entrará en vigor ós 15 días hábiles da súa publicación completa no

Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ó da Ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación da Ordenanza.

V.2. Garantía de cumprimento:

Os Axentes da Autoridade poderán requirir verbalmente aos que infrinxiren calquera das disposicións contidas na Ordenanza a fin de que de inmediato cesen a actividade prohibida ou realicen a obriga debida, todo isto sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que, no seu caso, puidera proceder.

O persoal de salvamento e socorrismo apoiará á Administración municipal ou seus axentes da autoridade na labor de información do establecido na Ordenanza, comunicando particularmente as infraccións a esta.

As infraccións á Ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, previa instrución do correspondente expediente sancionador.

VI. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

VI.1. Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materia de protección da salubridade pública (Art. 25.2.j] LRBRL e Art. 80.2.h] LALGA).

O artigo 115 da LC atribúe, nos termos previstos pola lexislación que diten as Comunidades Autónomas, competencias aos municipios no dominio público marítimo terrestre estatal que, no referente ás praias, se concretan en manter as praias e lugares públicos de baños nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade de las vidas humanas e, explotar, no seu caso, os servizos de tempada que podan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de Réxime Local.

VI.2. As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (Arts. 84.1.a] LRBRL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da LRBRL e do ROF e 6.1.a] da LALGA. Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade có obxectivo que se persegue (Art. 84.2 da LRBRL).

VI.3. As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non podendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero sí tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (Arts. 4 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 139-141 da LRBRL.

VI.4. A teor do disposto na LRBRL, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (Art. 127.1.a]) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (Art. 123.1.d]); atribución esta última tamén recollida nos artigos 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF.

VI.5. De acordo co artigo 49 da LRBRL, a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:

1. Aprobación inicial polo Pleno.
2. Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.
3. Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.
4. De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

IV.6. O Título VII do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente en sesión ordinaria de data 30.05.2016, refírese ao “procedemento regulamentario”, dedicando o seu Capítulo I ao “procedemento regulamentario común”, contemplando un prazo concreto para a presentación de emendas polos grupos municipais, seis días, unha vez o proxecto regulamentario sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local.

VI.7. Entrada en vigor: Conforme co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a ordenanza entrará en vigor ós 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

VII. PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO DA CORPORACIÓN:

Á vista dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, do seguinte....”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo,

Con data 31 de agosto do 2020, o secretario xeral do Pleno informa favorablemente a citada proposta.

A Comisión informativa de Medio Ambiente, Cies Patrimonio da Humanidade, Parques, Festas, Turismo e Deportes, sa súa sesión ordinaria do 2 de setembro de 2020, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ: O goberno de Vigo iniciou o pasado mes de xaneiro a posta en marcha dunha ordenanza especial para uso e goce das nosas praias, un total de 56. Ao ser núcleo urbano e co maior número de areas vímonos na obriga de poñer en marcha unha normativa xeral que incluía tódalas accións que estamos a poñer en práctica no conxunto do tramo natural que abarca dende Alcabre ata Oia, comprometéndonos a seguir cunha estratexia de sustentabilidade que nos leve a mellorar e a conseguir un equilibrio cos recursos da nosa contorna, como di esta ordenanza a simultaneidade das competencias existentes non poden facer perder de vista a este Concello, priorizar a salubridade e a seguridade nos nosos areas.

Porque nestas dúas cuestións son onde temos competencias neste concello, a salubridade e a seguridade, o que ven a especificar a Lei de Costas. No referentes as praias e lugares públicos de baños, mantelas nas debidas condicións de limpeza e hixiene e salubridade, creo que ninguén neste Pleno pode poñer en dúbida o que fixemos nesta pandemia, vixiar a observancia e nas normas e instrucións ditadas pola administración do Estado, sobre salvamentos e seguridade das vidas humanas, remítome ao dito no anterior punto e sobre todo o que fixemos nesta pandemia nas praias de Vigo e por último explotar os servizos de temperá, o resto das competencias noutras materias corresponden a outras administracións como as comunidades autónomas, somos exemplo para outros concellos en materias como o que abarca o noso servizos de socorrismo, co cal aumentamos e atempada estival mínima, implantamos tamén un programa para atención especializada de persoas con algún tipo de discapacidade ou necesidade especial, como cadeiras adaptadas para baño en todo momento, contamos cunha ambulancia medicalizada, e cun servizo médico completo nas nosas praias de Samil e do Vao, coa conexión inmediata ao resto nun tempo mínimo de resposta, temos un total neste servizo de

persoas que traballan para el de 50, podemos presumir de non ter ningún imprevisto coa cobertura das prazas destes profesionais de seguridade e socorrismo, o cal si sucedeu e llo recordo noutras cidades costeiras da nosa comunidade, por culpa en gran parte da falla de solucións por parte da Xunta de Galicia, este servizo recibiu as felicitacións por parte dos cidadáns directamente e a través do 010 por tódalas medidas que levamos a cabo no confinamento. Dentro das nosas limitadas competencias tamén temos a de residuos, a que seguimos escrupulosamente a normativa municipal aplicable, sempre observando e respectando a nosa contorna natural, en especial poñendo énfases no noso complexo dunar, único nunha cidade urbana como é Vigo, cun plan de conservación especial elaborado por este Concello que esperou dous anos á tramitación aprobación por parte da Xunta de Galicia, que casualidade que sairía a exposición pública o día seguinte das eleccións autonómicas. Ademais tódolos servizos que puideran estar afectados e que tiñan algún grado de implicación nesta ordenanza, foron consultados para unha maior eficiencia desta e todos estiveron de acordo nos supostos regulados, e para unha maior coordinación entre todos eles, contamos tamén cun órgano xestor de praias, que reúnese como mínimo unha vez ao ano e que este ano volveremos a repetilo despois desta temporada estival por ver o que podemos mellorar e nos temas particulares xurdidos para emerxencia sanitaria.

Tamén incluímos como elemento de concienciación o artigo 14 dos areas saudables, onde se inclúe a realización por parte do Concello de Vigo de campañas de educación e sensibilización ambiental, así como declarar espazos libres de fume nas nosas praias para favorecer ámbitos e contornas saudables, e para reforzar nesta ordenanza os casos que poidan xurdir no futuro en cuestións relativas ás alertas sanitarias, incluímos no artigo 3 o reforzo de máxima autoridade sanitaria e por tanto, a que tomará medidas que melloren e solucionen estas situacións de emerxencia Alcaldía, presidencia deste Concello.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o Bloque Nacionalista Galego consideramos positivo o feito de traer esta proposta de ordenanza coa que en termos xerais coincidimos, non entanto o grupo de goberno volve insistir en traer nosa ordenanza en réxime de monoloxo porque non se tiveron en conta as suxestións formuladas por

diferentes colectivos e da veciñanza e decidiron, máis unha vez, rexeitar tódalas emendas formuladas polos diferentes grupos da oposición agás unha deste concelleiro do BNG en relación á revisión e corrección lingüística do texto.

Con esa decisión deciden non ter en conta algunhas achegas que o BNG formulamos de maneira construtiva, en positivo e que entendíamos que podía mellorar e que ía mellorar o texto desta ordenanza en catro eixos que para nós resultan fundamentais, en primeiro lugar, para continuar avanzar no alargamento do nivel de protección ambiental dos nosos areais nunha política que permita reconciliar a cidade coa súa faixa litoral.

En segundo lugar, apostar por concibirmos as praias e os areais da cidade como algo máis que un espazo para o esparcemento e lecer senón como un espazo natural privilexiado e como unha parte constitutiva do ecosistema da nosa cidade.

En terceiro lugar, o BNG apostabamos por incorporar solucións consensuadas que permitisen a través da participación cidadá e contando coa opinión de todas/os resolver a problemática que envolveu a decisión unilateral do goberno municipal de autorizar só en dous areais da cidade a presenza de cans.

E en terceiro lugar, para avanzar nunha cuestión que para nós é estratéxica como é a recuperación de espazo para os areais, recuperación de espazo natural para o sistema de praias da nosa cidade, vostedes dixeron que non a todo isto, nós non lle imos dicir que non a esta ordenanza pero dende logo non podemos apoiala por non ter en conta estas achegas que dende logo entendemos mellorarían substancialmente unha proposta na que singularmente nós coincidimos en termos xerais.

SR. PÉREZ CORREA: Unha cidade como Vigo cun importante número de praias urbanas, praias naturais que incluso están algunhas delas rozando os dous límites e iso tamén require unha atención importante polo concepto de praia urbana e ademais no momento que se introduce na categoría de bandeira azul cada vez máis discutida porque as mellores praias de Galicia xa non queren estar dentro da categoría de bandeira azul precisamente polo que supón de urbanización deses espazos naturais, pois obviamente tiña que ter unha ordenanza reguladora dos accesos ás praias, dos niveis de seguridade da protección ambiental das praias é

unha cuestión lóxica e ademais nos queremos felicitar o traballo cando menos ou esforzo dos servizos municipais que durante varios meses pois buscaron como debería de ser ese modelo de ordenanza é que aspectos debería tocar, nese sentido é obvio que tiñamos que ter unha ordenanza que regulara, quizais agora un pouco superada porque esta ordenanza obviamente debería xa ser modificada o ano que ven, basicamente para adaptala, se a situación da COVID-19 se perpetua no tempo, pois tería que estar algunhas cuestións sobre o distanciamento e algunhas cuestións sobre a seguridade que ten que ver con esta pandemia pois seguramente haberá que incorporala, é certo que este expediente se iniciara antes e polo tanto, é unha cuestión de modificación o ano que ven, pero nós queríamos facer algunhas interpretacións e denunciar algunhas cuestións que consideramos que non están recollidas e que ademais nas alegacións que presentamos a Marea de Vigo íamos un pouco nesa liña, primeiro lugar, que este Pleno é certo que hai un prego que regula os servizos de socorrismo e salvamento ese prego está en funcionamento e afortunadamente e é así, fronte a unha estacionalidade ou unha situación diferente que hai noutros concellos este concello se regula do 15 de xuño ao 15 de setembro, é certo tamén que este Pleno aprobou unha moción traída aquí pola Marea de Vigo que propuxemos a ampliación do horizonte temporal da cobertura do servizo de socorrismo e salvamento, entre outras cousas porque, non vou facer agora o típico spoiler publicitario como as veces fai o concelleiro de Facenda pero o clima de Vigo permite incluso estar nas praias en outubro e incluso en novembro, e as veces habería que pensar que dende o 15 de setembro xa non hai ese servizo na praia, é certo, que aquí se recollen tamén cuestións relacionadas co socorrismo pero sería bo que se propuxera tamén como que en determinadas cuestións se ampliara o servizo serían necesaria, logo hai unha cuestión que é oda cuestión ambiental e non é un tema menor, é certo que hai servizos que facilitan o baño das persoas con diversidade funcional pero o accesos as praias en moitos casos non teñen, as persoas se poden bañar porque hai un mecanismo e hai un servizo que o permite pero hai moitos accesos, é certo que aquí como ben di a moción interactúan moitas administracións dende as administracións do goberno central e órganos do goberno central ata a administración autonómica, incluso con competencias en materia europea, pero nós consideramos que as cuestións dos accesos, as cuestións incluso de determinados criterios de conservación ambiental

con respecto á limpeza de praias, debería estar mellor regulada, é certo que se fala de que a posibilidade de non limpar as praias do que significa toda a parte biolóxica que ven do mar, pero que sistematicamente moitos colectivos ambientais e incluso científicos do CSIC dixeron a necesidade de repensar o sistema de limpeza de praia con elementos mecanizados, e nós queríamos incidir nunha cuestión, ademais porque onte mesmo coñecíamos polos eurodiputados de Unidas Podemos que a Comisión Europea si vai a investigar a elección da praia da Calzoa como a praia de cans, nos queremos praias de cans en Vigo, e non só unha, queremos moitas, precisamente nun espazo está recollida por asociacións ecoloxistas a importancia da fauna e da flora dese espazo o que significa como espazo de tránsito para aves mariñas, o que significa para unha especie protexida como e “píllada das dunas” e que a presenza de cans pois practicamente erradicou esta especial protexida da praia da Calzoa e que ademais a Unión Europea viu pedir un informe tanto a Xunta de Galicia como a propia comisión de Medio Ambiente do Parlamento europeo e van a propoñer algunhas cuestións, veremos no que queda pero polo menos esa remisión a trámite debería facer reflexionar que no regulamento debe ser moito proteccionista cando se elixen determinados areas para cuestións que teñen que ver precisamente, non só con praias caninas senón tamén para praias onde se poidan facer determinadas actividades de lecer, cremos que este ano hai que repensar a ubicación, nós sempre defendemos que a praia de Samil o último tramo era o mellor espazo precisamente pola cuestión ambiental e outras cuestións que puxemos e que por desgracia non se quixeron abordar que tiñan que ver tamén cos niveis de seguridade e servizos públicos dentro do noso sistema de praias.

SR. GONZÁLEZ CASTILLO: O 18 de xuño de 2010 redactaron un bando sobre o bo uso dos areas, dez anos sen ter un criterio sen un modo de intervir, sen pode sancionar as condutas máis irrespectuosa e isto o digo con coñecemento de causa, de que a través dun bando non se pode exercer a función sancionadora xa que obriga a recorrer a outras normas accesorias, neste caso a outras ordenanzas, así pois, ata a existencia deste proxecto estivemos sen dar resposta aos problemas nas praias, sen atender aos vigueses e vexo que seguimos igual sen dar resposta. Esta

ordenanza non concreta, non responde á realidade das praias dillo un Policía que leva 13 anos resolvendo conflitos nas praias, hai realidades que descoñecen, non me cansarei de repetir que teñen que escoitar aos profesionais, a norma é abstracta e a realidade é concreta, intercambien experiencias, resulta mais proveitoso, beneficioso e produtivo para os cidadáns, conten vostedes cun persoal que lle responda que é a Policía, somos a primeira liña, vexamos algúns que nos presentan, artigo 7 apartado m), din que se comprobará a calidade das augas baseándose no resultado unha inspección visual, descubriron vostedes a forma de descubrir a contaminación das augas de forma visual, enhoraboa xa non son necesarios os laboratorios, por certo vostedes se cargaron o laboratorio municipal Este tema como noutras ordenanzas merece un capítulo e non un apartado. Que protocolos van a seguir, porque non se mencionan, quen vai a facer as análises, canda canto tempo, quen vai votar un ollada e que teñen que ver, augas, barro, color, e finalmente cuestión importante, unha análise visual é fiable? Artigo 8.6 nudismo. Seguimos sen concretar nada, impera a costume, digan claramente que praias son nudistas e sinalícenas, teñen que concretar, sabemos que as queixas dos cidadáns respecto da invasión dos téxtiles nas praias nudistas e viceversa non son unha cuestión que carece de importancia, de feito queixas chegaron a este concello.

Artigo 12. Normas de carácter hixiénico sanitario apartado a), no está permitido a evacuación fisioloxía no mar, multas de ata 750 por orinar no mar, aquí a función de Policía como actividade de control desta cidade, vai moi lonxe, claro se alguén orina así a primeira vista na orilla, dita conduta e observable e polo tanto denunciabile pero se o home ou muller se mete na auga ata a cintura e orina xa me dirán vostedes como denunciar a conduta, queda o recurso de crear un grupo de Policía de homes rana e así poderemos, quen e como se controla isto? Como dixo o Sr. Marnotes se a xente só entra ao mar a mexar. A extracción de aseos públicos durante a temporada de verán, lles lembro que este é un problema que ven de anos e ao que non se lle puxo remedio, me remito as queixas da dona dun local en Samil que en máis dunha ocasión e xa é época doutro alcalde do seu mesmo signo político, acostumaba visitar este Concello para queixarse que os baños do seu local "Jonhatan", eran os baños públicos de toda a praia de Samil, xa ven vostedes que pasaron anos.

Artigo 4. Areas saudables, espazos sen fume. O concello poderá declarar determinados espazos sen fumo. Como que poderá? Volvemos ao de antes, estamos intentando aprobar unha ordenanza na que non se concreta, todo anuncios, digan en que praias non se pode fumar, todos entenderan que nas dos demais si se poderá.

Artigo 18. Persoal de saneamento e socorrismo, horarios. Como é posible que do 15 ao 30 de xuño e do 1 ao 30 de setembro durante a semana só haxa socorrista de tarde, pobres cidadáns se teñen 3 emerxencias á vez, lle queda o recurso de avaliar a quen vai salvar primeiro, o que en pleno xullo e agosto as 8 da tarde cando a praia estea abarrotada non haxa socorristas na praia, hai que ampliar os horarios e por certo, non hai médicos nos areas da cidade, a concelleira non está informada.

Artigo 28.2 xogo nos areas. Os saltos nas boias, practica habitual, teñen que introducilos na parte de xogos, se esqueceron, o permiten ou o prohiben, concreten.

Tema de "gorrillas", saben vostedes que tódolos veráns nos establecementos causan molestias aos usuarios das praias? Que van facer? Mirar para outro lado? Os "gorrillas" foron fonte de problemas, cando o van arranxar?

Venta ambulante. Saben que non se está a tramitar nada porque non hai taxas, se incauta e se devolve sen máis.

Réxime sancionador. Artigo 30. Teñen que especificar a contía para que suplemente a corresponde denuncia.

SRA. RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ: como diría o Sr. Marnotes, me quedo patidifusa, orinar, o Jonhatan, é todo o que ten que dicir dunha ordenanza de praias? Tiveron tres meses para ler a ordenanza, puideron contestar, viron as medidas que levamos a cabo nesta pandemia que creo que fomos exemplo para tódolos concellos, creo entender, temos 50 persoas traballando no servizo de socorrismo, con servizo medicalizado, creo que me chegou a escoitar o concelleiro que me respondeu, poderá, non podemos, sabe que temos que respectar a Lei do estado, non podemos levar unha ordenanza onde se prohiba claramente fumar en praias, so recomendamos e imos a facer labores de concienciación, temos as mellores

limpezas nas praias de Samil e do Vao, porque teñen unhas grandes extensión e temos que meter algúns medio mecánicos e do que 15 de xuño só temos servizo de tarde, tería que falar este concelleiro con outros concellos do seu cor político que non teñen do 15 de xuño. Quero tamén responder e agradecer os concelleiros do grupo Mixto por apoiar esta ordenanza, é verdade que tiñamos que levala a cabo e por iso a trouxemos tamén polo tema da pandemia era moi importante que viñera esta ordenanza porque lembro no artigo 4 incluimos como Alcaldía de Vigo a este Concello como a máxima autoridade sanitaria e lle recordo que no me deu tempo antes a dicirillo, tódalas medidas que levamos a cabo nestes meses de pandemia, como a implantación de barreiras de distanciamento, non invasoras e respectuosas coa nosa contorna natural costeira, creo que respectamos o medio ambiente neste tema non como outros concellos que se adicaron a colocar estacas nas praias ou a prohibir a entrada nelas, a marcación de distancia de seguridade tamén no paseo de Samil, un éxito total, a colocación en tódalas entradas e saídas de paneis informativos, as advertencias a través da nosa megafonía das medidas en relación á materia sanitaria, para o debido cumprimento destas, e a constancia das nosas e dos nosos 50 socorristas que estiveron sempre pendentes de que as medidas de seguridade impostas dende esta Alcaldía se levaran a cabo.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e sete abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Con base no informe-proposta emitido polo técnico de Administración xeral da Unidade de Medio Ambiente e o Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, transcrito na parte expositiva deste acordo, estimar parcialmente, no sentido indicado no mesmo, a emenda presentada polo membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, no trámite presentación de emendas polos grupos municipais establecido no Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, desestimando, en cambio, as presentadas polo Grupo Municipal Mixto e o Grupo Municipal do Partido Popular.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO (exp. Nº 14674/306), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

TERCEIRO: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

CUARTO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza modificada no BOP, entrando en vigor cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.»

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.

A simultaneidade das competencias existentes na protección do patrimonio costeiro e a gran presión dos usos aos que se somete, non pode facer perder de vista aos concellos a perspectiva de conseguir, como prioritario en todas as actividades, a protección da salubridade e seguridade dos usuarios de este ben público, sendo polo tanto obrigación das entidades locais garantir estas, así como a protección do medio ambiente, con independencia de cal sexa o eixo de interacción de todos os factores que participan no escenario do dominio público litoral.

S.Ord (agosto) 9.09.2020

A afluencia masiva de bañistas na época estival nos areais do municipio e os riscos que iso pode entrañar, fundamentan a necesidade de regular as condicións de estancia e seguridade neles. Configúrase como necesario para o Concello de Vigo conxugar, dunha parte, a seguridade e doutra a protección da salubridade dos areais, así como a súa conservación e a correspondente promoción dun desenvolvemento turístico de calidade. En consecuencia, tamén se inclúe todo o inclúese tamén o relativo a servizos, instalacións, limpeza, conservación do medio, zonas de baño e demais materias que incidan na prevención e a seguridade.

En definitiva, esta ordenanza pretende ser una ferramenta de coordinación, colaboración e regulación do uso e goce dos areais do municipio, establecendo un espazo de convivencia para as e os seus usuarios, así como a protección destes e do medio natural.

II.

O noso ordenamento constitucional recoñece no seu artigo 45 o dereito da cidadanía a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. Así mesmo, correspóndelles aos poderes públicos velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

O artigo 4.1, letra a), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, recoñécelles aos municipios, as provincias e as illas, na súa calidade de administracións territoriais a potestade regulamentaria como facultade para producir as normas necesarias para regular a vida cidadá. Para tal efecto, o exercicio da autonomía local implica a capacidade de aprobar normas xerais no eido das súas competencias e no marco da lei. Igualmente, a devandita lei recoñece que os municipios son entidades básicas da organización territorial do Estado que teñen dereito a intervenir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, tendo plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins, no ámbito das súas respectivas competencias.

O artigo 25.2, letra j), do mencionado texto legal outórgalles aos concellos, nos termos que determine a lexislación estatal e autonómica, competencias para garantir a protección da salubridade pública.

Haberá de estar igualmente ao establecido na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

A principal lei sectorial neste ámbito é a Lei 22/1988, do 28 de xuño, de costas. De acordo co disposto no seu artigo 3.1, letra b), as praias constitúen bens de dominio público marítimo terrestre estatal, en consonancia co disposto no artigo 132.2 da Constitución Española.

O artigo 115 da citada lei de costas atribúe, nos termos previstos pola lexislación que diten as comunidades autónomas, competencias aos municipios no dominio público marítimo terrestre estatal que, no referente ás praias, se concretan en manter as praias e lugares públicos de baños nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade; vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade de las vidas humanas e, explotar, no seu caso, os

servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local.

Dentro da normativa sectorial hai que ter en conta, igualmente, o Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.

Nos areas do término municipal que estean incluídos no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia será tamén de aplicación o Decreto 177/2018, do 27 de decembro, polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Neste marco de principios e atribucións, a franxa litoral defínese como un recurso natural, particularmente atractivo e moi utilizado, especialmente en diversas épocas do ano. Ao soportar unha elevada presión de uso, demanda unha especial atención e ordenación institucional por ser un espazo fráxil proclive a desequilibrios produto da acción humana.

O dito recoñecemento do valor territorial debe ir acompañado dunha garantía de seguridade e protección da salubridade no uso e goce deste espazo. A protección dos riscos para a saúde non é un obstáculo ao auxe turístico e de desenvolvemento senón unha necesidade demandada polo cidadá e un valor engadido á oferta de calidade do noso patrimonio litoral.

Na súa virtude, o Concello de Vigo elaborou unha ordenanza reguladora do uso e desfrute dos areas do litoral municipal como instrumento de concienciación, convivencia e xestión eficaz do dominio público costeiro no ámbito de competencia municipal, que permita a compatibilidade dos dereitos e deberes dos usuarios da zona costeira coa protección do noso espazo natural.

Todo isto xustifica a adecuación da norma aos principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cumprindo a obrigaición das administracións públicas de actuar de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto regular o uso das praias do Concello de Vigo conxugando o dereito de todos a gozar destas pola súa natureza demanial co deber que o Concello, no marco das súas competencias, ten de velar por unha utilización racional delas e, en particular, regular as condicións xerais de utilización e - goce polos usuarios e usuarias da praia en orde á seguridade, a salubridade e a protección e restauración do medio ambiente.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Esta ordenanza será de aplicación no termo municipal de Vigo, no espazo que constitúe o dominio público marítimo terrestre definido no Título I da Lei de costas e/ou que teña a consideración de areal. Serao tamén aos servizos e instalacións directamente vinculados ao uso deste, sen menoscabo das competencias doutras administracións públicas na materia.

Os areais comprendidos no término municipal,- así como a catalogación dos seus tramos en urbanos e naturais segundo establece o Decreto 38/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais dos areais de Galicia - son os que figuran no Anexo desta ordenanza.

Nos areais do término municipal que estean incluídos no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia rexerá a presente Ordenanza en todo aquilo que non entre en contradición coa normativa sectorial de aplicación a este.

Artigo 3. Exercicio de competencias municipais

As competencias previstas nesta ordenanza serán exercidas polos órganos municipais que sexan competentes conforme coas normas vixentes que regulen en cada momento as atribucións dos ditos órganos.

En situacións de emerxencia estas serán xestionadas segundo o disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia e resto de lexislación relativa a Protección Civil.

A Alcaldía-Presidencia, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para garantir as condicións hixiénico sanitarias dos usuarios nos areais, especialmente, en caso de alerta ou emerxencia sanitaria.

Para o desenvolvemento das ditas competencias seguiranse os procedementos que en cada caso e momento establezan as normas xerais aplicables.

Artigo 4. Supostos non regulados

Nos supostos non regulados nesta ordenanza, pero que polas súas características ou circunstancias puidesen estar comprendidos dentro do seu ámbito de aplicación, seranlles aplicadas por analoxía as normas que garden similitude co caso mencionado.

Artigo 5. Cumprimento da ordenanza.

Os axentes da autoridade poderán requirir verbalmente aos que infrinxiren calquera das disposicións contidas na ordenanza a fin de que, de inmediato, cesen a actividade prohibida ou realicen a obriga debida, todo isto sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que, no seu caso, puidese proceder.

O persoal de salvamento e socorrismo apoiará á Administración municipal ou os seus axentes da autoridade no labor de información do establecido na presente ordenanza, comunicando particularmente as infraccións a esta.

CAPÍTULO II. DEFINICIÓNS E SINALIZACIÓN PREVENTIVA

Artigo 6. Definicións

Para os efectos desta ordenanza, enténdese como:

a) Areas: zonas de depósito de materiais soltos, tales como areas, gravas e seixos, incluíndo pendentes, bermas e dunas; verbo destas inclúese ata o límite que resulte necesario para garantir a estabilidade da praia e defensa da costa.

b) Dunas: depósitos sedimentarios constituídos por montículos de area, teñan ou non vexetación, que se alimenten da area transportada pola acción do mar, do vento mariño ou por outras causas.

c) Augas de baño: aquelas de carácter marítimo nas que o baño estea expresamente autorizado ou, non estando prohibido, se practique habitualmente por un número importante de persoas.

d) Zonas de augas de baño: Área xeograficamente delimitada dun termo municipal composta por unha praia e as súas augas de baño. En todo caso, entenderase como zona de baño aquela que se atope debidamente balizada para tal efecto. Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros nas praias ou 50 metros no resto da costa.

e) Zona de varada: Aquela destinada á estancia, embarque, desembarque ou mantemento de embarcacións profesionais ou de recreo, debidamente identificadas.

f) Tempada de baño: É o período de tempo no que se pode prever, cunha alta frecuencia, a afluencia importante de bañistas, tendo en conta os usos e costumes locais. Para os efectos desta ordenanza, considerase como o período comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro.

O Concello de Vigo poderá variar o dito período en función das circunstancias climatolóxicas.

g) Acampada: Instalación de tendas de campaña, parasois non diáfanos nos seus laterais ou de vehículos ou remolques habitables.

h) Campamento: Acampada organizada e dotada dos servizos establecidos nas normativas vixentes.

i) Animal de compañía: Todo aquel, que sendo doméstico ou silvestre, tanto autóctono como alóctono é mantido polas persoas coa finalidade de vivir con elas, asumindo as responsabilidades inherentes á súa convivencia, sen que exista actividade lucrativa ningunha sobre el.

l) Pesca marítima de recreo: Enténdese aquela que se realiza por afección ou deporte, sen retribución ningunha e sen ánimo de lucro. Esta modalidade poderá ser exercitada en superficie, desde embarcación ou a pé desde a costa, e submarina.

m) Órgano xestor de praias (OXP): Órgano dependente da concellería con competencias en medio ambiente e presidido polo/a concelleiro/a delegado/a desta. Reúnese cunha

periodicidade mínima anual. Son membros deste as concellerías, departamentos e servizos implicados na xestión, mantemento, conservación e protección dos areas municipais e a súa contorna, no ámbito das competencias municipais.

Artigo 7. Sinalización preventiva

1. Como instrumentos de sinalización para a seguridade das persoas usuarias servirán as bandeiras de sinalización de habilitación para o baño, que determinarán a aptitude das condicións das augas para o baño. As bandeiras clasificaranse por cores indicando o estado do mar en canto á idoneidade do seu uso para o baño:

- Verde: Apto para o baño.
- Amarela: Precaución. Permitirá o baño con certas restricións. Prevé dun certo perigo no baño derivado das condicións do mar observadas e/ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.
- Vermella: Prohibido o baño. Prevé dun grave perigo no baño para a vida ou saúde das persoas, ben sexa polas condicións do mar e/ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.

2. En todo caso as bandeiras anteriores poderanse complementar con outras que indiquen concretamente e de xeito claro o perigo a previr.

3. A través de todos os medios posibles de comunicación, divulgarase a información precisa para o adecuado desfrute dos areas. Na súa virtude, os elementos de sinalización (paneis, carteis, etc.) deberán conter, na medida do posible, a seguinte información básica:

- a) Nome do municipio.
- b) Nome do areal, cala ou porción da costa.
- c) Localización física e características do areal ou cala na que se atope (Lonxitude, límites, localización), determinando expresamente disposición ou non dun Servizo de Vixilancia e salvamento. Cando o areal teña servizo de vixilancia, incluíranse os horarios de cumprimento e prestación do dito servizo, conforme ao previsto no correspondente contrato de prestación do servizo público de socorrismo e salvamento en determinados areas do Concello de Vigo.
- d) Un pequeno plano dos diferentes servizos dos que dispón o areal ou cala particularizando a situación de pasarelas para discapacitados, teléfonos, duchas, aseos, etc.
- e) Aclaracións sobre os diferentes indicadores de perigo que se atopan nos areas: bandeiras, sinais, sinais acústicas, etc.
- f) Accesos ao areal: peonil, para vehículos ou para embarcacións.
- g) Accesos para discapacitados, con especial descrición dos accesos para os vehículos de emerxencia.
- h) Número de teléfono de emerxencias.
- i) Lugar onde se atopan os postos de socorro máis achegados.
- l) Aquelas prohibicións xerais e/ou específicas que interese resaltar.

m) Tipo de uso do areal.

n) Clasificación vixente das augas de baño, así como calquera prohibición de baño ou recomendación de absterse deste, mediante un sinal ou símbolo sinxelo e claro.

ñ) Calidade das augas de baño durante a tempada, baseada nos resultados da inspección visual do areal e da agua e nos resultados analíticos dos parámetros obrigatorios.

o) Sempre que se prohiba o baño ou se recomende absterse deste, unha advertencia na que se informe ao público interesado indicando os motivos.

p) Unha indicación de fontes para obter información máis completa.

q) Calquera outra información que veña determinada pola normativa vixente.

4. Os elementos de sinalización deberán cumprir as prescricións contidas na lexislación de costas, no planeamento urbanístico, así como as contidas no Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia respecto dos areais do término municipal que estean incluídos no citado parque; a súa instalación estará supeditada á autorización do órgano competente deste.

TITULO II. NORMAS XERAIS: USOS E DESFRUTE DOS AREAIS

Artigo 8. Utilización do dominio público marítimo terrestre.

1. A utilización do dominio público marítimo terrestre será libre, pública e gratuíta, para os usos comúns e acordes coa natureza de aquel, tales como estar, pasear, bañarse, e outros semellantes que non requiran obras ou instalacións de ningún tipo, e sempre que estas actividades se realicen de acordo co disposto nas leis e regulamentos e nesta ordenanza, sen prexuízo do establecido na lei de costas e o seu regulamento sobre as reservas demaniais.

2. Prohíbese expresamente o uso privativo do dominio público marítimo terrestre.

3. As instalacións que se autoricen nos areais serán de libre acceso público, salvo que por razóns de policía, de economía ou outras de interese público, debidamente xustificadas, se autoricen outras modalidades de uso sen que en ningún caso poida desnaturalizarse o uso público dos areais.

4. Unicamente poderase permitir a ocupación do dominio público marítimo terrestre nos casos e nas formas previstas na lei de costas e o seu regulamento.

5. A realización de calquera tipo de actuación, disposición de obxectos, prestación de servizos, etc, aínda de forma temporal, no ámbito de aplicación desta ordenanza, deberá dispoñer da preceptiva autorización do órgano ou administración competente que corresponda por razón da materia de que se trate.

6. A práctica de nudismo integral está delimitada a aqueles areais que de xeito tradicional recollen esta práctica, limitándose exclusivamente á superficie de area. Nos accesos e infraestruturas asociadas a estes espazos non está permitido.

Artigo 9. Dereitos e deberes das e dos usuarios

1. As e os usuarios da zona de dominio público e da súa zona de protección teñen o dereito ao mantemento e á mellora dos niveis de medio ambiente e de calidade de vida esixibles de acordo co ordenamento vixente e coa presente ordenanza.

2. Todas e todos os usuarios teñen a obriga de utilizar correctamente o espazo público regulado nesta ordenanza, así como as instalacións e o mobiliario urbano que haxa, de acordo coa súa natureza, destino e finalidade, e respectar en calquera caso o dereito que tamén teñen outros usuarios e usuarias a usalo e gozalo.

3. Os usuarios e usuarias teñen o dereito á información ambiental, nos termos que establece a lexislación sectorial vixente.

4. O Concello, a través do servizo 010 e demais formas legalmente previstas, atenderá as reclamacións ou suxestións das e dos usuarios, e posteriormente exercerá as accións que en cada caso correspondan.

5. De forma xenérica, teñen o deber de cumprir as normas contempladas na presente ordenanza, e deberán adoitar condutas que eviten a sucidade e o mal estado hixiénico da area, a agua de baño e demais instalacións ao servizo das praias.

6. Para garantir unhas normas básicas de convivencia e seguridade á cidadanía que visite os areas non lle está permitido:

a) O emprego de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso, distracción ou lecer. Exceptúanse desta prohibición os casos de alarma, urxencia ou especial significación cidadá, que poderán ser autorizados pola autoridade competente, previa petición fundada.

b) Facer lume nos areas e contorna inmediata; tanto na area, zonas de rochas ou zonas verdes, a excepción das actividades autorizables polo órgano competente en materia de seguridade e sempre que estean vinculadas a unha festa con tradición popular.

c) O emprego de grellas, bombonas de gas ou calquera outro elemento inflamable no areal e contorna.

d) Calquera outro artefacto, con características diferentes ao punto c e que permita cociñar no areal e contorna.

e) O uso de material pirotécnico ou bengalas con finalidade recreativa, no areal e contorna.

f) A venda ambulante salvo autorización expresa polo organismo competente na materia.

g) Calquera acción ou elemento que limite, diminúa ou dificulte o acceso dos/as usuarios/as, o labor do persoal dos postos de salvamento e socorrismo, primeiros auxilios, servizos de accesibilidade e baño para persoas con mobilidade reducida, Policía Local, Protección Civil ou calquera outra autoridade.

h) O emprego de elementos ou artefactos con capacidade de moverse pola acción do vento e desprazarse pola area, independentemente da súa finalidade e características.

7. Respecto aos elementos do mobiliario urbano e calquera tipo de infraestrutura pública, a súa utilización polos e polas usuarias será acorde ao fin para o cal están destinados.

TÍTULO III. NORMAS DE CARÁCTER HIXIÉNICO-SANITARIO E CALIDADE DA AUGA

CAPITULO I. NORMAS DE CARÁCTER HIXIÉNICO-SANITARIO

Artigo 10. Limpeza dos areais

1. No exercicio das competencias que a vixente ordenación xurídica atribúe a administración municipal, correspóndelle ao Concello de Vigo a limpeza e mantemento das praias do termo municipal.

2. A limpeza realizarase do xeito que sexa máis axeitado ás características de cada unha das praias, coa frecuencia e horario previstos para a adecuada xestión do servizo, realizando as seguintes actividades:

a) Retirada das praias de todos aqueles residuos que se mesturan cos materiais soltos (area, grava, etc.) da súa capa superficial ou dispostos nela.

b) Baleirado e limpeza das papeleiras públicas e demais recipientes de residuos sólidos dispostos nas praias.

c) Retirada de algas, no caso de que iso sexa necesario. Atendendo a criterios técnicos e en aras da conservación das comunidades naturais e procesos ecolóxicos, poderanse establecer restricións temporais á retirada das arribazóns da beira dos areais.

d) Naquelas zonas onde existan sistemas de dunas en calquera estadio de conservación protexidas mediante un peche, deberá respectarse unha distancia de protección suficiente na limpeza mecánica.

e) Na limpeza de zonas contiguas aos areais (tales como paseos ou infraestruturas similares) non se poderá baldear cara aos areais, debendo ademais, de forma progresiva, utilizarse formas de limpeza que sexan o máis sustentables posible.

No caso de retirar acumulacións de area esta deberá ser depositada na liña de marea, libre de residuos antrópicos.

3. Co fin de facilitar a limpeza das praias non se permitirá instalar **ningún** calquera elemento que entorpeza o paso dos servizos de limpeza dentro do horario que se estableza.

4. Nos areais do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia nas tarefas de limpeza rexeran as normas do Plan reitor de uso e xestión (PRUX).

Artigo 11. Residuos

1. Nos areais será de obrigado cumprimento o establecido na lexislación sectorial vixente en materia de residuos, así como na normativa municipal aplicable a estes.

2. Queda prohibido aos usuarios dos areais arroxar calquera tipo de residuos á praia ou ao mar como papeis, cabichas, restos de comida, latas, botellas, cascas de froitos secos, etc.. Igualmente deixar abandonados nesta mobles, carriños, caixas, embalaxes, etc. Debéranse utilizar as papeleiras ou colectores que se instalen a tal fin. O responsable está obrigado á limpeza inmediata, sen prexuízo das sancións que puidesen derivarse por tales feitos.

3. Os residuos depositaranse nas correspondentes papeleiras e contedores que para o efecto se atopen distribuídos pola praia ou nas proximidades dos accesos principais.

4. Para o uso correcto dos ditos contedores deberán seguirse as seguintes normas:

- a) Non se empregarán para o vertido de líquidos, entullos, madeiras, efectos, etc., así como tampouco para animais mortos.
- b) No se depositarán neles materiais en combustión.
- c) Os residuos depositaranse no interior do contedor, evitarase o seu desbordamento e a acumulación de residuos ao seu arredor, polo que, no caso de atoparse cheo, haberá de realizarse o depósito no contedor máis próximo.
- d) Unha vez depositados os residuos deberá pechase a tapa do contedor.
- e) Os residuos orgánicos, antes de ser depositados no contedor, deberán de introducirse nunha bolsa perfectamente pechada.

5. Quen visite os areas do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia deberá levar consigo os seus residuos ao non existir nel papeleiras nin contedores de residuos a disposición do público xeral.

6. Os titulares dos servizos de tempada están obrigados a evitar que se produza acumulación de lixo na zona onde estean implantados, polo que deberán proceder á limpeza desta coa frecuencia adecuada á intensidade do seu uso depositando os restos nos contedores habilitados para isto. Os titulares destes servizos deberán dispor de contedores de recollida selectiva.

7. Calquera evento que estea debidamente autorizado deberá manter (dende a preparación ata a finalización) as condicións de hixiene e limpeza do espazo, polo que fomentará a disposición e distribución de colectores acordes á separación selectiva de residuos que directa ou indirectamente poida xerar a actividade. Sen prexuízo doutros requirimentos de limpeza ou de hixiene vinculados á autorización correspondente.

8. Sen prexuízo das autorizacións sectoriais que sexan necesarias, poderanse facer traballos de limpeza e mantemento das embarcacións de pesca tradicionais varadas no areal e acceso dos areas que na actualidade conservan esta actividade; areas do Portiño, A Buraca, A Fontaiña, A Calzoa, O Cocho, Ríos Pilón e Ríos Rampla e O Mende. Durante a realización destes é obrigatorio establecer as medidas precisas para evitar a caída de restos ou outros residuos afíns sobre a area e contorna. Todos os residuos xerados deberán ser depositados nos colectores adecuados e, en caso de ser tóxicos e perigosos, nun punto limpo ou xestor autorizado.

9. Quen vulnere as ditas prohibicións, por requirimento verbal dos axentes da autoridade, deberá retirar de inmediato os residuos e proceder ao seu depósito conforme se establece nesta ordenanza, sen prexuízo de que xiren parte de denuncia en orde á instrución do oportuno expediente sancionador.

Artigo 12. Normas de carácter hixiénico-sanitario

Non estará permitido:

- a) A evacuación fisiolóxica no mar ou na praia. O Concello fomentará, onde non os houbese con carácter permanente, a instalación de aseos públicos accesibles durante a tempada de baño.
- b) Lavarse no mar ou na praia utilizando xabón, xel, champú ou calquera outro produto similar.

c) Limpar na area da praia ou na agua do mar os aveños de cociñar ou os recipientes empregados para portar alimentos ou outras materias orgánicas.

d) Dar ás duchas, lavapés, aseos e mobiliario urbano en xeral, ao servizo dos areais, un uso diferente ao que lle é propio como xogar, lavado e hixiene de animais, limpar os aveños de cociña, lavarse utilizando xabón, xel ou champú ou calquera outro produto deterxente, pintar, deteriorar, etc., sen prexuízo das responsabilidades doutra índole que poidan esixirse.

Artigo 13. Presencia de animais

1. A permanencia, tránsito ou paseo de cans nos areais rexerese polo establecido na Ordenanza municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo. Queda terminantemente prohibido a presenza doutros animais nos areais durante todo o ano.

2. Con carácter excepcional, e tras a autorización das administracións competentes, poderanse permitir actividades concretas sempre que teñan un carácter tradicional ou sexan de interese xeral e non sexan incompatibles coa preservación do medio.

3. Permítese a presenza de cans destinados a traballos de salvamento ou auxilio a persoas necesitadas, cando as circunstancias así o aconsellen. Así mesmo, permítese a presenza de cans de asistencia considerándose que estes son os que adestrados en centros especializados oficialmente recoñecidos, teñan concluído o seu adestramento e adquirido así as aptitudes necesarias para o acompañamento, conducción e auxilio de persoas con diversidade funcional. Estes cans deberán estar acreditados e identificados da forma establecida na lexislación aplicable sobre cans de asistencia para persoas con discapacidades.

4.- A presenza de animais nos areais do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia rexerese polo disposto nas normas do Plan reitor de uso e xestión deste.

Artigo 14. Dos areais saudables sen fume e cabichas

1. Co obxectivo de incentivar hábitos e contornas saudables, así como sensibilizar á poboación sobre a importancia de non deixar residuos nos espazos naturais, o órgano competente do Concello de Vigo poderá declarar determinados areais do municipio como espazos libres de fume.

2. Nos mencionados espazos o Concello poderá implementar as políticas que considere oportunas co obxecto de:

a) Manter os ditos areais libres do fume do tabaco.

b) Fomentar a realización de campañas de educación e sensibilización ambiental, a prevención do tabaquismo e a protección do medio ambiente.

CAPITULO II. DA CALIDADE DA AUGA

Artigo 15. Información á cidadanía

1. Con carácter preceptivo e en relación á calidade das augas de baño, estarase ao disposto no Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño ou a disposición normativa que a substitúa no caso da derogación correspondente.

2. Con carácter xeral:

a) As e os usuarios terán dereito a ser informados polo Concello da falta de aptitude para o baño das augas que non satisfagan os criterios de calidade mínima esixibles polas normas vixentes. Neste senso, o Concello facilitará, a quen así o solicite, información actualizada das calidades das augas de baño.

b) O Concello fará publico os informes sobre a calidade das augas que se emitan durante a tempada de baño, e incluíraos nos elementos de sinalización recollidos no apartado terceiro do artigo 7, na web municipal, así como a través de calquera outro medio alternativo de comunicación que se considere oportuno.

Asemade, esta información tamén estará dispoñible a través do Servizo de Salvamento e Socorrismo.

3. No ámbito das súas competencias, e no exercicio do deber de adoitar as medidas necesarias para a protección da saúde, o Concello de Vigo:

a) Sinalizará o equipamento de servizos públicos e as posibles limitacións de uso que poidan existir, conforme co establecido na normativa vixente.

b) Sinalizará a prohibición do baño, conforme co establecido na normativa de aplicación, cando así sexa establecida pola autoridade sanitaria da Xunta de Galicia; manterá esta ata que a dita autoridade sanitaria autonómica non comunique a desaparición do risco sanitario.

c) Adoitará as medidas necesarias para a clausura de zonas de baño, cando así sexa acordada pola autoridade sanitaria da Xunta de Galicia.

As ditas medidas manteranse ata que a dita autoridade sanitaria autonómica comunique o acordo de reapertura da zona de baño.

TÍTULO IV. DOS EMPRAZAMENTOS DE OBRAS, ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS

Artigo 16. Normas xerais

1. A realización de obras, emprazamento e exercicio de actividades así como a explotación de instalacións desmontables de tempada ou fixas axustaranse ao réxime e procedemento de autorizacións e concesións previsto na lei de costas e no seu regulamento de desenvolvemento, así como na lexislación específica que regule a actividade que se pretende exercer.

2. É potestade do Concello, no exercicio das súas competencias, e co fin de acadar o obxectivo previsto nesta ordenanza, establecer as zonas onde emprazar e exercer os distintos servizos e actividades no ámbito de aplicación desta ordenanza.

3. No que respecta ás concesións, autorizacións, licenzas e demais títulos habilitantes municipais, esta ordenanza remítese ás disposicións municipais xa existentes e que regulan de forma específica todos os requisitos e condicións do seu outorgamento.

4.- Todos os elementos que se instalen no espazo público obxecto desta ordenanza deberán responder aos requisitos técnicos de homologación de acordo á súa normativa específica. Este requirimento é preceptivo para autorizar a súa instalación.

5.- Débese respectar, en todo momento, os accesos peonís, escaleiras de accesos, postos de salvamento e socorrismo, ramplas, etc.

6.- Queda prohibido deixar restos de calquera elemento utilizado na actividade unha vez finalizado o prazo de autorización previsto.

7- Será obrigación do titular ou concesionario ter as instalacións e elementos necesarios nas debidas condicións de hixiene e seguridade. Para esa finalidade, disporá de todos os complementos mobiliarios dispostos para a recollida selectiva e evacuación dos residuos xerados.

TÍTULO V. DA VIXILANCIA, SALVAMENTO, SOCORRISMO E ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS EN DETERMINADOS AREAIS DO MUNICIPIO

CAPÍTULO I.- DA VIXILANCIA, SALVAMENTO E SOCORRISMO

Artigo 17. Servizo público de salvamento.

1. En función das necesidades dos areais, o Concello dotará a estes dun servizo de salvamento, socorrismo e primeiros auxilios.

2. O servizo de Salvamento, Socorrismo e Primeiros Auxilios estará formado por un conxunto de medios humanos e materiais que possibiliten a adopción dunha serie de medidas organizativas, de planificación, seguridade e protección.

3. No Servizo de Salvamento e Socorrismo colaborarán os efectivos de Protección Civil, Policía Local e Bombeiros, así como aquelas outras entidades contratadas para actividades específicas.

4. As funcións e actividades que desenvolvan as entidades contratadas para fins específicos relacionados coa asistencia e salvamento rexeranse polos correspondentes pregos de condicións que rexan o contrato administrativo, sendo estas funcións e actividades como mínimo as seguintes:

a) Efectuar as tarefas de vixilancia continua da zona de baño, o socorrismo e o salvamento de persoas e a observación da contorna ambiental dentro do horario estipulado nos pregos de condicións.

b) Ser cordial, amable e respectuoso cos bañistas.

c) Garantir a primeira atención sanitaria.

d) A procura de persoas desaparecidas.

e) A información sobre os recursos dispoñibles e o estado do mar.

f) Izar as bandeiras en función do estado do mar e velar pola conservación dos sinais e do material destinado á prevención de accidentes, vixilancia, salvamento, socorro e transporte de accidentados.

- g) Informar as e os usuarios das embarcacións con motor e a quen practique deportes náuticos das prohibicións ou limitacións da súa práctica.
- h) Colaborar nos labores de información co fin de manter a zona destinada ao baño totalmente despexada de animais e obxectos que poidan presentar perigo para bañistas.
- i) Colaborar e asistir, nas zonas habilitadas e cos medios humanos e materiais dispoñibles, no baño das persoas con algún tipo de diversidade funcional ou enfermidade para as que o baño poida constituír algún risco cos efectos de adoptar, no seu caso, as medidas pertinentes.
- l) Sinalizar as zonas de baño de acordo coa clasificación establecida, modificando estas cando as circunstancias do tempo ou outras así o aconsellen.
- m) Poñer en coñecemento da Policía Local ou do órgano municipal competente a comisión de infraccións ao previsto na presente ordenanza para os efectos da emisión do correspondente parte de denuncia co fin de incoar o procedemento sancionador correspondente.
- n) En xeral, evitar toda clase de actividade que resulte perigosa ou prexudicial para os usuarios e usuarias.

Artigo 18. Persoal do Servizo de Salvamento e Socorrismo

1. De conformidade coa normativa de vixente aplicación, todo o persoal que realice tarefas de salvamento, socorrismo e asistencia sanitaria deberá dispor da titulación que lle acredite e habilite para o exercicio destas actividades profesionais.
2. Durante o seu exercicio profesional, o persoal do Servizo de Salvamento e Socorrismo contratado deberá ir uniformado de xeito que sexa perfectamente identificable polas e polos usuarios da praia, e levará o equipamento que sexa preciso de conformidade co establecido nos pregos de condicións que rexen o contrato.
3. O persoal de socorrismo acuático permanecerá na súa área de responsabilidade durante a quenda establecida, e non poderá exercer simultaneamente ningunha actividade engadida á asignada.

Artigo 19. Postos de primeiros auxilios

As características da instalación e equipamento dos Postos de Primeiros Auxilios serán as necesarias para abordar unha primeira atención sanitaria e as posibles situacións básicas de urxencia ordinaria; poderán contar con vehículos de loxística e apoio.

CAPÍTULO II.- DA SEGURIDADE

Artigo 20. Das obrigas das e dos bañistas e usuarios das praias

1. O público bañista queda obrigado a seguir as orientacións e indicacións que por seguridade poidan realizar os servizos de salvamento e socorrismo, así como cantas disposicións existan ou poidan ditarse en diante polos organismos competentes. En todo caso, recoméndase non afastarse en máis de 50 metros da beira do mar nas praias, co obxecto de poder garantir a súa seguridade.
2. As persoas que desexen bañarse fóra da tempada de baño ou fóra do horario establecido para os servizos de salvamento e socorrismo farano baixo a súa exclusiva responsabilidade.

3. Tamén o farán baixo a súa exclusiva responsabilidade, aínda bañándose dentro da tempada de baño e dentro do horario establecido para os mencionados servizos, cando o fagan sen seguir as orientacións e indicacións dos servizos e fóra das zonas balizadas para o baño ou sinalizadas como tal mediante bandeiras.

4. Os usuarios e usuarias do servizo de baño asistido deberán asumir as condicións e normas de uso do servizo, así como as recomendacións que poidan realizar en todo momento o persoal de socorrismo, de voluntariado ou monitores encargados do servizo.

As persoas con grande dependencia deberán acudir acompañadas dunha persoa adulta.

5. Habida conta de que o baño colectivo pode implicar riscos que deben valorar con carácter previo os servizos de salvamento e socorrismo, no suposto do baño dun conxunto amplo de persoas que formen unha excursión -integrado por menores de idade ou non- deberase poñer esta circunstancia en coñecemento dos ditos servizos.

6. Queda prohibido o baño cando se atope izada a bandeira de cor vermella. Quen vulnere a prohibición de bañarse cando se atope izada a bandeira de cor vermella, por requirimento verbal dos axentes da autoridade ou persoal de salvamento, deixará de tomar o baño de inmediato, sen prexuízo da emisión do parte de denuncia, co fin de instruír do oportuno expediente sancionador.

7. De xeito xenérico, prohíbese o baño e o mergullo nos canais balizados para o lanzamento e varada de embarcacións.

8. Queda prohibido lanzarse a auga do mar desde as zonas superiores dos cantís, rochedos, espigóns, embarcadoiros, plataformas decorativas. Así mesmo en zonas sinalizadas onde estea prohibido o baño ou o acceso sexa restrinxido, zonas de fondos pouco profundos e, en xeral, calquera outro lugar que, pola orografía propia da zona de dominio público marítimo terrestre, supoñan un risco para a seguridade das persoas e resto de usuarios. As persoas que incumpran esta prohibición farano baixo a súa responsabilidade e poden ser obrigadas a saír da auga pola súa propia seguridade, sen prexuízo da imposición da sanción correspondente por parte da Administración municipal tras a instrución do oportuno expediente sancionador.

9. No caso da existencia de refachos de vento, co fin de previr posibles problemas de seguridade persoal e colectiva, a autoridade municipal ou os seus axentes e o persoal de salvamento e socorrismo, poderá ordenar o peche de todo tipo de parasois, cadeiras, paraventos, hamacas, etc. Igualmente, poderase ordenar a retirada daquelas cadeiras, hamacas, ou calquera elemento disposto no chan da praia que estea oxidado ou visiblemente deteriorado para evitar calquera tipo de posible dano físico ou contaminación. En todo caso, e con independencia da existencia de vento, é imprescindible que os elementos instalados na praia se atopen perfectamente ancorados ao chan, de xeito que non poidan ser desprazados causando perigo para o resto das persoas usuarias da praia.

TÍTULO VI. CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS NOS AREAIS

Artigo 21. Norma xeral e exencións

1. Queda prohibido en toda a extensión da praia o estacionamento e a circulación non autorizada de vehículos de calquera tipo, de dúas ou máis rodas, por tracción mecánica ou animal.
2. Exímense da devandita prohibición os vehículos de urxencia, seguridade e servizos municipais ou outros expresamente autorizados para as persoas con diversidade funcional. Tamén aqueles vehículos que con carácter diario, proceden á limpeza, mantemento e vixilancia das praias, tales como motos, tractores e máquinas limpapraias. Os referidos vehículos non poderán quedar estacionados na praia ou zona de baño, polo que deberán retirarse unha vez terminado a actuación que motivou o seu acceso á praia ou zona de baño.

TÍTULO VII. ACAMPADAS NOS AREAIS

Artigo 22. Acampada e campamentos nos areais

1. Para unha mellor utilización e goce dos areais, só serán permitidos parasois totalmente diáfanos nos seus laterais, así como cadeiras ou mesas de complemento.
2. Queda prohibido deixar instalado calquera obxecto, sempre que non se atopen presentes as ou os propietarios, coa finalidade de ter reservado un lugar no areal.
3. Entendese como acampada a instalación de tendas de campaña, parasois non diáfanos polos laterais e vehículos ou remolques habitables.
4. Asimilase a acampar o feito de instalarse para durmir nos areais.
5. Queda prohibida, durante todo o ano e a calquera hora, a instalación de tendas de campaña, así como os campamentos e as acampadas de calquera duración de tempo nos areais.
6. O persoal municipal ou a Policía Local poderán retirar os elementos instalados irregularmente e depositalos en dependencias municipais. Os elementos retirados só poderán ser devoltos a quen presente un xustificante que acredite a súa propiedade. O/a infractor/a deberá facer efectiva a sanción, se é o caso, con anterioridade á retirada dos utensilios das dependencias municipais.
7. Calquera tipo de ocupación do areal, deberá dispor da autorización expresa da autoridade competente.

TÍTULO VIII. DA PESCA RECREATIVA

Artigo 23. Pesca recreativa costeira

1. Nas zonas de baño (balizadas ou non) e durante a tempada de baño, prohíbese a pesca desde a beira da praia e desde os espigóns excepto entre as 22:00 e as 08:00 horas, ambas inclusive, co obxecto de evitar os danos que os aparellos utilizados podan causar ao resto das persoas usuarias.

2. Calquera actividade de pesca deportiva realizada dentro do horario establecido quedará supeditada á ausencia de persoas no areal. En todo caso, este tipo de pesca realizarase de acordo ao disposto na normativa sectorial vixente en materia de pesca marítima de recreo.

3. Nos concursos de pesca desde a costa que contén con autorización dos organismos e administracións competentes, o Concello ditará as ordes oportunas para que a actividade se realice sen prexuízo doutros usos que se dean nos areais.

4. Queda prohibida a manipulación ou abandono nos areais de calquera instrumento de pesca que poida supoñer un risco para a seguridade das persoas.

5. Queda prohibida a pesca nos canais balizados de lanzamento e varada de embarcacións.

Artigo 24. Pesca recreativa submarina

1. Nas zonas de baño (balizadas ou non) e durante a tempada de baño, prohibese a pesca submarina.

2. Fóra da zona de baño a pesca submarina poderase exercer exclusivamente con arpóns manuais ou impulsados por medios mecánicos.

3. Na práctica da pesca submarina, cada persoa mergulladora deberá marcar a súa posición mediante unha boia de sinalización claramente visible.

4. Queda prohibida a entrada e saída ao mar desde a praia a quen realice pesca submarina co fusil cargado, así como a manipulación en terra deste ou de outros instrumentos de pesca submarina que poidan supoñer un risco para a seguridade das persoas.

5. Queda prohibida a pesca submarina exercida entre a posta e a saída do sol.

6. En todo caso, este tipo de pesca realizarase de acordo ao disposto na normativa sectorial vixente en materia de pesca marítima de recreo.

7. Nos areais do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia a pesca recreativa rexerese polo disposto nas normas do seu plan reitor de uso e xestión.

Artigo 25. Actividades de extracción

Quedan prohibidas as actividades de extracción de poliquetos, bivalvos, etc., durante todo o ano, salvo que se conte coa autorización da consellería competente en materia de pesca.

TÍTULO IX. ACTIVIDADES NÁUTICAS

Artigo 26. Navegación deportiva, de recreo e de servizos oficiais

1. Todas as embarcacións que naveguen pola costa deberán cumprir as normas establecidas polo órgano competente na materia. Están incluídas nesta obriga as embarcacións de salvamento, rescate e policía, así como calquera outra embarcación de servizo estatal, autonómico ou local.

2. Nas zonas de baño, debidamente balizadas, queda prohibida a navegación deportiva e de recreo, e a utilización de calquera tipo de embarcación ou medio flotante movido a motor ou a vela.

3. A prohibición anterior non será de aplicación ás embarcacións oficiais ou medios que se utilicen para a realización dos servizos de limpeza de residuos flotantes, vixilancia, salvamento ou socorrismo. As ditas embarcacións non deberán superar a velocidade de tres nós, salvo causa de forza maior ou salvamento, e deberán adoptarse neste caso as precaucións necesarias para evitar riscos á seguridade das persoas ou á navegación marítima.

4. Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros lineais nas praias e de 50 metros lineais no resto da costa. Nestes tramos, as embarcacións no poderán navegar a unha velocidade superior a tres nós, e deberán adoptar todas as precaucións necesarias para evitar riscos á seguridade das persoas ou á navegación marítima.

5. Sen prexuízo das autorizacións sectoriais que sexan preceptivas, o Concello poderá establecer zonas de lanzamento ou zonas náuticas, sinalizándoas convenientemente. As embarcacións a motor ou a vela deberán utilizar estas zonas náuticas obrigatoriamente. O Concello poderá balizar zonas para embarcacións ou medios flotantes a vela exclusivamente.

6. Queda prohibido tirar calquera tipo de residuo desde as embarcacións ao mar.

7. Na navegación e fondeo nas augas do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia estarase ao disposto nas normas do seu plan reitor de uso e xestión.

Artigo 27. Ocupación do espazo público con aparellos de navegación.

1. Queda prohibida a ocupación do dominio público marítimo terrestre sen autorización, así como o abandono de obxectos, aparellos ou elementos como embarcacións, remolques, táboas de windsurf, velas, motos náuticas, hamacas, remos e similares.

2. No caso de incumprir dita prohibición, a autoridade competente actuará segundo o seguinte procedemento:

a) Redactarase acta descritiva da situación, característica do aparello, obxecto, elemento e titularidade. No caso de embarcacións matriculadas comunicaráselle a Capitanía Marítima.

b) Requirirase a persoa infractora e/ou titular para que se retire o elemento en cuestión nun prazo de 24 horas, con indicación, a modo de advertencia no mesmo requirimento, de que, de o incumprir, o propio requirimento servirá de orde de execución da retirada inmediata, unha vez transcorridas 24 horas. Neste caso a retirada e depósito en dependencias municipais realizaraa de forma subsidiaria o Concello, repercutindo os custes ocasionados á persoa infractora.

c) No caso de ser imposible o requirimento, malia ter identificada a persoa infractora, pola súa non localización, retirárase de forma cautelar, e constará na acta tal circunstancia.

d) No caso de non existir medio identificador da titularidade do obxecto, aparello ou elemento, recolleranse na acta tales extremos e a Administración municipal ou axentes da autoridade desta facultaranse para retirar de xeito cautelar os obxectos, aparellos ou elementos antes enunciados, e o seu depósito nun recinto municipal.

e) En todos os casos nos que non esté presente a persoa infractora ou titular no momento da retirada polo servizo municipal, publicarase este feito na forma que legalmente corresponda para o seu coñecemento.

f) Os obxectos, aparellos ou elementos retirados poderanlle ser devoltos á persoa infractora tras acreditar a súa propiedade e, no seu caso, aboase os custes ocasionados pola súa retirada.

TÍTULO X. DA PRÁCTICA DE XOGOS E DEPORTIVA NA ZONA DE BAÑO

Artigo 28. Actividades deportivas, culturais e xogos na area

1. O paseo, a estancia ou o baño na praia ou no mar teñen preferencia sobre calquera outro uso.

2. A realización de actividades ou xogos (pelota, pas, voleibol-praia, etc.) tanto na area coma na agua, poderanse realizar única e exclusivamente de non supoñeren unha molestia para o resto das persoas ou se a dimensión do areal así o permite.

Nos areas con vexetación dunar delimitada débese gardar unha distancia con respecto ao peche de 10 m onde non se poderán realizar xogos ou actividades que a poidan afectar.

3. Poderán realizarse actividades deportivas ou lúdicas nas zonas que o Concello habilite para a práctica de diversos deportes, xogos infantís e xuvenís, etc.

4. As actividades de carácter deportivo, lúdico ou cultural organizadas, sen prexuízo das autorizacións que sexan preceptivas, deberán situarse nas zonas que, polo tipo de actividade e areal, se considere tecnicamente máis conveniente. En tales casos, o espazo destinado á actividade poderá ser delimitado tras a autorización.

5. Está prohibida calquera tipo de publicidade mediante, carteis, vehículos, lonas, altofalantes, audiovisuais ou calquera outro medio análogo coa mesma finalidade salvo autorización expresa da autoridade competente.

6. Nos areas do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia estarase tamén ao disposto nas normas do seu plan reitor de uso e xestión.

TÍTULO XI. DA VENDA AMBULANTE E OUTRAS ACTIVIDADES LUCRATIVAS

Artigo 29. Normas xerais.

1. Na venda ambulante estarase ao disposto na correspondente ordenanza municipal para o exercicio da venda fóra do establecemento comercial e demais normativa sectorial de aplicación.
2. Queda prohibida a venda ambulante nos areas de calquera tipo de produto, en especial aqueles como bebidas e produtos alimenticios en xeral, cuxa normativa así o establece.
3. A prohibición anterior non terá efecto se quen vende dispón da correspondente autorización administrativa, que deberá especificar o tipo de produto , o lugar ou lugares precisos onde debe exercerse a venda, e as datas e horario en que poderá levarse a cabo.
4. Queda prohibida a realización de figuras de area que supoñan a ocupación de espazo público salvo que esta dispoña da correspondente autorización administrativa.
5. Con carácter xeral queda terminantemente prohibida a realización de calquera tipo de actividade lucrativa nos areas do término municipal de Vigo sen a preceptiva autorización administrativa que corresponda por razón da materia.

TITULO XII. RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO I. INFRACCIÓNS

Artigo 30. Tipificación de infraccións

Constitúen infraccións administrativas as accións ou omisións tipificadas pola presente ordenanza como incumprimento de deberes, prohibicións, limitacións ou obrigas contidas nesta.

1. Constitúen infraccións leves:

- a) Non depositar os residuos nos contedores, facéndoo directamente na area ou no mar.
- b) Tirar calquera tipo de residuo á area ou a auga, como: cabichas, restos de comidas e de froitos secos, papeis, latas, etc.
- c) Acceder con mobiliario ou elementos distintos aos específicos de uso cotiá nos areas.
- d) Abandonar nos areas restos da pesca como cebos, anzois, e demais aparellos.
- e) Permanecer ou bañarse naquelas zonas delimitadas para a entrada e saída de embarcacións.
- f) Non seguir as indicacións ou a sinalizacións de seguridade emanadas da autoridade competente.
- g) Usar de xeito indebido da agua das duchas, lavapés ou aseos así como asearse no mar ou no areal utilizando xabón, xel, champú ou calquera outro produto similar.
- h) Actividades, xogar con balóns, pas de praia, papaventos, discos voadores, etc., cando resulten molestos para os usuarios/as do areal.
- i) Non respectar os 10 metros de distancia con respecto á fronte dunar para a realización de calquera práctica deportiva.
- l) Non respectar os períodos e horarios establecidos para a pesca recreativa .

- m) Empregar dispositivos sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso, distracción ou lecer salvo autorización expresa da autoridade competente.
- n) Realizar evacuación fisiolóxica no mar ou nos areais.
- ñ) Realizar explotación económica advertida unha soa vez de calquera natureza en calquera punto das praias ou zonas anexas con independencia da súa titularidade;. Enténdese por explotación económica calquera actividade pola que se perciba un prezo, con independencia da personalidade da ou do infractor, que pode ser persoa física ou entidade xurídica con ou sen ánimo de lucro. Encádrase dentro deste tipo ou alugueiro ou cesión de elementos de surf, bodyboard, longboard, paddle surf ou similares, así como a prestación de ensinanzas destas prácticas deportivas por escolas que non conten con licenza municipal e autorización do órgano competente en materia de costas.
- o) Todas as demais condutas contrarias ao preceptuado nesta Ordenanza que non teñan a cualificación de graves ou moi graves.

2. Constitúen infraccións graves:

- a) Reincidir na comisión de infraccións leves no prazo dun ano.
- b) Impedir ou obstaculizar as inspeccións e comprobacións necesarias para o efectivo cumprimento desta ordenanza así como non prestar colaboración á Administración municipal ou axentes desta.
- c) Realizar labores de reposta ou mantemento de maquinaria na area.
- d) Depositar nos contedores materiais en combustión, entullos, madeiras, animais mortos, etc., así como verter líquidos dentro dos contedores.
- e) Atracar e desatracar, varar ou permanecer as embarcacións, táboas de paddle surf, windsurf, kitesurf, motos náuticas, etc., fóra das zonas sinalizadas e destinadas para tal fin.
- f) Entrar e saír ao mar desde o areal por quen realiza pesca submarina co fusil cargado ou outro instrumento que atente á seguridade das persoas así como a súa manipulación no areal.
- g) Abandonar no areal calquera tipo de elementos voluminosos tales como neveiras, cadeiras, parasois, etc.
- h) Bañarse coa bandeira vermella izada.
- i) Facer un uso indebido ou deteriorar as duchas, lavapés, aseos, contedores ou calquera mobiliario instalado no areal.
- l) A falta de limpeza e hixiene no areal ou calquera conduta que comporte unha alteración medioambiental que afecte á integridade física de terceiras persoas ou a seguridade e salubridade pública.
- m) Tirar ou depositar na area ou no mar vidros ou envases metálicos, ou calquera elemento cortante, así como sobrantes de obras.
- n) Utilizar grellas e prender fogueiras ou calquera outra fonte de calor nos areais sen autorización da administración.
- ñ) Utilizar bombonas de gas ou calquera líquido inflamable.
- o) Usar bengalas e materiais pirotécnicos, salvo emerxencias.
- p) Acampar, instalar tendas de campaña, estruturas de lona ou similares.
- q) Pescar con cana ou outros instrumentos destinados á pesca fóra do horario permitido.
- r) Practicar con táboas escorregadoras pola beira da praia ou similares, fóra das zonas habilitadas para tal fin e dentro da zona de baño.

3. Constitúen infraccións moi graves:

- a) Reincidir na comisión de infraccións graves no prazo dun ano.
- b) Facer publicidade a través de folletos, carteis, valados, medios audiovisuais ou de calquera outro tipo, segundo establece a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, salvo autorización expresa do órgano competente.
- c) Circular as embarcacións, táboas de surf, paddle surf, kite surf, motos náuticas, esquí náutico ou outros artefactos flotantes non autorizados a distancia inferior a 200 metros da costa e nas zonas de baño, salvo nos canais debidamente sinalizados.
- d) Verter e depositar materias que poidan producir contaminación e risco de accidentes.
- e) Celebrar actos públicos ou competicións deportivas organizadas nos areais sen a autorización preceptiva do órgano competente.
- f) Circular e estacionar vehículos no areal sen autorización expresa.
- g) Impedir ou obstruír grave e relevantemente o normal funcionamento nos areais do servizo públicos, en especial ao de limpeza dos areais e ao de vixilancia, salvamento, socorrismo e primeiros auxilios.
- h) Impedir o uso dun servizo público por outra ou outras persoas con dereito a súa utilización, así como o libre acceso público ás instalacións municipais tales como duchas, lavapés, aseos, etc.

CAPITULO II. SANCIONES

Artigo 31. Apercibimento

1. A autoridade municipal ou axentes desta poderán apercibir verbalmente a quen infrinxa calquera das disposicións contidas nesta ordenanza, co fin de que, de forma inmediata, cesen a actividade prohibida ou realicen a obriga debida, sen prexuízo da incoación de expediente sancionador cando corresponda, ou de ser o caso, a remisión de parte de denuncia á administración competente.
2. O persoal de salvamento ou socorrismo apoiará aos anteriores no labor de informar do establecido nesta ordenanza. Comunicará particularmente as infraccións e apercibiralle ao posible infractor ou infractora das responsabilidades que da súa conduta lle poden derivar.
3. Os e as bañistas teñen a obriga de seguir as orientacións e as indicacións que por seguridade poidan realizar axentes da autoridade ou membros do Servizo de Salvamento e Socorrismo, así como cantas disposicións de desenvolvemento existan ou que poidan ditarse en diante polos organismos competentes.

Artigo 32. Sancións

1. As sancións pola infracción desta ordenanza serán independentes de calquera outra medida cautelar, preventiva ou reparadora que adopten os órganos competentes.
2. As infraccións tipificadas nesta ordenanza, en defecto de normativa sectorial específica, serán sancionadas con multas na forma e contías establecidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (art. 141):
 - a) Infraccións leves: multas ata 750,00 €
 - b) Infraccións graves: multas desde 751,00 € ata 1.500,00 €

c) Infraccións moi graves: multas desde 1.501,00 € ata 3.000,00 €

Artigo 33. Graduación das sancións

Para a graduación das respectivas sancións deberase observar a debida idoneidade e necesidade da sanción que se vaia impor e a súa adecuación á gravidade do feito constitutivo da infracción. A graduación da sanción considerará especialmente os seguintes criterios:

- a) O grao de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.
- b) A continuidade ou persistencia na conduta infractora.
- c) A natureza dos prexuízos causados.
- d) A reincidencia por cometer no termo dun ano máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa

Artigo 34. Prescrición de infraccións e sancións

1. As infraccións leves prescriben aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.
2. As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.
3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese e o das sancións desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Artigo 35. Responsabilidade

Para os efectos desta ordenanza, terán a consideración de responsables das infraccións previstas nesta:

1. As persoas que directamente, por conta propia ou allea, executen a actividade infractora, ou quen ordene a dita actividade cando a persoa executora se vexa obrigada a cumprir a dita orde.
2. Cando o cumprimento dunha obriga establecida por esta ordenanza corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que, se for o caso, se cometan e das sancións que se impoñan. Non obstante, cando a sanción sexa pecuniaria e sexa posible, individualizarase na resolución en función do grao de participación de cada responsable.
3. Son responsables, subsidiariamente, en caso que non se poida identificar a autores, titulares ou propietarios/as dos vehículos ou embarcacións, táboas ou elementos semellantes cos que se realice a infracción.
4. No caso de que a persoa infractora fose menor de idade, exixirase a responsabilidade do pai, nai o titor/a, gardador/a ou persoa responsable legal, sobre o pagamento da sanción pecuniaria correspondente, así como da reparación dos danos.

5 Serán responsables os titulares das licencias ou autorizacións cando, con ocasión do exercicio dun dereito recoñecido nelas, se incorra nalgunha das infraccións tipificadas na presente ordenanza.

6. As responsabilidades administrativas que deriven da comisión dunha infracción serán compatibles coa exigencia ao infractor ou infractora da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario. Asemade, ha de indemnizar polos danos e perdas causadas, que será determinada e exixida polo órgano a que corresponda o exercicio da potestade sancionadora. Se non se satisfixer a indemnización no prazo que para o efecto se determine en función da súa contía, procederase na forma prevista no artigo 101 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 36. Potestade sancionadora e órganos competentes.

As infraccións a esta ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, tras a instrución do correspondente expediente sancionador.

CAPÍTULO III. MEDIDAS PROVISORIAS

Artigo 37. Medidas provisionarias.

1. Iniciado o procedemento, o órgano administrativo competente para resolver poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte e de forma motivada, as medidas provisionarias que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que se poida ditar, se existisen elementos de xuízo suficientes para isto, de acordo cos principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade.

2. Antes da iniciación do procedemento administrativo, o órgano competente para iniciar ou instruír o procedemento, de oficio ou por instancia de parte, nos casos de urxencia inaprazable e para a protección provisionaria dos intereses implicados, poderá adoptar de forma motivada as medidas provisionarias que resulten necesarias e proporcionadas. As medidas provisionarias deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento. Este deberá efectuarse dentro dos quince días seguintes á súa adopción, e poderá ser obxecto do recurso que proceda. En todo caso, estas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no mencionado prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso acerca delas.

3. Non se poderán adoptar medidas provisionarias que poidan causar prexuízo de difícil ou imposible reparación aos interesados ou que impliquen violación de dereitos amparados polas leis.

4. As medidas provisionarias poderán ser retiradas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de oficio ou por instancia de parte, en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puideron ser tidas en conta no momento da súa adopción. En todo caso, extinguiranse cando produza efectos a resolución administrativa que poña fin ao procedemento correspondente.

CAPITULO IV. PROCEDEMENTO

Artigo 38. Réxime xurídico.

Os procedementos administrativos sancionadores tramitaranse de acordo co estipulado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público ou as disposicións normativas que as substitúan no caso da derogación correspondente.

Artigo 39. Caducidade do procedemento sancionador

1. Nos procedementos sancionadores instruídos en aplicación desta ordenanza deberá ditarse e notificarse a oportuna resolución no prazo máximo de seis meses, contados a partir do momento en que se acordou a súa iniciación.

2. A falta de notificación da resolución á persoa interesada no devandito prazo determinará a caducidade do procedemento, agás nos supostos en que o procedemento se paralizase por causas imputables ás persoas interesadas ou se acordase a súa suspensión nos casos previstos no artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o que interromperá o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións municipais do mesmo ou inferior rango que regulen materias contidas nesta ordenanza, en canto se opoñan ou contradigan o seu contido.

DISPOSICIÓN FINAIS

Única. Entrada en vigor.

Conforme co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta ordenanza entrará en vigor ós 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

ANEXO

N.º	NOME DO AREAL	CATEGORÍA	TRAMO	PARROQUIA
1	A SUACASA	Natural	Único	Teis
2	O MENDE	Natural	Único	Teis
3	RÍOS RAMPA	Urbana	Único	Teis
4	RÍOS PILÓN	Urbana	Único	Teis
5	ETEA	Urbana	Único	Teis

6	A PUNTA	Urbana	Único	Teis
7	TEMOEIRAS	Urbana	Único	Teis
8	O AREÍÑO	Urbana	Único	Teis
9	O FARO	Natural	Único	Teis
10	A LAGOA	Urbana	Único	Teis
11	A FÁBRICA	Urbana	Único	Teis
12	A MANGUIÑA	Urbana	Único	Teis
13	O ADRO	Urbana	Único	Bouzas
14	FONTOURA	Urbana	Único	Alcabre
15	O CARRIL	Urbana	Único	Alcabre
16	SANTA BAIA	Urbana	Único	Alcabre
17	O COCHO	Urbana	Único	Alcabre
18	A MOURISCA	Natural	Único	Alcabre
19	FONTES	Natural	Único	Alcabre
20	TOMBO DO GATO	Urbana	Único	Alcabre
21	A ESPEDRIGADA	Urbana	Único	Alcabre
22	O COCHO DAS DORNAS	Urbana	Único	Alcabre
23	A ARGAZADA	Urbana	Único	Alcabre
24	SAMIL	Urbana	Único	Navia
25	A FOZ	Urbana	Único	Navia/Coruxo
26	A CALZOA	Urbana	Único	Coruxo
27	O FECHIÑO	Urbana	Único	Coruxo
28	A FONTAÍÑA	Urbana	Único	Coruxo

29	O BALUARTE	Natural	Único	Coruxo
30	O VAO	Natural	Único	Coruxo
31	A AREA GRANDE TORALLA	Urbana	Único	Coruxo
32	A AREA PEQUENA TORALLA	Urbana		Coruxo
33	O SERRAL	Natural	Único	Oia
34	CANIDO	Urbana	Único	Oia
35	XUNQUEIRO	Urbana	Único	Oia
36	A SOBREIRA	Urbana	Único	Oia
37	A BURACA	Urbana	Único	Oia
38	A FURNA	Natural	Único	Oia
39	O APIO	Natural	Único	Oia
40	CANTO DE AREA	Natural	Único	Oia
41	NOVIA	Natural	Único	Oia
42	O FORTIÑÓN	Natural	Tramo 1	Oia
42	O FORTIÑÓN	Urbana	Tramo 2	Saiáns
43	O PORTIÑO	Urbana	Único	Saiáns
44	OS SEIXOS	Natural	Único	Saiáns
45	SAN MARTIÑO	Natural	Único	Illas Cíes
46	NOSA SEÑORA	Natural	Único	Illas Cíes
47	OS BOLOS	Natural	Único	Illas Cíes
48	AS RODAS	Natural	Único	Illas Cíes
49	O ALMACÉN	Natural	Único	Illas Cíes

50	A AREA PEQUENA	Natural	Único	Illas Cíes
51	A AREA GRANDE DO MUXIEIRO	Natural	Único	Illas Cíes
52	AREA DE FREIXEIROS	Natural	Único	Illas Cíes
53	FIGUEIRAS	Natural	Único	Illas Cíes
54	AREA DO MEDIO	Natural	Único	Illas Cíes
55	A CANTAREIRA	Natural	Único	Illas Cíes
56	AS MARGARIDAS	Natural	Único	Illas Cíes

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

4(125).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO POR UN CURSO ESCOLAR SEGURO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2567/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 3 de setembro de 2020, número 2567/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa e Sra. Méndez Fuentes, formulan a seguinte,

MOCIÓN POR UN CURSO ESCOLAR SEGURO.

Atendendo ás datas oficiais previstas, o día de 10 de setembro dará comezo o curso escolar en Educación Infantil e Primaria, e o 16 en Secundaria. Mentres, seguimos a atravesar unha crise sanitaria dabondo coñecida. Ante esta situación, as novas que seguen chegando dende a Consellería de Educación da Xunta de

Galicia sementan preocupación e inseguridade en toda a comunidade educativa: persoal docente e de administración nos centros, alumnado dos distintos niveis académicos e familias.

En plena pandemia, non se pode pretender que o regreso do alumnado sexa a custo cero. Tras meses de negarse a escoitar, Feijóo improvisa agora cambios no Protocolo de volta ás aulas para cumprir sobre o papel o acordo co Ministerio de Educación. Chegan tarde para ser aplicadas correctamente no inicio do curso, o 10 de setembro, e chegan sen recursos, deixando todo o traballo en mans do profesorado, alumnado e familias. Nin se contrata máis persoal docente e de servizos, nin se toman medidas para o cumprimento das novas normativa.

Dende o mes de marzo, diversos colectivos do profesorado, Asociacións de Nais e Pais de Alumnado, así como sindicatos de Educación, veñen reclamando diálogo para establecer:

- Unha planificación rigorosa para unha volta segura ás aulas en setembro.
- Contratación de novo profesorado con incorporación efectiva dende o primeiro día de curso.
- Consecuente baixada da ratio nas aulas (número de estudantes por aula) para garantir a seguridade.
- Distancia interpersoal acorde ás recomendacións sanitarias. 1,5 metro entre pupitres cando menos. -Continuidade nos servizos de comedor, que en Vigo afecta a máis de 2.000 estudantes; de madrugadores e das actividades extraescolares. Uns servizos que, dende hai máis de 20 anos, en Vigo veñen xestionando as ANPAS.

E, tamén dende o mes de marzo ata hoxe, a resposta da Consellería de Educación foi:

-Presentación dun “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid19 nos centros de ensino non universitario” que, tras cinco meses para establecer o diálogo coa comunidade educativa para elaborar un protocolo seguro e eficaz, non contemplaba ningunha medida que garanta a seguridade. Un Protocolo baleiro que a Xunta se viu obrigada a modificar na teoría por mor da fonda contestación social que obtivo. Descontento na sociedade xeral, mobilización dos sindicatos diante de San Caetano e convocatoria de folga neste inicio de curso.

-Anuncios enganosos sobre o aumento de profesorado. A contratación de profesorado de Secundaria mediante o programa de Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación (ARCO) é unha vía habitual, que xa existía, para a contratación de profesorado de reforzo a media xornada, segundo as necesidades dos centros. Polo tanto, estas contratacións non están vinculadas co Protocolo da

Xunta, pois o Protocolo non contempla a contratación específica de profesorado a raíz da actual situación sanitaria.

-En consecuencia, non se garante unha baixada da ratio nas aulas. Convivirán 25 e mesmo máis de 30 alumnos por aula.

-Grazas á presión social e política, a última versión do Protocolo si recolle a necesaria distancia interpersonal nas aulas de 1,5 metros, aínda que SÓ para Secundaria. Porén, manter esa distancia será dubidoso se non se habilitan espazos para desdobrar as aulas cando sexa necesario. Para iso, o Concello de Vigo pode e debe pór a dispor dos centros un listado de instalacións municipais dispoñibles.

-Grazas á presión social e política, agora si se contempla a continuidade dos servizos de comedor e do servizo de madrugadores, pero as actividades extraescolares continúan no aire, trasladándose ás ANPAS toda a responsabilidade sen ofrecerlles criterios organizativos claros.

-Tampouco se prevé contratación de persoal de enfermería para os centros, unha recomendación das autoridades sanitarias que a Xunta ignora por completo.

En resumo: nada fixo a Xunta de Galicia. Ademais, hoxe por hoxe, descoñécese se vai existir alternancia entre clases presenciais e a teledocencia. De ser o caso, é fundamental que os poderes públicos avalíen e dispoñan solucións para salvar as consecuencias que isto tería en moitos fogares pola xa coñecida fenda dixital, que non deixa de ser un síntoma da fenda social, e para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, sen que se cargue de novo e coma sempre máis traballo sobre as mulleres.

Polo exposto, o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes ACORDOS:

1. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Concelleiro de Educación a manter unha constante comunicación coas Direccións e ANPAS de todos os centros de ensino de Vigo e a estar ao seu dispor no referente a desinfección, habilitación de instalacións municipais que poidan necesitar os centros e calquera outra cuestión organizativa para un desenvolvemento seguro do curso escolar 2020-2021.
2. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local á reactivación do Consello Escolar Municipal, paralizado por mor do coronavirus, dispoñendo os medios tecnolóxicos para garantir a seguridade. Hoxe máis ca nunca é un instrumento imprescindible para artellar calquera medida encamiñada a acadar no ámbito municipal unha educación universal, pública e de calidade.
3. O Pleno do Concello de Vigo insta á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a despregar todas as medidas necesarias requiridas pola comunidade educativa e as autoridades sanitarias para un comezo e desenvolvemento do curso escolar 2020-2021 seguro, garantindo o dereito a unha educación

pública e de calidade para todo o alumnado de Vigo e a tranquilidade das súas familias.

4. O Pleno do Concello de Vigo insta a esta Corporación a aprobar un compromiso para que o Concello de Vigo amose o seu apoio á Educación Pública e poña a disposición os recursos técnicos e de seguridade necesarios para a celebración dos actos reivindicativos que sexan promovidos e convocados pola comunidade educativa de Vigo.

DEBATE:

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Cando nos atopamos na véspera do inicio do curso escolar este Pleno do Concello de Vigo é sen dúbida o Pleno da Educación e o Pleno pola educación como ese é tamén o tema central que esta ocupando verdade a actualidade de Galicia e do resto do Estado, unha vez máis temos que despedir ao Alcalde de Vigo que desatende ás súas funcións abandonando o Pleno do Concello, algo que se reitera en tódolos Plenos desde que esta concelleira tomou posesión o 26 de maio de 2019, dito isto, dende o punto de vista da Marea de Vigo neste Pleno temos que estar á altura verdade, do que está a facer a comunidade educativa que é atopar consensos, acadar unidade fronte a unha Xunta de Galicia, digámolo claro, que está negándose a asumir as súas responsabilidades e que está poñendo en risco o dereito a unha educación pública, segura e de calidade, unha Xunta de Galicia que nos ofrece tanta seguridade que cando estamos a cuestión de horas de comezar o novo curso escolar, destitúe ás dúas cabezas pensantes do protocolo contra a COVID-19 nas escolas, Carme Pomar e Vázquez Almuiña, unha decisión que efectivamente nos deixa moi tranquilos con respecto a ese protocolo, borrón e conta nova supostamente pero o protocolo do mesmo e a vontade de soste a educación no medio dunha pandemia a custe cero, tamén é a mesma, por iso temos que atopar grandes acordos na maioría progresista, defensora do servizos públicos que conforma este Pleno, ese é o ton e esa é a vontade coa que nós presentamos aquí a nosa moción por un curso escolar seguro.

Onte mesmo, atopabámonos na convocatoria realizada pola Federación Olívica de asociacións de nais e pais do alumnado, diante do edificio da Xunta de Galicia, en Vigo é secundade ademais na unidade por amplos sectores da comunidade

educativa, sindicatos, profesorado, alumnado, familias, en definitiva. Por que esta cuestión, este desafío que temos por diante para garantir o dereito á educación en condicións de igualdade e de seguridade aféctanos transversalmente como sociedade, neste sentido tamén a convocatoria de folga prevista para os próximos días do curso comezando xa mañá mesmo, non é unha convocatoria que atinxa só ao profesorado no que sería a lexítima reivindicación dos seus dereitos, senón que se converte nunha convocatoria ampla secundada polo conxunto da comunidade educativa porque como dicimos o desafío de garantir o dereito a unha educación pública e segura é de calidade en tempos de pandemia afecta a toda a sociedade no caso de Vigo, afecta a miles de familias de xeito directo e ao conxunto dos vigueses/as de xeito indirecto, tanto dende o punto de vista da seguridade sanitaria, na medida en que o que acontece nas aulas vai repercutir en todas nós colateralmente, como tamén dende o punto de vista social e incluso ético, na medida en que a Xunta de Galicia do Sr. Feijóo está como digo, poñendo en risco un dereito fundamental recollido na Constitución, que tanto din defender que é o dereito á educación. A educación pública atópase xa neste momentos debilitada e ameazada por mor dun goberno de Galicia elitista que leva anos afundindo o sector público coa súas políticas, en todos estes anos os acertos do Sr. Feijóo só foron os acertos para unha minoría privilexiada, explotadora e con tintes de camorra; gobernou contra o pobo antes da COVID-19 e pretende seguir facendo tamén coa excusa da COVID-19, ante isto, ante o escenario que presenta o Sr. Feijóo para a cidade de Vigo a principal proposta e o principal acordo que nós lle propoñemos sobre a mesa a este Pleno é o acordo primordial de que o Concello de Vigo sexa bandeira na defensa do dereito á educación, esixindo á Xunta de Galicia que coloque por suposto os recursos económicos para despregar tódalas medidas necesarias requiridas pola comunidade educativa e as autoridades sanitarias para un comezo e un desenvolvemento do curso escolar seguro, e tamén co compromiso do goberno local para reactivar á maior celeridade ao Consello Escolar de educación como tamén veñen demandando determinados sindicatos e sectores da educación e tamén por suposto un compromiso para poñerse a disposición das necesidades da comunidade educativa.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O bloque Nacionalista Galego queremos expresar en primeiro lugar, o noso apoio a esta moción da Marea e Vigo, na medida en que recolle as demandas que teñen sido reiteradamente trasladados por parte do conxunto da comunidade educativa diante deste escandaloso despropósito de inicio do curso que nos ofrece a irresponsabilidade do goberno galego do Partido Popular. Mañá está previsto que se inicie o curso escolar e claro hoxe e que ninguén en rigor pode negar que non se dan as condicións para que ese inicio da actividade lectiva presencial sexa seguro, nese sentido o Bloque Nacionalista queremos reiterar o noso pleno apoio a FOAMPAS que representa o conxunto de asociación de pais e nais desta cidade e tamén a folga convocada polas principais organización sindicais. A Xunta de Galicia do Partido Popular do Sr. Feijóo tivo moitos meses para preparar e planificar o inicio do curso, pero non só de elaborar protocolos que eran magníficos nas súas primeiras redaccións pero que ían sucedéndose en novas versións conforme quedaba patente a súa insuficiencia, do que se trata é de poñer medios humanos, medios materiais que permitan as mellores garantías sanitarias e que permitan que o que ven recollidos nos protocolos non fiquen en papel mollado, máis a resposta da Xunta de Galicia foi en primeiro lugar, derivar a responsabilidade nas ANPAS para garantir servizos mal chamados complementarios, como son o servizo de aulas matinais, como son os comedores, que son imprescindibles para un número moi importante de familias tamén nesta cidade para poder garantir a escolaridade dos seus fillos/as e conciliar a súa vida laboral e familiar. A única resposta en termos de medios foi, a ridícula contratación de 241 persoas máis como persoal docente. Dende o BNG agardamos que agora que toca a quenda de interacción do Partido Popular que o que se anuncie hoxe neste Pleno e que o Sr. César Pérez vai ser cesado como xefe territorial de Educación polo seu nefasto papel e polas descualificacións que ten blindado ás familias viguesas nos últimos días.

SRA. LÓPEZ ROMÁN: O 10 de setembro comeza o curso escolar e este se pode levar a cabo gracias ao traballo feito durante estes meses da consellería de Educación porque o Ministerio estivo completamente ausente, ata o 27 de agosto non se reuniu coas comunidades e iso despois de recibir críticas dende o propio goberno

pola súa falla de liderado, porque ese é realmente o problema, non só en Galicia senón en tódalas comunidades autónomas. Tampouco soubemos nada durante todo este tempo do concelleiro de Educación, si dende este Concello están tan preocupado polo inicio do curso escolar a postura da concellería de Educación tería que ter sido construtiva, cara a consellería de Educación, tiveron varios meses para trasladar a súa preocupación pero isto non se fixo, no desenvolvemento da súa moción vostede cualifica o protocolo da Xunta de Galicia de protocolo baleiro e que se viu obrigado a modificar en varias ocasións o mesmo. Considero que tódalas modificacións que se fixeron no protocolo ao longo deste verán, foron para aunar criterios e para introducir melloras no desenvolvemento da súa moción continua falando das actividades extraescolares, segundo vostede estas continúas non aire, lle informo que a pesares de non ser unha actividade educativa propiamente dita, o protocolo si que as contempla para a volta ao colexio, este conta cun apartado específico sobre a xestión das mesmas, en ditas instrucións se explica que as entidades xestoras destas actividades deberán elaborar un protocolo específico que será incorporado ao plan de adaptación á situación COVID-19 do centro escolar. Fronte a outras comunidades que previron a realización destas actividades, Galicia si permite realizalas pero require dun protocolo de adaptación específico, de novo a falla de coordinación e de directrices do Ministerio. A consellería non traballa de costas ao cidadán, escoita as suxestións e achegas que se van transmitindo dende os diferentes colectivos educativos, por iso é importante que este protocolo estea vivo e que se adapte a esta realidade que é cambiante e é a que nos está tocando vivir. Así mesmo lle informo que o novo concelleiro de Educación se reúne hoxe mesmo cos diferentes colectivos para poder perfilar si cabe algo máis dicho protocolo, e dende o concello de Vigo que se fixo non se activou o Consello Escolar Municipal, descoñecemos a comunicación que existe entre a dirección dos centros escolares e as ANPAS da nosa cidade, polo tanto, estamos totalmente de acordo que exista unha comunicación fluída entre os diferentes axentes que interveñen na comunidade educativa. O noso Concello non pode dar as costas a comunidade educativa, poñamos por exemplo un concello, o de Valladolid, este se fai cargo da limpeza extraordinaria dos colexios de infantil, primaria e educación especial, a concellería de Educación incrementou o seu

orçamento en 60.000 euros ao mes para garantir as condicións hixiénica e sanitarias de tódolos colexios da cidade.

Por que o concello de Vigo no achega nada? Nos non opoñemos a que o Concello se comunique coas ANPAS nin que se reactive o Consello Escolar, ni que a xunta de Galicia despregue as medidas necesarias, se se nos permite nos gustaría votar esta moción por puntos, xa que dende o Partido Popular de Vigo estamos de acordo cos tres primeiros puntos, polo tanto, votaríamos a favor, pero non é así en canto ao último punto, dende o Partido Popular de Vigo consideramos que é moi importante que exista un compromiso por parte do Concello que mostre o seu apoio á educación pública e que se poñan a disposición os recursos técnicos e de seguridade necesaria, estes recursos non poden ser empregados prioritariamente para actos reivindicativos que son lexítimos, estes recursos teñen que ser empregados debido á situación, para dotar aos centros educativos de medidas hixiénico sanitarias como se fixo noutros concellos galegos, esa é a prioridade, se non se pode votar por puntos, nós absteremos.

SR. GÓMEZ DÍAZ: Vou a comezar polo final porque a Sra. López debeu estar ausente estes meses, outros estivemos traballando a diario e lle informe que a recentemente dimitida conselleira de Educación, recibiu unha carta deste concelleiro, ofrecéndolle a colaboración deste Concello para todo o que fose necesario nesta situación que entendemos que é moi difícil, tamén lle remitín, tamén exento xa conselleiro de sanidade pola gran xestión que fixeron neste meses e foron premiados polo Sr. Feijóo e no están xa no seu poso, e recibiron unha carta deste concelleiro. A Sra. López fala de que non dialogamos coa comunidade educativa, este concelleiro fala a diario coas ANPAS, fala a diario cos directores dos centros educativos da cidade e se vostedes falaran con eles saberían, porque estamos a diario falando coa comunidade educativa, e fala de que non fixemos nada nestes meses, home estamos facendo as competencias da Xunta de Galicia o que debería facer a Xunta de Galicia é dicir, ofrecemos espazos nos centros educativos para habilitar espazo para os nenos/as nos recreos e no seu tempo de lecer, estamos axudando a desinfección dos centros educativos, diso falaremos posteriormente noutra moción, a maiores dotamos de conexións e de ordenadores

aos nenos da cidade ante a ausencia da Xunta de Galicia durante a pandemia, e dicir, Sra. López os que están ausentes xa de feito sen os dous conselleiros que acaban de marchar, porque a xunta de Galicia estivo exenta totalmente neste momento e nesta situación, dende de comezou a pandemia.

Xa centrados no contido da moción a verdade que agradezo Sra. Méndez esta moción, dicía que hoxe é o Pleno da educación non, é certo que se concentran moitas mocións de educación no día de hoxe pero o tempo de educación ven sendo meses atrás, eu diría sempre é tempo de educación, digo que botaba de menos unha moción do grupo Mixto de educación porque considero que esta moción debeu chegar antes, non un día antes do comezo do curso, nós no mes de xuño presentamos unha moción na que instábamos á xunta de Galicia a facer uso dos cartos do fondo COVID-19, para precisamente isto que se reclama nesta moción, nós imos a votar a favor desta moción porque estamos de acordo co texto da moción pero xa digo nós xa reclamamos isto no mes de xuño, presentamos unha moción na que instábamos ao goberno a ampliación de espazos educativos, á baixada de ratio, a construción de novos equipamentos e clases de reforza para nenos con necesidades educativas específicas, unha serie de cuestións que deberíamos preguntarnos onde están os cartos do fondo COVID-19? Porque realmente os vigueses/as non saben onde están os cartos do fondo COVID-19 que foron aprobados hai nada, polo goberno de España creo que foi unha asignación de 98,7 millóns de euros que os vigueses/as non saben onde están, falaba cos directores dos colexios da cidade e datos curiosos, é que a Xunta de Galicia non lle aportou cartos nin para comprar o material necesario para garantir a seguridade dos rapaces nos colexios, é dicir, dende a sinalética que a ten pagar cos cartos de funcionamento como as mascarillas, as mamparas e todo o material necesario para desenvolver o curso de forma segura.

Despois a Sra. Méndez pídenos constante comunicación, como lle dicía á Sra. López Román estamos en constante comunicación con FOAMPA eu diría que a diario, estou falando co presidente coa voceira levamos meses falando porque é unha situación que tamén nos preocupa, ocupáronos despois noutra moción e falemos con máis calma, despois decía que a cidade de vigo ten que ser a principal bandeira da educación, non, e a defensa da educación, eu creo que agora mesmo a comunidade educativa de Vigo ten como bandeira e como único intercolutor, o

Alcalde de Vigo e a este concelleiro, porque estamos en contaste comunicación con eles, o alcalde reuniuse en múltiples ocasións cos directores, coas AMPAS e estamos intentando facilitar esta labor tal complicada e por certo, dicía a Sra. Román, o curso comeza grazas aos esforzo e traballo da consellería de Educación non quero pasar por este punto sen mencionar que iso non é certo Sra. López, comeza o curso gracias ao esforzo e ao sacrificio dos directores, dos profesores e das ANPAS, e debería pasar polos centros educativos e verían como están a traballar a reo para conseguir dar comezo a este curso e ver a súa desesperación, se foran polos centros educativos darase conta do que están a falar.

Por último, falando do Consello Escolar municipal, o Consello Escolar Municipal eu non tería ningún inconveniente en convocalo pero está en período de renovación, neste momento os seus membros están en período de renovación, saben que eses nomeamentos teñen que vir ao Pleno municipal, ten que darse conta ao Pleno e aprobarse no Pleno, unha vez que sexa aprobado evidentemente convocaremos o Consello Escolar Municipal sen ningún tipo problema, se estiveran os membros o convocaría sen ningún problema pero non ten moito sentido convocar o Consello Escolar Municipal mentres non veña polo Pleno e teñamos o novo grupo de Consello Escolar Municipal.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Para pechar brevemente, serei moi breve, agradecemos a vontade construtiva por parte do goberno local, agradecemos tamén por suposto o apoio do BNG, con citas e aquí tamén nos sentido do espírito da nosa moción un consenso progresista a favor do coidado da atención da protección do dereito á educación, efectivamente do Partido Popular, da Xunta de Galicia é que non podemos estar agardando nada porque unha vez máis efectivamente nos presentan un protocolo efectivamente si baleiro Sra. López, un protocolo baleiro que foi contestado pola sociedade en xeral, con mobilizacións das organizacións sindicais diante de San Caetano, con mobilizacións das asociacións de nais e pais, onte mesmos como dicíamos pola federación olívica de nais e pais de aquí en Vigo, atopámonos con anuncios enganosos sobre o aumento de profesorado que polo tanto non está garantindo, digamos a redución da ratio nas aulas, convivirían 25 incluso máis de 30 alumnos/as nunha mesma aula no que se refire a secundaria,

atopámonos en definitiva con que a Xunta de Galicia non está efectivamente cumprindo as súas competencias, sabemos que o goberno local vai a activar a partir de mañá co inicio das clases de infantil e de primaria un plan de tráfico escolar, sabemos tamén do anuncio da ampliación do contrato de limpeza nos colexios públicos e nas escolas municipais, coñecemos este tipo de cuestións e apoiámolas, é dicimos que o Concello de Vigo efectivamente non se pode enquistar agardando pola Xunta de Galicia, temos que reclamarlle efectivamente o cumprimento das súas competencias pero non e podemos agardar porque entón estarían quedando, digamos sen cubrir, cuestións fundamentais como efectivamente a dotación completa dos centros de ensino público, de material sanitario, de conexións a internet ou efectivamente habilitación e disposición de instalacións municipais que poidan ser necesarias para levar a cabo os desdobrementos. En definitiva agradecemos que se lea neste Pleno un encontro como digo da maioría progresista, do mesmo xeito que se están dando na comunidade educativa, ese encontro e sea unidade para que hoxe nove de setembro, saían de aquí acordos amplos que debuxan un compromiso firme do Concello de Vigo coa educación pública.

PRESIDENCIA: Preguntaron antes se aceptan o voto por puntos.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Non é posible que lle quitemos os puntos que piden a responsabilidade da administración competente.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente).

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e

catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 3.09.2020 (Rex. Nº 2567/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa e Sra. Méndez Fuentes, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5(126).- MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, CONTRA AS ABUSIVAS COMISIÓNS BANCARIAS E POLO DEREITO AO ACCESO UNIVERSAL E GRATUÍTO AOS SERVIZOS BANCARIOS. REXISTRO PLENO 2568/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 4 de setembro de 2020, número 2568/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

CONTRA AS ABUSIVAS COMISIÓNS BANCARIAS E POLO DEREITO AO ACCESO UNIVERSAL E GRATUÍTO AOS SERVIZOS BANCARIOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade dispor de servizos bancarios é unha necesidade practicamente ineludíbel para a cidadanía. No día a día, a práctica fai obrigatorio contar cando menos cunha conta aberta nunha entidade financeira para poder recibir ingresos (nómina, pensión ou subsidio) e para poder operar desde esta pagos que deben constar necesariamente mediante transferencia bancaria para poderen ser tidos en conta polas diferentes administracións .

No entanto, dispor dunha conta bancaria e utilizar os servizos dunha entidade financeira non é gratuíto para as persoas usuarias, malia que bancos e caixas xa

obteñen importantes beneficios derivados da utilización do diñeiro depositado. Unha situación que se agrava cando atinxe a persoas en situacións de vulnerabilidade social, vítimas da pobreza e o empobrecemento, que precisan de maneira obrigatoria dispor destes servizos bancarios, por exemplo, para percibir as contías do Ingreso Mínimo Vital.

A pesar de que a *Directiva 2014/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xullo de 2014, sobre a comparabilidade de comisións conexas as contas de pagamento, o traslado de contas de pagamento e o acceso a contas de pagamento básicas*, xa establecía o mecanismos das chamadas Contas de Pago Básicas (cunha operativa bancaria totalmente gratuíta) e a capacidade legal dos gobernos dos Estados para limitaren as comisións bancarias, no Estado español esas medidas non alcanzaron a máis mínima eficacia práctica a pesar da transposición normativa practicada en 2019.

Por unha banda, a existencia da modalidade das Contas Básicas de Pago é amplamente descoñecida a nivel social e a súa formalización está atravesada por unha alambicada complexidade burocrática, co único afán de dificultar o acceso ás mesmas. Por outra, na normativa española renunciouse, até o momento, a suprimir de maneira total unhas comisións bancarias que carecen de xustificación e que son apenas unha abusiva fonte de lucro para o sector. Así o visa o feito de que no feche do exercicio 2019 as comisións bancarias representase o 24%, de media, dos ingresos das entidades bancarias.

Cómpre subliñar, que os poderes públicos deben garantir a posibilidade de acceder a servizos bancarios, que son hoxe indispensábeis para o conxunto da cidadanía, de maneira gratuíta. Nese sentido, en ausencia dunha banca pública, que se demostra a cada vez con maior claridade un instrumento imprescindible, e sen menoscabo de apostar pola total eliminación das comisións bancarias, resulta urxente que se arbitren as medidas precisas para evitar que estas graven a persoas vulnerábeis e de escasos recursos, aplicando de maneira automática a súa exención a toda persoa que reciba subsidios ou rendas de inserción dalgún tipo, toda vez esa percepción xa acredita que reúnen as condicións para poderen dispor dunha Conta Básica.

Aliás, as comisións abusivas tamén afectan as administracións públicas. A actual Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Orzamentaria obriga as corporacións locais a dispoñeren de grandes depósitos bancarios sen posibilidade de os investir (caso por exemplo dos remanentes de tesourería), polo que a aplicación unilateral de comisións nestas contas supón un claro abuso por parte das entidades financeiras, que se traduce nun maior gasto financeiro para os concellos.

No pasado mes de xuño, Abanca, após alterar de maneira unilateral as condicións de servizo contratadas pola súa clientela, entre a que se atopan moitos millares de viguesas e vigueses, decidiu aplicar de maneira xeneralizada – afectando mesmo a persoas sen recursos- unha comisión semestral de 50 euros en concepto de costes de xestión e mantemento das contas bancarias. Trátase dunha entidade, creada a partir da bancarización e privatización das caixas de aforro, entre elas a sucesora da Caixa de Aforros Municipal de Vigo (Caixanova), que foi

rescatada con 9 mil millóns de euros públicos e entregada a capital privado estranxeiro por apenas mil millóns que foron amortizados no primeiro exercicio de actividade. Abanca fechou 2019 con 405 millóns de euros de beneficio. Feitos que agravan o evidente carácter abusivo das novas comisións bancarias aplicadas na súa clientela, e que motivou que máis de 120 mil persoas esixiran a través dunha recollida de sinaturas a súa retirada.

A orixe histórica da que provén unha parte substancial do que hoxe se denomina Abanca, e a súa evidente ligazón coa nosa cidade, motivou que até o momento esa entidade teña un relacionamento preferencial co propio Concello de Vigo, como demostra o elevado alcance de operacións e servizos que se prestan a través desta, ou a instalación dunha das súas oficinas na propia casa consistorial.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1 Instar o Goberno Municipal a:

- 1.1 Dirixirse á dirección de Abanca para esixir a devolución da totalidade das comisións de mantemento e xestión aplicadas desde xuño deste ano e que desista de volver aplicarlas.
- 1.2 A que, no caso de non ser atendida a reclamación anterior, se revisen todos os contratos formalizados con Abanca e os servizos que esta entidade presta ao Concello de Vigo.

2 Instar o Goberno español a:

- 2.1 Realizar os trámites necesarios para prohibir a aplicación de comisións bancarias polas entidades financeiras, para garantir o acceso universal e gratuíto a unha conta bancaria.
- 2.2 Regular a obrigación por parte das entidades bancarias de aplicar de forma automática as contas de pago básicas sen comisións a todas aquelas persoas que, por recibir subsidios ou axudas públicas, como é o Ingreso Mínimo Vital ou rendas de inserción, xa teñen acreditada a súa situación de vulnerabilidade.
- 2.3 Reformar a regulación actual da Regra de Gasto e solicitar ao Banco Central Europeo que declare exenta de tipos negativos a parte dos depósitos das entidades financeiras correspondente aos depósitos bancarios titularidade de administracións públicas

3 Instar a Xunta de Galiza a promover a creación dunha Banca Pública Galega.

DEBATE:

SR. PÉREZ IGLESIAS: O certo é que a cidade plenamente consciente do alcance que ten ese atraco cotiá das comisións bancarias que constitúen un claro abuso, mais

eu quixera comezar esta intervención poñendo o foco nalgunhas situacións singulares que demostran ata que punto esa realidade ten que ser mudada. Hoxe en Vigo hai persoas que percibindo unha RISGA ou unha pensión non contributiva de escasa contía, que subsiste mala mente con eses ingresos, que teñen que escoller, por exemplo entre poñer a calefacción ou facer máis lavadoras porque non se poden permitir literalmente facer fronte a tódolos gastos enerxéticos e que maila esa situación que ven derivada do seu empobrecemento, tendo a obriga material de dispor dunha conta bancaria para poder recibir eses ingresos, vense agredidas/os a través de comisións bancarias como as aplicadas unilateralmente pola Abanca dende mediados deste ano que lles gravan, furtan 100 euros anuais polo mero feito de ter unha conta aberta, vulnerando a directiva europea que establece que ten que haber servizos bancarios de carácter gratuíto nomeadamente para este tipo de situacións.

Para o BNG é momento de actuar contra estas comisións abusivas que son apenas unha fonte de lucro para grande banca privada e por iso esta moción o que quere é que goberno municipal se dirixa, neste caso concreto á Abanca, para reclamar, esixir a devolución da totalidade desas comisión e que no caso de que non se atenda esta reclamación o Concello de Vigo revise tódolos contratos e servizos que presta esta entidade para o Concello, pretendemos tamén que o goberno español ten que dar un paso para prohibir de maneira total a aplicación destas comisións abusivas e defendemos que é momento de que a Xunta de Galicia promova a creación dunha banca pública galega, que garanta no só o acceso universal e gratuíto a servizo bancarios senón dispor dunha entidade financeira, ao servizo do país, deste pobo e non unicamente atendendo a conta de resultados do seu accionariado privado.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: A manobra efectivamente coa que a Abanca comezou a aplicar unha comisión semestral de 50 euros a súa clientela en concepto mantemento de contas bancarias non é unha manobra que aparece así como os fungos, verdade, nesta época do ano, é dalgunha maneira unha das consecuencias do escuro e lamentable proceso de privatización das caixas de aforro galegas, neste sentido este grupo municipal rexistrou unha moción o pasado 7 xullo. A fusión e a posterior privatización das caixas de aforro galegas, foi o maior golpe

económico ao noso país nos últimos anos, en 2010 o presidente da Xunta de Galicia e a conselleira de Facenda anunciaban a fusión de Caixa Nova e Caixa Galicia prometendo unha caixa galega viable, apoiándose nunha suposta auditoría que avalaba esa operación, comezaba entón un festival de falsidades, de manipulación, e de ocultacións que rematou coa venda de Nova Galicia Banco a Banesco por 1.003 millóns de euros, máis unha serie de beneficios pactados a futuro. Só no primeiro ano de vida a Abanca obtivo 1.157 millóns de euros de beneficios, algo que amosa xa a magnitude verdade, do agasallo que se lle fixo ao banco venezolano e os efectos desa nefasta privatización chegan efectivamente ata hoxe, cando nos atopamos ante un dano intolerable que Abanca está exercendo sobre miles de familias co cobro desas comisións abusivas. Ese cobro inxustificable levou á indignación de miles de persoas pero debe ter tamén unha resposta por parte das administracións públicas que están para protexer a cidadanía nomeadamente por parte do Concello de Vigo que dende hai anos mantén unha estreita colaboración coa entidade. Así o defendimos en xullo e así o mantemos, defendemos que o Concello de Vigo supedite as contas municipais que ten formalizadas con Abanca, a devolución da totalidade das comisións e o ceso definitivo dese cobro no futuro, defendemos tamén que se avance na creación dunha banca pública sometida ao control e ás necesidades da maioría social, e insistimos tamén en algo máis, fundamental para a transparencia e a democracia que é o sentido das emendas que presentamos, que o Concello de Vigo esixa á Xunta de Galicia que cumpra coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que dende o 22 de xuño lle obriga a entregar ao Deputado, o Sr. Antón Sánchez, o informe sobre o proceso de fusión das caixas galegas o que se traduce en esclarecer publicamente con luz e taquígrafos como se tomaron as decisións no goberno galego e en asumir polo tanto, as consecuentes responsabilidades e temos que insistir tamén en que o Concello de Vigo inste ao Parlamento galego a reactivar esa comisión de investigación para analizar e avaliar as causas e as responsabilidades desa transformación das caixas en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarios aos seus exdirectivos. Remato xa, aínda que o BNG en marzo de 2010 votou neste mesmo Pleno do Concello de Vigo xunto co Partido Popular a prol da fusión das caixas e aínda que o PSdG non tardou tampouco en

sumarse a esa posición favorable, xa en maio do mesmo ano cando as dúas forzas PSdG e Bng amosaron o seu apoio a o Sr. Feijóo, hoxe confiamos e agardamos na súa representación no Parlamento galego, agardamos en que exerzan a súa oposición de esquerdas e en que defenderán estas cuestións que dende a Marea de Vigo propoñemos.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Efectivamente nós concordamos con que a situación, a actuación de Abanca neste caso, pois foi irregular e foi un abuso, porque se produce ademais durante o tempo en que estabamos confinados e que tamén esa actuación foi especialmente sangrante en xente que pois viu reducido os seus ingresos por estar en situación de ERTE ou incluso pois os desaparecidos por perder o seu emprego. É unha situación e é concordamos que non pode tolerarse e o que nos poñemos enriba da mesa, concordamos con moitos aspectos desta moción pero creo que hai que centrar a cuestión. Nós votaríamos a favor dos puntos que se introducen aí pero cremos que hai debates que se teñen que manter contidos, aquí se imos adoptar un acordo no Pleno no que se diga que estamos en contra e que revisen e devolvan os cartos das comisións cobradas nos parece ben, logo falar da banca pública galega ou das caixas de aforro me parece que o que se trata pois aquí non estariamos a defender as actuacións dos cidadáns, senón arrimando a ascua a nosa sardiña, non? Porque tamén poderíamos dicirmos que a supervisión bancaria e todo o que é a regulación bancaria é unha competencia do Estado e aquí non se soubo nada nin do Ministerio de consumo, por exemplo, nin do de Facenda nin do Banco de España, ao mellor sería máis acaído se cada un arrima a ascua a súa sardiña falar diso, pero cremos que se debe centrar a cuestión, e digo, non entendemos, aínda que poderíamos pasar por riba falar da regra de gasto do Banco Central Europeo, non sei que ten ver a regra de gasto con isto, pero poderíamos pasar por iso pero cremos que falar da Banca pública galega agora pois non é o sitio nin é o tema, non penso que o tema das persoas que cobraron ou que tiveron que pagar indebidamente unhas comisións vaian a arranxar o seu problema agora porque se cree unha banca pública galega que será outro debate que se producirá no Parlamento, agora o BNG veu reforzada a súa maioría alí, pois que o propoña alí, se imos a falar dos cartos dos vigueses, falemos dos cartos vigueses e pidámoslle á _Abanca que lle devolva os cartos, e logo aquí o que pediríamos é

unha votación por puntos, estaríamos a favor deses puntos e nos absteríamos no relativo á banca pública galega que pois poderá saír ou non, dependerá da situación, é complexa, vai a ser a máis complexa, aínda vaise agravar, estaría ben que tiveramos un posicionamento unánime que non misturemos cousas das que non temos que falar e pois se aceptasen esas emendas que se introduciron tamén, non as apoiaríamos.

SR. LÓPEZ FONT: Si convén centrar as cousas e convén centralas para no caer en demagoxias e en debates cruzados e precisamente para centrar as cuestións, eu creo que o primeiro que hai recoñecer é que estamos ante unha cuestión privada, en relación co que se propón, como ocorre no resto de entidades bancarias e doutro tipo, que tamén teñen clientes de tódalas capas sociais e aquí hai que comezar por chamar ás cousas polo seu nome, e a Abanca é un banco, nós pesará a todos, algúns máis que a outros, pero Abanca é un banco como o resto e o que parece nesta moción é que Abanca aínda fose unha caixa de aforros, estase utilizando unha linguaxe, estanse a facer unhas peticións e unha terminoloxía que parece que aínda estivesemos no ano 2009, e non non estamos no ano 2009, aquela caixa que tiñamos ata o ano 2010, perdeuse e hoxe Abanca ten un dono como o resto dos bancos e decide, seguro que lamentablemente para os nosos intereses como consumidores, decide, a súa política de clientes. E Sr. Pérez Iglesias, non temos caixas de aforros gracias a vostedes, non temos caixa de aforro gracias a que vostedes apoiaron ao Sr. Feijóo na fusión e nas caixas de aforros e o fixeron en contra dos intereses dos vigueses, porque antes da fusión das caixas de aforros que conduciu a esta privatización, non había comisións, pero había obra social para a Caixa de Aforros de Vigo contribuíra ao crecemento económico tanto persoal como colectivo e empresarial desta cidade e desta contorna, pero o Sr. Feijóo decidiu salvar a Caixa Galicia a costa de Caixa Vigo, e vostedes foron cómplices. Se fixo mención, efectivamente o 22 de marzo do ano 2010, neste mesmo salón de Plenos no que nos atopamos vostedes votaron co partido Popular a favor desa fusión, votaron conxuntamente co Partido Popular e impediron que os intereses dos vigueses/as no seu máximo órgano de expresión que é este Pleno se posicionase en contra desa fusión que xa advertíamos que ía ser moi negativa e evidentemente

así eran os titulares de prensa, nas hemerotecas efectivamente está absolutamente todo e hai moitos titulares daquela época e moitos titulares da posición política que tiveron vostedes, pero hai un moi significativo e é que o Sr. Feijóo agradecía a lealdade ao BNG por apoiar a fusión das Caixas de Aforros, moitos méritos hai que facer para que o Sr. Feijóo diga isto dun partido político da oposición. Polo tanto, naquel momento o Sr. Feijóo iniciou un ataque a esta cidade, solo levaba un ano de goberno e agradecía o apoio do BNG. Miren, a nós non nos gustan as comisións, ningunha, nis as de Abanca en singular, nin as do resto das entidades que teñan comisións, nin nos gustan as comisións dos caixeiros, nin das hipotecas, nin doutro tipo de produto, o que pasa é que isto forma parte das relacións comerciais e se aquí trouxeramos todo o que habería que reformar, seguro que estaríamos demasiados días debatendo.

Miren, para mi esta é a moción da nostalxia porque xa non hai caixa de aforros e si hai un banco como os demais, pero tamén é a moción na que quero entender que vostedes teñen unha mala conciencia por apoiar no seu momento esa moción, por esa culpabilidade que teñen vostedes, polo tanto, creo que antes de recoller sinaturas, antes de lamentarse destas comisións o que vostedes tiñan que facer é pedir perdón á cidadanía por aquela falla de apoio que supuxo algo que era de tódalas viguesas/es, nunca mellor dito nesta ocasión se pode dicir que aqueles polvos trouxeron estes lodos, nesta ocasión en forma de comisións.

PRESIDENCIA: Quería agradecerlle á señora da limpeza o seu traballo neste Pleno que fai posible mudemos de sitio con seguridade COVID-19.

Ten a palabra o concelleiro non adscrito.

SR. PEREZ IGLESIAS: Hai un titular Sr. López Font que vostede esqueceu deliberadamente e é do 29 de novembro do 2010, di, “Caballero” que está hoxe felizmente presente, “declarase inmensamente feliz coa fusión porque é a caixa pola que Vigo saíu á rúa”, esqueceu este titular Sr. Font.

A posición do BNG foi clar respecto de garantir que Galicia dispuxese dunha entidade semi-pública como eran as caixas de aforro galegas, e nosa posición foi radicalmente contraria ao proceso de privatización e bancarización que apoiaron e que promoveron outros mediante unha modificación “ad hoc” da Lorc que declaro,

dígo para quen quere confundir o debate, en todo caso a moción de hoxe do que versa e esa posición do BNG en defensa do carácter público das caixas a defendimos neste Concello de Vigo, a defendimos no Parlamento de Galicia e imos seguir exercendo como primeira forza da oposición no Parlamento Galego pero hoxe a moción que trae o BNG e para pedir a fin das comisións abusivas e co voto dos diferentes grupos vaise a retratar esa cuestión, a oposición de cada quen, non desvíen o tiro e posiciónense ao respecto de se están ou non co atraco das comisións bancarias abusivas.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 4.09.2020 (Rex. Nº 2568/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6(127).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SOLICITANDO O APOIO DO PLENO AO REAL DECRETO LEI 27/2020, DO 4 DE AGOSTO, QUE SERVIRÁ PARA ACTIVAR ECONOMICAMENTE AOS MUNICIPIOS. REXISTRO PLENO 2569/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 4 de setembro de 2020, número 2569/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

S.Ord (agosto) 9.09.2020

“A proximidade dos Concellos á cidadanía, ao ser a administración de acceso e canalización dos seus problemas, debe ser posta en valor agora máis que nunca para detectar as súas principais necesidades e implementar solucións respecto diso. O Goberno de España e a FEMP, conscientes desta importancia, entenden que é necesario ampliar as competencias e capacidades financeiras dos Gobernos Locais, garantindo o respecto da autonomía local e fortalecendo o papel dos municipios.

Para permitir o desenvolvemento efectivo destes obxectivos é necesario asegurar ás Entidades Locais recursos suficientes e, para iso, ao longo desta Lexislatura aprobarase un novo sistema de Financiamento Local, en paralelo coa reforma do financiamento autonómico, que supere o marco da Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

Os Concellos teñen agora unha oportunidade para planificar novas prioridades de actuación municipal e reformular os programas de servizos directos que ofrecen á cidadanía para combater as consecuencias COVID-19 e proxectar un futuro máis próspero.

O escenario que está a deixar o paso da pandemia polo noso país tamén presenta oportunidades para afrontar diferentes retos nos nosos pobos e cidades. É o momento para que os Concellos leven a cabo actuacións creando urbes máis seguras, sostibles, saudables, eficientes, intelixentes e de calidade.

Por todo iso apoiamos o ACORDO alcanzado entre o Goberno de España e a FEMP relativo ás medidas de financiamento local para as EE. LL.

Trátase dun bo ACORDO, traducido nun Real Decreto Lei, que serve para que o mundo local no seu conxunto poida superar a situación de asfixia económica e abandono no que o Goberno do PP, con Rajoy e Montoro á cabeza, deixaron aos Concellos españois no ano 2012. Desde entón, desde hai 8 anos, os Concellos non poden usar libremente os remanentes xerados porque o PP aprobou a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira que serviu para maltratar aos Concellos implantando unha regra de gasto que activou o “austericidio”. Ademais diso, o PP impuxo coa súa maioría parlamentaria a LRSAL, lei aprobada unilateralmente polo goberno do PP en decembro do 2013 que serviu para quitar empoderamento e competencias aos Concellos, convertendo aos Gobernos Locais en moitos casos en entidades menores subordinadas das CC. AA.

O ACORDO desterra todo iso, pecha a etapa máis inxusta para o municipalismo e abre un horizonte financeiro e competencial que devolverá integramente aos Concellos o seu papel de proximidade e colaboración directa cos seus veciños e veciñas. Fixérono sempre, a pesar de todo, e fano cada día: fixérono durante o confinamento fronte á pandemia, ofrecendo os mellores servizos de proximidade á cidadanía, e estano facendo agora apoiando ao tecido empresarial, aos comerciantes, hostaleiros, autónomos, aos colectivos sociais e vulnerables e tamén ás entidades culturais co obxectivo de activar a vida dos nosos pobos e cidades.

Agora, o emprego dos recursos recolleitos no RDL aprobado polo Consello de Ministros o pasado 4 de agosto, produto do acordo asinado polo Goberno e a FEMP,

servirá para que as EE. LL. transformen os nosos municipios e melloren a vida das persoas tras a pandemia do Covid-19.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

APOIAR o Real Decreto Lei 27/2020, do 4 de agosto, que recolle as seguintes medidas sobre Financiamento Local que servirán para activar economicamente aos nosos municipios.

PROPOSTA DE ACORDO EN FORMA DE DECÁLOGO:

1-Poder utilizar integramente os recursos que equivalen aos remanentes líquidos de tesourería sen que computen en regra de gasto nin en déficit.

2-Poderase prorrogar o superávit do 2018 e utilizar o superávit de 2019, que supón máis de 3.000 millóns de euros. O RDL fai compatible para os Concellos usar os recursos dos remanentes e o superávit de ámbolos exercicios.

3-Promover un Fondo a cargo dos PGE de 275 millóns de €, que se poderá ampliar a 400 millóns, para compensar o déficit do transporte público municipal.

4-Distribuiranse 600 millóns de € entre as Entidades Locais polas entregas a conta do ano 2019.

5- GARANTIR que as Entidades Locais participen dos Fondos Europeos que chegarán a España desde as Institucións Europeas para os próximos anos.

6- Abordar na presente Lexislatura a Reforma Local, asumindo máis competencias e un novo financiamento local en paralelo ao financiamento autonómico.

7- Dispoñer dos recursos financeiros sen xerar déficit e facendo un préstamo dos remanentes ao Estado voluntariamente. A incautación dos remanentes fíxoo o Goberno do PP obrigando ás EE. LL a ter os recursos dos remanentes (RLTGG) nos bancos xerando intereses para o beneficio exclusivo das entidades financeiras.

8-O Estado habilitará de forma inmediata un fondo de 5.000 millóns de euros do que se nutrirán as Entidades Locais que presten os seus remanentes de forma voluntaria:

Como mínimo as EE. LL. recibirán o 35% do total dos remanentes achegados. O 40% dese fondo, 2.000 millóns de €, estará dispoñible no prazo dun mes para executalo no que queda de ano. O 60% restante, 3.000 millóns de €, usarase o ano que vén, 2021.

A partir do ano 2022, e durante 10 anos, as EE. LL. recibirán o 100% do capital prestado á AGE, co que a entrega se realizará en 10 anualidades.

En suma, as Entidades Locais recibirán directamente un mínimo do 135% dos remanentes entregados e poderán gastalo en calquera concepto do orzamento.

9-Os remanentes poderanse gastar para transformar os nosos municipios e mellorar a vida das persoas tras a pandemia Covid-19. Os aforros das Entidades Locais, dos seus veciños, destinaranse a actuacións e investimentos en case medio centenar de ámbitos referidos á mobilidade, o urbanismo, a vivenda, a sustentabilidade, o medio ambiente, a atención social e o coidado ás persoas, a educación infantil, o deporte ou a cultura.

10-Ninguén quedará atrás. Hai algo máis de 300 Concellos sen remanentes, en situación de risco financeiro, e estes Concellos tamén dispoñerán de fondos que lles prestarán as Deputacións, ben en efectivo ou ben mediante investimentos e actuacións que realizarán as entidades provinciais.

Emplazar a todas as formacións políticas á convalidación deste Real Decreto Lei o vindeiro día 10 de setembro no Congreso dos Deputados e convocalas a melloralo na tramitación parlamentaria nos apartados correspondentes aos remanentes e ao reparto do fondo dos 5.000 millóns de euros, tal e como se comprometeu na Comisión de Facenda do Congreso a Ministra de Facenda D^a María Jesús Montero.”

DEBATE:

PRESIDENCIA: Quero transmitir a este Pleno a importancia deste decreto, deste acordo.

Quero transmitir a este Pleno que a FEMP por votación democrática maioritaria, propuxo un acordo co goberno de España que permite utilizar os remanentes que tanto anos levamos na súa procura para poder ser usados, que permitir 5.000 millóns a fondo perdido, que proporciona o goberno de España, que permite un fondo de transporte de 400 millóns de euros para os concellos, que establece entregas a conta coa subida correspondente en lugar de baixar como pasou cos ingresos do Estado, que establece o superávit do ano 2018, que establece o superávit do ano 2019, que establece o Teito de Gasto do ano 2020 co compromiso do Teito de Gasto para o ano 2021, que establece melloras para os concellos en difícil situación económica e sobre todo que establece a autonomía dos concellos para decidir o seu futuro.

Que decide se os concellos utilizan superávit remanentes, ou permanecen mesturando os dous, pero recibindo unha achega a fondo perdido de 5.400 millóns de euros, como chegamos a esta situación na que os concellos teñen remanentes de entre 10.000 e 14.000 millóns de euros nos bancos? Porque o Partido Popular en solitario no ano 2012, aprobou unha lei para incautar os aforros dos concellos, incautar os aforros dos concellos e obrigar a que estiveran en bancos, os de Vigo entre outros, sen poder ser gastados.

Cando esa lei se votou, a actual primeira Tenente Alcalde era deputada no Parlamento de España e votou en contra desa lei, en contra da Lei de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira igual que todo o grupo Socialista no Congreso dos Deputados, porque se trataba dunha forma de incautar aforros de concellos e nos pasamos dende o ano 2012 ata o ano 2020 propoñéndolle aos responsables dos gobernos que buscaran unha saída para poder utilizar os remanentes, esa saída apareceu da única forma posible que o goberno de España se faga cargo do déficit da utilización porque nin a Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria nin as normas europeas, permiten utilizar os remanentes sen que contabilicen como déficit e os concellos temos prohibido ter déficit, e en consecuencia se proporciona unha forma de utilizar os remanentes, o acordo ten unha lectura dende o Concello de Vigo, unha lectura no concello de Vigo con 80 millóns de euros de remanentes nos bancos que nos obriga a Lei do Partido Popular a ter no banco, pagando 200.000 euros de intereses aos bancos cada ano, non só ter 80 millóns de euros sen poder ser utilizados senón que pagando aos bancos por ter os nosos aforros alí, nesos bancos, pero ademais ao Concello de Vigo lle corresponderá unha parte do reparto dos 5.000 millóns de euros que pon a fondo perdido o goberno de España, calcúlenlle vostedes en torno a 40 millóns de euros, pero ademais ao Concello de Vigo lle corresponderán 8 millóns de euros no Fondo de transporte, o Concello de Vigo poderá utilizar 128 millóns de euros nos próximos anos, dos cales 68 neste mandato. O Concello de Vigo con este acordo vai a recibir polo menos 68 millóns de euros para ser utilizados neste mandato e despois deixaremos unha corrente de ingresos netos durante anos vindeiros, de 10 millóns de euros ao ano, finanzas saneadas, ingresos aumentados, e capacidade de actuar.

Pero hai algo máis, o que non queira optar por vía de remanentes se pode quedar no sistema do Partido Popular de superávit, ou se poden utilizar os dous, temos a capacidade de utilizar a nosa autonomía para aprobar esta medida, que polo tanto, eu lles quero dicir que para o Concello de Vigo esta é unha moi boa decisión, 128 millóns de euros que imos mobilizar para ter unha idea do que significa, lémbrese señoras/es concelleiros, que os nosos investimentos anuais están aproximadamente en torno a 15 millóns de euros e nos van permitir utilizar 128 millóns de euros a mais dos nosos propios recursos. Polo tanto, si que parece substancial e importante que este Decreto Lei sexa validado e que cada concello decida de que forma os quere utilizar e porque vía, se quere utilizar os seu remanentes e non pagar a bancos ou se quere seguir pagando a bancos deixando remanentes inmovilizados, é a decisión soberana de cada concello, e queremos que se nos deixe elixir, non queremos que se nos prive aos concellos da nosa propia capacidade de elixir. Polo tanto lle pido a este Pleno nestes cinco minutos e poucos segundos de intervención inicial que apoie este decreto porque para este Concello é altamente conveniente, pero para o conxunto dos concellos de España que van a recibir unha achega a fondo perdido de 5.400 millóns de euros, cunha proposta de que a forma de repartir os 5.000 millóns de euros sexa decida polo Parlamento de España, e polo tanto, aberto á propia decisión político do Parlamento de España, en todo o demais xa hai acordo entre os grupos, en toda a Federación e nos puntos discrepantes, quedaría en suspenso para que o propio Parlamento Congreso dos Deputados tome as decisións que nos liberen da incautación de aforros que nos fixo esta lei terrible antimunicipalista do Grupo Popular.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Agradecer a presenza do Alcalde porque cando debatemos no Pleno anterior unha moción sobre este mesmo asunto á iniciativa do BNG decidiu non estar presente. O Alcalde sabe que o acordo que quere patrocinar non acaba coa incautación a matiza, e dende logo aí hai un parámetro importante a este respecto, o acordo foi adoptado pola FEMP non estritamente por unha maioría democrática, foi adoptado co voto de calidade do presidenta da FEMP. É un Real Decreto que vostedes saben que non conta co acordo das restantes neste momento, da maioría para ser revalidado e a responsabilidade é de quen promove un Real Decreto sen consensualo cos socios parlamentarios que vai precisar, a

cuestión Alcalde, é que o BNG está de acordo coa posición que vostede mantíña ata hai uns meses, porque nesa posición coincidíamos que os concellos, incluído o Concello de Vigo, poida utilizar plena e totalmente o seu remanente sen ningún tipo de condicionalidade porque son fondos que son municipais, que non foron utilizados no seu exercicio correspondente e que pasaron a constituír un aforro e queremos que a cidade poida utilizalo sen ningún tipo de condición e sen ningún tipo de dádiva por parte de ningún goberno, máis amigo ou menos. A pregunta é por que vostede, por que o grupo Socialista renunciaron a esa posición? Por que pasaron denunciar a incautación da lei Montoro a unicamente agora defender unha lixeira materialización, non incautan ao 100%, só ao 65%, se o fondo é de 5400 millóns, que significa que o goberno de España se non houbera este acordo non iba surtir de financiamento adicional aos Concellos? Sabemos que si, non, que iso se ía suceder, a cuestión Sr. Alcalde, Sr. Caballero que debera explicar á cidade por que neste debate vostedes antepón os seus servizos políticos á Moncloa e a Ferraz a defensa dos intereses desta cidade e deste Concello e nese sentido se vostede retorna á posición inicial, de defender e esixir que o Concello de Vigo e tódolos concellos deste país poidamos dispor libremente dos fondos que son das vigueses/as, das nosas veciñas/os, aí atopará o BNG, noutro tipo de xogos e de farsas non.

SR. PÉREZ CORREA: Creo que é a primeira moción dende que eu concelleiro polo menos que podemos interpelar directamente ao Alcalde e entendo por que, porque non estamos a falar dunha cuestión menor, creo que é quizais dos debates máis importantes que afronta o municipalismo deste país, e froito diso tamén os debates están a reproducir en tódolos ámbitos non so no ámbito dos concellos senón que agora mesmo están intentando no límite do tempo que se sería mañá, chegar a un acordo que non faga caer esta proposta que non conta con máis apoio que o propio Partido Socialista e non así de tódolos seus Alcaldes e representantes municipais. A cuestión da que nós queremos partir é de que efectivamente hai unha serie de consensos na Federación Española de Municipios e Provincias, consensos, non os anteriores que dicían que queríamos dispoñer deses recursos, que queríamos máis financiamento e unha nova fiscalidade para os concellos, senón consensos que se

transmitiron no contexto da crise que se provocou pola COVID-19, porque os concellos e eu felicitei a actuación deste Concello e creo que foron unhas auténticas cabezas de praia nunha loita brutal contra unha pandemia que demostrou que moitas veces as comunidades autónomas nin estaban á altura nin moitas veces queren exercer competencias e nese contexto dende a Federación Española de Municipais e Provincias se lle trasladou ao goberno unha serie de propostas que tiñan que ver coa mobilización dos recursos que estaban secuestrados, efectivamente por unha Lei do ano 2013, promovida polo Partido Popular, pero tamén por unha reforma constitucional anterior do Partido Popular e Socialista que viña que dicir entre outras cousas que os concellos non podían ter déficit, que o Estado podía ter déficit, que as comunidades autónomas podían déficit para gasto social e incluso para gasto sanitario pero os concellos tiñamos que funcionar nun réxime da absoluta falla dese mecanismo de financiamento cando a situación económica vai mal, e gustaríame que estivera o concelleiro de Facenda porque este debate sempre o tivemos, e agora estamos vendo que as grandes administracións secuestradas por esa reforma constitucional somos os concellos e temos que ir a mecanismos, moitas veces discutibles, para poder mobilizar todos eses remanentes que forman parte dunha xestión exemplar dos recursos ou que forman parte dunha non xestión dos recursos, me alegra que o Alcalde diga que a noso investimento anual é de 15 millóns de euros porque no orzamentos deste ano pon 59 millóns, iso quere dicir que os nosos investimentos moitas veces nin sequera somos capaces de levalas adiante por causas endóxeas ou esóxeas que moitas veces teñen que ver con interpretacións do Ministerio de Facenda pero nós primeiro queríamos facer, poñer enriba da mesa, algunha cuestión e unha que pode ser polémica, por suposto que o grupo de esquerda Unida, Podemos, en común na FEMP non ía permitir que o Partido Popular gañara unha votación na FEMP a pesares de que nós discrepamos profundamente deste acordo porque só fallaría que os grandes culpables de que os concellos non poidan utilizar o remanentes aparezan agora como os Guillermo Tell do municipalismo salvando a humanidade, dende logo é unha mesquindade absoluta do Partido Popular a rogarse agora que nos están roubando cartos, que están inmobilizados por unha decisión política dun ministro que as veces a xente non se lembra que foi extremadamente belixerantes cos concellos e froito diso, hai efectivamente un

acordo da FEMP, que despois de varios intentos de convocar a reunión da FEMP que o acordara, podemos dicir que non é o mesmo o último acordo da FEMP que sae coa abstención do noso grupo que o primeiro acordo da FEMP que era ante todo, pois entre outras cousas non recoñecía a potestade dos concellos para participar dos fondos europeos que van a vir, que son máis de 75.000 millóns de euros e que darían aos concellos unha parte importante dos seus recursos, pero que agora esta moción queda superada porque empeza a haber movementos no Partido Socialista, a ministra xa di que eses 5.000 millóns de euros, pois unha parte deles que se está discutindo se o 50 ou 60% agora mesmo e unha parte pode ser empregada sen que iso signifique mobilizar os remanentes, o problema é que iso tampouco o soluciona porque os outros 3.000 ou 4.000 millóns de euros si que van a obrigar a colocar os remanentes e nós non podemos apoiar esta moción porque esta moción nin sequera está agora mesmo no que o Partido Socialista está a defender no Congreso dos Deputados que é darse conta que o acordo da FEMP é absolutamente inasumible para non só os grupos que estamos no congreso dos Deputados senón tamén para o conxuntos do municipios e que probable que vostedes propoñan e efectivamente aproben esta moción dicindo que o acordo da FEMP é marabilloso e o Partido Socialista maña sae con que o acordo da FEMP efectivamente había que modificalo no trámite parlamentario, creo que esta moción non vai nin sequera nas dúbidas que teñen moitos deputados e cargos institucionais socialistas que ven que o acordo non é bo.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Sr. Alcalde, leva meses eludindo dicir que fixo na FEMP co seu voto de calidade non veu a este Pleno a dicilo, mire, vostede tiña un mandato unánime no mes de xuño con tódolos concellos e deputacións de España e vostede fixo uso dese mandato en solitario, traizoou ese mandato e asinou o que lle puxo por diante o ministerio que non é o que habían aprobado o seus compañeiros, tódolos concellos da FEMP, terá vostede que responder diante deles e non diante do Pleno de Vigo, terá vostede que responder alí de por que fixo uso dun mandato que tiña para asinar o que o ministerio quería, terá que explicar aquí porqué puxo a disposición do Ministerio 15.000 millóns de euros para recibir 5.000

millóns, por que esa chantaxe e por que non veñen eses 5.000 millóns de euros sen necesidade de que os concellos teñan que entregar os seus aforros.

Pide vostede aquí que se apoie por este Pleno ese Real Decreto Lei, se terá que aprobar ou non se poderá convalidar mañá no congreso, vostede ven aquí a branquearse, vostede ven aquí a dar unha explicación porque leva meses escondido sen facelo, por fin deu a cifra, 80 millóns de euros, os vigueses pagamos relixiosamente os nosos impostos durante o seu mandato, e vostede non cumpriu coa a súa obriga e non conseguiu gastar os cartos que os vigueses depositaron aquí para que se gasten, se fagan obras, política social, cultura, se teña Policía, non o fixo por iso temos 92 millóns de euros de remanente, dos cales vai vostede a entregar, xa nolo dixo hoxe aquí, 80 millóns de euros que se teñen que entregar antes da semana que ven, que se cumpre o prazo do 15 de setembro, 80 millóns de euros que son 271 euros por cada vigués, vostedes non di, sempre fala das decenas e decenas de millóns que imos recibir, pero vostede non di que imos a entregar 80 millóns, o produto do esforzo, do traballo das persoas e das empresas viguesas que vostede non soubo gastar e por iso temos ese remanente. Non lle apoia ninguén, terá vostede o apoio hoxe do seu Pleno porque ten maioría pero non ten razón xa llo dixen, vencerá pero non convencerá, veremos mañá o que pasa con ese Real Decreto Lei que é uha infamia, vaise entregar os aforros municipais para unha chantaxe e nos van entregar 5.000 millóns porque non nos entregan un fondo de 5.000 millóns de euros sen necesidade de entregar os nosos aforros, por que non nos deixan gastar o 100% do noso superávit como xa nos deixaron gastar o 20? porque necesitan 15.000 millóns de euros dos concellos e vostede foi cómplice dese espolio, presenta aquí un decálogo de 10 mandamentos, en onde fala de moitas cousas pero esconde, elude como sempre que se van a entregar os aforros municipais. Non aparece ata o punto sétimo dese decálogo, deses mandamentos que precisamente nos da Santa Madre Iglesia é non roubarás, non roubarás, Alcalde, non podes entregar eses cartos a Madrid, non podes entregar, tes que esixir que o esixías no mes de xuño, tes que esixir que o goberno autorice o gasto do superávit e entregue 5.000 millóns de euros aos alcaldes para que se gasten nos servizos municipais sen que teñamos que perder 80 millóns de euros que é unha barbaridade, cuadriplica o orzamentos do Concello para política social, non quere ninguén este acordo, non o quere ningún partido político de España, nin

sequera os Alcaldes Socialistas o queren, non o quere o Alcalde de San Sebastian do Reyes que di que lesivo para os veciños, non o queren o Alcalde de Denia que se descolgou da cesión voluntaria do remanente porque di estamos para que nos deixen, non para deixar Alcalde, estamos para que nos deixen, non para deixar os cartos. Deputación de Teruel, o Sr. Manuel Pardo, se descolga e afirma que non é o momento, para achegar a totalidade dos aforros cando o concello ten que afrontar os seus investimentos, nos é máis útil ter nós o remanente que cedelo, se vostede non sabe que facer con ese remanente xa virá outro que si que saiba, Sr. Alcalde, se vostede non puido gastar os cartos dos vigueses xa haberá quen o faga. A Alcaldesa de Lugo non quere, a maior parte dos alcaldes de Lugo non queren o alcalde de Santiago de Compostela prefería, o dixo, preferíamos outro acordo, ten vostede que explicar aos cidadáns por que os vigueses somos menos que os compostelás, que os lucenses, por que nós temos que entregar os nosos aforros que vostede non gastou para recibir uns cartos que sabemos que non vai a gastar, non deu a cara diante dos vigueses e non o fai agora porque vir aquí a branquearse, díganos Sr. Alcalde que non vai a entregar eses cartos e que vai a loitar porque os concellos de todos e o de Vigo tamén poida utilizar o seu superávit e recibe eses 5.000 millóns de euros o que pasa é que non o pode dicir porque vostede fixo un papelón Sr. Alcalde o ministerio necesita 15.000 millóns, afirmou que llos vai a entregar e quedouse solo.

PRESIDENCIA: Adianto que farei uso da miña prerrogativa de utilizar tempo de peche como presidente para contestar en detalle a todo o que os diferentes grupos me propuxeron.

Primeiro comezando polo grupo Popular, porque hai que ter unha inmensa desfachatez política para haber feito unha lei que nos obrigou e nos incautou tódolos aforros durante 8 anos sen dar unha solución e agora ó parecer criticando a un goberno que da unha solución, hai que ter unha infinita desfachatez política e que nós temos eses cartos no banco porque hai unha lei que nos obriga e o interventores que senten aquí nesta mesa e o secretario nos prohiben utilizar eses recursos por orden do goberno de España, lei estabilidade orzamentaria aprobada polo goberno do Partido Popular cos votos en contra do Partido Socialista no

Congreso dos Deputados, e despois esa inmensa desfachatez política, de traernos a esta situación, de que os concellos de España poidan ter entre 10 e 15.000 millóns de euros presos nos bancos por esa lei, aparecer como se non tiveran nada que ver con todo isto, hai que ter desfachatez política, hai que ter unha infinita desfachatez política porque miren, eu pedín no ano 2012 que se derogara esa lei e a sego pedindo hoxe, que se derogue a Lei de estabilidade orzamentaria pero sabe que sucede? Que si se deroga Europa vai a dicir que se fai cargo dese déficit porque hai unha Lei que o prohíbe porque non podemos nós utilizar os nosos remanentes en Vigo porque hai unha lei que o prohíbe e os interventores non autorizan utilizar os remanentes, e esa lei a fixeron vostedes Sr. Marnotes, a fixo o ministro o Sr. Montoro, as fixo o Sr. Rajoy e nos trouxeron esta situación porque podía terse reformado a Constitución e non ter feito esa lei, pero se fixo. Unha lei terriblemente antimunicipalista e eu comparecín no Congreso dos Deputados hai só dous meses aproximadamente, creo lembrar, e pedín a derogación desa lei, a pedín, na Comisión de Reconstitución, saben cal foi a resposta dos grupos? Esta, un único documento asinado por Xunta de Cataluña, Compromís Ciudadanos, Coalición Canaria e Esquerda Republicana e Mas País e Partido Popular, non falan de derogar a Lei, pero eu pedín esa derogación, eu sigo dicindo o mesmo que hai oito anos, que se derogue esa lei pero a pedín, publicamente no Parlamento de España, como hai unha lei que prohíbe utilizar os remanentes porque o prohíbe que imos a permanecer eternamente presos diso? Cos remanentes nos bancos pois hai que buscar unha saída e o goberno de España ofrece unha saída, por certo a única que está enriba da mesa, non hai ningunha outra opción alternativa para utilizar os remanentes de nin un só grupo político, e o pedimos, eu na FEMP as pedín, lle pedín a tódolos grupos da FEMP que ofreceran alternativas para poder utilizar os remanentes, distintas ás que propuxo o goberno de España, ningunha, e a día de hoxe, a día de hoxe non hai alternativa para utilizar os remanentes, ningún grupo político neste país propuxo unha alternativa para poder utilizar os 80 millóns de euros de remanentes que ten Vigo como non sexa a do goberno de España, porque saben que sucede Sr. Marnotes, que alguén tense que facer cargo dese déficit porque esa lei dío porque son ingresos que non computan como ingresos, os aforros desafortunadamente non computan como ingresos e polo tanto entran en déficit e vante intervir, vas a ter que o ministro, ministra neste caso, vaite ter que

intervir porque hai unha lei que obriga e polo tanto, só hai unha fórmula de utilizar os remanentes enriba da mesa, e eu insto a que se ofrezan alternativas, non escoitei ningunha, non escoitei ningunha que nos deixen gastar, xa inmediatamente e como? Cunha lei que o prohíbe? Saben vostede o que significa incumplir unha lei orgánica desta envergadura? Saben o que significa? Pregúntelle ao Interventor se a vai asinar? Pregúntelle ao Interventor de Vigo se el vai asinar que utilicemos os 80 millóns de euros? Se o asina o Interventor, mañá, non hai unha soa alternativa enriba da mesa, que alguén a poña porque a alternativa saben cal é, os 80 millóns no banco indefinidamente pagando 200.000 euros de intereses polo tanto, non hai nin unha solución alternativa enriba da mesa e esta solución que é? Que vas a recibir os remanentes que por certo, ao goberno de España lle sobran cartos, se todo o mundo sábeo, todo o mundo sabe que ten posibilidade de crédito e moitas mellores condicións que utilizar os créditos de ninguén, por certo Sr. Marnotes, porque mire o que vostede ni tan sequera leeu o decreto e que non hai que entregalos agora, non, non hai que entregar os remanentes agora, os remanentes poden entregarse a 31 de decembro do ano que ven, hai que declaralos e se poden utilizar, iso é un compromiso se segue lendo Sr. Marnotes ve que se poderán entregar ata o 31 de decembro do ano 2021, é vostede un farsante, farsante porque se pode entregar ata o 31 de decembro, ese compromiso de canto vou entregar para que me fagan entrega da parte dos 5.000 millóns, sabe que vai pasar Sr. Marnotes? Eu vexo que vostede está moi nervioso porque nin sequera se leu o que está falando, claro está nervioso, créame que eu o lin e o estudei a fondo, non hai que entregar os recursos ata o 31 de decembro do ano 2021 como di o Decreto Lei, de momento se declara a cantidade que a testemuña o interventor e por esa razón por atestigualo e sen soltar nin un céntimo, outorgan unha parte importante de 5.000 millóns, porque a segunda parte é gastaremos o nosos remanentes a pesar da súa lei, a pesares da súa lei gastaremos os nosos remanentes e senón a alternativa é telos no banco e que se queden alí para sempre, porque eu non vin aos seus representantes no Parlamento nin ao Sr. Casado dicir que se derogue esa lei, non oín nin unha vez, nin unha vez e a Ministra na comparecencia preguntouno, “díganme señores del Partido Popular si ustedes quieren que se derogue esa ley”, mutis, silencio, non houbo resposta, saben por

que Sr. Marnotes? Porque vostedes non queren derogar esa lei porque son os culpables de traernos a esta situación, pero hai máis aínda, es que o goberno de España pon a fondo a perdido 5.000 millóns dos que o Concello de Vigo disporá nos próximos 13 meses, 14 meses, disporá de 40 millóns de euros a fondo perdido, nos van a dar para esta cidade 40 millóns de euros sen que os teñamos que devolver, como lle imos a dicir que no dende Vigo? Se o goberno de España nos vai a dar regalar entre comiñas, 40 millóns de euros a fondo perdido? Para facer o que queiramos practicamente, axenda urbana, zona verde, política social, ámbito de investimentos en verticalidade no Vigo Vertical, 40 millóns de euros para gastar no queda deste ano e o que ven, 40 millóns de euros e nos imos a ver e a desexar para gastar iso e o imos a gastar, exactamente igual que estamos a facer pero non entregamos nin un céntimo e xa recibimos 40 millóns de euros, pero sabe que mais? A partir de aí neste mandato, aínda neste mandato, imos a recibir outros 16 millóns de euros máis para poder investir e no seguinte mandato outro tanto e outro tanto, porque son cartos que volve a Vigo, governe quen governe nesta mesa, xa me gustaría a min cando cheguei no ano 2007 que en lugar de atoparme con 60 millóns de débeda encontrarme cun círculo de financiamento adicional duns 9 millóns de euros anuais, xa me gustaría, chegar no ano 2007 e que durante 5 anos me deran 9 millóns de euros máis do que me corresponde ao ano, porque iso é para Vigo, non é para este goberno, é para esta cidade porque o goberno de España pon a fondo perdido 5.000 millóns de euros, se iso fora un negocio saben que tipo de interese sería, cando os intereses son negativos e nós lle pagamos aos bancos, sería un interese insoportable e habería que cesar a todo o goberno como se iso fora un negocio, é para usar os remanentes porque a súa Lei Sr. Marnotes, a Lei que fixo o Sr. Montoro e o Sr. Rajoy, prohíbe utilizar os remanentes e se o asina o señor, sabe onde acaba, pregúntelle ao interventor se el asina un só remanente onde acaba, pregúntelle, pregúntelle ao secretario, onde acadan, sabes que sucede non se pode facer un fraude de Lei porque os fraudes de Lei están penalizados polas leis e penalizados en penal, estou falando de penal, de prevaricación, estou falando de cousas moi serias porque é un fraude de Lei o que vostede está a dicir por iso non o poden facer, nin ninguén vaino facer, entón é que se non se entrega é un fraude de lei, porque os xurídicos do Estado, os avogados do Estado están a dicir que se necesita facer desa forma porque senón será unha simulación e Sr.

Marnotes vostedes que son os responsables de que esteamos nesta situación, non ofrecen ningunha solución que sigamos cos fondos nos bancos, saben que pasa se non se convalida o decreto? Pois que Vigo seguirá tendo 80 millóns nos bancos pagando 200.000 euros ao nao en intereses, nós a eles, non sei si iso a vostedes lle gusta, a min nada, a min pagar 200.000, polo tanto fíxese na situación, nós temos 80 millóns de euros que queremos gastar, os imos a gastar e nos van a dar 40 millóns de euros adicionais de forma inmediata esta ano e o que ven, sen desenvolver un céntimo e iso é malo para este Concello? Pero vostedes onde viven? Vostede onde vive? Vostede en que mundo vive? Recibir este ano 40 millóns de euros de regalo a fondo perdido sen telos que devolver e despois cada ano nove millóns e nove millóns e nove millóns para gastar de algo que non podemos gastar e isto é o que ao Partido Popular non lle gusta, saben o que non lle gusta? Non lle gusta ao Partido Popular que se está a resolver un problema que crearon eles, porque sabe onde están perdidos os 80 millóns? No banco, eses 80 millóns non existen, os cartos de Vigo no banco non existe, non o podemos usar, lle pagamos ao banco polo tanto, esa é a primeira parte pero hai algo máis, algo máis é que o decreto nos deixa elixir a cada concello, se queremos entregar os remanentes e recibir unha parte dos 5.000 millóns ou se queremos seguir coa vía do Partido Popular do superávit, nos permite elixir, ou nos permitir mesturar os dous e por que non somos maiores de idade os concellos para poder decidir nós? Por que non nos deixan decidir como propón o decreto e ademais agora cunha novidade, que está no noso acordo, é que no noso acordo na parte final nós dicimos, no que propoñemos a votación, emprazar ás formacións políticas a aprobalo e a partir de aí a mellorar na tramitación parlamentaria dos apartados correspondentes aos remanentes e ao reparto de fondo dos 5.000 millóns tal e como se comprometeu na comisión a Ministra, en suma, que nós estamos propoñemos que sexa o Congreso dos Deputados non pode ser doutra forma quen decida como se reparten os 5.000 millóns e eu apoio isto, que sexa o Congreso dos Deputados o que decida cos seus votos, na tramitación de Lei e hai acordo en todo, señoras/es concelleiros, hai acordo no fondo de transporte, hai acordo en subir entregas a conta, hai acordo en superávit do 18, hai acordo en superávit do 19, hai acordo de teito de gasto do 20, no do 21 e hai acordo en fondos europeos e o imos deixar caer todo, tódolos

puntos onde temos acordo os deixamos caer, cando enriba mesa hai unha oferta clara, a parte de desacordo discutamos e cheguemos a un acordo no Parlamento, pero eu quero reclamar a capacidade dos concellos de decidir, que non decidan por nós, que nos deixen decidir a nós se queremos usar remanentes, entregalos e gastalos ou se queren que queden no banco porque os remanentes no banco non se gastan, se paga por eles e por iso é tan importante este acordo, porque eu lles vou a dicir o que propuxeron os grupos parlamentarios despois da miña intervención no Parlamento para incluír e para levar á recuperación e que propostas facían, non todos, a maior parte dos grupos, primeiro, permitir que as corporacións locais poidan facer uso da totalidade dos superávits e remanentes do 2019 e 2020, só do 19 e do 20, están no acordo, pero ademais están os remanentes do 12, 13, 14, 15, 16, 17 e 18, están, aquí nos pedían é que os grupos non pediron os remanentes, é que os grupos non pediron os remanentes e cando eu asinei o convenio da FEMP eu sabía isto porque o vimos, non pedían pero isto que aparece na petición, que ao final son os superávits do 2019 e 2020 están no acordo, ademais están os remanentes do 2012, 13, 14, 15, 16, 17 e 18, que por certo son os máis importantes, saben que este ano 20 non vai haber superávit, é retórica falar do superávit do 2020, pois tamén está no acordo, que máis pedían os grupos no Parlamento? No Parlamento os grupos dicían durante os exercicios 20 e 21 a Regra de gasto non será de aplicación e está no acordo, e está a do ano 2020 e hai o compromiso do 21, saben porque non se pode poñer no Decreto Lei 20 e 21? Porque a Lei destes señores non deixa, ten que ser anual, pero hai o compromiso da ministra de que teremos Teito de Gasto do 20 e do 21, que máis acordos pedían os parlamentarios? En aplicación de fondos europeos xestionados polas corporacións locais, tamén pedían comunidades autónomas pero iso non é o noso obxecto, fondos europeos? Está no acordo, oia se a nós propoñen todo o que piden os grupos parlamentarios e ademais nos din que outorgan un fondo perdido de 5.000 millóns que aquí non está, pero ademais un fondo de transporte de 400 millóns a fondo perdido que aquí non está, pero ademais o superávit do 2018 que aquí non está, pero ademais as entregas a conta que se van a incrementar no un e pico por cento que aquí non está, como lle imos a dicir que non? Se esta é a petición que fixeron os grupos no parlamento, está asinado, asinado a Sra. Pastor polo Partido Popular, asina pola Sra. Pastor, isto todo está en acordo que eu asinei,

como os concellos imos a dicir que non a unha proposta de recibir como concellos 5.400 millóns de euros a fondo perdido e despois poder gastar tódolos remanentes, como imos a dicir que non? Cousa distinta é que teñamos un desacordo en como se reparte, pois si, hai un desacordo, había un desacordo como se repartían os 16.000 millóns nas comunidades autónomas, todas protestaron, todas protestaron, pois aquí hai un desacordo, pois se ese desacordo se pode mellorar a min me parece ben, se os grupos parlamentarios atenden ao que di a ministra e din de acordo, perfecto, temos un desacordo en remanentes e temos un desacordo de como se reparten os 5.000 millóns non nos enganemos, o desacordo e iso, éde como se reparten, porque para algúns concellos cren que deben recibir máis, por certo, se un recibe máis outro recibe menos, porque a min me gustaría saber que opinan os concellos de tamaño mediano que e teñen moitos remanentes, pero teñen pouca voz porque son pequenos, gustaríame saber que opinan porque cando falamos os grandes se nos escoita pero hai miles de concellos pequenos, e se uns reciben máis outros reciben menos, vale, en como é natural atendo ao que diga o Parlamento e lle digo ao Parlamento decidan vostedes como queren repartir eses 5.000 millóns, esa é a proposta da administración que eu avalo, é que eu coñecía antes por certo, e que eu estou de acordo, se iso significa que se mellora o acordo, como non, pero hai algo moi importante, que non decidan por nós na nosa propia competencia, eu quero ter a capacidade de decidir como Alcalde de Vigo e con este Pleno que se fai cos remanentes de Vigo que ninguén nos diga que non se pode facer, cos de Vigo, queremos decidilo aquí, que non o decida o Parlamento, non, o Parlamento que non me prohiba o que eu poida facer cos meus remanentes, se eu decido que é bo utilízalos e que a única vía que teño para utilízalos é a que propón o goberno de España, son libre de decidir que iso é bo ou non, que non decida que é mala para Vigo que nos deixen decidir aos concellos, eu reclamo a autonomía municipal da que tanto falan algúns, porque no acordo e no decreto esta a posibilidade de optar, o que non queira polos remanentes está obrigado porque hai algo moi importante, a entrega dos remanentes é voluntaria, repítoo, a entrega dos remanentes é voluntaria, por certo, a incautación da Lei Montoro non era voluntaria, a incautación da Lei Montoro era obrigatoria aos bancos e sen gastala, concellos como Vigo que non temos débeda, o primeiro concello de Europa con débeda cero, pois a partir de

aí a nosas melloras de xestión que sempre as hai, aos bancos, e aos bancos e pagarlle cartos aos bancos e darlle negocio aos bancos, iso é o que nos propoñía a Lei Montoro, iso foi o que nos obrigou, iso non era voluntario, a min non me dicían mira, Alcalde mirar Corporación de Vigo, se queredes o metedes no banco e senón queredes gastadelos, non nos dicían iso, o goberno de España non está dicindo iso, se queren os deixas no banco e senón os pos en circulación e eu permítoche gastalos tratando de evitar a lei que cho prohibe, e esa é a proposta, e quen vai a decidir o reparto dos 5.000 millóns? O Parlamento de España, o Congreso dos Deputados, esa é a proposta que está enriba da mesa e que eu avalo, non entrará en vigor esa parte, por acordo unánime de tódolos concellos e tódolos grupos políticos de que non imos a solicitar os remanentes ata que haxa unha lei que nos diga como, e a alternativa é que se quedan nos bancos, pero algo máis vai a pasar se cae o decreto, nos quedamos sen superávit, o Concello de Vigo ten sobre 15 millóns dispoñibles para gastar en superávit, non nolo van a permitir porque está nese decreto. Polo tanto, tódolos Concellos de España nos quedamos sen superávit pero vai pasar algo máis, o concello de Vigo vai recibir do fondo de transporte dos 400 millóns, vai recibir uns 8 millóns, o goberno de España vainos regalar 8 millóns de euros para transporte, non se non se convalida o Decreto caese tamén, pero nos vai a subir as entrepés a conta? Non, se non se convalida o Decreto cáese tamén. Nos non temos superávit no 2018, pero moitos concellos o teñen, vailles permitir seguir executando o superávit do 2018? non, se non se aproba o Decreto cáese tamén e polo tanto, a proposta é bastante sensata, primeiro, ninguén propuxo alternativa ao novo reparto de remanentes, pero segundo, o que non queira que non os colla, é libre Sr. Marnotes, se opta, non se decata vostede, vostede se decata mal das cousas, atenda un pouco que llo explico e verá como o entende, mire, estamos falando dunha forma de reparto distinta que vai decidir tamén o Parlamento, unha parte por exemplo pode ir pola poboación, sen entregar remanentes, se vostede non entrega remanentes ten unha parte por poboación, se vostedes entrega ten unha parte por poboación e outra por remanentes porque por certo, tamén é bo que aos eficientes se lles trate de forma eficiente, tamén é bo, que aos eficientes que son a inmensa maioría dos concellos de España, que eu quero que saiban as cifras é que só 240 concellos non teñen remanentes, hai case 8.000 que teñen remanentes, e bo que saibamos, que hai concellos medianos e

pequenos que aínda que non falen porque son pequenos e non teñen voz para falar teñen remanentes e os van a querer utilizar, déixenlle que elixan eles non elixan vostedes por eles, déixenlle que o Concello do Barco de Valdeorras poño por caso porque o Alcalde é amigo meu que teñen remanentes, decida ou o Alcalde de Nigrán, porque non pode decidir o pleno de Nigrán o que fai cos seus remanentes, se quere que os entregue e se non quere que non os entregue, igual que o de Vigo, se queremos os entregamos, votarémolo aquí e senón queremos non os entregamos, porque non nos deixan elixir? Por que non deixan que nós, somos maiores de idade, e quero utilizar a miña autonomía, eu fun elixido polos cidadáns de Vigo para rexer esta cidade, e que é o que me proporciona o decreto? a posibilidade de decidir, puido decidir superávit, remanente ou unha mistura e se decidimos que non imos a remanentes non imos, pero por que nos van a dicir que non podemos optar a iso? Pois é unha cerrazón da autonomía municipal moi importante porque o que está propoñendo o goberno de España é primeiro, señores do Parlamento, señoras/es deputados, decidan vostedes como se reparten os 5.000 millóns, e vaino decidir o Parlamento e hai un acordo tácito de que ninguén vai a optar a remanentes ata que saía esa lei. Segundo, unha vez que se decida como se reparten os 5.000 millóns optaremos por remanentes ou non dependendo do que nos interese, Sr. Marnotes, se deciden ir dunha forma, señores de Marea e do Bloque Nacionalista Galego, pois nós iremos decidindo pero sabe que pasa? Que todos aqueles que decidan que non utilizan os remanentes da única forma que nos están a propoñer seguen nos bancos e seguirán pagando intereses, saben vostedes canto paga Madrid de intereses ao ano polos seus remanentes? Dous millóns de euros, saben vostedes canto paga o Concello de Vigo polos seus remanentes ao ano? Nós aos bancos, 200.000 euros, pois este ano, o ano que ven se este decreto non vai adiante seguiremos pagando 200.000 euros porque na proposta que fai o goberno de España eses intereses negativos os paga o goberno de España tamén, non só nos vai deixar gastar os remanentes, non só nos vai entregar 5.000 millóns de euros, xa digo uns 40 millóns, non só vai entregar 400 millóns de transporte, a Vigo 8 millóns de transporte, non só vai aumentar as entregas a conta senón que ademais vaise facer cargo dos intereses negativos aos bancos, esa é proposta que temos enriba da mesa e é bo entendela, é bo entender que a opción alternativa é

que se cae todo, e algo que a min me parece moi difícil de asumir, nos quitan a nosa capacidade de autonomía de decisión e eu quero decidir neste Pleno o que facemos cos nosos remanente o decidimos nós, non nolo decide ninguén, xa nolo decidiu a lei do Sr. Marnotes simbolicamente, do Sr. Montoro e de o Sr. Rajoy xa decidiu, que os nosos remanentes se quedaban nos bancos presos, confinados, incautados, e fíxese levamos en Vigo 8 anos de incautación de cifras significativas, están alí, e isto é o que o Decreto propón, con absoluto respecto, non podería ser doutra maneira, fallaría máis verdade, ás decisións do Parlamento, pero unha proposta da Ministra de que ela acepta e eu avalo, dende a FEMP, cambios na forma de repartir os 5.000 millóns, e o que decidan os grupos parlamentarios, entón eu lle quero dicir aos grupos parlamentarios que tomen unha decisión en función dos concellos de España e se hai desacordos no reparto que os hai, insisto, nas comunidades tamén os houbo, pero iso é normal que haxa desacordos na forma de repartir sempre algúns creran que algunha é mellor ou peor para eles, eu eso o teño que entender, pero no desacordo do reparto se leva ao Parlamento e o no Parlamento se decide, por certo, a FEMP aprobouno usando a democracia, a ver se agora imos a comezar a dudar da democracia, porque leccións de democracia nin unha, as normas din o que din e se aplicaron as normas, é tan democrático gañar por un voto como gañar por 50 votos, exactamente igual de democrático e decisións feitas con voto de calidade, os orzamentos de Madrid deste ano, os orzamentos de Madrid deste ano, por citar un caso, os orzamentos do Concello de Madrid deste ano se aprobaron, Sr. Marnotes, co voto de calidade do Alcalde e min me parece ben, é así, é correcto, oia isto ten unha forma de funcionamento e aquí se hai empate automaticamente decide o voto de calidade do Alcalde, automaticamente porque o din as normas nin sequera hai que facer uso do voto de calidade, é que é mecánico, é automático, e se fai de forma automática, Sr. Marnotes, léase ben todo isto, léase ben as cousas, veña aquí con isto estudado, verdade, vostede ven con consigna do seu partido pero eu quero ver para esta cidade, levo media vida vendo para esta cidade e traballando para esta cidade e adicarei o resto da miña vida a isto, e isto é moi favorable á cidade de Vigo, por que? Porque imos recibir tódalas cifras que lle acabo de dicir, danse vostede conta que se non hai fondo de transporte, quen paga os 8 millóns de euros de burato que ten Vitrasa? Quen paga iso? Vostede Sr. Marnotes non de decata de nada, eu xa

entendo por que vostede ía de 20 na lista, xa o entendo, é 8 millóns o que nos toca do fondo de transporte coa norma que se traza sobre o ano 18, que está no decreto, nos tocan 8 millóns de euros que son para o fondo de transporte, son contra factura de transporte, non é para nós usemos e no que queiramos verdade e polo tanto imos a renunciar en Vigo tamén, aos 8 millóns que están asinados porque o Decreto, hai que lelo enteiro, detalla con moito coidado como se reparte o fondo de transporte, con moito coidado, e a Vigo lle tocaba en torno a 8 millóns de euros, entón imos a renunciar tamén aos 40 millóns de euros que eu calculo que nos van a tocar no reparto dos 5.000 millóns, 40 millóns de euros, saben vostede canto é do que estamos falando para gastar no que queda deste ano e no ano que ven, é o maior investimento como nunca na historia desta cidade, mire, isto do que estamos falando para Vigo é moito máis que todo o Plan Zapatero xunto, isto do que estamos a falar é unha mobilización de recursos que supera con creces aos fondos do Plan E porque nos permiten gastar 80 millóns de euros que temos confinados e creo que a razón nos asiste, e eu por iso lles quero facer un chamamento con todo o respecto aos grupos do Parlamento, con todo o respecto, e é que acepten a proposta de convalidar o Decreto, as partes de discrepancia quedan aparcadas, que é a parte do reparto dos 5.000 millóns, a parte dos remanentes, iso queda de momento conxelado e o que eles decidan para nós valerá e polo tanto serán os mesmos grupos parlamentarios os que no Parlamento decidan e se hai unha opción mellor para gastar os remanentes estupendo, pero por agora ninguén a puxo enriba da mesa.

Rematado o debate procedemos á votación.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique

Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 4.09.2020 (Rex. Nº 2569/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7(128).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PROPOÑENDO AO PLENO O APOIO AO RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE QUE PRESENTARÁ O GRUPO POPULAR NO CONGRESO DOS DEPUTADOS CONTRA O REAL DECRETO LEI 27/2020, DO 4 DE AGOSTO, PARA DEFENDER OS INTERESES LOCAIS. REXISTRO PLENO 2570/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 4 de setembro de 2020, número 2570/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Goberno de España durante a fase máis dura da pandemia do COVID19, non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

1. Poder dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus “aforros”, os “aforros dos veciños”- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC.AA. e o Estado.

2. Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.

3. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar “confiscar” o superávit xerado en 2019 polas EE.LL. así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

No mes de xullo, o goberno de España presentou á FEMP unha proposta de acordo que non respondía ás necesidades e peticións das Entidades Locais; excluía ao mundo rural e a máis de 3.000 Entidades Locais que teñen pechado 2019 con débeda ou non tiveron Remanente de Tesourería positivo; destruía a autonomía local recoñecida na Constitución e supoñía unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e Deputacións do noso país.

A Xunta de Goberno da FEMP aprobouno o 3 de agosto, cos únicos votos a favor dos alcaldes socialistas máis o voto de calidade do Presidente da FEMP, o alcalde socialista da nosa cidade, Abel Caballero.

Ningunha das restantes forzas políticas con representación neste órgano directivo da FEMP apoiou esta proposta: Partido Popular, Ciudadanos e Junts per Cat votaron en contra e os socios de goberno de Sánchez, IU-Podemos, abstivéronse.

O 3 de agosto foi un día tristemente histórico para a institución que representa e debe protexer os intereses de todas as entidades locais posto que, por primeira vez, se rompía o consenso que sempre tiña presidido a súa actuación.

O Consello de Ministros, malia que a proposta de acordo non contaba co aval da FEMP, aprobou o 4 de agosto, o Real Decreto-lei 27/2020, de 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais, que mantén os aspectos máis lesivos do acordo rexeitado pola maioría dos membros que integran esta institución e que incluso cambia as condicións pactadas cos alcaldes socialistas da FEMP o mesmo día.

O goberno ofrece un fondo de 5.000 millóns € -a ingresar ás EE.LL. entre 2020 e 2021- totalmente condicionado posto que só se repartirá entre as EE.LL. que entreguen ao goberno a totalidade dos seus remanentes de tesourería para gastos xerais a 31/12/2019 (minorado por unha serie de conceptos recollidos no artigo 3.1 do Real Decreto-lei 27/2020) durante 17 anos, desde 2020 ao 2037.

A cambio de que as EE.LL. cedan todos os aforros municipais, os aforros dos veciños, o goberno ofrécelles un fondo -que supón soamente unha pequena parte deses aforros- e que deberán empregar unicamente nas actuacións definidas polo goberno no propio Real Decreto-lei 27/2020.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular, propón ao Pleno a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Manifestar:

1. O apoio expreso do concello de Vigo ao recurso de inconstitucionalidade que o Grupo Popular no Congreso dos Deputados presentará contra o Real Decreto-lei 27/2020 para defender os intereses de todas as entidades locais e os aforros de todos os veciños e veciñas.
2. O fondo rexeitamento deste concello ao procedemento negociador que o Goberno de España mantivo coa FEMP para acadar un acordo que dera unha "apariencia" de apoio unánime das EE.LL. ao Real Decreto-lei 27/2020.

Un procedemento no que o Goberno só ten negociado cos representantes socialistas e de IU-Podemos na FEMP excluindo ao resto de forzas políticas con representación en dita institución.

3. Solicitar aos órganos competentes da FEMP a reprobación do seu Presidente, Abel Caballero, por:
 - non transmitir coa debida dilixencia nin transparencia información axeitada sobre as negociacións co Ministerio de Facenda ao resto de membros dos órganos de goberno da institución.
 - non defender os intereses das EE.LL. como está obrigado a facer por razón do seu cargo.
 - provocar con esta actitude que, por primeira vez na historia da FEMP, se rompa o consenso histórico que adoitaba presidir os acordos deste organismo.
4. O profundo rexeitamento do Concello de Vigo a calquera medida do Goberno de España tendente a apropiarse dos aforros acumulados pola veciñanza dos municipios españois, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

Instar o goberno de España a:

1. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

2. Atender as demandas das EE.LL. para que poidan dispoñer do 100% dos seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19, levando a cabo a tal efecto as modificacións legais que resulten pertinentes, que en todo caso deberán ser validadas polo Congreso dos Deputados ou os órganos de goberno da FEMP.

3. Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEMP. “

DEBATE:

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Sr. Alcalde, fixo vostede un discurso moi grande e moi prolixo sobre o que significará para o Concello de Vigo pero vostede non dixo unha verdade e é que os 5.000 millóns como di o Real Decreto se repartirán en proporción aos recursos comprometidos polas entidades locais e vostede vai comprometer, e aquí xa o anunciou, va a comprometer eses 80 millóns de euros para que poidamos recibir, di 60 logo cambia e di 30 millóns, nós o que queremos é moi claro, que non se nos chantaxee, estamos de acordo con que se reciba dese fondo 5.000 millóns de euros pero non podemos entender porque teremos que comprometer os remanentes, e non temos por que facelo ata que exista polo goberno ter unha maioría sólida e consolidada, negociando, como se vai poder utilizar eses remanentes, porque o que se fixo aquí é que vostede unilateralmente autorizaba ao goberno a que lles fagamos un préstamo, se bloquen eses cartos e se entregue ao Ministerio, iso é o que fixo vostede e o resto é blanquearse, non é verdade os 5.000 millóns de euros, o fondo será efectivamente para os concellos que comprometan os remanentes porque dio o artigo 4, as transferencias se destinarán as entidades locais no ámbito da súa autonomía para en proporción aos

recursos comprometidos, vostedes vai comprometer os recursos e recibiremos os cartos e iso é o que vai facer e non me diga o compromiso pero xa o entregarei, os cartos quedan bloqueados, quedan comprometidos e a disposición do goberno e se entregará cando haxa que entregalo, pero eses cartos o que teñen é que quedar aquí, ata que haxa unha situación política o suficientemente consolidada para que se decida como se poden utilizar os remanentes locais porque aquí o que hai é unha decisión de vostede, co voto de calidade democrática claro que si, se eu non reprocho a lexitimidade democrática dese voto, eu o que lle reprocho é que vostede foi votado por unanimidade como presidente da FEMP e logo traizoa esa unanimidade exercendo o voto de calidade, que non llo reprocho eu, repróchanllo os seus compañeiros Alcalde, agora imos a negociar como se vai facer isto, isto era o que tiña que facer vostede, agora deixa en mans dos partidos políticos que resolvan un problema que creou vostede, é vostede o que non calcula ben a situación, lle fai ao goberno o que o goberno lle pide e logo estalla e agora non, agora que decidan os grupos políticos, non se vai facer uso disto, iso é o que asinou, as persoas e os grupos políticos que asinaron o acordo que vostede ensinou din que se poden utilizar, que se piden ao goberno que se utilicen os remanentes Alcalde, e iso é o que hai que facer, que se utilicen non que se entreguen nin que se presten, léalo, que non se entreguen nin que se presten, logo me deixará un pouco de tempo para continuar. Non pide que se entreguen, pide que se deixen utilizar os remanentes non di que se entreguen os remanentes nun préstamo ao Ministerio a devolver, porque vostede Sr. Alcalde, como imos a facer un préstamo ao Ministerio, diga vostede todo o queira pero isto é inexplicable, o Concello de Vigo Concello vaille facer un préstamo ao Ministerio de Facenda, isto non pode ser, nós prestando cartos ao Ministerio, os nosos cartos, os 80 millóns de euros están nas contas porque os vigueses os pagamos, non é produto da súa xestión como vostede o dixo, os cartos se pagan e quedan na conta o que pasa é que vostede non soubo gastalo, Alcalde, non cumpriu, eses cartos efectivamente entrou con cargo a un orzamentos de ingresos que levaba a outro orzamento de gastos, o de gastos non o utilizou e os cartos quedaron aí, e os cartos quedaron aí e vai volver quedar porque vimos a execución orzamentaria deste ano, podemos utilizar o superávit? Se o goberno quere porque no Real Decreto Lei non se aprobou só permitindo utilizar o superávit, ese fondo de transporte, por favor, Sr. Alcalde non

me fale vostede de Vitrasa, o Real Decreto Lei 8/2020 permitía indemnizar ás concesionarias cunha prórroga do contrato de ata o 15% do prazo inicial e vostedes o que fixeron foi prorrogalo en base ao contrato, co cal a empresa queda aínda coa facultade de poder acceder á indemnización non nos explique iso, eses cartos que van vir do Ministerio como se fora un regalo son uns cartos que vostede lle vai entregar á concesionaria para indemnizarlle por unha perda e garantirlle o equilibrio económico do contrato cando o Real Decreto Lei do Goberno lle permitía garantir ese equilibrio económico como unha prórroga e vostede fixo as dúas cousas, prorrogar a agora nos di que lle vai indemnizar: Sr. Alcalde, os vigueses non somos nenos pequenos non tiñan porque prorrogar o contrato de Vitrasa, poderían facer unha prórroga para indemnizar o equilibrio económico do contrato.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O BNG non imos perder nin un minuto en discutir a segunda moción lavado de cara, en relación ao remanentes nesta volta da man do Partido Popular que aprobou a Lei Montoro é que supuxo incautación dos remanentes municipais, sinceramente non imos entrar niso. Preguntaba o Alcalde na súa extensa última intervención no punto anterior, afirmaba que non había unha alternativa a este Plan, a este acordo de incautación parcial que agora patrocina, hai unha alternativa dun reputado economista, unha persoa experimentada en xestión local, un tal Sr. Abel Ramón Caballero Álvarez que o 4 de xuño, na Comisión de Reconstrución no Congreso dos Deputados, nunha intervención que eu seguí con moita atención en directo defendeu e reclamou non só un fondo de 5.000 millóns de euros senón que ademais os concellos dispuxésemos da totalidade dos nosos remanentes e superávits mediante a derogación da Lei Montoro, Sr. Alcalde por que agora non defende esa opción? E sabe porque non defende esa opción porque o problema da Lei Montoro non é só o exministro o Sr. Montoro, é a Ministra a Sra. Montero, porque o Partido Socialista non ten, e o goberno de coalición que hoxe goberna no estado español non ten intención nin ten vontade de derogar a Lei Montoro, se quixera simplemente leven o debate o Congreso dos Deputados, sometan a consideración da Cámara a derogación desa lei, non o van facer porque non teñen vontade e vostede sabe isto, que o problema da lei Montoro ten un a accionadoado que é a Ministro Montero, e entón o que lle que queremos dicir é que o

Bloque Nacionalista Galego non cambiamos de posición a diferenza do que vostede fixo esta semana, nós seguimos apoiando esa posición que vostede sostivo o 4 de xuño no Congreso, queremos un fondo por parte do Estado que incremente o financiamento dos concellos que están infrafinanciados pola estrutura do financiamento local, e a maiores dispor dos cartos que xa é da cidade, o goberno de España non nos regala nada, nin nos entrega nada, simplemente vai permitir cunhas condicións moi concretas, a mobilización parcial deses remanentes, nós lle dicimos, vostede di que non hai alternativa, si a que vostede defendeu, o que ten que explicar á cidade é por que deixou de facelo.

SR. PÉREZ CORREA: Para centrarnos na moción que propón o Partido Popular e para lembrar tamén a tódolos grupos que centramos o debate na cuestión do remanentes e damos por feito que tódolos concellos do estado español están na mesma situación, cando estamos a falar de casuísticas económicas diferentes, en primeiro lugar, é rotundamente falso que non se propuxera ningún tipo de alternativas porque algunhas xa foron propostas no concurso das xuntanzas da FEMP, en concreto a do meu grupo que propoñía a suspensión de normas coercitivas da regra de gasto, modificar a guía de interpretación da regra de gasto que é unha cuestión que é perfectamente factible dende un goberno para podelo facer e permitir superar os límites de masa salarial ao amparo tamén da anterior interpretación para a contratación de persoal, é dicir, sen necesidade de acudir a este mecanismo, no primeiro inicio dese acordo que foi a FEMP houbo propostas enriba da mesa, e ademais, sobre algunhas cuestións que non se dixeron na intervención do Alcalde Presidente da FEMP, damos por feito que nos entregamos o remanente, podemos utilizar unha parte dela e que cando o goberno retorne ese remanente a situación vai ser diferente, o retorno do remanente cando o goberno o retorne, vai a ser directamente que van a ter que ir aos bancos, non vai haber unha modificación polo tanto, non hai un cambio fiscal que permita mobilizar o remanente todo o que o goberno devolve ten que volver a ser empregado para investimentos financeiramente sostibles, ten que quedar en contas bancarias e non hai ningunha modificación. O compromiso ou non de cambiar a Lei Montoro, eu estou nun partido político que asinou un acordo de goberno que fala claramente da derogación desa lei, certo que este goberno levaba tres meses cando se iniciou a

pandemia e o que suspende estes trámites administrativos, eu teño claro que en tres anos a Lei Montoro vai a estar derogada, non teño ningunha dúbida, porque sería un incumprimento tan fragrante dun acordo de goberno que implicaría seguramente a destrución dunha maioría progresista no Congreso dos Deputados, non ser coherente co que se asina significa cando menos ser desleal, polo tanto, imos a entender que ese acordo de modificación desa lei vaise a dar e aí é onde o Partido Popular nesta moción nos engana a tódolos vigueses/as porque a pregunta está clara, cando veña o trámite parlamentario do Congreso dos Deputados que por suposto que vai vir, que vai a facer o Partido Popular? Porque a Lei Montoro é o que explica gran parte da súa moción e o debate é trasladable, eu entendo e ademais espero que o Bloque Nacionalista Galego que tamén ten un acordo de investidura esixa nese acordo de investidura que tamén recollía a derogación desa lei e que os grupos que fiamos o investimento e o grupo que fiou tamén un acordo de goberno de coalición pidámoslle ao Partido Socialista que cumpra a súa palabra, a resposta é que vai facer o Partido Popular? Porque o Partido Popular tanto na FEMP como aquí mesmo está pedindo que liquidemos a Lei do seu exministro, pero no o di abertamente, a min me gustaría que esta moción para podela defender dixera que a reforma constitucional marcou uns criterios absolutamente lesivos marcados por Europa que nos obrigárona pagar antes a débeda que obrigaba aos concellos a non poder incorrer en déficit e a secuestrar de maneira, que logo se consagra nunha lei dous anos posterior, a secuestrar eses recursos, pois que o Partido Popular diga pois estamos de acordo en que derogue esa función e se nos permita utilizar eses recursos que están aí por unha decisión do Partido Popular e tamén me gustaría que se propuxera a inconstitucionalidade tamén no seu día tamén desa lei, en base a unha constitución que tamén fala da autonomía das entidades locais e que o Partido Popular só lembra cando lle interesa. Ademais esta moción tamén diríamos que é unha moción, entendendo que se constrúe porque o debate é mañá pero que ademais aquí hai cuestións que xa están superadas polo menos polo que anunciou a Ministra a Sra. Montero, e eu creo ademais que non é malo cando trece alcaldes do BNG, de Esquerda Unida, de Podemos, do Partido Popular piden que parte deses recursos estean condicionados á cuestión de poboación e a outras cuestións, pois, son modificacións que se incorporan e están

pedidas polos nosos Alcaldes, polos Alcaldes dos que todos estamos aquí que están a pedir que unha parte sensible non se computara exclusivamente ao préstamo do remanente e que se puidera condicionar a outras cuestións exteriores. De todas formas esta moción, o que ten que resolver o Partido Popular é se está disposto a defender a derogación da Lei Montoro que é o único que actúa nesta cuestión, é o único, o resto son parches que pode propoñer o goberno ou parches que se poden propoñer dende a FEMP, pero que actúa aquí unha lei promovida polo Partido Popular e terá vostede que resolver se está de acordo con derrogala.

PRESIDENCIA: Déixeme que nestes cinco primeiros minutos da intervención clarexe algunha cuestión, comezando polo concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, concelleiro non adscrito, eu non sei se me escoitei pero eu acabo de pedir agora mesmo fai dous minutos a derogación da Lei, non sei se vostede o escoitou porque se está aquí é para escoitar, eu a pedín no ano 2012 cando a Sra. Silva votou en contra e pedín a derogación naquel momento en non era presidente da FEMP, era vocal, era Vicepresidente, pedín a derogación, levei encabezando un número singular de concellos ao Tribunal Constitucional a LARSAL e polo tanto, fixemos unha mobilización en contra de todo este proceso, a pedín na miña comparecencia, por certo, non a vexo aquí, nisto que os grupos, certo que non está o seu, nin o grupo de compañeiros de Mareas pero aquí os grupos que asinan non incluíron a derogación desa lei, pero eu sigo dicindo, eu dicía na intervención anterior dicía o Sr. Marnotes non da a cara pero se eu pasei por tódalas televisións de España, por tódalas radios de España, se eu pasei por tódalas partes, se non hai un solo español que non me vira a min falar disto, pero desaparecido a persoa que máis falou disto en toda España, Sr. Marnotes, eu non sei como vostedes xulga as cousas pero xa sabemos, xa o estamos a facer, porque é o primeiro Pleno que temos dende aquel momento, vostede non pediu un Pleno, acostúmese a permanecer en silencio cando falamos os demais como todos falamos con vostede, eu xa sei que a vostede as normas democráticas as veces non lle gusta, trátase de acostumarse. Pero dicía que daba a cara, agora estanme a chamar dende outra televisión para saíres seguramente saire porque creo que teño que facer esta función de información. Polo tanto, señor concelleiro do Bloque Nacionalista Galego eu sigo pedindo a derogación da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Suficiencia Financeira, e

levo 8 anos pedíndoa e non lle escoitei a todo o mundo pedila de forma contínua, a min si, continuamente.

Segunda cuestión, a palabra regalo a min me gusta pouco utilizala pero se o goberno de España aporta a fondo perdido 5.000 millóns de euros, a fondo perdido a agora ademais coa proposta concreta de que sexan os grupos parlamentarios os que decidan como se reparten, porque as cousas van evolucionando, vaise chegando a acordos mellores, e agora hai unha proposta, achega 5.000 millóns a fondo perdido e mira a cifra da que estamos a falar, iso é case a metade o Plan E e lle achega a tódolos concellos 8.100 concellos, fixo unha primeira proposta de reparto, que era en relación ás eficiencias e polo tanto remanentes, volvo insistir, teñen remanentes case 8.000 concellos, téñenos 7.800, non os teñen 240 e polo tanto, esta forma de reparto é susceptible, sensible para todos estes concellos, pero ademais nós no noso acordo metemos e alí aparece unha forma de atender tamén aos concellos que teñen dificultades financeiras, non nos esquecemos, accións dende as deputacións e renogacións de débedas con períodos da carencia, cando aparece, unha forma de atender tamén a concellos destas características.

Segundo, non hai unha forma alternativa que non sexa esta, derogar si, pero si derogamos Europa aplica o seu criterio, eu son partidario de derogar esa parte desa Lei, pero nos cremos que está resolto, non está resolto, Europa dirá iso é un recurso financeiro, quen asume ese déficit, porque Europa non recoñece estes fondos como recurso non financeiro, non se contabilizan como ingresos, por tanto saibamos que é complexo tecnicamente, saibamos que Europa nos vai dicir algo pero eu sigo dicindo de acordo que se derogue esta Lei, pero o goberno de España pon 5.000 millóns de euros, exactamente o que pedíamos dende a FEMP, pedíamos 5.000 millóns, aí están, pedíamos un fondo de transporte, aí está, pedíamos fondos europeos, aí está, pedíamos superávit, aí está, pedíamos elixir, aí está, pedíamos incrementar as dotacións, aí está, por iso si que hai unha forma. Mareas, lle teño que propoñer tamén a modo de aclaración, señor voceiro, é que a Regra de Gasto no resolve o problema e a regra de gasto é unha parte da restricción, pero se pode ver co Interventor e seguro que llo explica, son cuestións técnicas complexas, a cuestión disto é que computa como déficit, a cuestión dos remanentes é que se segastan computa como déficit e o Interventor non pode permitir déficit polo tanto,

necesitamos un sistema, non só que elimine regra de gasto porque dese vostede conta que a regra de gasto xa a temos eliminada durante dous anos, durante o ano 20 e ano 21, e se pode seguir tratando de reformas que temos pactadas co goberno de España e que imos a implementar, polo tanto, vaise suavizar a restrición da Regra de Gasto, pero a de Equilibrio Orzamentario non e polo tanto, non ten solución, despois volverei intervir e seguirei falando disto.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Dixo vostede unha gran verdade, efectivamente a Lei Montoro se poderá derogar pero o problema seguirá existindo porque hai regulamentos comunitarios que establecen a estabilidade orzamentaria, formula de calculala en base a eses regulamentos comunitarios e ante unha situación catastrófica no país o entón Presidente Zapatero iniciou unha reforma constitucional que apoiamos para introducir a estabilidade orzamentaria nunha constitución, efectivamente niso se fixo un desenvolvemento Lei Orgánica co mellor se deroga e non arranxamos o problema, co cal o problema non é a Lei Montoro, o problema é como se computan ese remanentes, que insisto, existen por unha problema de ineficacia de xestión.

Dito isto, nós o queremos é que non saia adiante un artigo que di que só se vai non a 5.000 millóns de euros, senón como máximo 5.000 millóns, será o 35% do comprometan as entidades, iso dio o artigo 3.1 vixente, agora se queren cambialo ou a Ministra amosa a súa disposición é outra cousa pero nós cremos que para poder usar os cartos do superávit para ter ese fondo e para ter a supresión da Regra de Gasto, etc. Non é necesario entregar os aforros dos vigueses, cremos que non, cremos que a fórmula non é correcta, cremos que ademais de non ser correcta é bastante absurda e escandalosa, que teñamos nós que facerlle un préstamo ao Estado para recibir uns cartos que temos que recibir igual, e logo estes cartos que queden en Vigo a cando mude esta situación porque estou seguro que isto vai mudar, estou seguro que se vai reflexionar moito sobre a Regra de Gasto e Estabilidade Orzamentaria, coa que ven, entón veremos o que facemos cos remanentes, pero a nós non nos parece normal que dispoña o Ministerio de Facenda duns cartos, duns préstamos dos vigueses para facer uso deles, iso si que é atentatorio contra o sentido común, xa non é un problema de legalidade, é un problema de que non podemos pedirlle aos vigueses e este Pleno non pode aceptar

que entreguemos os aforros como un préstamo por moitos que vaian a vir, os cartos que van a vir teñen que vir igual, porque as necesidades existen, teñen que vir igual, se teñen que crear eses fondos pero non se pode facer 15.000 millóns de euros é o dobre do orzamento, case o dobre, da comunidade autónoma de Galicia, non necesita eses cartos o Ministerio, eses cartos entrou nunha conta e como vostede sabe é Tesourería, eses cartos vaise utilizar, eses cartos se devolverán cando se devolvan, por certo, esperemos que non tarde como fixo co IVA do ano 2017, a liquidación do IVA de decembro do 2017 das comunidades autónomas e dos concellos, primeiro dixo que o ía facer e logo non o fixo, non nos fíamos Sr. Alcalde, vostede se fía e nos cremos que é mellor recibir os cartos sen entregar nada, por iso non queremos que se convalide o Real Decreto Lei e sei hai que negocialo, que se negocie, por que hai que negocialo? Porque vostede tiña a obriga de negociar ese acordo e non o fixo, o asinou tal cal, vostede si podía facelo, podía reunir a Xunta Directiva da FEMP, utilizar o mandato que tiña cando foi nomeado unánimemente pero tamén cando se aprobaron no mes de xuño as condicións, que tamén foi unánime e vostede se apartou diso Sr. Alcalde, xa digo que diso terá responder vostede ante os seus compañeiros da FEMP, aquí do que ten que responder é sobre ese 80 millóns que quere entregar e sobre o que vai facer cos cartos que van vir, se ven, iso é o cremos que ten que facer aquí e nós por iso cremos que esta moción poña enriba da mesa presión no Ministerio para que se negocie e se cumpra co que se pactou e que vostede non cumpriu.

PRESIDENCIA: Pero algunhas cuestións si lle quero clarexar, mire, é que nós en Vigo queremos utilizar os remanentes, non queremos que sigan nos bancos, esta é a cuestión que vostede non acaba de entender, é que nos temos unha inmensa cantidade de remanentes e os queremos usar na cidade, queremos que se utilicen para apoiar a economía, as cafeterías, os restaurantes, os comercios, para apoiar as accións económicas, para facer inversión, para mobilizar a economía e temos 80 millóns de euros metidos nun banco e pagamos por telos alí pero este é o elemento central da reclamación da FEMP e deste Concello dende sempre, e enriba da mesa por primeira vez se pon unha forma de mobilizalo porque non hai ningunha outra, porque o grupo Popular non vai apoiar unha modificación da Lei de Montoro que por

certo, cando propoña se algunha unha vez o propon que quere a derogación que nos pidan perdón por estes 8 anos dos recursos de Vigo confinados nos bancos, incautados nos bancos, que nos pida perdón porque claro que os houbéramos utilizado, claro que non imos deixar que 80 millóns de euros e miles e miles en toda España estean nos bancos e non os podamos utilizar, e que non se poden utilizar, esta lei do Partido Popular prohíbeo, prohíbeo taxativamente pero ademais con accións contundentes sobre a intervención, ordenando directamente a intervención, que nin tan sequera os deixe mobilizar con expectativa de manter equilibrio orzamentario tan pronto haxa a máis mínima dúbida os interventores o paran e nos neste momento temos posibilidade de investimento xa de golpe neste momento na cidade máis de 15.000 millóns de euros novos de investimentos, saben que pasa? Que se isto non se aproba non o podemos facer por que? Porque nin temos superávit nin temos remanentes, non temos nada e polo tanto a cuestión é que hai que usar porque o que o Partido Popular nos di é que se quede nos bancos de Vigo para que sigamos a pagarlle aos bancos de Vigo, non eu non quero iso, eu quero que esten na cidade, que se gasten en aras da cidade e se puidera gastar mañá todos o faríamos da mellor das formas posibles pero é que a Lei prohíbeo, é que a Lei non deixa, a Lei do Partido Popular non permite utilizar eses 80 millóns de euros de remanentes, claro que Vigo xa sabe que somos un concello o mellor xestionado de toda España, o primeiro en Europa con débeda cero, pero queremos utilizar eses 80 millóns de euros e a Lei do Partido Popular non nos deixa, e o goberno de España nos ofrece unha alternativa, se hai outra mellor a vemos, claro que eu apoio derogar esa lei, pero saben que sucede? É Lei Orgánica, 176 votos e tempo para a derogación e eu eses recursos os quero agora, eu quero que repartan os 5.000 millóns agora xa, voten que si, iso está en compromiso de que queda en suspenso e decidan no Parlamento os grupos parlamentarios, os membros do Congreso dos Deputados/as que decidan como se reparten, por que non queren asumir a súa propia responsabilidade de decidir? Que decidan, nos parecerá ben a todos porque son 5.000 millóns que entran aos concellos e a min como presidente da FEMP se entran os concellos calquera reparto me vale, como Alcalde de Vigo prefiro algún reparto a outro, como é natural, e para defender aos pequenos e medianos concellos tamén prefiro un reparto a outro pero visto globalmente 5.000 millóns para os concellos que decidan o antes posible porque a

alternativa é que non, votar que non a este Decreto é votar que non a que se repartan 5.000 millóns a fondo perdido entre os concellos.

E isto creo que é moi importante, eu lle dicía antes ao voceiro de Mareas que está ben o de Teito de Gasto pero o elemento central neste caso ven de déficit, ven que nos temos todos estes remanentes por moito que nos quiten Teito de Gasto, se nos gastamos unha parte dos remanentes de Vigo imos entrar en déficit, pero iso non pode ser porque non é un ingreso en ningún caso por Lei, a Lei non o permite o que nos permitiron, por clarexar, foi superávit, unha parte de superávit pero o superávit computa en déficit, e polo tanto que necesitamos para poder utilizar eses recursos que non computen en déficit, porque se computa en déficit nos van a intervir o ano que ven, e iso en Vigo non vai a pasar eh, eu non vou a permitir que o goberno de España interveña esta cidade, entón necesitamos unha forma de poder gastar eses 80 millóns de euros, calcúllelle que 10.000 en España por dar unha cifra aleatoria, sen que compute en déficit e iso é o que aparece no decreto porque por moito que diga os representante do Partido Popular eses recursos cando regresen non regresan para os bancos, regresan como ingreso non financeiro porque di que se pactarán coa FEMP, di que se pactarán coa FEMP o decreto e se pactan coa FEMP no decreto imos esixir que sexan recursos non financeiros, que non computen en déficit, transferencias, e aí hai unha parte moi importante por iso leva axenda urbana etc. Porque son recursos finalistas tamén que nós utilizaremos practicamente en todo o queiramos facer na cidade porque despois hai algo máis que poidamos facer, nós poderemos non utilizar eses recursos en comercio por exemplo, pero podemos utilizar os nosos recursos do noso orzamento corrente, e polo tanto, temos unha forma de trasladar recursos a unha parte da economía de Vigo, a clave é que eses recursos cando entren o remanente entre sen computar en déficit que é a única forma para podelos gastar porque senón imos a incorrer necesariamente en déficit e que propoñemos nós, que aparece na parte final, en letra doutra cor, pero aparece unha addenda na que que negocien os grupos parlamentarios a forma de reparto dos 5.000 millóns e que decidan e despois xa decidiremos os concellos se queremos ir por remanentes, por superávit ou queremos ir pola vía do sursuncorda, xa decidiremos nós, pero non nos resten a capacidade de decidir como fixo o Partido Popular coa súa lei, coa súa Lei

incautos, están presos, os aforros están metidos alí, nese corralito en termos arxentinos e incautado en termos reais e Vigo ten incautamos neste momento 80 millóns de euros, o Partido Popular desta cidade nos incautou 80 millóns de euros, e cada ano lle regalamos aos bancos 200.000 euros, isto é un escándalo, ter que regalarlle aos bancos 200.000 euros porque nos obriga a Lei do Partido Popular.

E polo tanto, Sr. Marnotes, aprenda da democracia e garde silencio, aprenda un pouco, e polo tanto, tratemos de buscar unha saída dende o Parlamento de Galicia e eu lle volvo a solicitar aos grupos parlamentarios que pasen o decreto e que decidan como se reparten eses 5.000 millóns que ao final é a discrepancia real que neste momento é esa, como se reparten os 5.000 millóns, chamémoslle branco ao branco e negro ao negro, como se reparten? Pois que decida o Congreso dos Deputados, convalidan, temos un acordo enriba de mesa, ninguén vai a usar os remanentes ata que se faga trámite como lei, se suspenden os prazos e o que decida o Congreso dos Deputados o levamos adiante pero saben que vantaxe ten? Que todos podermos utilizar de forma inmediata o superávit, que non o temos, Vigo ten 15 millóns e os queremos utilizar porque non podemos utilizar eses 15 millóns agora antes de que remate este ano, licitando e fixando as cuestión para utilizar 15 millóns de euros e queremos utilizar os 80 millóns de euros, por iso dende logo a negativa a esta proposta do grupo Popular é total, nin tan sequera se lle ocorre a ninguén como pode haber un recurso de inconstitucionalidade, a ninguén se lle ocorre onde pode estar iso e os responsables de que teñamos a xente de Vigo 80 millóns confinados e incautados nos bancos poñen un recurso de constitucionalidade para poder utilizalos, menuda acción política do Partido Popular. Sometemos á votación a moción.

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e vinte e tres en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez,

Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 4.09.2020 (Rex. Nº 2570/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(129).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A EMPREGAR OS RECURSOS QUE O GOBERNO DE ESPAÑA VEN DE ASIGNAR Á XUNTA DE GALICIA DO FONDO COVID-19 PARA EDUCACIÓN. REXISTRO PLENO 2572/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 4 de setembro de 2020, número 2572/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O comezo do curso e o desenvolvemento da actividade docente estará marcada pola nova normalidade.

Nestes momentos difíciles de excepcionalidade, incertidume e crise sanitaria provocada pola Covid 19 que estamos a vivir, o Concello de Vigo amosa a súa preocupación ante o inicio do curso educativo, e polas dúbidas existentes en toda a comunidade educativa, ante o protocolo de adaptación da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

Son múltiples as queixas que están a chegar dos centros de ensino, sindicatos e Anpas, amosando o seu rexeitamento a este protocolo, por descargar toda a responsabilidade nas direccións dos centros, nos profesores, nas familias e pola falta de medios económicos e de persoal.

O Goberno de España, ven de asignar 2000 millóns de euros a fondo perdido ás CCAA , dos que 98,7 millóns lle corresponden a Xunta de Galicia, para que poida facer fronte á reapertura dos centros educativos. O Goberno de España puxo todos os medios económicos e humanos para colaborar coas CCAA. Temos que recordar que as competencias en materia educativa lle corresponden, única e exclusivamente, á Xunta de Galicia, unha administración que está a abandonar a súa sorte a comunidade educativa de Vigo e de Galicia.

O Goberno de España segue a cumprir cos seus compromisos, o Concello de Vigo está a colaborar de forma permanente coa comunidade educativa da nosa cidade, incluso máis alá das nosas competencias. A única administración que non está a cumprir é a que ten as competencias en materia educativa, a Xunta de Galicia. Alberto Nuñez Feijoo foi o único Presidente autonómico que rexeitou os cartos do fondo Covid 19 para educación.

Xa é hora de que a Xunta de Galicia se comprometa coa educación e empregue esos fondos, aportados polo Goberno de España, para facer todas as adaptacións necesarias para garantir a volta ás aulas nas mellores condicións de seguridade.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO:

- Instar a Xunta de Galicia a empregar os recursos que Goberno de España ven de asignar á Xunta de Galicia do fondo Covid 19 para educación en:

- Contratación de profesores
- Reducir o ratio de alumnos por aula
- Dotar aos centros educativos de todo o material sanitario necesario para o cumprimento do protocolo (xeles hidroalcohólicos, panos desbotables, sinalética, máscaras...)
- Posta en marcha de programas de reforzo para os estudantes con necesidades educativas especiais.
- Dotación de equipos informáticos e conexións a todos os alumnos e alumnas que o necesiten.
- Entrega de máscaras gratuitas aos todos os alumnos e alumnas
- Facerse cargo dos costes da súa competencia que está imputando aos concellos"

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Antes de decretarse o estado de Alarma, no mes de marzo, a xestión da educación en Galicia era absolutamente nefasta, era unha xestión rexeitada por toda a sociedade en xeral e que hai recordalo, os profesionais, os sindicatos e as asociacións, todo o conxunto da sociedade rexeitaba cal era a

política educativa da Xunta de Galicia e o seu desenvolvemento, a percepción cidadá nese momento era que a educación tamén a sanidade estaban xestionadas de forma pésima, hai que lembrar tódalas mobilizacións dos colectivos que dicía anteriormente, as cifras eran totalmente negativas, a redución de profesionais da ensinanza denunciada cunhas cifras xa digo escandalosas, a súa precariedade era absolutamente endémica e a falla de medios para a política educativa era tamén absoluta, esta era a realidade, isto é o que pasaba antes do decreto do Estado de Alarma, a verdade é que igual que está sucedendo hoxe con ese rexeitamento masivo da sociedade no inicio do curso escolar, e para a Xunta de Galicia, para o goberno do Sr. Feijóo o confinamento se converteu nunha escusa, como pasou tamén na sanidade, fixeron certamente un relato que é absolutamente enganoso e o peor de todo é que situados en marzo como me quixen situar e situados hoxe en setembro no inicio do curso escolar se desaproveitou totalmente este tempo do confinamento, seis meses dende marzo a setembro que se deberían ter adicado, investido para preparar nunhas condicións óptimas o inicio do curso, nesas condicións de seguridade porque era evidente chegar a setembro, por tanto sen dúbida un tempo absolutamente perdido, a falla desa política educativa global eran notoria antes de marzo e agora estallou, o Sr. Feijóo estivo bastante tempo durante o confinamento solicitando a gobernanza, pedíndolla ao goberno do Estado, chegou o momento da cogobernanza, chegou o momento de aplicar e asumir aquelas competencias exclusivas do goberno de Galicia como é no tema de educación e se demostrou que é absolutamente incapaz e á vista está, pola contra o goberno do Estado cumpriu neste percorrido dende o mes de marzo en tódalas áreas sensibles actuou, dotou de fondos concretos ás comunidades autónomas para as políticas necesarias en cada momento, inicialmente orientadas a políticas sociais e hoxe tocou educación. Polo tanto, cando reclamaba esa gobernanza e na situación na que estamos o Sr. Feijóo é o absoluto paradigma da ocultación e da negación, recibíronse fondos na Xunta de Galicia e hoxe ningún dos galegos coñecemos a onde se destinaron eses fondos, iso si, outras comunidades autónomas si fixeron os seus deberes e si sabemos e coñecen os seus cidadáns de alí onde se destinou. Polo tanto, como facemos na moción, debemos reivindicar alto e forte que os fondos estatais a fondo perdido son para políticas concretas e que o fondo de

educación de 98,7 millóns ten actuacións concretas que se están desvelando que non se levaron a cabo e que realmente todo o mundo reclama como absolutamente necesarias para poder comezar o curso escolar en condicións de seguridade.

A política educativa é un pilar do estado de benestar, e o Sr. Feijóo recoñeceu o seu fracaso ao ter que cambiar á conselleira é o seu propio fracaso previo ás eleccións que celebramos pero o peor non é cambio á conselleira que é lexítimo e que evidentemente debe facer o goberno polas persoas que entenda, o peor é a xustificación que deu ao cambio desa conselleira, porque literalmente dixo que lle sobra a consellería de Educación é que lla tiña que engadir a outra consellería, este argumento é certamente grave, é un ataque á igualdade porque evidentemente con este argumento o que se pon de lado é en contra da educación pública e por extensión a favor da educación privada, este é o Sr. Feijóo, este é o Partido Popular.

SR. PÉREZ IGLESIAS: En primeiro lugar, en nome do BNG quero expresar o recoñecemento ao esforzo, eu creo que heroico que están a facer as direccións dos centros, o profesorado, as ANPAS, no seu conxunto a comunidade educativa para encarar este inicio de curso, miren, a miña filla está escolarizada nun centro público desta cidade, onde a sinalectica por exemplo, dese centro está instalada grazas ao traballo da súa asociación de pais e nais, eu creo que é un exemplo máis que unha anécdota que demostra ata que punto a Xunta de Galicia como administración competente tense ponso de perfil na xestión do inicio dun curso nun contexto tan extraordinario como dunha emerxencia sanitaria, derivaba dunha pandemia mundial. O cambio de caras simplemente servíu para alimentar o ciclo de noticias durante un par de días pero non vai haber un cambio de políticas porque forma parte dun deseño deliberado do Partido Popular de fanar, de acabar co ensino público, só así se entende a resistencia do Partido Popular na Xunta de Galicia a reducir as ratios, sabemos que o problema non é só de gasto de persoal, sabemos que o problema teno o Partido Popular con que si se reducen as ratios na escola pública o problema o terán na rede de centros privados concertados onde si hai liñas aínda máis masificadas pola enorme matriculación que se produce derivado tamén dun modelo que promocionou ata o momento os centros privados-concertados para enriba da pública.

Nós concordamos coa moción do Partido Socialista, imos votar a prol, en todo caso formulamos unha emenda de engadida que o único que quere recoller é vontade que ata o momento entendemos o goberno municipal xa ten demostrado, que con independencia de quen é competencia e quen é responsable ou neste caso irresponsable, a Xunta de Galicia, o Concello de Vigo vai facer todo o que estea na súa man para seguir a prestar asistencia á comunidade educativa desta cidade, para adoptala dos medios necesarios e logo xa pasaremos a factura a quen corresponda, contarán como contaron ata o momento sempre co voto favorable do BNG nesa cuestión á hora de esixir a responsabilidade da Xunta de Galicia, pero entendemos que hai que enviarlle tamén dende este Pleno á comunidade educativa de que van poder contar co Concello de Vigo diante do irresponsabilidade da Xunta de Galicia.

SR. PÉREZ CORREA: Nós queremos reiterar primeiro o esforzo que están a facer o conxunto da comunidade escolar tanto os pais, as nais, as ANPAs, o esforzo que están a facer os consellos escolares e sobre todo ante unha estratexia para nós deliberada por parte da Xunta de Galicia de facilitar a confrontación entre tódolos membros da comunidade escolar, para que a administración que ten as maiores competencias en materia educativa e en materia sanitaria saían de rositas nesta situación.

Antes formulaba o Alcalde e dicía que efectivamente utilizara eses remanentes sen nunha modificación legislativa significaría que incorreríamos nas Regras de estabilidade orzamentaria e no Teito de Gasto, pero se hai unha evidencia e ademais foi trasladada no conxunto da FEMP, é que as administracións públicas no seu conxunto, nomeadamente aos concellos, porque foron os que tomaron a iniciativa nesta crise, teñen unha serie de gastos, nalgúns casos incluso prohibitivos, durante estes meses e agora para iniciar determinadas actividades dentro das competencias municipais que tamén son as limpeza nos centros educativos da súa titularidade, iso que significa que se pediu por activa e por pasiva que tódolos gastos epis, xeles, mascarillas, modificacións que incluso houbera que facer e reformas nos centros educativos se consideraran gastos extraordinarios derivados dunha situación de pandemia e polo tanto non se

considerara un gasto computable a ese remanente como se fora un remanente susceptible de xerar déficit e iso se trasladou e iso se dixo que se podía facer cunha modificación da interpretación da Regra do Teito de Gasto, é un debate que tivemos historicamente no Congreso dos Deputados e que no seu día o tiñamos co goberno do Partido Popular e agora tamén o temos co goberno do Partido Socialista, en todo caso, que quero dicir con isto, que estamos de acordo obviamente nesta moción, subscribimos ademais, cremos que é un auténtico disparate que sexa precisamente o Presidente da Xunta de Galicia no que na reunión di que quere utilizar os recursos transferidos polo goberno de maneira autónoma, cando sabemos que de maneira autónoma que os recursos son de educación, teñen que ir para educación e non se pode facer experimentos con gaseosa porque obviamente os ingresos que faga o Estado ás comunidades autónomas vai a ter fiscalización, se o Sr. Feijóo quere gastarse os recursos en materia educativa que lle transfira o goberno noutro tipo de vontades, pois dende logo vai a ter unha fiscalidade enriba.

Ademais de non querer incidir nesa cuestión, o que está pasando dicía antes o concelleiro de Educación, e que esta moción non tiña que vir en xuño por referirse á moción da Marea de Vigo, naquelas alturas non sabíamos se ía haber curso escolar, se poderíamos ter unha presenza dos nenos nos colexios, naquela altura nin sequera sabíamos cal ía ser a extensión da pandemia, nin a duración do estado de Alarma, agora temos unha certeza, algúns agora mesmo comezan, no caso do cole da miña filla, a reunión de país e estamos tendo un día antes de que comecen os coles, e non é por irresponsabilidade dos docentes ou dos grupos educativos dos colexios como deixa entrever algúns cargo de educación que debería estar dimitido de maneira urxente como é o representante de educación en Pontevedra, senón porque os profesores estiveron facendo todo tipo de actuacións para que os colexios foran seguros e o fixeron moitas veces con recursos propios do centro ou con interpretacións sobre unha proposta de protocolo de reinicio do curso escolar da Xunta de Galicia, insuficiente e que calquera persoa que queira coñecer cales son as eivas pois a confederación de ANPAS fixo un bo resumo do que debería de ser un inicio seguro, pero nos o queremos subliñar aquí que podemos estar na batalla de que a Xunta de Galicia ten que asumir determinadas actuacións nos centros educativos, logo falaremos da ampliación dos mesmos ou podemos pasar á

ofensiva como están a facer moitos concellos, ou podemos cancelar gasto propio superfluo para dicir, pois a Xunta de Galicia non queren incrementar o recursos económicos para limpar e desinfectar dunha maneira segura os coles, ímolo facer o concello de Vigo porque o Concello de Vigo tamén asume, sen ter competencias, dar dous millóns de euros en becas de inglés, este ano non hai becas de inglés, pois eses dos millóns de euros de becas de inglés para ter os coles máis seguros de Galicia e espetarlle á Xunta de Galicia que non quere colaborar na limpeza e na seguridade dos nosos fillos/as, non pasa nada o Concello de Cambados hoxe anuncia que cancela a feira do viño porque considera que eses recursos quere gastalos en volver ao cole seguro, o concello de Rivas parou completamente as festas e se paramos o Nadal? Agora a mediados do mes de setembro porque é máis interesante, máis importante que os coles sexan seguros e logo xa veremos se lle interesante unha noria, se é interesante algunhas das cuestións que se propoñen, porque as urxencias son no momento non cando se lle ocorren a determinados políticos.

SRA. LÓPEZ ROMÁN: Dicitelles que o curso tiña que comezar, o desexaban tanto as familias como a comunidade educativa dende hai xa bastantes meses e vostedes propoñen estas cuestións un día antes de comezar o curso, da a sensación de que máis que achegar ideas para a construción da nova realidade que terá que vivir toda a comunidade educativa, están utilizando este virus como unha arma política, a Covid-19 non pode ser unha arma política entre partidos, se tan preocupados están por esta situación que non está tocando vivir, por que non se propuxo antes? Ao mellor non lle interesaba no mes de xullo falar de educación xa que como saberán naquel entón a Comisión de Reconstrución mantivo o seu rexeitamento á escola concertada que recibise un investimento extra, esta decisión provocou unha gran polémica, tanto interna como externa ao seu partido, como o resolve o goberno delegando a responsabilidade ás comunidades, por certo o Partido Popular de Vigo nas Comisións Informativas do mes de xullo solicitou a este goberno que se posicionase en canto ao veto de financiamento da escola concertada que se estaba a facer nese momento dende o goberno central e cal foi a súa resposta? Ningunha, como pasa en tódalas preguntas que se fan dende o Partido Popular de Vigo

tódolos meses nas Comisións Informativas. A situación que nos está a tocar vivir é complicada pero dende a consellería de Educación se leva traballando dende hai varios meses para que os rapazas poidan reanudar a súa actividade escolar o antes posible e coas medidas hixiénico sanitarias necesarias, para vostedes é moi fácil instar á Xunta de Galicia para que empregue os recursos que o goberno de España asigna á comunidade, pero eu pediría que a quen ten que instar é ao goberno de España porque como dicía na miña anterior intervención, foi un clamor a inacción da ministra de Educación discutida ata polo propio goberno, deixou a sorte ás comunidade autónomas ata que se viu obrigada a reunirse con elas o 27 de agosto a poucos días do comezo do curso. Sería importante tamén coñecer de maneira oficial como se vai a facer ese reparto prometido e cando se fará efectivo por parte do goberno central, e por outro lado cren vostedes que ese fondo prometido é xusto coa nosa comunidade? A vostedes lles parece xusto os parámetros que utilizaron para o reparto? Dito reparto non se pondera nin o transporte escolar nin os comedores escolares, así mesmo se solicitou por parte da Consellería de Educación un acordo explícito para abordar as situacións de brotes nos centros educativos. Se está facendo un reparto inxusto para a nosa comunidade, vulnérase o sistema de financiamento, é un reparto á carta de determinados intereses, polo tanto lles repito que a quen teñen que instar é ao goberno central e por iso non nos opoñeremos as medidas que creen aquí, nos nos absteremos.

SR. LÓPEZ FONT: Sinceramente me quedo perplexo coa intervención da Sra. López porque claro falar da utilización do virus e da pandemia por parte da esquerda, cando o Partido Popular o fixo inclusive con respecto aos mortos nunha situación certamente lamentable, pois me sorprende.

E logo me sorprende o contido da contestación porque certamente a moción é moi concreta o que pasa é que os concelleiros do Partido Popular aquí o que teñen que ocultar é que cando o goberno central propuxo un fondo de 2.000 millóns a fondo perdido para as comunidades autónomas, para educación, o presidente Sr. Feijóo foi o único que estivo en contra dese fondo e o tema é moi concreto, hai unhas necesidades en educación, hai unha política que se está levando dende o goberno do estado que é a asignación de fondos ás comunidades autónomas, é verdade que na súa distribución sempre estaremos de acordo, pero aquí hai unha realidade que

son 98,7 millóns de euros que en tódalas comunidades autónomas están sendo destinadas ao que nós propoñemos na moción, contratación de profesores, reducir a ratio de alumnos, dotar aos centros educativos de material sanitario, Sra. López ao que nos ten que contestar é literalmente a isto, porque claro sonroxa o ter que lembrar aquí que a competencia en materia de educación é exclusiva por parte do goberno autonómico e o que hai que recoñecer é que sabendo que ía chegar setembro, se perderon seis meses, e da mesma forma que en comunidades autónomas, como en Andalucía, gobernada polo Partido Popular, o farán mellor ou peor pero hai unha distribución dos fondos que se fixeron, que se transferiron, por parte do goberno do estado e aquí non, aquí dicíano o a anterior intervención, non un só galego/a que saiba a onde se destinaron os fondos, neste caso concreto de educación, isto é algo que hai que responder, isto é algo que vostedes teñen que deixar de branquear, utilizaba antes o Sr. Marnotes a palabra branquear, iso é o que están a facer vostedes aquí co goberno da Xunta de Galicia, e aquí o que está moi claro é que antes da pandemia o dicía antes do estado de Alarma, a situación da política de Educación era catastrófica, perderon seis meses absolutamente necesarios para que se puidera iniciar o curso escolar en condicións de seguridade, e os desaproveitaron e tiveron que botar a conselleira para non botarse o Sr. Feijóo así mesmo, e o peor e o reitero como dixó é que lle sobraba a consellería de Educación, e aquí reivindicamos que nesta situación absolutamente extraordinaria, hai unha política por parte do goberno central que non está levando a cabo o Sr. Feijóo e é destinar os fondos que se lle asignan á Xunta de Galicia para aquelas competencias que forman parte dos piares do estado de benestar.

PRESIDENCIA: Había unha emenda, se acepta?

SR. LÓPEZ FONT: Non a aceptamos, entendendo que estamos de acordo pero é que algo que fixemos xa anteriormente e que sería poñer en bandexa ao goberno da Xunta de Galicia o que os concellos contribuímos, polo tanto preferimos deixar o texto como o propuxemos.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por

atoparse ausente o Presidente e tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 4.09.2020 (Rex. Nº 2572/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

9(130).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ASUMIR O CUSTE EXTRAORDINARIO DE DESINFECCIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS DA CIDADE DE VIGO QUE ASCENDEN 616.000 EUROS PARA CURSO 2020-2021. REXISTRO PLENO 2573/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 4 de setembro de 2020, número 2573/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O 22 de Xullo a Xunta de Galicia publicaba o primeiro protocolo de adaptación ao contexto Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso

2020-2021. Este protocolo sufriría algunhas modificacións relevantes o día 28 de Agosto de 2020.

Son múltiples as queixas que nos teñen chegado da comunidade educativa, amosando o seu rexeitamento a este protocolo, por descargar toda a responsabilidade no persoal dos centros e denunciando a falta de recursos para a súa aplicación.

Ese protocolo tamén descarga, no seu punto número catro, a responsabilidade nos concellos no referente á desinfección dos centros educativos. "Cada centro disporá dun protocolo de limpeza e desinfección que responda ás súas características.....o protocolo de limpeza é obrigatorio para todo o persoal de limpeza, con independencia da súa dependencia orgánica, polo que será de aplicación, non só ás empresas externas senón tamén ao persoal dos concellos que teñen a obriga de realizar o mantemento e conservación..."

Dende o Concello de Vigo celebramos e apoiamos que se adopten todas as medidas necesarias para garantir a desinfección dos centros educativos, pero o que non podemos asumir e que se pretenda que o Concello de Vigo asuma un custe de 616.000 euros derivado de ese servizo extraordinario.

A Xunta de Galicia é a responsable da xestión sanitaria, a competente para realizar esas tarefas de desinfección, e si se pretende que sexa o Concello de Vigo o que asuma ese servizo e os seus gastos derivados, a Xunta de Galicia debería habilitar unha dotación económica para facer fronte a ese custe que, no caso deste Concello, ascende a 616.000 euros.

O Concello de Vigo, dende o inicio da crise da Covid 19, adoptou multitude de medidas no ámbito das nosas competencias e incluso en cuestións que son competencia autonómica. Estas cuestións supuxeron un importante esforzo económico por parte deste Concello, sen que dende a Xunta de Galicia se colaborará en ningún momento.

Apoiaremos todas as medidas destinadas a garantir que o inicio do curso na nosa cidade sexa seguro e amosamos o noso apoio, nesta dura crise que nos tocou xestionar, pero urxe que a Consellería habilite un fondo para financiar este servizo de desinfección.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia a asumir, como é a súa obriga, o custe extraordinario de desinfección dos centros educativos da cidade de Vigo que ascende a 616.000 euros para o curso 2020/2021."

S.Ord (agosto) 9.09.2020

DEBATE:

SR. GÓMEZ DÍAZ: Falaba a Sra. López da falla de traballo do Ministerio de Educación, hai que lembrarlle á Sra. López que no mes de xuño nunha conferencia sectorial de educación se adoptaron 14 medidas, recomendacións e instrucións ás comunidades autónomas para elaborar eses protocolos, pois a Xunta de Galicia do Sr. Feijóo e a súa conselleira dimitida esperou ata o 22 de xullo para publicar o primeiro protocolo da adaptación ao contexto COVID-19 dos centros educativos, ese protocolo sufriría unhas modificacións posteriores ata o día 31 de agosto, e nese protocolo no seu punto número 4 se lle cargaba a responsabilidade da desinfección dos centros educativos aos concellos e nese protocolo que despois sufriría modificacións propoñíanse unha serie de circunstancias, en canto á desinfección dos centros, redución curiosamente ás esixencias do primeiro protocolo baixou un pouco o que sería a desinfección nas aulas polas mañás no curso lectivo. Este protocolo como dicía descarga responsabilidades nos concellos e fainos asumir a desinfección dos centros que no caso de Vigo ascende o custo aproximado de 616.000 euros, no Concello de Vigo estivemos en contacto permanente cos directores, coas ANPAs para trasladarlles a tranquilidade que dende o Concello se ía asumir ese custe de desinfección, informouse que se ía facer un reforzo desas actuacións en xornada lectiva, cumprindo exhaustivamente o protocolo, diría máis, imos a superar con creces o que indica o protocolo por tranquilidade das familias e dos directores dos centros e ademais mantemos a xornada de limpeza habitual dos centros en horario de tarde, quero dicir, o que propoñía a Xunta de Galicia era reducir parte da xornada de limpeza de tarde para incluíla pola mañá o que facemos nós é manter, porque é inviable a limpeza dos centros pola tarde que iso é competencia municipal e o que denunciámos aquí é que esta cuestión non é competencia municipal, a desinfección por un tema sanitario é unha competencia da consellería de Sanidade, neste caso da Xunta de Galicia.

Pero claro dirán é que é unha cuestión do Concello de Vigo que está sempre contra a Xunta de Galicia, pero é que curiosamente o día 28 de agosto o Alcalde do municipio máis grande do Partido Popular en Galicia acusa a Xunta de Galicia de

cargar a responsabilidade da pandemia sobre os goberno locais, Carlos Calvelo asegura que “el gobierno gallego no ofrece a los ayuntamientos ayuda económica y material para las medidas contra el coronavirus” quero dicir, non é cuestión de que sexan os concellos do Partido Socialista os que están reclamando este tipo de situacións, é que son os propios alcaldes do Partido Popular os que están acusando á Xunta de Galicia de non empregar fondos para estas cuestións, como dicía o meu compañeiro o Sr. López Font, o estado está a aportar recursos ás comunidades autónomas e a Xunta de Galicia non nos di onde están os cartos do fondo de educación, cartos que se deberían destinar para estas cuestións, os concellos tampouco estamos a recibir cartos para estas cuestións sanitarias que deben asumir como é a súa competencia a Xunta de Galicia entón eu reitero que é o que está a facer o Sr. Feijóo cos cartos do fondo COVID-19, nun servizo que como digo é competencia única e exclusivamente autonómica, entón o que deberían explicar os concelleiros do Partido Popular neste Pleno é onde están os cartos, como dicía o concelleiro non adscrito anteriormente, os centros están asumindo moitos gastos que lle están a dicir dende a xefatura territorial que asuman con cargo aos cartos de funcionamento e textualmente lle trasladaron que como no mes de marzo, abril e maio non gastaron, que utilicen eses cartos agora para esas cuestións, pois estamos no mesmo, non é o mesmo unha cuestión de limpeza ordenada dos centros educativos que asumimos dende este concello como saben, cunha cuestión de desinfección dos centros por motivos sanitarios, o que queremos manifestar neste Pleno e por iso instamos á Xunta de Galicia isto, é que asuma as cuestións, que asuma a desinfección dos centros educativos, trasladeille en varias ocasións dúas cartas á conselleira de Educación e de sanidade, precisamente tratando e abordando estas cuestións, nós estamos e entendemos que é un momento complicado, e ofrecemos o noso apoio dende o Concello de Vigo para colaborar coa consellería de Educación pero entendemos que ten que ser a consellería de Educación a que asuma o custe desta desinfección. Nós non temos ningún problema e por iso garantimos á comunidade educativa que imos facer todo o esforzo do Concello e do Alcalde comprometido co Alcalde publicamente en varias ocasións que imos facer ese servizo pero entendemos e reclamamos que ten que ser a Xunta de Galicia a que asuma ese custe, entón o que temos que propoñer aquí é decidir se unha vez

máis o Partido Popular de Vigo vai a estar ás ordes de Santiago de Compostela ou por outra banda vai a defender os intereses dos cidadáns da cidade de Vigo.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Permítame principiar facendo unha pequena reflexión ao fío do Partido Popular na anterior moción e é que o que quedou claro neste Pleno é que non ten a máis mínima intención de derrogar a Lei Montoro e que o parece claro é que queren derogar o Estatuto de Autonomía porque se o novo goberno da Xunta de Galicia cun presidente recente investido é incapaz de exercer as súas competencias o que ten que facer é dimitir e dar paso a unha alternativa que hoxe existe dunha maneira clara no Parlamento galego.

Dito isto, o Bloque Nacionalista Galego estamos de acordo coa moción que se trae a respecto de que efectivamente a Xunta de Galicia asuma os custes que lle corresponden nesta cuestión, tamén facendo unha advertencia, é positivo a decisión adoptada dos termos nos que se vai desenvolver o reforzo da limpeza como se ven de explicar, tamén advertimos que é posible que o reforzo que se está establecido que é un reforzo parcial durante a xornada lectiva teña que ser incrementado, sobre todo naqueles centros onde hai un maior número de alumnado matriculado, atendendo pois as necesidades dunha maior limpeza de superficie de contacto, de espazos comúns, etc. e hai unha cuestión adicional que si que consideramos que hai que comezar a estudar agora que aínda a climatoloxía o permite, que é atender algunhas melloras nos centros públicos da cidade, no que ten que ver cos sistemas de ventilación e filtrado dos propios centros porque é unha das cuestións que dende o punto de vista sanitario xa se están abordando como de enorme importancia para crear unhas mellores condicións de garantía hixiénico sanitarias, concordamos polo tanto coa moción de que a Xunta de Galicia asuma o que lle corresponde, advertimos en todo caso que se cadra vai haber que facer un esforzo maior e dende logo non podemos aceptar que a posición do Partido Popular en todos estes debates sexa obviar o elemento central e que a Xunta de Galicia é a administración competente e con recursos en materia educativa.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Efectivamente o proceso de desinfección dos centros é fundamental, e é fundamental non só pola extensión da pandemia, é fundamental

pola irresponsabilidade que está tanto o Sr. Feijóo e o seu goberno, a desinfección polo tanto cobra aínda maior importancia cando o que temos, e permítame que me deteña un segundo nisto, anuncios enganosos sobre o aumento do profesorado porque cando se fala de contratación de todo o profesorado temos que saber que é a contratación de apoio é unha vía habitual que xa existía para o reforzo, na medida en que os centros o necesítasen, polo tanto, non se trata en ningún caso dunha contratación que contemple o protocolo da Xunta de Galicia e que estea vinculada á situación sanitaria, en consecuencia non existe garantía dunha baixada da ratio das aulas polo que convivirán entre 25, 30 ou máis de 30 alumnos/as por aula, a desinfección como digo cobra especial importancia. Atopámonos tamén cun protocolo no que a distancia interpersonal non está garantida, hai que dicilo, é dicir, na última versión si que introducen 1,5 metros nas aulas pero só para secundaria, bacharelato e formación profesional, e mentres ensinanza de réxime especial como as escolas de idiomas, infantil e primaria non teñen garantida esa distancia, nestes casos articúlase as chamadas aulas burbulla que están sendo moi cuestionadas, hai que dicilo, como un mecanismo simplemente para evitar que se produzan desdobres e que non exixe de que se realicen cruces entre os distintos grupo chamados, grupos burbulla, e hai que dicir unha cousa mais, porque está relacionada coa necesidade de desinfección, a Xunta de Galicia non está asumindo a responsabilidade sanitaria que lle corresponde nos contaxios que se poidan ou que se puidesen producir nos centros e teno que facer, mediante un compromiso por escrito como lle está reclamando a Federación Olívica de Asociacións de nais e pais e mediante tamén ecuacións na práctica, como por exemplo a contratación de persoal de enfermaría para os centros, unha recomendación das autoridades sanitaria que é o protocolo da Xunta de Galicia obvia por completo, efectivamente a necesidade de desinfección é fundamental e no sentido do que xa apuntou o meu compañeiro o Sr. Rubén Pérez, temos que actuar, non podemos, como non estamos facendo de feito xa, efectivamente señor concelleiro quedar a expectativa de que a Xunta de Galicia asuma ese custe extraordinario de desinfección dos centros de Vigo, non podemos supeditar a execución da limpeza e a desinfección dos centros a que Xunta de Galicia asuma as súas responsabilidades porque como xa ven demostrando, a Xunta de Galicia incumpre coa educación e nomeadamente coa

educación pública de maneira que de ningún xeito poderíamos atoparnos ante un bloqueo provocado por unha falla de coordinación entre administracións ou por unha efectivamente inacción, no caso da administración competente que é a Xunta de Galicia, polo tanto, nos votamos a favor desta moción, seguimos defendendo que o Concello de Vigo amose o seu compromiso coa cidadanía de Vigo e dispoña as partidas orzamentarias necesarias para o importante e para o urxente, como dixo o meu compañeiro o Sr. Pérez Correa, que agora mesma é asumir ese custe extraordinario de desinfección que a Xunta de Galicia está desatendendo sen prexuízo como é lóxico, de que estes custes lle sexan reclamados á administración autonómica polo que por suposto votaremos a favor desta moción.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: En primeiro lugar, escoitei aquí hoxe que hai que buscar unha alternativa para o Sr. Feijóo, acaba de someterse agora ás urnas, acabamos de estar nun período electoral, nunhas eleccións autonómicas por cuarta vez gañou cunha maioría absoluta, incrementou ademais o número de deputados, en Vigo sinto que dicirlles que gañou, polo tanto, si é verdade que podemos facer debates políticos pero non é momento de dicir que hai que buscarlle unha alternativa ao Sr. Feijóo porque acaba de someterse agora á votación de tódolos cidadáns, polo tanto eu creo que iso non é cuestionable, o relevo dos equipos sempre son positivos, abrir as ventás deste Concello tamén sería moi positivo, e tamén algún relevo tamén sería moi positivo non falo tampouco de partidos, eu creo que sempre mellora nos obxectivos e así será e é curioso ademais que vostedes falen aquí hoxe tamén de pedir o cesamento do xefe territorial cando están a dicir que estamos as portas do inicio do curso escolar e que agora non hai lugar ao cese dunha concelleira, é dicir, que están entrando en tremendas contradicións nun tema que para nós é fundamental e é importante que é o inicio do curso e que é a educación, insisto nunca estivo en dúbida e nunca estivo en cuestión a educación pública e non me cansarei de dicilo neste Pleno porque mentres estivo gobernando o Sr. Feijóo dende o ano 2009 non estivo en ningún momento cuestionada a educación pública.

Estamos ante unha volta ao cole máis difícil e inédita dos últimos tempos e iso o temos recoñecido tódolos concelleiros aquí, ao menos ninguén dos que estamos aquí como pais, nais, como profesores, como políticos, como alumnos vimos unha

situación parecida e semellante, vostede só foron capaces neste caso de criticar, de intentar tapar a xestión tamén dun ministerio ausente, eu non vou a estar xustificando unha administración para acusara outra pero tamén hai que dicir que o Ministerio estivo absolutamente ausente e non estivo á altura en moitos eidos da vida cotiá, non só nos eidos da educación, eu recordo hai un mes ver ao presidente do goberno tumbado nunha praia en fotografía, polo tanto, é un país, é un goberno que preferiu coller vacacións que estar onde tiña que estar.

Da volta ao cole sabemos dúas cousas, unha o risco cero non existe, dous, tódolos colexios e centros educativos de todo tipo van a vivir unha realidade nova, absolutamente nova, tódolos centros escolares, así como tamén estamos vendo a residencias de maiores, estamos vendo os negocios, estamos vendo calquera punto e a convivencia nosa familiar tamén está sufrindo ademais dificultades, dende que entran os rapaces por quendas, con máscaras, ata distancia social, a falla de achegamento físico, todo o complicado que supón para nós unha sociedade que está acostumada a ter pois moitas relacións sociais.

Eu digo que no de xullo este protocolo si que está impreso, claro que foi mellorado e houbo que melloralo coa conversación escoitando a tódolos colectivos pero onde está o protocolo do Ministerio, onde está tamén o protocolo deste Concello, nós queremos tamén ter en papel e ter as normas que hai que levar a cabo e que teñan tamén unhas guías de traballo, insisto, é unha situación nova para todos, e se estivo a traballar, claro que se pode mellorar, pero se estivo traballando.

Para nós, para estes concelleiros, para o Partido Popular, a edecución é un tema serio como para votarlle a culpa a unha soa persoa neste Pleno vótaselle a culpa de todo ao Sr. Feijóo, de todo, e que vostedes non se dan conta de que non só se lle está votando a culpa de que se inicie mellor ou peor o curso, se faga o protocolo mellor ou peor, e que vótanlle a culpa ao Sr. Feijóo de absolutamente todo o que vostedes traen a estas mocións.

Polo tanto, ademais é curioso porque resulta que despois nas urnas referendan a súa maioría absoluta, eu creo que ademais todas estas responsabilidades, a educación e propio COVID-19, como dixo a miña compañeira a Sra. López, non é unha arma política que empregar nestas batallas, nin a educación nin para a pandemia porque eu creo que hoxe o PSOE, dígoo porque o PSOE con cinco

mocións de educación, vostedes tamén poderían ter pois nalgunhas ocasións traen moción con varios puntos, solicitando un tema concreto e hoxe traen cinco mocións, eu sei que para obter cinco debates para insultar cinco veces ao Sr. Feijóo, para meterse cinco veces coa Xunta de Galicia, parécenos ben, pero nós non eludimos o debate pero temos que facer unha cousa, esas cinco mocións tamén son para tapar en moitas ocasións o desastre do Ministerio, o propio Sr. Pablo Iglesias, critica o liderado do Sra. Celaá, a Sra. Celaá queda soa e ten que preguntar ás comunidades autónomas como fan, un exemplo de sanidade e educación foi felicitado polo propio goberno central polo tanto, por moito que cuestionen vostedes a xestión da Xunta de Galicia iso non é así, eu insisto nós queremos felicitar, agradecer, valorar moito o traballo da comunidade educativa, o traballo dos profesores, por suposto que eu tamén teño unha filla escolarizada e están a traballar como nunca o fixeron, igual que no confinamento os profesores e os pais que queremos agradecer o esforzo de traballo e hoxe mesmo esta tarde está convocada a mesa de diálogo ao consello de Galicia para falar e para intentar pois recuperar tódolos problemas que se puideron atopar os profesores e os pais o inicio do curso porque insisto é un caso novo, senón sabemos como dicía tamén o Sr. López Correa, se non sabemos que vai pasar mañá como imos estar planificando un protocolo ademais de actividade en Vigo polo Nadal porque iso si que o teñen vostedes moi claro, como temos que pasar pola rúa do Príncipe para arriba ou para abaixo pero non o teñen claro como entrar nun cole.

SR. GÓMEZ DÍAZ: A verdade é que a Sra. Egerique viu a falar aquí do seu libro porque de desinfección que é tema desta moción, nin palabra non sabemos o que opina a Sra. Egerique do tema da desinfección, vaise a pedirlle á Xunta de Galicia que asuma as súas competencias e asuma o custe da desinfección ou non, pero como sempre chegou aquí soltou o rolo de Santiago e estamos outra vez na mesma medida, falamos de desinfección e por certo son catro mocións de educación e traemos catro mocións pola importancia do momento e por suposto porque son temas ben diferentes, son mocións totalmente diferentes, di que lle reclamamos ao Sr. Feijóo, home, que eu saiba ata a data de hoxe é o presidente da Xunta de Galicia como acaba de dicir reelegido hai uns días, o evidente que se temos reclamación llas fagamos ao presidente da comunidade autónoma, por

certo, en temas que son da súa competencia, non lle estamos a pedir nada novo ao Sr. Feijóo, estámoslle a pedir temas das súa competencia como neste caso consideramos que a desinfección dos centros educativos que é o tema desta moción, non vir a contar aquí se o ministerio que si outros rollos que nos contou aquí a Sra. Egerique, eu sinceramente creo que nos debemos ceñir aos temas da moción.

Despois dicía o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego o tema do protocolo, o que imos facer é garantir esa desinfección porque entendemos ademais e falando cos centros educativos trasladaban esa importancia neste momento da desinfección dos centros educativos, os temas sanitarios en centros con moitos alumnos, é certo que ese protocolo que por certo se lle enviou hoxe as concrecións a cada centro, con tódalas horas de desinfección que van ter pola mañá e esas horas van en función do tamaño do número de alumnos e cuestións como pode ser centros educativos que teñen dous edificios, que teñen espazos máis longos, máis baños, que son as superficies que o protocolo indica que debemos reforzar etc.

Despois Sra. Méndez, falábamos tamén do tema do custe da limpeza, precisamente o que queremos é trasladar e que entendemos que esa desinfección en cuestión da Xunta de Galicia, por iso reclamamos á Xunta de Galicia ese custe de desinfección, este Concello fixo a modificación oportuna para poder afrontar esta desinfección, para poder garantir e darlle tódalas garantías aos nenos/as, todos somos practicamente pais neste Pleno e queremos garantir a máxima seguridade dos nenos/as e iso se lle trasladou aos centros educativos, falamos cos centros xa hai unhas semanas para trasladarlle a tranquilidade porque estábamos a facer esa modificación e non podemos concretar exactamente o número de horas porque como dicía ese protocolo da Xunta de Galicia sufriu unha modificación o 31 de agosto, entón non era viable trasladarlle as horas exactas a cada centro, o que fixemos foi trasladarlles, que poden estar tranquilos, o Alcalde fíxoo publicamente en varias ocasións, trasladarlle que íamos asumir esa desinfección, a pesares de que consideramos que non a debemos asumir ese sobre custe que nos quere impoñer a Xunta de Galicia pero si lle garantimos e trasladamos a tranquilidade absoluta de que ese servizo se ía facer. Eu creo que o máis importante neste

momento é trasladarlle certeza a toda a comunidade educativa que neste momento está a sufrir tanto.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente e tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 4.09.2020 (Rex. Nº 2573/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

10(131).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ESTABLECER UNHA MESA DE DIÁLOGO CON FOANPAS E DOTAR Á FEDERACIÓN DOS RECURSOS NECESARIOS PARA ASUMIR O SERVIZO DE COMEDOR. REXISTRO PLENO 2574/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 4 de setembro de 2020, número 2574/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Nos últimos meses, este goberno ven amosando a súa preocupación pola proximidade do inicio do curso educativo e polas dúbidas existentes, en toda a comunidade educativa, ante o protocolo de adaptación da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021. Preocupación que foi en aumento, despois de manter numerosas reunións cos diferentes sectores da comunidade educativa da cidade de Vigo.

Son múltiples as queixas que nos manifestaron os sindicatos, as direccións dos centros e as Anpas, amosando o seu rexeitamento frontal a este protocolo.

Este goberno, reclamou en numerosas ocasións á Xunta de Galicia, que para o cumprimento de este protocolo era necesario dotar de recursos aos centros educativos e ás Anpas.

No caso da cidade de Vigo, Foanpas xestiona o comedor de máis de 2500 nenos e nenas da nosa cidade e as actividades extraescolares e aulas matinais de máis de 15000. A imposibilidade de ofertar estes servizos supón un grave problema educativo, emocional e de conciliación. A Xunta de Galicia non atendeu ningunha das súas demandas para poder garantir o servizo nas máximas condicións de seguridade, nin lle aportou os fondos necesarios para poder facer fronte a todas as adaptacións necesarias de situación excepcional derivada da crise da covid 19.

Esta situación de abandono da Xunta de Galicia fai imposible que Foanpas poida asumir a xestión dos comedores escolares e dos servizos complementarios.

Dende o 5 de agosto a Xunta de Galicia non se volveu a reunir con Foanpas.

É sorprendente, que ante a importancia da situación, a Xunta de Galicia non faga nada para solucionar este grave problema que afecta a milleiros de familias da cidade de Vigo.

A ausencia de diálogo e de vontade para resolver esta situación, pon de manifesto a incapacidade da Xunta de Galicia e o seu abandono, unha vez máis, das viguesas e dos vigueses.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia a establecer, de forma inmediata, unha mesa de diálogo con Foanpas e dotar á federación dos recursos necesarios para poder asumir os servizos de comedor, aulas matinais e extraescolares, dado que o Concello asigne 606.000 euros para estas cuestións.”

DEBATE:

SR. GÓMEZ DÍAZ: Estamos cun tema de importancia vital para esta cidade e para as familias, para tódolos nenos/as desta cidade e nos últimos meses toda a comunidade educativa amosou a súa contrariedade ante este protocolo e sobre todo comezou a vixiarse unha tendencia preocupante na cidade de Vigo co tema das aulas matinais as actividades extraescolares e os comedores e en primeiro lugar quero facer un recoñecemento ao traballo de FOANPAS, leva moitos anos, máis de 20 anos defendendo a escola pública e traballando pola escola pública e creo que debemos facer un recoñecemento público do seu traballo. Despois de manter moitas reunións con FOANPAS e de estar en contacto diario durante todos estes meses, nos trasladaban a preocupación pola situación que lle trasladaban dende a Xunta de Galicia, o principal e o máis preocupante é a falla de diálogo da Xunta de Galicia con FOANPAS, dende o 5 de agosto a consellería non se volveu poñer en contacto con FOANPAS, iso é un problema porque é inaudito que nunha situación deste calibre FOANPAS non sexa recibida nin polo Xefe Territorial do que despois falarei, e FOANPAS asume a xestión dos comedores de máis 2.500 nenos e nenas desta cidade, máis de 25 centros están xestionados por FOANPAS no ámbito dos comedores, a maiores está xestionando as aulas matinais, e actividades extraescolares de máis de 15.000 nenos/as desta cidade, pode imaxinar a magnitude do problema, é dicir, o Sr. Feijóo vai deixar tirados a 2.500 nenos/as desta cidade sen comedores, o Sr. Feijóo vai a deixar a moitas familias con moitos problemas de conciliación, porque evidentemente non só os comedores e as aulas matinais son servizos básicos e que son servizos tamén de conciliación familiar, é o que vai a facer o Sr. Feijóo? Vai a deixar tirados a tódolos nenos/as desta cidade, eu creo que é un tema o suficientemente relevante para que polo menos se estableza unha mesa de diálogo e intente buscar un acordo, eu creo que o Sr. Feijóo que ten que facer e a Consellería de Educación o que ten que facer é eximir da responsabilidade que se lle está intentando cargar a FOANPAS e ademais se lle debe dotar de recursos económicos para o sobre custe que supón o cumprimento do protocolo en canto a comedores e aulas matinais, eu creo que as reclamacións son lícitas, nós traemos esta moción aquí precisamente para instar á Xunta a que

estableza un diálogo, creo que é oportuno que nesta situación e sexa xa de forma inmediata ese diálogo, para intentar solucionar este problema que afecta gravemente a máis de 15.000 familias desta cidade, agora podemos entrar noutras cuestións, claro dicía ante que ía facer unha mención a parte o Xefe Territorial de Educación porque claro, como se atreve o Xefe Territorial de Educación que non recibe a FOANPAS dende o día 5 de agosto, como se atreve a insultalos publicamente, dicir que FOANPAS está facendo política pero imos a ver, FOANPAS é unha federación de pais e nais, que política van a facer en FOANPAS o único que fai é facer unha reclamación totalmente lícita e razoable, nada máis e o Sr. Pérez Ares descabálgase o outro día na radio dicindo que fan política, o único que fan e é o que debería facer o Sr. Pérez Ares e a Xunta de Galicia é preocuparse polas familias, polos seus fillos, como sempre a Xunta de Galicia está ausente e esperemos e por iso vimos aquí, repito, instamos a establecer esa mesa de diálogo de forma inmediata, seguramente estaremos todos de acordo, que o que ten que ser, agora hai un conselleiro novo, esperemos que con ese cambio de conselleiro pois se estableza esa mesa de diálogo inmediata para poder solucionar este problema que como digo é moi grave, dende o Concello de Vigo saben que temos un convenio con FOANPAS, que apoiamos os comedores e as aulas matinais, un convenio no que apoiamos con 606.000 euros á Federación Olívica de Pais e Nais e o que pedimos é que a Xunta de Galicia faga iso, asuma as súas competencias e por favor, o único que lle está a pedir a FOANPAS é eximir desa responsabilidade e sobre todo tamén dotar de recursos para poder asumir eses sobre custes. E a pregunta é, o Sr. Feijóo vai deixar tiradas a 2.500 familias, dicía a Sra. Egerique que nos temos que cargarlle todo ao Sr. Feijóo como iniciéi a miña intervención que o Sr. Feijóo presidente da Xunta de Galicia é o que ten as competencias e bastante fan os pais e nais desta cidade que asumen a xestión dos comedores como por enriba que se lle carguen sobre custes e sobre todo se lle carguen as responsabilidades da súa xestión.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dicían antes a concelleira a Sra. López do Partido Popular de que por que se estaban formulando neste Pleno hoxe as cuestións que atinxen ao inicio do curso, hai que ter cara porque no caso concreto dos comedores, a

Federación Olívica de ANPAS leva moitas semanas trasladándolle á Xefatura Territorial as necesidades concretas que permitirían a apertura segura dos comedores e o inicio das aulas matinais que son servizos mal chamados complementarios pero que son imprescindibles hoxe para o funcionamento do sistema educativo e para a conciliación familiar.

A historia dos comedores escolares, se me permiten unha alusión explica a situación a que hoxe chegamos, hoxe FOANPAS asume a xestión nun número moi importante de comedores porque foi a fórmula que daquela se impulsou por parte dun goberno municipal liderado por un alcalde nacionalista e cunha concelleira como foi Ana Grandón, que se esforzou por intentar suplir e actuar nunha carencia estrutural que había sobre todo nos coles do Casco Urbano da cidade que carecían na práctica totalidade dos colexios públicos de servizo de comedor, e se fixo tecendo esa alianza, esa complicidade coas ANPAS pero dende o minuto un que se puxeron en marcha eses comedores diante da inacción do goberno galego, tamén daquela en mans do Partido Popular, as ANPAS desta cidade levan dúas décadas esixindo que a administración autonómica asuma o papel que lle corresponda e asuma a xestión dos comedores do colexios públicos desta cidade. FOANPAS non fai política cos comedores, FOANPA xestiona o servizo de comedores que debería xestionar a Xunta de Galicia, e por iso as declaracións feitas polo Xefe Territorial, o Sr. César Pérez Ares, pero sobre todo o talante deste Xefe Territorial durante os últimos meses, en medio desta crise, dende logo o desacreditan para continuar nin un minuto máis á fronte da Xefatura Territorial de Educación.

Os comedores escolares reciben efectivamente unha achega por parte do Concello de Vigo que tamén é certo dicir que nos últimos anos quedou practicamente conxelada e nós neste sentido xa lle adiantamos que no debate orzamentario a nivel municipal e diante da certeza de que a Xunta do Partido Popular non vai emendar, nos o que lle imos a trasladar é un aumento substancial desa partida para igualala cando menos ao número de recursos que se destinan ás becas de inglés, nós parece que é un investimento prioritario que dende logo que vai ir en beneficio do conxunto da cidade.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Pois dicía a concelleira, a Sra. Egerique, que o risco cero non existe, efectivamente, o risco cero non existe polo que nos din as autoridades

sanitarias pero o que si existe é o custe cero que é o que está propoñendo a Xunta de Galicia, é o que vostedes ofrecen como goberno galego para afrontar que se garanta o dereito á educación no medio dunha pandemia, custe cero, é dicir, dende o mes de maio cando comezaron as primeiras aperturas do confinamento, numerosos colectivos e nomeadamente FOANPAS, certo, solicitaron diálogo, reclamaron diálogo para a planificación rigorosa dunha volta ao cole segura, con determinadas cuestións importantes que xa foron citadas neste Pleno, e que serán citadas as veces que sexan necesarias por suposto, contratación de profesorado con incorporación efectiva dende o primeiro día, consecuenta baixada da ratio nas aulas para garantir a seguridade e as distancias interpersonal, acorde ás recomendacións sanitaria de 1,5 metros entre pupitres cando menos, e efectivamente continuidade nos servizos de comedor que en Vigo afecta a máis de 2.000 estudantes, continuidade das aulas matinais e das actividades extraescolares, un servizo que certo, dende hai máis de 20 anos en Vigo veñen xestionando FOANPAS, no que refire concretamente á continuidade dos servizos de comedor, as aulas matinais e as actividades extraescolares nestas tres cuestións o desleixo da Xunta de Galicia é especialmente descarado, temos que dicilo así, as actividades extraescolares pola súa parte en concreto, están no aire, esquecidas, sen que se teña abordado de xeito planificado e consensuado coas asociacións de pais e nais a súa continuidade, é dicir, non existen directrices para as actividades ou desenvolvemento das actividades extraescolares e déixase toda a responsabilidade, económica, organizativa, sanitaria nas asociacións de nais e pais. Este abandono das actividades extraescolares por parte da Xunta de Galicia é lamentable pero é que ademais revela unha desatención total coas nosas nenos/as porque constitúen, hai que dicilo, unha ferramenta fundamental para o alumado no seu proceso evolutivo e madurativo, mentes tanto nunha das últimas versións do protocolo, si se contempla a continuidade dos servizos de comedor e do servizo de aulas matinais mediante a aplicación dos grupos burbulla que efectivamente son como xa dixen cuestionados pola súa dubidosa eficacia, non son experta sanitaria, non me meterei nesa cuestión, pero en todo caso a Xunta de Galicia volve tamén con respecto e estas cuestións das aulas matinais e do comedor, deixar toda a responsabilidade da xestión nos ombros das asociacións de nais e pais, toda a

responsabilidade de novo en FOAMPAS, sen sequera efectivamente manter un dialogo constante ou cando menos periódico para en todo caso organizar estas cuestións, a Xunta de Galicia ten que asumir as súas competencias, ten que asumir a súa responsabilidade no sobre custe xerado nos comedores escolares polas necesidades que impón a pandemia, son 25 ou máis os comedores xestionados por FOANPAS e o sobre custe polo que sabemos, polo que temos coñecemento sitúase nuns 200.000 euros, é dicir, un aumento do 20% que en ningún caso evidentemente de ningunha maneira poden asumir as familias, como senón existise ademais goberno de Galicia con competencias nesta cuestión.

E polo tanto, como é lóxico o servizo de comedor nestes momentos está cancelado, o que non é tan lóxico é que a Xunta de Galicia continúe a desatender a Federación Olívica de Pais e Nais e o que tampouco é absolutamente de recibo que o responsable é territorial de educación, el si, politice esta cuestión, é urxente polo tanto, que manteña a comunicación e coordinación fluída no goberno galego e do goberno de Vigo xunto coa comunidade educación e nomeadamente coa Federación Olívica de Nais e Pais, por suposto votaremos a favor desta moción.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Antes dicíame o concelleiro que soltaba o rolo de Santiago e que están a pedirlle cousas relacionadas coa educación, el na súa primeira intervención xa dixo que o Concello vai asumir o tema de desinfección das escolas, cousa da que nos alegramos porque é verdade que estaba no protocolo, é verdade que moitas concello están asumindo e que levamos a mais toda a mañá cun debate o mellor dito, cun monologo porque o Alcalde díxolle a un concelleiro aquí que se ven ao Pleno a escoitar, el ven só a falar e non ven a escoitar, entón hai que dicir aquí se escoita vostede nós pedímoslle que se puxera en marcha ese protocolo de desinfección como están a facer tantos concellos e tanto esforzo e o tema do remanente, do que falaban tamén no debate, o que resta ao concello é a autonomía porque nun momento que temos retos e desafíos por diante tan importantes en tódalas administracións como responsables públicos poderíamos utilizar seguramente tódolos concelleiros deste Pleno estaríamos de acordo en que polo menos os 216.000 que non son nin 1% deses 90 millóns de euros, se foran destinados a educación, e incluso un 25% cun 25%, dese remanentes xa tiñamos ao mellor moitos problemas resoltos porque é verdade que hai que desdobrar

persoal que é necesario que haxa máis que asumir esta xestión de comedores, pero voulle dicir unha cousa, o tema de FOANPAS, que é un convenio que hai para que xestione os comedores escolares da ensinanza pública, hai que sentarse e ver como se pode solucionar, non poder dicir vostede aquí alegremente señor concelleiro de educación que o Sr. Feijóo deixa tiradas ás familias porque iso non é certo, por exemplo no CEIP de Vega onde está xestionado comedor está garantido o comedor 499 comensais, entón temos que chegar a un acordo para que os comedores que teñen ese convenio con FOANPAS poidamos xestionalos dun xeito, Concello de Vigo porque son de Vigo eu tamén vou defender esta cidade, Concello de Vigo tirando dende o Concello por suposto, e Xunta de Galicia e as propia federación de pais e nais, insisto que o esforzo foi enorme por tódalas partes, eu non vou aquí, non teñen vostedes nin que apropiarse de ninguén, se din que isto non é tema político porque o esforzo está a ser de todos, e nós temos que vir aquí tamén a achegar solucións, se queixaba o Alcalde de que ninguén achega solucións, pois si que as hai e vanse poñer enriba de mesa, esta tarde, insisto, hai unha mesa de dialogo para que toda a comunidade educativa, ademais sabendo realmente cales van a ser os problemas principais cos que se van atopar o poidan propoñer ao Concello, eu creo que vostede fai demagogia, insisto, fai demagogia e pido aquí neste na primeira petición, nós imos a abstermos en tódalas mocións porque cremos que ademais hai moita demagogia nelas, a Xunta de Galicia ten por suposto a súa competencia e está cumprindo e quere desenvolver un protocolo para que isto saía adiante, polo tanto, é certo que a hai que colaborar e vostede dixo, eu estou encantados concelleiros do partido Popular de que vostede mañá vaia aprobar unha partida ou unha modificación de crédito para desinfectar tódolos centros escolares, era o que había que facer, esperemos que o plan funcione ademais como ten que funcionar, claro que si, como concelleira de Vigo que son teño que esixirlle as competencias ao concelleiro, por suposto que si.

Miren, aquí presumiu o alcalde de aforros, eu insisto, presumiu de aforros porque o Ministro o Sr. Montoro, fixo unha lei para aforrar sabe por que ? O presidente Sr. Zapatero quebrara tódalas caixas do goberno central, si, o que evitou, e que agora o goberno pode dispoñer dos aforros dos concellos, pode dispoñer un goberno que ten na a súa fronte a palabra derroche, entón que si vai ser totalmente unha atraco

e fondo COVID-19, por favor, fala vostede de 2.000 millóns de euros, fale do que ven a Galicia, 98 millóns de euros, se o 20% o 40% diso non chega nin para o 20% dos colexios de Vigo, sabe vostede que non é suficiente, como o Sr. Feijóo vai a aplaudir, como vai aplaudir ese fondo se ese fondo non chega nin para comezar, Sr. Font. Claro, eu insisto, vostedes aquí o único que queren facer é desviar os debates, temos que sentarnos todos xuntos, remar todos xuntos, os fallos que puido haber nun momento determinado, nunha redacción dun protocolo quizais foron por descoñecemento, imos a intentar facer un protocolo todos, ademais están achegando tódolos concelleiros deste Pleno ideas para saír adiante, imos a intentar sacar adiante o curso escolar, e que poidamos convivir con esta pandemia, vostede pon unha cara, ten vostedes a responsabilidade como concelleiro de educación, ten vostedes esa responsabilidade, moi ben, esperemos que todo saía ben en Vigo, esperemos que se poidan ver os resultados, esperemos si, claro que si, estamos no Pleno de Vigo no concello de Vigo e aquí vostedes o único que están a facer é atacar á Xunta de Galicia sen eludir claramente a desaparición absoluta dun ministerio que foi ausente, un mando único na pandemia dicíndonos todo o que tiñamos que facer e unha ausencia absoluta para determinar un protocolo COVID-19 con medidas sanitarias tan importantes como as que temos que levar en conta. Señor non poña esa cara.

SR. GÓMEZ DÍAZ: A verdade é que non sei que cara quere que poña, só lle faltou dicirme que teño dúas competencias en educación, lémbrolle que as competencias exclusivas en materia educativa tenas a Xunta de Galicia, o Sr. Feijóo durante a pandemia reclamaba as competencias agora que as ten que está a facer o Sr. Feijóo, nin educación, nin industria, en absolutamente nada, que esta á facer, reclamou as competencias agora a culpa é do goberno de España, e agora lle carga a responsabilidade aos Concellos, di que asumamos a desinfección, claro é que aquí non estamos a debater se asumimos ou non a desinfección, estamos a debater quen asume o custe desa a desinfección, nós estamos evidentemente a favor dese protocolo e llo trasladei á conselleira de Educación e Sanidade e lle dixen por carta que asumíamos a desinfección, entendíamos a dificultade da situación pero o que non compartíamos era quen tiña que pagar esa desinfección dos centros educativos e lle reclamamos por carta que asumira a Xunta de Galicia

dentro das súas competencias, o financiamento dese servizo extraordinario, falaba do fondo do Estado, 98,7 millóns parécelle pouco, si pois sabe o que lle parece pouco á comunidade educativa? Que o Xefe Territorial e concellería de Educación que prometían no protocolo un aprovisionamento inicial de material como máscaras, sinalética, etc. que non recibiran nada absolutamente nada, e como dicía anteriormente o Sr. Pérez Iglesias sexan os pais e nais o que están a facer ese traballo nos centros educativos marcando todo o centro, iso é así Sra. Egerique e cóntolle outra anécdota, outro día nunha visita, das que fago habitualmente aos centros educativas, a directora do centro me comentaba que o protocolo di que temos que ventilar as aulas cada x tempo, e temos un problema, reclamámoslle a Xefatura Territorial que as fiestras das aulas superiores non abren, non abren, e que non podemos cumprir o protocolo, resposta do Xefe Territorial, ese que di que FOANPAS politiza, pois agora non temos cartos para facelo, e a directora di como imos cumprir co protocolo, é dicir, responsabilidade da Xunta de Galicia este concello está a asumir moitas obras de mellora nos centros educativos que son competencia da Xunta de Galicia e seguimos nas mesmas, eu fágolle unha invitación Sra. Egerique, se quere que este concelleiro asuma as competencias de Educación, perfecto, que a Xunta de Galicia delegue nos concellos as competencias en Educación e os fondos, nos estaríamos encantados en recibir os fondos da Xunta de Galicia, di que o Goberno non lle trasladou os fondos, parécelle pouco 98,7 millóns, e nos dicimos, reparta como teña que repartir e achegue aos concellos, ás ANPAS e aos centros educativos o que lle corresponda, porque seguramente eses cartos aliviarían moito a situación de moitas familias e de moitos directores, e quero acabar a miña intervención, lembrando o recoñecemento a FOANPAS e a tódolos directores e profesores que inician de forma autónoma e sen axuda da administración competente este curso.

(No momento da votación preside o 3º Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana por atoparse ausente o Presidente e tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego e o Sr. Pardo Espiñeira).

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 4.09.2020 (Rex. Nº 2574/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

11(132).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ACOMETER AS REFORMAS NECESARIAS PARA AMPLIACIÓN DE ESPAZOS NOS CENTROS EDUCATIVOS QUE GARANTAN A DISTANCIA INTERPERSOAL, O DESDOBRAMENTO DE AULA E A SEGURIDADE. REXISTRO PLENO 2575/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 4 de setembro de 2020, número 2575/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Xunta de Galicia é a administración que ten as competencias exclusivas en materia educativa. Dende o inicio da crise da Covid 19, no mes de marzo, a Xunta de Galicia e a súa Conselleira de Educación estiveron ausentes.

No mes de Xuño, o Goberno de España, nunha conferencia sectorial de educación, adoptou un acordo con 14 medidas, recomendacións e instrucións ás CCAA, que

foi rexeitado polo Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Nuñez Feijoo. Dende esa data, a Consellería de Educación non aprobou un protocolo definitivo para o inicio das clases ata o día 28 de Agosto de 2020.

Dentro das instrucións dos Ministerios de Sanidade e Educación, recomendábase a ampliación de espazos educativos para garantir a distancia interpersoal e para reducir ao máximo o risco de contaxio. Para poder acometer, esta e outras medidas, o Goberno de España creou o Fondo Covid 19 para educación dotado con máis de 2000 millóns para as CCAA. A día de hoxe, todavía non sabemos en que empregou a Xunta de Galicia eses fondos. O único que sabemos é que os centros educativos, as familias e os concellos foron abandonados pola administración autonómica.

Ante a ausencia de medidas da Xunta de Galicia para garantir a ampliación de espazos educativos, tiveron que ser os directores e profesores, os que se ocuparan de buscar alternativas a esa carencia de espazo. Son moitos os centros que están a denunciar problemas para poder cumprir coa distancia de seguridade de 1,5 m e son moitos os que teñen moitas dificultades para atopar espazos para garantir a distancia interpersoal nos recreos.

Ante a ausencia de medidas por parte do goberno de Alberto Nuñez Feijoo, ven de ser o Alcalde de Vigo, Abel Caballero, o que ofrezca, nas últimas semanas, algúns espazos municipais para que os centros educativos poidan garantir o distanciamento entre os grupos estables nos recreos.

Unha vez máis, a Xunta de Galicia, non asume as súas competencias e abandona a comunidade educativa da cidade de Vigo

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia a acometer na medida do posible as reformas necesarias para a ampliación de espazos nos centros educativos da cidade de Vigo ,que garantan a distancia interpersoal, o desdoblamento de aulas e a máxima seguridade dos alumnos e alumnas.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Eu comprendo que este Pleno se lle está facendo largo e traballos ao Partido Popular, primeiro por como se desmontou todo o relativo a remanentes que a verdade é que se eu fora do Partido Popular despois do primeiro debate sobre tema retiraría a moción, dado que a Sra. Egerique fixo mención a elo,

e como queira que nalgún momento desta moción me referirei ao Sr. Feijóo como presidente da Xunta de Galicia, creo que hai que facer unha puntualización que é que evidentemente se recoñece toda a lexitimidade do resultado electoral, vostedes non sempre o fixeron así nesta cidade, polo tanto, para dar lección as xustas, pero recoñecendo esa lexitimidade tamén hai que recoñecer a lexitimidade dun clamor social hoxe dos pais e da comunidade educativa que está nos medios de comunicación, só hai que botar unha pequena ollada aos xornais, aos informativos e aos programas de radio para darse conta de que máis alá desa lexitimidade social, electoral, dende logo hai un descontento social no que a ninguén oín falar ben de que o estea facendo a Xunta de Galicia en relación con o inicio do curso escolar. Polo tanto, Sra. Egerique cando fala de demagogia home, eu creo que si demagogia o dirixe a FOANPAS por non ter contado con eles, aos centros escolares por non telos en conta, á comunidade educativa por non tela en conta, certamente seguro que recibirían de moi mal agrado o que vostede propón, efectivamente trouxemos 4 mocións de educación a este Pleno e é posible que si tivéramos 7 mocións igual as traeríamos, pero é que é necesario falar nunha de FOANPAS, falar noutra de 98,7 millóns de euros a así ata as 4 mocións que presentamos, porque claro cando se fala de fondos nunca imos a estar de acordo, é certo e todos queremos máis, vostedes cando hai debate orzamentario aquí sempre queren máis, para outras cuestións pero vostedes se esquecen dunha cuestión fundamental, é que a maiores do que o Estado, o goberno do Estado pon a disposición das comunidades autónomas, a propia Xunta de Galicia ten que asumir o custe adicional desta situación, nesta moción, en concreto do que queremos falar porque hai que ir ao concreto, é de instalacións, é de espazos, e cando falamos de educación as instalacións educativas na nosa cidade historicamente arrastran un enorme deterioro, hai instalacións educativas que son dos anos 80, hai instalacións educativas que tiveron un mantemento deficiente por parte da Xunta de Galicia a quen lle corresponde esta competencia, e evidentemente houbo un nula preocupación e unha desleixo de funcións, quero lembrar algo que é moi importante, e é o Alcade de Vigo lle propuxo ao goberno da Xunta de Galicia, facer un pacto global, un acordo global pola mellora das instalacións educativas nesta cidade, compartindo os gastos que aquilo conlevaba, a resposta foi inexistente, non houbo un pronunciamento e polo tanto, ese deterioro se mantivo, Vigo é o

mellor exemplo de abandono das instalacións e iso o que hoxe estamos pagando, cando hoxe necesitamos, nunha situación extraordinaria, máis espazo para cumprir con esa distancia, para cumprir coa esa distancia de seguridade, para darlles seguridade en suma aos pais, o que é evidente é que quen fixo os seus deberes é o Concello de Vigo ofrecendo espazos e colaboración e isto é o que non fixo a Xunta de Galicia asumindo as súas responsabilidades e é aquí onde debemos de esixir, antes FOANPAS, antes o Fondo de 98,7 millóns de euros e agora en concreto o tema dos espazos, e claro Sra. Egerique que fale vostede de mando único para desculpar o que durante seis meses non se fixera absolutamente nada en materia de educación, calquera pai e nai que lle escoite e que ten esa incerteza para o inicio do curso escolar, certamente ruboriza, setembro chegaría a vostedes lles correspondería e o problema e sigo a dicir é que a educación ao Sr. Feijóo e agora si o menciono lle sobra.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Partido Popular en Vigo ten un problema estrutural na lectura do resultados electorais, e algo que ven acusando xa dende hai bastantes anos, se non é incompreensible que aínda non entenderan que nas eleccións do pasado 12 de xullo máis de 6 de cada 10 vigueses/as votamos en contra da xestión do Partido Popular, apostando por forzas políticas alternativas a ese desgobierno e unha mensaxe que non recolleron porque é certo que mantiveron máis menos o resultado pero puideron incrementalo un pouco máis pero é que hai outras forzas políticas nesta Corporación, o BNG incrementamos 17 puntos ao resultado electoral das anteriores o Partido Socialista incrementou en 10 puntos, entón, se cadra é que, xa digo, atender tamén ao resultado tamén na súa dimensión cualitativa e da mensaxe que se envía en clave decida.

En relación a esta moción o certo é que chegamos a unha crise sanitaria con novas esixencias en relación ao funcionamento dos centros, acusando eivas que xa viñan de atrás, eivas importantes no estado infraestrutural dos centros educativos públicos da cidade, en moitos casos derivada da falla de investimento da Xunta de Galicia e para abordar pois a necesaria actualización, reforzamento, modernización e facilitar a accesibilidade de edificios que son bastante antigos, as necesidades de desdoblamento requiren espazo nalgúns centros pero o que si esixen, si ou si, en

todos eles é maior contratación de persoal, dicía antes a concelleira a Sra. Egerique, haberá que contratar, contraten, son a administración competente, resólvano, non apenas 241 contratacións para toda Galicia como reforzo docente, o Bloque Nacionalista Galego formulamos unha emenda simplemente para trasladar a vontade do Concello de Vigo a colaborar no que si lle corresponde no seu ámbito competencial para facilitar esa ampliación de recintos escolares e de centros educativos e por último, si que un recado ao goberno municipal en relación aos centros educativos, lle imos a recordar na tramitación dos orzamentos do ano que ven, no ano 2019 fixeron unha modificación puntual para retirar a partida para ampliación do colexio Pintor Laxeiro que desapareceu das contas do 2020, no ano 2021 no que dependa do BNG iso non vai suceder.

SR. PÉREZ CORREA: Dicía o voceiro socialista rigorosamente e é certo que nós arrastramos unha eiva no estado das infraestruturas escolares desta cidade dende hai moitos anos, a lei educativa dos anos 60 deixou claro cal era o sistema de xestión das unidades escolares, daquelas dependentes dos ministerios estatais, as leis educativas dos anos 80 comezaron xa a establecer algunha serie de criterios que cando menos poder ser interpretativos ou que poñen moitas dúbidas, que lle correspondería a un concello en virtude das súas competencias que é o mantemento, os subministros, a limpeza, a recollida de lixo, o subministro de auga, e que lle correspondía a partir da concreción das primeiras ou nacentes comunidades autónomas e anteriormente ao goberno do Estado, sempre ao final a partir dos anos 80, nos anos 90 quedou claro que a reformas e as ampliacións son competencias das comunidades autónomas dentro das súas competencias en materia educativa e que o mantemento é competencia municipal, que pasa con isto? Pois que aparece a Lei de sostibilidade, racionalidade da administracións locais e di pois que unha administración, unha competencia e que hai que clarificar iso pero en vez de clarificalo o que abre é unha espita para que as comunidades autónomas comecen a cargar sobre os concellos determinadas responsabilidades que non teñen que ver co mantemento dun centro educativo e que non teñen moito menos que ver co subministro e de servizos esenciais a ese centro educativo e aferrándonos a isto, agora parece que teñen que ser os concellos os que fan cousas como cubrir patios, que non é unha responsabilidade municipal pero que os

concellos asumimos en moitos casos, incluso en reformas escolares ou incluso modificación da estrutura interna dun centro educativo, competencia exclusiva das comunidades autónomas e que sistematicamente se negan a asumir.

Que quero dicir con isto, que non está mal que o Concello de Vigo asumira competencias en materia de cubrición de patios, que non está mal incluso que fixera obras importantes e maiores nalgúns centros educativos, gracias a que o Concello de Vigo e gracias a que os concellos fixeron determinadas actuacións, por exemplo agora se pode utilizar un patio para dar clase, que non é un tema menor na situación COVID-19, poder utilizar os patios escolares, os nenos poden pasar máis ou menos frío dependendo do tempo, pero si poden estar a cuberto e ante unha situación de colexios por exemplo, colexios moi pequenos como o colexio AltaMar que nin sequera teñen un espazo, é un colexio completamente encaixado no pavillón do Carme, pois ter os patios cubertos significa que agora mesmo se poden empregar para dar clases e cumprir ratios, distancias, e outro tipo de cuestións que están dentro dos protocolos, que reflexión hai que facer aquí? Pois que obviamente a situación da COVID-19 vai obrigar a reformar todos e cada un dos colexios desta cidade, aproveitando espazos que dende hai anos, antigamente existían casas de profesores nos centros educativos, moitas delas quedaron abandonadas, pois reutilizar espazos dentro dos colexios, cambiar incluso os tamaños das aulas porque o número por desgracia, o número de rapaces nos centros educativos públicos desta cidade languidece mentres aumentan o número de alumnos matriculados no ensino privado concertado, “rara avis” das cidades galegas onde só Vigo é a única cidade onde hai mais matriculados no ensino privado-concertado que no público, tamén uha reflexión que deberemos facer dende este Concello que se determinados modelos educativos que salientan e iso que significa? Pois que vai a ter que poñerse as pilas a Xunta de Galicia e asumir que temos que reformular as estruturas escolares desta cidade, porque non todas teñen a capacidade agora mesmo de cumprir os ratios e vai obrigar a facer unha serie de obras moi ambiciosas que non vai a poder resolver o Concello de Vigo poñendo un millón ou dous millóns de euros que non ten a capacidade nin os recursos económicos que lle corresponden á Comunidade Autónoma que para iso ten a súa parte da torta impositiva para investir en materia de educación e é

bastante oportuna que veña esta moción porque este debate imos a telo durante moito tempo, os nosos centros escolares xa non valen para a sociedade que se está abrindo, xa non valen os espazos que se deseñaron nos anos 60, 70, algúns deles só con entrar nun colexio pois xa se ve porque nin sequera estaban pensados para que houbera ascensores para persoas con mobilidade reducida ou con algún tipo de discapacidade e xa non digamos para espazos informáticos, ou incluso instalacións eléctricas que nin sequera tiñan en conta o que pode supor os novos xeitos de dar clase e de recibir educación, polo tanto, nós apoiamos esta moción e emprazamos á Xunta de Galicia a entender que isto é inaprazable e que var a ter que asumilo non só os orzamentos o Concello de Vigo o que lle corresponda, pero nos orzamentos da Xunta de Galicia do ano que ven.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Sr Font, todo forma parte da educación, por suposto e todo ten que ver pois con ir da man e consumir, para volver outra vez ao tema e xa rematalo e moi curioso que para toda Galicia haxa 90 millóns de euros e dende Vigo para o goberno mandemos 80 millóns de euros, eu o que digo é que os recursos deberían de optimizarse e xa hai unha lei que nos obriga a aforrar e porque se derrochou aínda fixo alusión o Alcalde con toda a súa cara do Plan E, en fin, mire.

Sr. Gómez, as súas competencias entre outras, é planificar, dirixir, xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, vixilancia, limpeza, abastecemento de agua, saneamento, luz e calefacción dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, primaria, especial, propiedade do municipio, outra é cooperación coa administración educativa na que creación, construción, sostemento de centros públicos por suposto que como concelleira da oposición teño que esixirlle que cumpre vostede coas súas competencias que están aquí ben escritas, mire, a Xunta de Galicia dicían agora que ten que poñerse as pilas, nunha situación de interinidade como saben vostedes porque estaba recen saída aínda dunhas eleccións polo tanto, hai continuidade, o Sr. Feijóo ten un plan e tivo unha planificación que vostedes non esquezan aquí o Sr. Pérez Correa dicía que gracias á cubrición dos patios poden utilizarse como aulas e gracias a que temos ao hospital que temos, o Álvaro Cunqueiro, puido facerse fronte a pandemia do xeito que se puido facer, iso é infraestrutura e xestión sanitaria que ven de atrás e que daqueles

polvos estes lodos, poden rirse todo o que vostedes queiran pero o Sr. Feijóo e o Partido Popular gañou as eleccións en Vigo, tivo o conxunto do Partido Popular máis votos que o resto das formacións políticas Sr. Iglesias, e esa é realidade.

Miren, si que estiveron totalmente ausentes, mire o Sr. Alcalde presume de seu punto selfie dunha escultura con forma de nécora, Vigo estrea 3,5 quilómetros de carril bici entre Teis eo centro, Vigo diseña un Nadal anticovid, a min gustaría que Vigo diseñar unha volta ao cole anticovid, gustaríame ter visto en verano outros titulares, si claro que si, primeiro era máis urxente pensar no Nadal, era moito máis urxente destinar cartos e pensar no Nadal que pensar na volta ao cole, falo de cooperación, non estou dicindo para nada a responsabilidades nin a xestión, nin as competencias da Xunta de Galicia, para nada o estou eludindo, pero tamén lle digo unha cousa, que isto é tamén un lavado de cara, e un branqueo total, a Ministra a Sra. Celaá tivo que ir das orellas o día 28 de agosto, sen abrir a boca antes, a reunirse coas comunidades autónomas e a facer a conferencia de presidentes para falar de educación. Polo tanto, aquí vostedes teñen que ver todo nun compendio e nun conxunto, insisto, o COVID-19 adianta, a agosto a instalación das luces de Nadal, isto é un insulto absoluto, nun momento de pandemia pensar que nun Nadal imos recibir aquí a centos e miles de persoas cando estamos intentando separar aos alumnos en aulas a 1,5 metros de distancia, por un problema sanitario, polo tanto, nós neste Concello temos tamén que falar de competencias e as obrigas que teñen vostedes, eu falo de demagogia por parte deste goberno municipal, nunca dixen que FOANPAS fixo demagogia, quero ademais aquí felicitar a tódalas nais e pais e por suposto tamén a FOANPAS porque si falei varias veces con eles de moitas necesidades que teñen, se servía de traslado deste grupo municipal á xunta de Galicia por algunha necesidade e se fixo en moitas ocasións, polo tanto, a vía de diálogo deste grupo municipal está aberta, e a vía de diálogo está aberta por parte da Xunta de Galicia unha vez tomada posesión os conselleiros, insisto, estaban en situación de interinidade e esta mesma tarde vanse sentar, e van falar e vanse solucionar todos estes problema, e vostedes poden traer aquí, Sr. Font, 5 mocións, 4, 3 eu non teño presa podo estar debatendo de educación, non estou a falar do meu libro, estou a falar de educación e da importancia que ten que tódolos pais e profesores teñen unha garantía para que os alumnos poidan ir a clase coas

garantías sanitarias, que ademais non sabemos que vai pasar dentro dun mes, é urxente como dicía o Sr. Pérez Correa, as urxencias son urxencias, ninguén tiña previsto facer isto pero vostedes non poden defender aquí un Ministerio urxente e non poden pretender que mande a Galicia para tódolos centros de Galicia, 90 millóns de euros e que vostedes dende o Concello con eses 80 millóns de euros de remanentes vaian mandalos a eles, cando podíamos utilizar aquí para temas de educación, e insisto, non só no tema de remanentes senón temas de luces de Nadal, nécoras en Samil, sinais novas que agora é innovador tamén temos un Alcalde que innova coas sinais de tráfico e ademais é capaz de debuxar unha sinal nova nun carril bici, isto é un cachondeo polo tanto, si que todos temos que tomarnos en serio todo isto, pero a Xunta de Galicia non estivo de vacacións, estivo traballando, intentara mellorar todo o que teña que mellorar de aquí ao comezo do curso e cando as clases se inicien para que isto sexa o menor agravio posible para todos, é o máis sinxelo posible para todos, por esa é a vontade e esa é a intención.

SR. LÓPEZ FONT: O cachondeo Sra. Egerique, son as súas intervencións, porque cando estamos a falar de algo tan serio e da preocupación do conxunto da sociedade, desviar o debate cara luces, cara non sei que, son conxunto de políticas dentro da cidade.

Mire, me encantaría que tivese a mesma clarividencia para analizar os resultados electorais con respecto aos das municipais do ano pasado, me encantaría porque se dará conta de que houbo 100.000 vigueses e outros tantos que rechazaron a política do Sr. Feijóo, aquí. Polo tanto, mire, faime moita gracia parte da súa intervención, estou convencido de que si o Ministerio de Educación quixera impoñer un protocolo ás comunidades autónomas habería saído o Sr. Feijóo dicindo, nos usurpan competencias, nos queren impoñer, porque foi iso o que dixo en relación coa política sanitaria, polo tanto, claro, falar tamén de derroche para xustificar a Lei de incautación do Sr. Montoro, eu de verdade teñen que facer vostedes un acto de contrición da culpabilidade que teñen de que durante 8 anos estiveran incautados e segan incautados os fondos dos concellos, e claro xa me acaba de matar cando volve a defender o hospital, é que fastidiaría que non tivéramos hospital, o problema é que temos un hospital privado, Sra. Egerique, e que o hospital e a sanidade e a contestación sanitaria á pandemia Ila deron os

profesionais da sanidade, non as infraestruturas que crearon vostedes porque son claramente insuficientes e cada vez fale de hospital lle imos dicir que é un hospital privado porque vostede é ou foi parlamentaria e sabe perfectamente que nos orzamentos da Xunta de Galicia figura unha partida literalmente que hai que pagar. Mire, houbo improvisación, é absolutamente lamentable o que ante a preocupación que teñen os pais a súa contestación sexa de que o conselleiro de Educación se vaise sentar hoxe pero senón é cuestión de quen estaba e de quen está, é cuestión de que isto se tiña que ter previsto, é cuestión que se sabía que chegaba o mes de setembro, é cuestión que dende practicamente dende o primeiro momento soubemos que este momento ía chegar, ía ser unha situación extraordinaria e se ía necesitar espazo a maiores, e claro, xa o remate final é cando nesta mensaxe que a vostede lles sae de bo di de ir da man, cóntello a FOANPAs, aos directores dos colexios, aos profesionais que din vostedes que van da man, vostedes o que fan é rexeitar o ofrecemento de colaboración absolutamente de todos, e neste Concello gastamos moitos cartos en obras que non nos correspondían como competencias e si ao goberno da Xunta de Galicia.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente e tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 4.09.2020 (Rex. Nº 2575/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

12(133).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DO 19.03.20 AO 26.04.20). EXPTE. 802/1102 (REXISTRO PLENO 2557/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 802/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

13(134).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS (DO 19.03.20 AO 26.04.20). EXPTE. 803/1102 (REXISTRO PLENO 2558/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 803/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

14(135).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DO 23.07.20 AO 20.08.20). EXPTE. 861/1102 (REXISTRO PLENO 2560/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 861/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

15(136).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS (DO 23.07.20 AO 20.08.20). EXPTE. 862/1102 (REXISTRO PLENO 2561/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 862/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

16(137).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 17.08.20 DE MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIA EN CONCELEIROS/AS: ESTRUCTURA ÁREA DE GOBERNO 2019-2023. EXPTE. 598/1102 (REXISTRO PLENO 2563/1101)

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 17 de agosto de 2020, que di o que segue,

“Como consecuencia da toma de posesión do cargo de concelleiro, D. Pablo Luís Estévez Rodríguez o pasado día 10 de agosto de 2020 é procedente un novo reparto competencial que optimice a xestión municipal sendo preciso para elo a modificación do Resolución de delegación de competencias: estrutura área de Goberno 2019-2023 de data 18.06.2019

No uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía -art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Modificar a Resolución de delegación de competencias: estrutura área de Goberno 2019-2023 de data 18.06.2019 respecto do punto segundo nos apartados 3, 5, 8, 10, 12 e 15 e engadir o punto 16 nos seguintes termos

“ Segundo.- Sen prexuízo da miña superior dirección política, goberno e coordinación os servizos corporativos do Concello de Vigo estrutúranse nas seguintes áreas executivas e/ou materiais que estarán dirixidas, sen prexuízo dos termos que se establezan nas disposicións de delegación ou desconcentración de competencias, polos/as membros da Xunta de Goberno Local e demais Concelleiros e Concelleiras que se indican:
(..)

3.- ELENA ESPINOSA MANGANA. Tenente de Alcalde e Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Empresa, Economía e Organización municipal, nesta última, sinaladamente, en materia de Réxime Interior, Recursos Humanos e Formación. Así como en materia de Seguridade, en particular, a dirección, organización e coordinación coas respectivas Xefaturas os Servizos de Policía Municipal e de Extinción de Incendios e Salvamento, desempeñando as Xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito ao mesmo, e a política municipal en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e ocupación de dominio público.

(...)

5.- ABEL LOSADA ÁLVAREZ. Área de Cultura e Emprego

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Emprego, políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego; deseño e dirección das políticas activas de emprego; industria e voluntariado. Así como en materia de cultura, equipamentos culturais do Concello (bibliotecas), Auditorio municipal, Rede de Museos Municipais e colaboración Fundación MARCO, así como a xestión da programación cultural do Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo.

(...)

8.- YOLANDA AGUIAR CASTRO. Área de Política de Benestar Social

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Políticas de familia e Infancia, Servizos Sociais e atención ás persoas maiores, inmigración e drogodependencia.

(...)

10.- PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO. Area de Patrimonio e Xestión Municipal

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Contratación, Patrimonio, Xestión Municipal, Goberno Aberto e Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS), Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo, así como a relación cos órganos directivos municipais, Administración Electrónica, Protección de Datos, rexistros, información e arquivos

(...)

12.- GORKA GÓMEZ DÍAZ. Área de Educación

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Educación, en particular, a dirección e xestión das Escolas Municipais de Música e Teatro, da Escola Municipal de Danza, a Escola Municipal de Artes e Oficios e Presidencia do Consello Escolar Municipal de Vigo.

(...)

15.- M^a CARMEN LAGO BARREIRO. Área de Turismo e Xuventude.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de turismo, márketing da cidade e coordinación dos servizos turísticos privados da cidade, sinaladamente a dirección da Fundación Vigo Convention Bureau e as competencias municipais para o impulso e promoción da Candidatura Islas Cíes Patrimonio da Humanidade.

Así mesmo corresponderalle as competencias en materia de Xuventude, sinaladamente, dirección e xestión dos seguintes servizos adscritos á Concellería de Xuventude, sen prexuízo dos que se poidan crear no futuro: Casa da Xuventude, Servizos de Información e Dinamización Xuvenil, Centro de Usos Múltiples Vigosónico, Servizos de Dinamización Infantil, Horta Escola e Servizos de acceso a internet.

16.- D. PABLO LUIS ESTEVEZ RODRIGUEZ - Area de Participación cidadá e Festas

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Participación Cidadá, sinaladamente en relación co Asociacionismo, as relacións co Defensor do Pobo, Valedor do Pobo ou Valedor do Cidadán e a dirección dos Centros Cívicos.

Así mesmo corresponderanlle as competencias municipais en materia de Festas e Animación Sociocultural, a xestión do Auditorio ao ar libre de Castrelos en relación coa programación municipal que nel se desenvolva.

Segundo.- Deixar sen efecto calquera Resolución anterior ditada pola Alcaldía sobre delegacións de atribucións en Concelleiros/as, agás aquelas que non resulten contraditorias coa presente e mantendo a vixencia das delegacións especiais que continúen vixentes.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución a todo/as os concelleiros e concelleiras e membros da Xunta de Goberno Local afectado/as.

Cuarto.- Comunicar a presente Resolución ás Xefaturas das diferentes Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na intranet municipal.

Quinto.-A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e na Sede Electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Sexto.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

17(138).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 17.08.20 DE MODIFICACIÓN DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELEIROS/AS DE ÁREA. EXPTE. 598/1102 (REXISTRO PLENO 2564/1101)

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 17 de agosto de 2020, que di o que segue,

“Como consecuencia da toma de posesión do cargo de concelleiro, D. Pablo Luís Estévez Rodríguez o pasado día 10 de agosto de 2020 é procedente un novo reparto competencial que optimice a xestión municipal sendo preciso para elo a modificación do Resolución de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras da área de data 26.06.2019

No uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía -art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Modificar a Resolución da delegación de competencias (2019-2023) da Alcaldía nos concelleiros e concelleiras delegados e delegadas de área de data 26.06.2019 modificada posteriormente por Resolución de data 13.08.2020 respecto do punto segundo da parte resolutiva , apartados 3, 5, 8, 10, 12, 15 e engadir un novo apartado 16,

“

Segundo.- Sen prexuízo da miña superior dirección política, goberno e coordinación os servizos corporativos do Concello de Vigo estrutúranse nas seguintes áreas executivas e/ou materiais que estarán dirixidas, sen prexuízo dos termos que se establezan nas disposicións de delegación ou desconcentración de competencias, polos/as membros da Xunta de Goberno Local e demais Concelleiros e Concelleiras que se indican:
(...)

3.- ELENA ESPINOSA MANGANA. Tenente de Alcalde e Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Empresa, Economía e Organización municipal, nesta última, sinaladamente, en materia de Réxime Interior, Recursos Humanos e Formación. Así como en materia de Seguridade, en particular, a dirección, organización e coordinación coas respectivas Xefaturas os Servizos de Policía Municipal e de Extinción de Incendios e Salvamento, desempeñando as Xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito ao mesmo, e a política municipal en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e ocupación de dominio público e, en particular:

a) En materia de recursos humanos e persoal:

1. A planificación, desenvolvemento e execución das políticas públicas establecidas polo Goberno Municipal en materia de planificación e xestión de recursos humanos, xunto co establecemento dos criterios e directrices básicas de articulación das mesmas, abarcando a proposta aos órganos municipais competentes de medidas de racionalización de cadros de persoal e contención do gasto público en materia de persoal, así como todas aquelas relativas á xestión dos recursos humanos; medidas de fomento da mobilidade interdepartamental tendentes á optimización dos efectivos municipais e propostas á Xunta de Goberno Local de adecuacións retributivas ou reconfiguración de postos de traballo, incluíndo igualmente a

determinación das condicións de traballo en interlocución cos órganos de representación sindical dos empregados/as públicos municipais.

2. Desenvolver a xefatura directa e inmediata do persoal municipal, entendendo por tal o exercicio das potestades derivadas da inmediata dirección do persoal municipal e a totalidade das decisións que impliquen xefatura non atribuídas expresamente a outros órganos, incluíndo a do corpo de Policía Municipal e a do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.
3. Propoñer ao Pleno do Concello a aprobación do Regulamento Orgánico Municipal relativo á estrutura e organización interna do Concello, concretada na determinación dos niveis esenciais de organización municipal e, entre eles, as grandes áreas do goberno, así como ao órgano competente o organigrama municipal contendo a estrutura das Áreas e Servizos no marco da organización municipal.
4. Propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos Plans de Formación do persoal municipal elaborados pola Área de Recursos Humanos e Formación, presidindo a Comisión Paritaria de Formación, coordinando coas Concellerías-Delegadas de Área e demais delegados a formación e capacitación do persoal municipal.
5. En materia de prevención de riscos laborais, vixiar e controlar as condicións de seguridade e hixiene no traballo, presidindo o Comité de Seguridade e Saúde Laboral e designando aos seus membros; e velando polo cumprimento da normativa vixente na materia, ostentando igualmente a competencia en nome do Concello nas relacións coa Inspección de Traballo e coa Autoridade Laboral.
6. Realizar as funcións de interlocución como representante do Goberno Municipal nas relacións cos órganos de representación sindical dos empregados públicos municipais, desenvolvendo a política municipal nesta materia e ostentando a Presidencia da Mesa Xeral de Negociación, como parte lexitimada ao efecto.
7. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo relacionados co persoal municipal, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos.
8. Participar como un dos representantes da Corporación na Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Regulador das Condicións de Traballo.
9. Ditar as instrucións precisas para a elaboración do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais en coordinación coa Concellería-delegada da Área de Orzamentos e Facenda, asinando o proxecto que pola Unidade de Planificación e Organización se elabore.
10. Convocar a Mesa Xeral de Negociación e para a realización das sesións dos

grupos de traballo que se constituísen no Concello de Vigo.

11. Outorgar o permiso especial de Alcaldía contemplado no artigo 16 do vixente Acordo regulador.
12. Ostentar a representación legal do Concello de Vigo nos procedementos que se sigan perante a Inspección de Traballo, Autoridade Laboral e outras administracións públicas en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais.
13. A representación legal do Concello na sinatura dos contratos laborais, así como os actos derivados dos mesmos, a dita delegación incluírá a non superación do período de proba e a sinatura de actos de trámite y resolución das incidencias producidas no marco das ditas relacións contractuais.
14. O impulso, en colaboración coa Concellería-Delegada en materia de Igualdade, das actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de Igualdade no Concello de Vigo.
15. A competencia para a designación de funcionario/a público autorizado/a para a comparecencia perante a Inspección de Traballo, Seguridade Social e Autoridade Laboral.

b) En materia de Réxime Interior:

Dirixir e xestionar as dependencias de Estatística, ademais da Unidade de Conserxería e Notificación e o Almacén municipal, conforme cos principios de eficacia, economía e racionalización do gasto, promovendo as políticas de compra intelixente.

En relación co Servizo de Estatística:

1. Dirixir a xestión do Padrón Municipal de Habitantes efectuando a través dos medios informáticos axeitados as actuacións e operacións necesarias para a súa actualización e revisión, comunicando e coordinando as mesmas cos rexistros dos padróns fiscais.
2. Manter cos órganos e organismos da Administración do Estado, especialmente co Instituto Nacional de Estatística, Rexistro Civil e Oficina do Censo Electoral o intercambio de información e coordinación precisa.
3. Acordar a baixa das inscricións duplicadas ou inscricións indebidas no Padrón Municipal de Habitantes.
4. Declarar de oficio a inscrición padronal da veciñanza incurso nos supostos legais que corresponda.

5. Acordar a baixa por caducidade das subscricións padronales dos estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente que non sexan renovadas cada dous anos, nos termos establecidos en cada momento pola normativa, e instrucións de aplicación.
6. Expedir as certificacións de empadramento e dos resúmenes numéricos do padrón.
7. Dirixir a xestión do rueiro municipal mantendo actualizada a nomenclatura e rotulación das vías públicas e a numeración dos edificios, dando parte aos Rexistros da Propiedade e coordinando coa Xerencia Municipal de Urbanismo a elaboración da cartografía axeitada (Guías urbanas).
8. Emitir os informes do número de policía das rúas para engadir aos expedientes de solicitude de licenza de obras, segundo acordo da Xerencia Municipal de Urbanismo.
9. Ordenar a revisión anual da relación de entidades e núcleos de poboación e a división en seccións do termo municipal.
10. Proporcionar ao Servizo de Estatística as axudas materiais e persoais que sexan necesarias nos distintos procesos e convocatorias electorais.

f) En materia de utilización/ocupación do dominio público e de espectáculos públicos:

Informar as ocupacións do sistema viario público que resulten necesarias en aplicación do previsto na normativa reguladora das obras e as conseguíntes ocupacións necesarias para a implantación de

d) En materia de Seguridade:

1. Dirixir, organizar e coordinar coas respectivas Xefaturas os servizos de Policía Municipal e de Extinción de Incendios e Salvamento, desempeñando as xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito aos mesmos.
2. Exercer as atribucións conferidas á Alcaldía pola normativa reguladora en materia de protección da seguridade cidadá, de Forzas e Corpos de Seguridade, de coordinación de policía locais de Galicia, utilización de videocámaras polas Forzas e Corpos de Seguridade en lugares públicos e, en xeral, as competencias que lle atribúan á Alcaldía pola normativa regulamentaria de desenvolvemento daquela lexislación, excluídas aquelas outras competencias que, tendo orixe noutros réximes legais sectoriais, regulen ámbitos concretos da seguridade pública, entre outros, en materia de urbanismo, medio ambiente, sanidade, consumo, transportes, ... etc.
3. Exercer, en materia de Protección Civil e Emerxencias, as funcións que legalmente lle resulten atribuídas á Alcaldía Presidencia de conformidade co

disposto na normativa reguladora de réxime local, de Protección Civil e o seu desenvolvemento regulamentario; nas leis autonómicas de Emerxencias e de Acción Voluntaria e o seu desenvolvemento regulamentario; así como a normativa municipal de aplicación.

4. Incoar, tramitar e resolver os procedementos sancionadores, e ditar requirimentos ou ordes de execución, susceptibles de ser instruídos en aplicación da normativa anterior, excluídos todos aqueles que, en cumprimento de calquera outra lexislación sectorial de concorrente aplicación ao ilícito cometido, resultasen competencia delegada doutras áreas, entre outros, en materia de disciplina urbanística e outras formas de intervención administrativa relacionadas coa ordenación dos usos do solo, medio ambiente, consumo, sanidade, comercio, transportes, ... etc.

e) En materia de Tráfico e estacionamento de vehículos :

1. Planificar, dirixir e executar a través da Xefatura da Área de Mobilidade e Seguridade a política municipal en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade, en particular:
 - a) A elaboración, proposta e seguimento das políticas viarias dirixidas a unha mobilidade segura e sostible, a través da elaboración de plans e programas de seguridade viaria, en coordinación no seu caso coa Dirección Xeral de Tráfico.
 - b) O impulso da investigación en materia de seguridade viaria, factores influentes e impacto de medidas específicas, incluíndo a coordinación con institucións de carácter científico e técnico, e en particular coa Dirección Xeral de Tráfico.
 - c) O fomento da educación viaria.
 - d) A comunicación e divulgación relacionada co tráfico e a seguridade na circulación viaria.
 - e) A regulación, xestión e control do tráfico en vías urbanas e travesías, así como a planificación, dirección e coordinación das instalacións e tecnoloxías para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico e mellora da seguridade viaria naquelas.
 - f) O establecemento das directrices para a formación e actuación dos axentes da autoridade en materia de tráfico e circulación de vehículos a motor, sen prexuízo da competencia autonómica en materia de coordinación das policía locais.
 - g) A tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico, a tramitación e formulación de declaracións de nulidade e a resolución de reclamacións previas á vía xudicial.
2. Realizar as declaracións de abandono de vehículos, para os efectos do previsto na normativa en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria; sen prexuízo das competencias delegadas que se lle encomendan á Concellería de Medio Ambiente para sancionar o abandono do

vehículo.

3. A supervisión, control e fixación de toda clase de ordes e instrucións que deban ser cumpridas polos concesionarios dependentes da Área (XER, retirada de vehículos, sinalización horizontal e vertical, servizo de instalacións e regulación, control e información do tráfico), segundo a lexislación xeral e ós pregos das súas respectivas concesións, servizos na vía pública, así como calquera outra ocupación do sistema viario derivada da execución de obras públicas promovidas por outros departamentos municipais ou por outras administracións, así como as ocupacións dos espazos viarios que resulten necesarias en execución dos procesos de transformación urbanística ou territorial do solo.
4. Informar as ocupacións do sistema viario que resulten necesarias para a implantación de mercados tradicionais ou populares promovidos por outros departamentos municipais, sen prexuízo da necesidade de recabar e obter, nestes supostos, o informe previo da Área delegada de Seguridade e Mobilidade.
5. Informar a realización dos eventos deportivos obxecto de regulación no Anexo II do Regulamento Xeral de Circulación aprobado polo RD 1428/2003.
6. Exercer as atribucións conferidas á Alcaldía en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas pola normativa en materia de seguridade cidadá e o seu desenvolvemento regulamentario, estatal ou autonómico; así como pola normativa sectorial de aplicación.
7. Instruír e resolver os expedientes de recuperación posesoria daquelas superficies integrantes da rede viaria municipal ocupadas ilegalmente por particulares, en materias da competencia desta Área de Goberno e Administración Municipal.

g) En materia de industria:

1. Fomento de actuacións tendentes á terciarización da nosa economía.
2. Promoción das feiras sectoriais de Vigo, nomeadamente Conxemar.
3. Plans promocionais de Vigo en colaboración coas empresas locais.
4. Seguimento da Autoestrada do Mar.
5. Seguimento dos enlaces e tráfico ferroviarios.
6. Seguimento dos enlaces por estrada e autoestrada.
7. Seguimento das actividades portuarias.
8. Seguimento de actividades do sector pesqueiro e mariñeiro tradicional

(...)

5.- ABEL LOSADA ÁLVAREZ. Área de Cultura, Emprego.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Emprego, políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego; deseño e dirección das políticas activas de emprego; industria e voluntariado. Así como en materia de cultura, equipamentos culturais do Concello (bibliotecas), Auditorio municipal, Rede de Museos Municipais e colaboración Fundación MARCO, así como a xestión da programación cultural do Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo.

a) En materia de Emprego e Economía:

1. O deseño e dirección das políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego, tal e como:

a) Apoio ao emprendemento mediante as convocatorias e axudas e subvencións á creación de empresas.

b) Fomento dos Proxectos empresariais de interese municipal (PEIM).

2. O deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras.

3. Deseño, dirección e coordinación de proxectos financiados pola Unión Europea, relacionados coa formación, o emprego e o desenvolvemento local.

4. Impulsar e dirixir os Pactos Locais polo Emprego.

5. Impulsar, coordinar e supervisar os proxectos construtivos e obras en locais e terreos municipais, executados polo persoal dos programas de inserción laboral.

b) En materia de relación cos sindicatos:

1. Actuar como interlocutor coas diferentes entidades sindicais da cidade, fomentando o diálogo aberto e escoita activa así como a procura de acordos nos aspectos con maior impacto socio económico na cidade.

2. Planificación e execución das políticas públicas municipais en materia social e relacións laborais, adecuadas ao actual contexto socioeconómico.

c) En materia de Voluntariado:

1. Dirixir e xestionar a Oficina Municipal de Voluntariado (OMD).
2. Xestionar a páxina web da oficina.
3. Xestionar as bases de datos de persoas voluntarias e participantes no programa de “Traballos en Beneficio da Comunidade (TBC)”.
4. O deseño e desenvolvemento de actividades formativas dirixidas ás persoas voluntarias e ás entidades de voluntariado.
5. A dirección e coordinación do voluntariado da cidade.
6. O deseño e coordinación de campañas de sensibilización e fomento do voluntariado.
7. Coordinar e xestionar cos servizos municipais participantes o convenio de colaboración co Ministerio de Interior, do programa de “Traballo en Beneficio da Comunidade”.

d) En materia de Cultura:

1. Establecer as directrices xerais, desenvolvemento e execución das políticas públicas municipais en materia de Cultura e Bibliotecas. Conformer os programas anuais e plurianuais de xestión, determinando os obxectivos e os recursos materiais e persoais necesarios para o funcionamento dos equipamentos, servizos e programas.
2. Exercer as competencias municipais en relación coa dirección, de acordo coas normas específicas que regulan cada un dos equipamentos culturais do Concello, como a Biblioteca Pública “Juan Compañel” en coxestión coa Xunta de Galicia, a Biblioteca Municipal “Neira Vilas” e a Casa Galega da Cultura, agás as competencias que as normas específicas de cada equipamento atribúa á Alcaldía-Presidencia ou a outro órgano municipal.
3. Centralizar o rexistro de peticións de ISBN que realicen as unidades do Concello para a súa publicación, así como conservar un exemplar de cada unha das obras publicadas nas bibliotecas municipais.
4. Planificar, dirixir, e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, vixilancia, limpeza, e subministracións das dependencias adscritas.
5. O fomento da creación literaria e a promoción do libro e da lectura, así como o fomento e xestión dos servizos bibliotecarios municipais.
6. O fomento, a promoción e axuda de entidades, institucións e asociacións artísticas e culturais.
7. Elevar ao Pleno do Concello, en colaboración cos servizos de Cartografía, Estatística e de Normalización Lingüística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais, instruíndo, para estes efectos, os expedientes que correspondan.
8. Provisión e fomento de servizos bibliotecarios que posibiliten o acceso á información, apoio á formación, promoción lectora e desenvolvemento persoal

e cultural. Impulso dos instrumentos de planificación, programas funcionais e plans anuais de acción do servizo bibliotecario. Resolución dos expedientes de doazón gratuíta de fondos.

9. Elevar ao Pleno do Concello, previos os trámites regulamentarios correspondentes, a concesión de medallas, honores e distincións.
10. Canalizar a difusión cultural do Concello centralizando a información dispoñible sobre programas, servizos, equipamentos, etc., mesmo en fase de proxecto ou preparación, coordinando as diversas unidades administrativas que aborden a oferta cultural.
11. A xestión do Auditorio Municipal en relación á programación municipal que nel se desenvolva, e/ou as xestións e autorizacións de solicitudes de utilización por parte de entidades públicas, privadas, xurídicas ou físicas e, así mesmo, planificar e xestionar as accións precisas para garantir a súa conservación, mantemento, reparacións, limpeza e control.
12. O seguimento da xestión cultural e da programación do Auditorio Pazo de Congresos “Mar de Vigo”.

e) En materia de museos:

1. Establecer as directrices xerais e a política municipal da Rede de Museos Municipais, conformar os programas anuais e plurianuais de xestión, determinando os obxectivos e os recursos materiais e persoais necesarios para o funcionamento dos equipamentos, servizos e programas.
2. Exercer as competencias municipais en relación cos equipamentos da Rede de Museos Municipais para o seu impulso, promoción, xestión e coordinación, agás as competencias que as normas específicas de cada equipamento atribúa á Alcaldía-Presidencia ou a outro órgano municipal, en particular:
 - a) Museo Municipal “Quiñones de León”-Pazo de Castrelos.
 - b) Verbum-Casa das Palabras.
 - c) Casa das Artes.
 - d) Pinacoteca Municipal “Francisco Fernández del Riego”
 - e) Centro de Arte Fotográfica de Vigo-CAFVI.
 - f) Centro de Artesanía Tradicional-CAT.
3. Planificar, dirixir e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, vixilancia, limpeza, e subministracións das dependencias anteriormente descritas.
4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.

5. O fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística, así como a programación de exposicións e outras expresións plásticas nos equipamentos que forman parte da Rede de Museos Municipais.
6. Xestionar a conservación, investigación e divulgación das coleccións e bens artísticos adscritos á Rede de Museos Municipais, en especial as do Museo Municipal “Quiñones de León” (incluíndo a de arqueoloxía), a do Arquivo Fotográfico Pacheco, colección fotográfica municipal, colección Luís Torras, colección de arte galega da Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego e colección de artesanía do CAT.
7. Xestionar programas de desenvolvemento das coleccións e bens artísticos actuais, tanto no relativo á incorporación de novos elementos (adquisicións, doazóns, depósitos...), como ao préstamo temporal de elementos das mesmas; en ambos casos, establecendo as condicións e requisitos correspondentes.
8. Promover estudos de públicos obxecto das actividades e programas da Rede de Museos Municipais.

(...)

8.- YOLANDA AGUIAR CASTRO. Área de Política de Benestar Social

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Políticas de familia e infancia, Servizos Sociais e atención ás persoas maiores, inmigración e drogodependencia.

1. Detección e estudo das necesidades sociais e demandas das persoas, grupos ou da comunidade en xeral, procurando garantir a atención, valoración técnica, orientación, información, asesoramento e a prestación dos servizos sociais básicos a aqueles sectores da poboación que se atopen en situación de desprotección ou risco de exclusión social.
2. Promover e impulsar cantas actividades se consideren necesarias para contribuír ao desenvolvemento dunha maior participación e colaboración da sociedade diante dos problemas de marxinación, desprotección e exclusión social, para o que fomentará a coordinación coas entidades integrantes do terceiro sector que actúan na cidade, a participación comunitaria e o asociacionismo, dispoñendo a concesión de axudas económicas a entidades e asociacións sen ánimo de lucro.
3. Colaborar e recabar a colaboración das demais Administracións Públicas no exercicio das respectivas competencias en materia de servizos sociais e das funcións e tarefas relacionadas cos Servizos Sociais e a Política de Benestar Social, demandando desas outras Administracións os medios necesarios complementarios para atender ás novas peticións de colaboración.
4. Formular a programación e xestión dos plans de formación específica do

persoal de Servizos Sociais.

5. Formalizar os acordos de incorporación das persoas usuarias aos programas básicos de acollemento e inclusión social e de transición á vida autónoma do «Centro Integral de Inclusión e Emerxencia social» (Albergue-CIIES).
6. Promover e tramitar as solicitudes de subvencións e axudas de carácter social a outras Administracións Públicas e a institucións e entidades públicas e privadas.
7. Dirixir a xestión e o mantemento das bases de datos de usuarios/as da Área e dispoñer de cantas medidas de carácter organizativo e tecnolóxico sexan precisas para a súa correcta alimentación polas unidades desconcentradas.
8. Dirixir, mentres siga sendo un servizo de titularidade municipal, o «Centro Preventivo e Asistencial de Drogodependencias» (CEDRO), que presta servizos sociosanitarios ás persoas drogodependentes a través da “Unidade Asistencial de Drogodependencias” e da “Unidade de Día”; está integrado funcionalmente no SERGAS (Orde do 12 de marzo de 2007 da Consellería de Sanidade; DOG nº 62, do 28.03.2007) e depende funcionalmente, en canto a desenvolvemento de programas de intervención, do responsable de saúde mental de área.
9. Ostentar a superior dirección e representación no «Centro Integral de Inclusión e Emerxencia social» e a representación municipal no Padroado da «Fundación Casa del Pescador – Institución Valeriola».
10. Presidir os Consellos sectoriais da Área de Política de Benestar Social (Consellos das Migracións, de Cooperación internacional e Solidariedade e de Accesibilidade).
11. Xestionar e realizar o seguimento dos programas de información e mediación intercultural dirixidos a inmigrantes e emigrantes retornados.
12. Asumir a dirección política para a implementación das axudas humanitarias e de cooperación internacional que se concedan desde a Área de Política de Benestar Social do Concello.
13. Aquelas outras atribucións derivadas dos convenios de cooperación social e desenvolvemento asinados polo Concello en materia de Benestar Social.
14. Aquelas outras atribucións derivadas dos convenios de cooperación social e desenvolvemento asinados polo Concello en materia de Benestar social.

(...)

10.-PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO. Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Contratación, Patrimonio, Xestión Municipal, Goberno Aberto e Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS), Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo, así como a relación cos órganos directivos municipais, Administración Electrónica e Protección de Datos, e materia de rexistros, información e arquivos .

a) En materia de Contratación:

1. Impulsar a tramitación dos procedementos de contratación.
2. Formalización e sinatura dos contratos maiores, e cantos documentos se deriven da execución dos contratos municipais no seu ámbito material de competencia.
3. Impulsar a tramitación dos expedientes relativos á modificación, resolución e liquidación dos contratos e a tramitación dos recursos especiais en materia de contratación.
4. A Xestión integral das marcas e demais dereitos de propiedade industrial do Concello de Vigo.
5. Coordinar e dirixir a actividade de apoio á Mesa de Contratación do Concello de Vigo.
6. Velar polo mantemento e actualización constante da información relativa á actividade contractual deste Concello no perfil de contratante.

c) En materia de Xestión Municipal:

1. Exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa, xestión económico-financeira e demais competencias delegables en relación coa área administrativa de Alcaldía e o seu persoal.
2. Exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa e demais competencias delegables en relación coa estrutura directiva municipal e os órganos que se integran nela, así, como de existir, en relación cos postos de colaboración aos mesmos, nos termos derivados da normativa aplicable (entre outros, provisión depostos, encomendas, peticións de informe, etc)

c) En materia de Goberno Aberto e Transparencia

1. Implantación, desenvolvemento e execución das políticas públicas de Goberno Aberto, promovendo a súa transversalidade no conxunto da organización municipal.
2. Impulsar o desenvolvemento da política municipal en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, velando pola

adecuada difusión da información pública, mediante a publicidade activa no Portal de Transparencia e a publicidade pasiva, integrando os procedementos administrativos correspondentes.

3. Planificar, deseñar e executar a estratexia municipal para garantir a implantación, desenvolvemento e execución das políticas públicas e obrigas legais en materia de transparencia e bo goberno, implicando e coordinando a totalidade da organización municipal no marco das súas áreas funcionais.
4. Promover e coordinar as accións municipais para o cumprimento dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible dentro da Axenda 2030, así como os procesos de identificación, implementación e monitoreo.

d) En materia de Patrimonio:

1. A asistencia a Comisións, reunións e demais actos que requiran a comparecencia dun representante municipal en materia da súa competencia, en especial as comisións de seguimento, informativas e reunións de Comunidades de Propietarios nas que o Concello sexa propietario.
2. Dirixir e xestionar o réxime, tráfico xurídico e defensa dos bens patrimoniais e demaniais tramitando calquera operación de alta, baixa ou rectificación no Inventario Municipal de Bens e Dereitos (IMBD) dos bens integrantes do mesmo, tendo a facultade para recabar de calquera servizo municipal os datos necesarios para elo.
3. Tramitar os expedientes relativos á adquisición e alleamento do Patrimonio Municipal promovidos pola súa Area.
4. A xestión dos locais e demais inmobles municipais, sexan de natureza demanial ou patrimonial, xestión dos locais municipais de natureza demanial, cedidos en réxime arrendatario ou en concesión de dominio, excepción dos xestionados por outras áreas no exercicio das súas atribucións.
5. Nomear e mesmo presidir, as comisións municipais para a recepción dos locais, obras ou instalacións municipais que revertan ao patrimonio municipal ao remate das autorizacións e concesións demaniais ou por calquera outro título dependentes da súa Area.
6. Tramitar e xestionar as pólizas de seguros tendentes a cubrir a responsabilidade patrimonial municipal derivada do funcionamento dos servizos.
7. Tramitar a ITE dos inmobles municipais, agás aqueles adscritos a outras áreas que dispoñan de técnico municipal competente para a súa realización.
8. Tramitar e resolver os expedientes de responsabilidade patrimonial con

motivo dos danos e perdas causados polo funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

9. Impulsar a confección e actualización permanente do Inventario Municipal de Bens e Dereitos (IMBD), recabando os datos e información necesaria e ditando as ordes e instrucións que estime conveniente para os efectos ás demais áreas e servizos municipais.
 10. En xeral, o control da administración, conservación e xestión do patrimonio municipal, a investigación de cantos bens e dereitos se presuma que forman parte del, o seu deslinde, o seu amolloamento, a súa protección e reivindicación, así como a esixencia de responsabilidades cando proceda.
 11. O inicio e a resolución dos expedientes de investigación de oficio deslinde administrativo, ou recuperación posesoria, ao abeiro do disposto na normativa de aplicación.
 12. A formalización e sinatura de toda clase de documentos públicos ou privados que requira a execución e cumprimento dos acordos e resolucións adoptadas no ámbito das competencias atribuídas a Área de Patrimonio, agás os que teñan por obxecto contratos ou negocios xurídicos sometidos a normativa en materia de contratos do Sector Público.
 13. A aprobación e/ou proposta dos expedientes relacionados coa xestión patrimonial do Auditorio Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, dos diferentes espazos do inmovible.
- e) En materia de Administración Electrónica:
1. Asumir as competencias relacionadas coas tecnoloxías da información e o desenvolvemento da Sociedade da Información e, en particular, en relación cos proxectos de Cidade Intelixente.
 2. Impulsar a apertura e a reutilización de datos como un medio de xerar valor público e transferir coñecemento á cidadanía.
 3. Garantir o cumprimento e desenvolvemento das normativa aplicable en materia de administración electrónica, en particular, a relativa ao Esquema nacional de seguridade (ENS) no ámbito da Administración Electrónica e ao Esquema nacional de interoperabilidade (ENI) no ámbito da Administración Electrónica.
 4. Propor e coordinar a política municipal TIC dunha forma transversal integrando os intereses das distintas áreas e servizos.
 5. Planificar, coordinar e supervisar as actuacións en materias referentes ao uso de ferramentas tecnolóxicas, hardware e software de xeito que se impulse un uso eficiente e eficaz das mesmas.

6. Xestión, administración e mantemento das comunicacións de datos na totalidade das sedes municipais.
7. Xestión administración e mantemento do equipamento tecnolóxico existente nas distintas sedes municipais.
8. Xestión e administración das distintas aplicacións de xestión municipal.
9. Aprobación de formularios, modelos e impresos municipais a proposta das diferentes Concellerías Delegadas.

f) En materia de rexistros, información e arquivos

1. Garantir a correcta implantación da Oficina de asistencia en materia de rexistro e o seu funcionamento conforme co marco normativo vixente en cada momento
2. Xestionar as relacións interadministrativas en termos de interoperabilidade e interconexión do Rexistro Electrónico municipal
3. Coordinar, no seu caso, as distintas oficinas municipais de asistencia en materia de rexistros
4. Adecuar a organización e funcionamento dos servizos de Arquivo para a xestión electrónica de expedientes, garantindo a dotación dos medios e ferramentas precisas para o cumprimento das obrigas legais nos prazos establecidos.
5. Coordinar, aplicar, supervisar e xestionar a política de xestión documental cara ao Arquivo Electrónico único.
6. Adopción das medidas precisas para garantir a conservación dos fondos documentais conforme co establecido no marco normativo de aplicación.
7. Dirixir, organizar e coordinar a rede de atención á cidadanía mediante o servizo de atención telefónica que se canaliza a través do 010 e servizo telemático a través do portal web institucional, canais de atención en redes sociais, aplicacións móbiles.
8. Propor medidas e accións para incrementar o acceso e utilización da información e mellorar a atención á cidadanía respecto dos servizos que presta e, en xeral, sobre a cidade de Vigo en todos aqueles temas de interese para a cidadanía

12.- GORKA GÓMEZ DÍAZ. Área de Educación

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Educación, en particular, a dirección e xestión das Escolas Municipais de Música e Teatro, da Escola Municipal de Danza, a Escola Municipal de Artes e Oficios e Presidencia do Consello Escolar Municipal de Vigo.

b) En materia de Educación:

1. Promover a cooperación coas Administracións educativas co obxecto de lograr unha maior eficacia dos recursos destinados a educación. Elevar, a través do Consello Escolar Municipal, as propostas que considere oportunas para un mellor funcionamento e calidade do sistema educativo. Intervir, por medio dos representantes municipais, nos consellos escolares de centro e nas comisións económicas, para mellorar a vida escolar e colaborar na atención das demandas da comunidade educativa.
2. Planificar, dirixir e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, vixilancia, limpeza, abastecemento de auga, saneamento, luz e calefacción dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, primaria e especial propiedade do municipio.
3. Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, en colaboración coa área Política de Benestar Social e intervir na programación das bolsas e axudas para escolares que acorde o Concello.
4. Cooperar coa administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros públicos, impulsando e coxestionando en colaboración co Servizo de Patrimonio e a Xerencia Municipal de Urbanismo, a posta a disposición ou cesión de terreos para as novas construcións educativas.
5. Impulsar a realización de actividades extraescolares nos centros públicos, así como o establecemento de comedores e programas de acollemento de mañá no colexio ou escola e, en xeral, todas aquelas actividades que melloren a compatibilidade da vida laboral e familiar de pais e nais e permitan unha vida máis feliz a nenas e nenos.
6. Potenciar a utilización das instalacións escolares fóra de horario lectivo e supeditadas á programación de actividades dos centros, para o seu uso deportivo, cultural, social e/ou educativo.
7. Fomentar a participación de nais e pais na escola e apoiar á comunidade educativa de cada centro.
8. Facilitar a todos os colexios e escolas de Vigo programas que melloren o coñecemento e a interrelación co contorno socioeconómico e natural no que desenvolven o seu labor educativo, fomentando a asunción dunha cidadanía activa. Coordinar cantas intervencións educativas acometan outras áreas municipais, en orde á dotalas de coherencia e economía de medios e integralas baixo a concepción de Vigo como cidade educadora.

9. Promover, dirixir e xestionar as escolas infantís municipais, especialmente de primeiro ciclo, en convenio coa Comunidade Autónoma. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisións de alumnado para cada período.
10. Promover, dirixir e xestionar a rede de escolas infantís municipais 0-3 (REIM), ao abeiro do marco normativo da Comunidade Autónoma de Galicia. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisión de alumnado para cada período.
11. Dirixir e xestionar as escolas municipais de música e teatro, así como aquelas outras que o Concello considerase necesario crear, baixo este nome e ámbito ou outro. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisións de alumnado para cada período.
12. Dirixir e xestionar as escolas municipais de música e artes escénicas (EMMA): Escola municipal de música de Vigo (EMMV), Escola municipal de teatro (EMT), Escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD), Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) e Escola municipal de danza e percusión tradicional (EMD), así como aquelas outras que o Concello considere necesario crear. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisión de alumnado para cada período.
13. Diseñar, dirixir e xestionar accións formativas dirixidas á alfabetización de persoas adultas.
14. Diseñar, dirixir e xestionar accións formativas para a educación básica de persoas adultas e, en xeral, fomentar e favorecer o desenvolvemento de actividades que axuden e propicien a formación das persoas ao longo de toda a súa vida (Life Long Learning).
15. Impulsar accións de orientación académica e profesional, especialmente no que se refire ás distintas opcións educativas, así como á mellor coordinación cos programas de inserción laboral que promova a correspondente área do Concello e os programas de garantía social.
16. Cooperar coas outras administracións con competencias educativas na creación e xestión de unidades de formación do profesorado e centros de recursos de ámbito inferior á provincia.
17. Promover a firma de convenios de colaboración coa Universidade de Vigo para a realización dos programas de investigación en materias propias da área e sobre Vigo como cidade educadora. Establecer convenios de colaboración con outras entidades locais e entidades sen ánimo de lucro para promover en conxunto programas educativos ou de mellora da xestión das competencias municipais nesta área.

18. Establecer, a través da propia Concellería, ou en colaboración con outras entidades premios e concursos de carácter municipal destinados a alumnos, profesores e centros escolares.
19. Dinamizar as actuacións que se deriven do desenvolvemento dos convenios de colaboración que se celebren coa Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).
20. Ostentar a Presidencia do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV).

15.- M.^a CARMEN LAGO BARREIRO. Área de Turismo e Xuventude.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de turismo, márketing da cidade e coordinación dos servizos turísticos privados da cidade sinaladamente a dirección da Fundación Vigo Convention Bureau. Así mesmo as competencias municipais para o impulso e promoción da *Candidatura Islas Cíes Patrimonio de la Humanidad*.

En materia de Xuventude correspóndelle a dirección e xestión dos seguintes servizos adscritos á Concellería de Xuventude, sen prexuízo dos que se poidan crear no futuro: Casa da Xuventude, Servizos de Información e Dinamización Xuvenil, Centro de Usos Múltiples Vigosónico, Servizos de Dinamización Infantil, Horta Escola e Servizos de acceso a internet.

a) En materia de Turismo:

1. Aprobación da promoción, planificación e márketing turístico de Vigo.
 - a) Deseño, construción e promoción da marca da cidade.
 - b) Propostas de actuación, coordinación e implementación local dos plans turísticos de ámbito estatal, autonómico, da área metropolitana, provincial e internacional e adecuación dos diversos ámbitos ao destino Vigo.
 - c) Estudio e execución de plans de desenvolvemento turístico, dirixido a públicos específicos, en coordinación co sector privado.
 - d) Promoción turística do municipio en feiras e certames, como FITUR.
 - e) Promoción, reserva e comercialización internacional de produtos turísticos propios.
 - f) Control e fomento da reputación de Vigo na rede e de boa utilización das tecnoloxías da información.
 - g) Promoción dunha oferta turística diferenciada vencellada a produtos alimentarios con denominación de orixe e promoción do seu consumo: conservas de peixe, marisco, peixe fresco e conxelado, cervexa artesá, viño Rías Baixas.
 - h) Promoción dunha oferta turística vencellada coa cultura diferencial da cidade e comunidade autónoma.
 - i) Petición de intervención da Policía Local cando sexa necesario para evitar o acoso publicitario aos visitantes en determinadas zonas turísticas.
 - j) Acordos con operadores para o fomento internacional e nacional do

destino.

k) Delimitación da zona de interese turístico preferente de Vigo.

l) Promoción turística das grandes festas e eventos de Vigo: Bouzas, Xornadas Marisqueiras, Marisquiño.

2. Determinación e planificación xeral de obxectivos e aprobación da información turística oficial derivada da marca Vigo.

a) Dirección do servizo municipal de turismo e da información e atención aos visitantes: Centro de Recepción de Visitantes (CRV), Centro de Interpretación de Vigo y su ría (CIVR) e do receptivo de cruceiristas.

b) Aprobación de contidos e da xestión da web e redes sociais de turismodevigo.org.

c) Determinación de obxectivos, discurso, ruta, paradas e usos do bus turístico de Vigo ou semellantes.

d) Servizo de información e atención a prescriptores turísticos e profesionais.

e) Aprobación da mellora e mantemento da sinalética, accesibilidade e xeolocalización de puntos de interese turístico e recursos e servizos turísticos.

f) Xestión da base de datos fotográfica de Vigo, sen prexuízo das competencias delegadas en materia de arquivo.

3. Coordinación dos servizos turísticos privados da cidade:

a) Observatorio turístico local e doutros sistemas de recollida da información de usos turísticos con actualización diaria.

b) Implementación e seguimento de prácticas de turismo sostible en colaboración co Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia - Cies, e das empresas locais e implementación de programas para a comprensión e defensa do turismo sostible.

c) Supervisión do cumprimento da normativa de aplicación como control e fomento da calidade turística.

d) Determinación de prioridades e convocatoria do programa Vigo Hospitality.

4. Fomento, coordinación e proposta de proxectos de creación e conservación de infraestruturas e recursos de uso turístico:

a) Conectividade do transportes terrestres, aéreos e marítimos do destino.

b) Supervisión do estado de camiños rurais, sendeiros e vías urbanas: ciclista, peonais, ecuestres, camiños de interese cultural, xacobeo, etc

c) Ordenación da circulación, parada e estacionamento de buses turísticos na cidade.

d) Impulso ao uso turístico dos Centros Comerciais Abertos e Mercados de Vigo.

e) Programa participativo de voluntariado turístico.

f) Coordinación de actuacións de atención turística na rede municipal de museos e outros equipamentos culturais e educativos.

5. Coordinación e dirección do turismo MICE municipal:

a) Dirección da política municipal no Instituto Feiral de Vigo (IFEVI). Vocal do Padroado.

b) Dirección da Fundación Vigo Convention Bureau. Vicepresidencia do padroado.

6. Dirección, aprobación e impulso dos procedementos administrativos para a obtención e xestión de marcas, sen prexuízo das competencias da Concellería Delegada de Patrimonio, premios, subvencións, recoñecementos e programas de protección de ámbito local, autonómico, estatal ou internacional do termo municipal de Vigo ou de parte do mesmo.

b) En materia de Xuventude:

1. Garantir o deseño e execución dunha política integral, coherente e eficaz, coordinando todas as actuacións que en materia de Xuventude se xestionen polo Concello.

2. Dirixir e coordinar os servizos e programas adscritos á Concellería de Xuventude: Casa da Xuventude, Espazos de Dinamización infantil e Centro de usos múltiples Vigosónico.

3. Dirixir, xestionar e impulsar a páxina web da Concellería como vehículo de difusión.

4. Cooperar con outras institucións públicas ou privadas que desenvolvan actividades e programas dirixidos ao colectivo xuvenil.

5. Impulsar o traballo en rede (cooperación e coordinación) entre os axentes implicados no traballo coa mocidade e as políticas xuvenís.

6. Impulsar a elaboración, execución, coordinación e avaliación do I Plan de Xuventude, en coordinación coas demais concellerías, que de xeito transversal teñan ao colectivo xuvenil como destinatario das súas políticas.

7. Promover a creación de programas e proxectos de educación non formal dirixidos á xuventude no ámbito do ocio saudable, a educación afectivo-sexual, a emancipación xuvenil, a participación e o asociacionismo.

8. Propoñer e impulsar medidas de integración e eliminación de situacións de desigualdade cara á poboación xuvenil do municipio.

9. Establecer medidas e actuacións de carácter educativo-formativo e participativo tendentes á ocupación do lecer e tempo libre da mocidade do

municipio.

16.- D. PABLO LUIS ESTEVEZ RODRIGUEZ - Area de Participación cidadá e Festas

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Participación Cidadá, sinaladamente en relación co Asociacionismo, as relacións co Defensor do Pobo, Valedor do Pobo ou Valedor do Cidadán e a dirección dos Centros Cívicos.

Así mesmo corresponderanlle as competencias municipais en materia de Festas e Animación Sociocultural, a xestión do Auditorio ao ar libre de Castrelos en relación coa programación municipal que nel se desenvolva.

a) En materia de Participación Cidadá:

1. Dirixir e impulsar a política municipal referida ao Asociacionismo e á Participación Cidadá en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da Comunidade Veciñal propoñendo, a estes efectos, ao Concello-Pleno a aprobación dun novo Regulamento Orgánico.

2. A xestión do Rexistro Municipal de Asociacións.

3. Presidir o Consello Sectorial de Participación Cidadá; impulsar, a través da Xunta de Goberno Local, aqueles consellos sectoriais non constituídos e coordinar, cos respectivos Presidentes, a eficacia no funcionamento dos xa existentes procurando a súa efectiva participación e asesoramento nos distintos sectores.

4. Impulso e proposta dos proxectos construtivos de inmobles promovidos polo Servizo (Centros Municipais de Distrito e outros) que sexan redactados pola Oficina Municipal de Obras e Proxectos da Xerencia Municipal de Urbanismo.

5. Xestionar a páxina web da Concellería nos módulos de información de asociacións, cidadanía, voluntariado e emigración.

6. Promover a formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de internet, así como das actividades socioculturais e formativas nos Centros Municipais de Distrito, procurando a colaboración das asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

7. Tramitar, solicitando das respectivas xefaturas os preceptivos informes ou documentos, todas as queixas que a cidadanía presente perante o Defensor do Pobo, Valedor do Pobo ou Valedor do Cidadán e que eses comisionados remitan para o seu informe ao Concello, tomando coñecemento das suxestións ou recomendacións recaídas neses procedementos.

b) En materia de festas e animación sociocultural:

1. Programar, desenvolver e xestionar a celebración de actividades festivas e

socioculturais, de lecer e tempo libre, así como promover todo tipo de programas, plans, actividades e servizos que contribúan á animación sociocultural dos cidadáns.

2. Sinatura da conta de habilitación “Festas e Animación Sociocultural” utilizada para os pagamentos derivados dos contratos de actividades e espectáculos organizados polo servizo.
3. Xestión de convenios de colaboración e/ou patrocinio de actividades propias da Concellería por parte de empresas ou entidades, así como a resolución dos textos dos convenios que se propoñan para a súa aprobación a súa sinatura.
4. O fomento, a promoción e axuda a entidades, institucións e asociacións de carácter sociocultural.
5. A xestión do Auditorio ao ar libre de Castrelos en relación á programación municipal que nel se desenvolva e/ou outras xestións en autorizacións de solicitudes de utilización por parte de entidades públicas, privadas, xurídicas ou físicas.
6. Planificar e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, limpeza e control do Auditorio ao ar libre de Castrelos.
7. Promover a creación de institucións para o fomento de actividades socioculturais.

Segundo.- Modificar a Resolución da delegación de competencias (2019-2023) da Alcaldía nos concelleiros e concelleiras delegados e delegadas de área de data 26.06.2019 modificada posteriormente por Resolución de data 13.08.2020 respecto do punto terceiro da parte resolutiva, apartado 5 e engadir o punto 15 nos seguintes termos.

“Terceiro.- Así mesmo, os Concelleiros/as Delegados/as de cada Área e demais delegados ostentarán pola miña delegación, ademais das atribucións delegadas no apartado anterior e aquelas nas que se concreten posteriormente, as seguintes:

(..)

5.- O impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada, incluída, en relación cos convenios, a súa formalización e sinatura dos mesmos agás os que revistan unha especial relevancia institucional apreciada polo Alcalde que se reservarán a súa sinatura. Ditas facultades estenderanse aos Protocolos Xerais de actuación ou calquera outro instrumento similar. “

(..)

15.- Resolver as solicitudes formuladas polos concelleiros/as no exercicio do seu dereito á información que se remitirá a través da Secretaría Xeral de Pleno.

Terceiro.- Deixar sen efecto calquera Resolución anterior ditada pola Alcaldía sobre delegacións de atribucións en Concelleiros/as, agás aquelas que non resulten contraditorias coa presente e mantendo a vixencia das delegacións especiais que continúen vixentes.

Cuarto.-Notificar a presente Resolución a todo/as os concelleiros e concelleiras e membros da Xunta de Goberno Local afectado/as.

Quinto .- Comunicar a presente Resolución ás Xefaturas das diferentes Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na intranet municipal.

Sexto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e na Sede Electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Sexto.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

18(139).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 17.08.20 DE DELEGACIÓN DO ALCALDE NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. EXPTE. 600/1102 (REXISTRO PLENO 2565/1101)

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 17 de agosto de 2020, que di o que segue,

“En data 18.06.2019 por Resolución da Alcaldía e ao abeiro do disposto no artigo 124.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) delegouse na Xunta de Goberno Local determinadas atribucións.

De conformidade co disposto no artigo 126 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local configúrase como o órgano municipal que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde, exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas. E por isto que co fin de garantir unha xestión de ampla participación, naqueles asuntos de importancia política e interese xeral á cidadanía aconselle que deben ser tratados e decididos en forma colexiada esta Alcaldía ao abeiro do artigo 124.5 da LRBRL e artigos 43, 52 e 53 e demais concordantes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e preceptos citados da Lei 7/1985, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como nos artigos 8 a 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, RESOLVE

Primeiro.- Modificar a Resolución de delegación do Alcalde na xunta de Goberno Local de data 18.06.2019 respecto do punto primeiro engadido un apartado noveno nos seguintes termos

“Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, sen prexuízo da súa colaboración colexiada coa Alcaldía na dirección política que me corresponde, exercerá as funcións executivas e administrativas sinaladas no artigo 127 da Lei 7/1985 e ademais, pola miña delegación, as seguintes atribucións:

(...)

9. A aprobación dos convenios con outras Administracións e entidades públicas e privadas ou adhesión aos mesmo agás que a súa aprobación corresponda ao Pleno. Ditas facultades estenderanse ao Protocolos Xerais de actuación ou calquera outro instrumento similar. “

Segundo.- Comunicar, para o seu coñecemento e efectos, a presente resolución a todos os concelleiros e concelleiras afectados e ás xefaturas das diferentes áreas e servizos municipais a través da súa inserción na Intranet municipal. Lembrarlles así mesmo que, de conformidade co art. 177 do RD 2568/1986 e segundo o disposto na Circular 1/2015 da Secretaría da Xunta de Goberno Local, e resolución desta Alcaldía de constitución da Xunta de Goberno Local para que os expedientes conclusos se poidan incluír na orde do día dunha sesión ordinaria, deberán estar en poder da Secretaría do Goberno Local ás 12,00 horas do luns da semana de realización da devandita sesión.

Terceiro.- Deixar sen efecto cantas resolucións da Alcaldía de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local se opoñan á presente resolución.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó

establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986, e será obxecto de publicidade activa na sede electrónica municipal conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Quinto.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

19(140).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 18.08.20 POLO QUE SE DELEGAN COMPETENCIAS NOS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS. EXPTE. 601/1102 (REXISTRO PLENO 2566/1101)

ANTECEDENTES.- Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 18 de agosto de 2020, que di o que segue,

“2.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS DE ÁREA. EXPTE. 601/1102.

Dáse conta da proposta de data 17/08/2020, da Alcaldía-Presidencia, cuxo contido é o que segue:

“A Xunta de Goberno Local en sesión de data 20.06.2019 e posterior de data 4.07.2019, 11.07.2019 e 5.09.2019 adoptou acordo de delegación de determinadas atribucións nas Concellerías Delegadas das Áreas delimitadas por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019.

As dinámicas de funcionamento municipal, a necesidade de imprimir axilidade na tramitación e, no seu caso, na resolución dos expedientes administrativos, fan aconsellable ampliar en materia de contratación a delegación en órganos de xestión unipersonal -os concelleiros delegados- unha serie de competencias en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, de conformidade coas competencias atribuídas a esta Alcaldía polo

S.Ord (agosto) 9.09.2020

artigo 124 LRBRL e demais normativa de aplicación, formulo á Xunta de Goberno Local a seguinte

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data data 20.06.2019 e posterior de data 4.07.2019, 11.07.2019 e 5.09.2019 respecto do segundo punto da parte resolutiva e apartados 5 e 6 nos seguintes termos

Segundo.-Así mesmo todos os concelleiros delegados das Áreas mencionadas na Resolución da Alcaldía do 18 de xuño de 2019 e posterior de data 17 de agosto de 2020 exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:

(...)

5. A tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concellerías delegadas conforme a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos conlevando a autorización e/ou disposición de gasto. Dita competencia abarcará a resolución de calquera incidencias respectos dos efectos, cumprimento e extinción de ditos contratos.

6. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas delegadas así como a resolución de calquera incidencia que xurda durante a súa tramitación con carácter previo a aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación pola Xunta de Goberno Local

Segundo .- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta asinada en data 17/08/2020 polo alcalde-presidente."

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

20(141).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE A QUE SE REFORCE AS FRECUENCIAS DO SERVIZO AUTOBÚS URBANO POLA ONDA DE CONTAXIOS DO CORONAVIRUS.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O rogo é que se reforce o servizo do autobús urbano con máis vehículos e frecuencias para evitar as masificacións que supoñen un risco para a saúde, en plena segunda onda, por contaxios por coronavirus coincidindo coa reincorporación laboral e o inicio do curso educativo.

21(142).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SRA. MÉNDEZ FUENTES, REFERENTE Á CONTRACCIÓN DE PROFESORADO NA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Que se contrate ao profesorado necesario para garantir o inicio e a continuidade de tódalas especialidades da Escola Municipal de Artes e Oficios, nomeadamente que se resolva xa a situación das especialidades de encadernación, moda e confección.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do rogo.

22(143).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE AO AUMENTO DAS ZONAS VERDES

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: O noso rogo é que se faga un esforzo maior no mantemento das zonas verdes que están abandonas, a monte, e que se poden tamén as árbores nas rúas, que moitas pois causan problemas aos veciños das primeira plantas.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

23(144).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE ÁS MEDIDAS E PROTOCOLOS QUE TEN PREVISTO O GOBERNO ADOPTAR PARA A PREVENCIÓN CONTRA A COVID-19 NO REINICIO DA ACTIVIDADE DAS ESCOLAS ARTÍSTICAS E DEPORTIVAS.

SR. PÉREZ IGLESIAS: A pregunta é que ten previsto o goberno municipal en relación ao reinicio da actividade das escolas artísticas e deportivas municipais e con que medidas e protocolos en materia de prevención fronte da COVID-19.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

24(145).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE AO INICIO DOS CURSOS DEPORTIVOS DO IMD.

SR. PÉREZ CORREA: En base a esa mesma cuestión o que ten que ver cos monitores dos cursos dos centros deportivos do IMD que se lles informa que o 15

volverían ás actividades e se o Concello está en capacidade de que reinicien o día 15 os cursos con monitores nos centros do IMD.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

25(146).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE ÁS SITUACIÓNS DE CONFLITO NOS EDIFICIOS OCUPADOS.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: A miña pregunta é se o goberno pensa tomar algunha medida, ou adoptar algún protocolo para evitar que se reproduzan situacións de conflito ou de violencia como as que pasaron nalgúns edificios ocupados e o último esta madrugada no Barrio das Flores e o outro día, onte, na rúa Cervantes.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.